# DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025

DOCUMENTO INTERACTIVO

adif

**Edita:**

**DIRECCIÓN XERAL DE NEGOCIO E OPERACIÓNS COMERCIAIS**

**Dirección de Explotación Comercial**

Queda prohibida a reprodución total ou parcial deste libro sen a autorización expresa de Adif

# ÍNDICE


1 INFORMACIÓN XERAL

2 INFRAESTRUCTURA

3 CONDICIÓNS DE ACCESO

4 ADXUDICACIÓN DE CAPACIDADE

5 SERVIZOS E RÉXIME ECONÓMICO E TRIBUTARIO

6 OPERACIÓN E XESTIÓN DO TRAFICO

7 INSTALACIÓNS DE SERVIZO

8 ANEXOS

9 MAPAS

10 CATÁLOGOS

adif

# 1

# INFORMACIÓN XENERAL


1.1. Introdución

1.2. Obxectivos

1.3. Aspectos Legais

1.4. Estructura de la DR

1.5. Período de Validez, Actualización e Publicación

1.6. Directorio de Adif

1.7. Cooperación Internacional


ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 24/05/2024)

# ÍNDICE


ACTUALIZACIÓN DE LA DECLARACIÓN SOBRE LA RED 7

1.1.1. O SECTOR FERROVIARIO EN ESPAÑA 9

1.2.1. REDE FERROVIARIA DE INTERESE XERAL, RFIG 20

1.2.2. GRANDES CIFRAS DA REDE FERROVIARIA TITULARIDADE DE ADIF 21

1.3.1. MARCO LEGAL 22

1.3.2. ESTATUS XURÍDICO DA DECLARACIÓN SOBRE A REDE 22

1.3.3. SOLICITUDES, ALEGACIÓNS E RECLAMACIÓNS 23

1.5.1. PERIODO DE VIXENCIA 24

1.5.2. PROCESO DE ACTUALIZACIÓN 25

1.5.3. PUBLICACIÓN E DISTRIBUCIÓN 25

1.7.1. CORREDORES FERROVIARIOS EUROPEOS DE MERCADORÍAS, RFC 29

1.7.2. RAILNET EUROPE (RNE) 30

# 1.1. Introdución

## ANTECEDENTES

A "Declaración sobre a Rede" (no sucesivo DR) é o documento que recolle as características da infraestrutura posta a disposición das Empresas Ferroviarias e Candidatos e contén información sobre as condicións de acceso a ela, así como sobre as condicións de acceso ás instalacións de servizo e á prestación de servizos nesas instalacións. Nel detállanse as normas xerais, prazos, procedementos e criterios relativos aos sistemas de canons e adxudicación de capacidade, así como a información necesaria para cursar unha solicitude de capacidade de infraestrutura.

Actualizouse para o exercicio 2025, incluído o Horario de Servizo 2024/2025, en conformidade co disposto na Orde FOM/897/2005, do 7 de abril, no tocante á declaración sobre e rede e ao procedemento de adxudicación de capacidade de infraestrutura ferroviaria que regula toda a información necesaria para utilizar os dereitos de acceso, co fin de garantir a transparencia e o acceso non discriminatorio á infraestrutura ferroviaria de todos os Candidatos que soliciten Capacidade para prestar servizos de transporte ferroviario.

## ACTUALIZACIÓN DA DECLARACIÓN SOBRE A REDE

### ÍNDICE E ESTRUCTURA

Actualizado o índice da Declaración sobre a Rede, de acordo coa estrutura común e a Guía de Implementación aprobada pola Asemblea Xeral de Rail Net Europe o 31 de maio de 2023.

### INCLUSIÓN DE NOVOS ACTIVOS NA REDE TITULARIDADE DE ADIF

Incorpórase información detallada sobre a variación nos activos (altas, baixas e modificacións) da Rede titularidade do Administrador de infraestruturas, por mor da modernización da Rede existente ou, se for o caso, a entrada en servizo de novos tramos. Igualmente, relaciónanse as principais obras de mellora e modernización realizadas e/ou que están en execución nas infraestruturas titularidade do Administrador de infraestruturas.

### ACTUALIZACIÓN DO RÉXIME ECONÓMICO E TRIBUTARIO DO USO DA INFRAESTRUTURA

#### TAXAS Y CANONS

A contía da Taxa por utilización ou aproveitamento especial de bens do dominio público ferroviario será a establecida no Título VI, Capítulo I, Sección V da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, de conformidade coa modificación introducida na Lei 26/2022, do 19 de decembro, pola que se modifica o artigo 93.6 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do Sector Ferroviario, capítulo 5 deste documento.

Coa entrada en vigor da nova redacción do artigo 100 (segundo a modificación da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, pola Lei 26/2022 do 19 de decembro), establécese que as tarifas serán determinadas polos Administradores de Infraestruturas Ferroviarias, aprobando un Regulamento adoptado polo seu Consello de Administración que deberá ser publicado no Boletín Oficial do Estado e incorporado á Declaración sobre a Rede.

Igualmente, na Disposición Transitoria Primeira da Lei 26/2022, do 19 de decembro, pola que se modifica a Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, establécese:

"Aplicación provisional dos canons vixentes e suspensión da entrada en vigor da modificación de determinadas sancións. Seguirá sendo aplicable o sistema para determinar os canons ferroviarios vixente no momento da entrada en vigor desta lei, ata a aprobación e publicación oficial dos valores obtidos conforme o sistema establecido nesta. Igualmente, continuará a aplicarse o réxime sancionador recollido no artigo 109 da normativa anterior en materia de sancións pola comisión das infraccións recollidas nos puntos 2.1 e 2.2 do apartado 1.2 do artigo 107, ata a aprobación en conformidade co establecido nesta lei do primeiro Regulamento de determinación dos canons ferroviarios".

Como na data de publicación deste documento, o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias non contase cun Regulamento aprobado polo Consello de Administración desta Entidade Pública Empresarial, aplicaríase a Disposición Transitoria Primeira da Lei 26/2022, do 19 de decembro, pola que é modificada a Lei 38/2015, do 29 de setembro.

## PREZOS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS BÁSICOS, COMPLEMENTARIOS E AUXILIARES

Durante 2025 aplicaranse os Prezos pola prestación de Servizos Básicos, Complementarios e Auxiliares na RFIG e nas áreas das zonas de servizo ferroviario administradas pola entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, Adif, aprobadas por acordo do Consello de Administración de Adif, con data 28 de novembro de 2023, en conformidade co Artigo 102 da Lei do Sector Ferroviario.

## HORARIO DE SERVIZO 2024/2025

Actualizouse o Calendario de Adxudicación de Capacidade para o Horario de Servizo 2024/2025, de acordo coas directrices de Rail Net Europe, RNE, para a presentación de solicitudes por parte dos Candidatos.

O Horario de Servizo de 2025 entrará en vigor o 15 de decembro de 2024 e terá vixencia ata o 13 de decembro de 2025 (conforme se determina no Art. 7.2 da Orde FOM/897/2005). Inclúense as datas determinadas para a realización dos correspondentes Axustes Concertados e Mensuais. Igualmente, inclúese o Catálogo actualizado de Sucos Internacionais dos Corredores Ferroviarios de Mercadorías Atlántico e Mediterráneo.

## NORMATIVA FERROVIARIA ACTUALIZADA

Actualizouse o Anexo D "Documentación de Referencia", coa información da lexislación en vigor máis relevante sobre o Sector Ferroviario no día 1 de outubro de 2023, tanto no ámbito nacional como europeo, que ademais contén as referencias sobre a principal normativa técnica vixente.

## MAPAS

Inclúense os Mapas da RFIG, nos que se actualizou o seu contido.

Nestes novos mapas inclúese toda a información de Adif e Adif-Alta Velocidade, en conformidade co contido especificado nas lendas de cada un dos mapas. Porén, ao mesmo tempo, permiten ver a información agrupada a nivel rede ou diferenciada en función da titularidade das infraestruturas de cada un dos administradores de infraestruturas.

# 1.1.1. O SECTOR FERROVIARIO EN ESPAÑA

O Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, a través dos seus plans estratéxicos, establece unhas directrices específicas para desenvolver a política ferroviaria no noso país, coherente coa política económica do Goberno, que sirva como instrumento para o crecemento económico e para crear emprego, e que se axuste aos criterios de consolidación orzamentaria. Neles defínese unha carteira de servizos públicos do Estado en materia de transportes e son garantía de calidade e eficiencia, mediante a optimización das infraestruturas existentes e dunha planificación adecuada ás necesidades reais.

O Plan potencia o mantemento das infraestruturas existentes e garante a mobilidade mediante a prestación das Obrigas de Servizo Público (OSP) en condicións de calidade.

Igualmente, promove a participación do sector privado nos investimentos, a optimización do uso das infraestruturas e a mellora da competitividade.

Todo isto mantendo o nivel de seguridade do transporte ferroviario, cun sistema de mantemento integral e preventivo e cun alto estándar de sostibilidade ambiental.

Para máis información consultar https://www.mitma.gob.es/ferroviario

## 1.1.1.1. PRINCIPAIS AXENTES DO SECTOR FERROVIARIO EN ESPAÑA

### MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA: ORGANIZACIÓN E FUNCIÓNS

**Organización Xeral**

O Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible é o responsable de propoñer e executar a política do Goberno en materia das infraestruturas ferroviarias de competencia estatal, de controlar, ordenar e regular administrativamente os servizos de transporte ferroviario e de planificar e programar os investimentos relacionados coas infraestruturas, materiais e servizos asociados.

O Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible estrutúrase nos seguintes órganos, dependentes directamente do titular do Departamento:

a) A Secretaría de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, da que dependen a Secretaría Xeral de Infraestruturas, a Secretaría Xeral de Transporte e a Secretaría Xeral de Vivenda.

b) A Subsecretaría de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

c) O Comisionado especial para o Transporte, a Mobilidade e a Axenda Urbana, con rango de Subsecretaría.

Como órgano de apoio e asistencia inmediata ao titular do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, existe un Gabinete, cuxo titular ten o rango de director xeral.

As seguintes entidades e entes públicos están adscritas ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, a través da Secretaría de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, á que lle corresponde a dirección estratéxica, a avaliación e o control dos resultados da súa actividade:

a) Os entes públicos Portos do Estado e Autoridades Portuarias.

b) A entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF).

c) A entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidade.

d) A entidade pública empresarial RENFE-Operadora.

e) A entidade pública empresarial Enaire.

f) A entidade pública empresarial de Solo (SEPES). Corresponde ao titular da Secretaría de Estado a presidencia desta entidade.

**Funcións Relacionadas co Ferrocarril**

As principais funcións do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible relacionadas co ferrocarril son:

- A planificación estratéxica do sector ferroviario e o seu desenvolvemento.
- A ordenación xeral e a regulación do sistema ferroviario, que inclúe o establecemento das normas básicas do mercado ferroviario e a elaboración da normativa necesaria para o seu correcto desenvolvemento, especialmente todo o relativo á seguridade e interoperabilidade do sistema ferroviario e ás relacións entre os axentes do sector.
- A definición de obxectivos e a supervisión da actividade das entidades públicas empresariais, Adif, ADIF-Alta Velocidade, así como o seu sistema de financiamento.
- O outorgamento das autorizacións para a prestación de servizos ferroviarios declarados de interese público e o establecemento do réxime de axudas para as EE.FF. adxudicatarias.
- A definición e supervisión do réxime tarifario e a súa aprobación.
- O desenvolvemento do marco xeral de canons e do sistema de incentivos para aplicar polos administradores de infraestruturas ferroviarias.
- A aplicación do réxime sancionador.
- Outras competencias que se lle atribúan segundo a normativa vixente.

**Organigrama do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible**

Para obtener información adicional consultar el sitio Web: https://www.mitma.gob.es/

# ÓRGANO REGULADOR

**Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, CNMC**

A Lei 3/2013, do 4 de xuño, creou o organismo público Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

O obxectivo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia é garantir, preservar e fomentar o correcto funcionamento, a transparencia e a existencia dunha competencia efectiva en todos os mercados e sectores produtivos, en beneficio dos consumidores e usuarios.

Para os efectos do establecido no apartado anterior, a CNMC exercerá as súas funcións en todo o territorio español e en relación con todos os mercados ou sectores económicos.

A CNMC está dotada de personalidade xurídica propia e plena capacidade pública e privada e actúa no desenvolvemento da súa actividade e para o cumprimento dos seus fins, con autonomía orgánica e funcional e plena independencia do Goberno, das Administracións Públicas e dos axentes do mercado. Igualmente, está sometida ao control parlamentario e xudicial.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia supervisará e controlará o bo funcionamento do sector ferroviario e a competencia nos mercados de servizos ferroviarios, tamén, e en particular, no mercado do transporte de viaxeiros de alta velocidade.

En particular, exercerá, ben por propia iniciativa ou por instancia das autoridades competentes ou partes interesadas, as seguintes funcións:

a) Salvagardar a pluralidade da oferta na prestación dos servizos sobre a Rede Ferroviaria de Interese Xeral e as súas zonas de servizo ferroviario, así como velar que estes sexan prestados en condicións obxectivas, transparentes e non discriminatorias.

b) Garantir a igualdade entre empresas, así como entre calquera candidato, nas condicións de acceso ao mercado dos servizos ferroviarios.

c) Determinar, por instancia das autoridades competentes ou das empresas ferroviarias ou dos candidatos interesados, que a finalidade principal dun servizo internacional de transporte ferroviario de viaxeiros é transportar viaxeiros entre estacións españolas e as doutros Estados membros da Unión Europea.

d) Determinar, a instancias das autoridades competentes, do administrador da infraestrutura, das empresas ferroviarias ou dos candidatos interesados, se está en perigo o equilibrio económico dun servizo de transporte suxeito a obrigas de servizo público pola asignación de capacidade para realizar servizos de transporte ferroviario de viaxeiros total ou parcialmente coincidentes. No caso de que se decida que o equilibrio económico pode verse en perigo por mor do servizo de transporte de viaxeiros que o candidato pretenda explotar, indicará as posibles modificacións que se deben introducir no servizo que garantan as condicións para a concesión do dereito de acceso á infraestrutura.

e) Solicitar aos administradores de infraestruturas, xestores de instalacións de servizo, ás empresas ferroviarias e aos candidatos, así como a outras empresas involucradas en asuntos que deben ser verificados ou comprobados pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, toda a información necesaria para exercer as súas funcións, en particular na resolución de reclamacións, supervisión do mercado ferroviario, fins estatísticos e observación do mercado. O prazo non poderá exceder un mes agás cando, en circunstancias excepcionais, o órgano peticionario acorde e autorice unha prórroga limitada que non poderá superar dúas semanas, sempre en conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

f) Solicitar á Comisión Europea que examine as medidas específicas adoptadas polas autoridades nacionais en relación co acceso á infraestrutura e aos servizos ferroviarios, a concesión de licenzas, os canons ou a adxudicación de capacidade.

g) Realizar calquera outra función que lle sexan atribuídas por lei ou por norma regulamentaria.

h) Comprobar o cumprimento das disposicións contables aplicables e as disposicións sobre transparencia financeira establecidas nos apartados 3 e 4 do artigo 21 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, no marco da normativa ferroviaria, para o que se poderá realizar ou encargar a realización de auditorías aos administradores de infraestruturas, aos explotadores de instalacións de servizos e, se for o caso, ás empresas ferroviarias. No caso de empresas integradas verticalmente, estas facultades estenderanse a todas as persoas xurídicas.

i) Garantir que os canons e os prezos privados establecidos polo administrador de infraestruturas cumpran o disposto polo dereito da Unión Europea, a lexislación do sector ferroviario e a súa normativa de desenvolvemento e que non sexan discriminatorios.

Ademais, tamén poderá extraer conclusións das contas con respecto das cuestións das axudas estatais, o que informará ás autoridades competentes.

Igualmente, no marco das funcións recollidas no apartado anterior, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia supervisará e controlará, por propia iniciativa, as actividades dos administradores de infraestruturas ferroviarias e, se for o caso, as dos explotadores de instalacións de servizo e empresas ferroviarias, en relación cos seguintes asuntos:

a) A declaración sobre a rede, nas súas versións provisional e definitiva, así como os criterios nela establecidos e, en particular, comprobará se contén cláusulas discriminatorias ou outorga poderes discrecionais ao administrador de infraestruturas que este poida utilizar para discriminar os candidatos;

b) O sistema, a contía ou a estrutura de canons, tarifas e prezos polo uso de infraestruturas e servizos;

c) Autorizar ao administrador de infraestruturas ferroviarias para que siga cobrando canons no caso dunha infraestrutura declarada conxestionada na que as medidas definidas no plano de aumento de capacidade non avanzan, ben por causas alleas ao control do administrador de infraestruturas ou ben porque as posibles opcións non son viables desde un punto de vista económico ou financeiro;

d) O proceso de consulta previo á fixación de canons e tarifas entre empresas ferroviarias ou candidatos e os administradores de infraestruturas e intervir cando prevea que o resultado do dito proceso poida contravir as disposicións vixentes;

e) As disposicións sobre acceso á infraestrutura e aos servizos ferroviarios, así como o procedemento de adxudicación e os seus resultados;

f) Xestión do tráfico;

g) Planificación da renovación e mantemento programado ou non programado;

h) Cumprimento dos requisitos do administrador de infraestruturas ferroviarias, incluídos os relativos aos conflitos de intereses, independencia das súas funcións esenciais, imparcialidade do administrador das infraestruturas ferroviarias no que respecta á xestión do tráfico e á planificación do mantemento, así como a externalización e compartición das funcións do administrador das infraestruturas ferroviarias.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia estudará todas as denuncias e, se for o caso, solicitará información pertinente e iniciará un proceso de consulta a todas as partes interesadas no prazo dun mes desde a recepción da denuncia. Resolverá calquera denuncia, tomará medidas para solucionar a situación e comunicará ás partes interesadas a súa decisión motivada nun prazo de tempo prudencial previamente fixado e, sexa como for, no prazo de seis semanas desde a recepción de toda a información pertinente. Sen prexuízo das facultades das autoridades de competencia nacionais en materia de protección da competencia nos mercados de servizos ferroviarios, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia decidirá por propia iniciativa, se for o caso, as medidas oportunas para corrixir discriminacións en prexuízo dos candidatos, distorsións do mercado e outras situacións indesexables nestes mercados, en particular no que respecta ó disposto nos números 1.º a 9.º do apartado 1.f) do artigo 12.

No exercicio da función de cooperación, a fin de supervisar a competencia no mercado e coordinar os servizos de transporte ferroviario internacional, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia realizará, entre outras, as seguintes tarefas:

a) Participará e colaborará nunha rede de reguladores ferroviarios coordinada pola Comisión Europea;

b) Cooperará estreitamente co resto de organismos reguladores, mediante acordos de traballo, con fins de asistencia mutua nas súas tarefas de supervisión do mercado e tratamento de reclamacións ou investigacións;

c) Cooperará co resto de organismos reguladores para elaborar principios e prácticas comúns, incluídas disposicións, para a toma das decisións en relación coas funcións recollidas neste artigo, así como para a resolución dos conflitos que xurdan nos servizos internacionais;

d) Intercambiará información co resto de organismos reguladores sobre o seu traballo e os seus motivos e prácticas na toma de decisións e, en particular, sobre os principais aspectos dos procedementos e os problemas de interpretación da lexislación da Unión no ámbito ferroviario incorporada aos ordenamentos nacionais, e cooperarán doutras formas para coordinar a súa toma de decisións no conxunto da Unión;

e) Cooperará, no marco das súas funcións recoñecidas neste artigo, con outros organismos reguladores afectados sobre cuestións relacionadas con servizos internacionais, para preparar as súas respectivas decisións e adoptar unha resolución sobre a cuestión;

f) Cooperará e consultará aos organismos reguladores de todos os Estados membros, se for o caso á Comisión Europea, no caso de reclamacións, ou investigacións por propia iniciativa, sobre cuestións de acceso ou tarificación relacionadas cunha franxa horaria internacional, así como en relación coa supervisión da competencia no mercado dos servizos de transporte ferroviario internacional, e pediráselles toda a información necesaria antes de tomar a súa decisión. Polo seu lado, cando a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia sexa consultada para os efectos do tratamento dunha reclamación ou investigación nunha franxa internacional, deberá facilitar toda a información que teña dereito a solicitar segundo o ordenamento xurídico español;

g) No caso de que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia reciba unha reclamación ou realice unha investigación por propia iniciativa, transmitirá a información pertinente ao organismo regulador competente;

h) Poderá revisar as decisións e prácticas das asociacións de administradores de infraestruturas en materia de canons ou adxudicación de capacidade en relación co transporte ferroviario internacional.

i) Cooperará cos reguladores ferroviarios doutros estados da Unión Europea en relación coas infraestruturas de titularidade compartida, cando os Estados concernidos así o acorden, para unificar as consecuencias das súas decisións.

A Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia consultará periodicamente e, en calquera caso, polo menos unha vez cada dous anos, aos representantes dos usuarios dos servizos de transporte ferroviario de mercadorías e viaxeiros para coñecer as súas opinións sobre o mercado ferroviario no decurso das súas funcións.

No sector ferroviario, correspóndelle exclusivamente á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia coñecer e resolver as reclamacións presentadas polas empresas ferroviarias e os demais candidatos en relación coas actuacións do administrador de infraestruturas ferroviarias, dos explotadores de instalacións de servizo ou prestadores dos servizos, así como as empresas ferroviarias e restantes candidatos, e que versen, en particular, sobre:

1. O contido e a aplicación das declaracións sobre a rede.
2. Os procedementos de adxudicación de capacidade e os seus resultados.
3. A contía, a estrutura ou a aplicación dos canons, tarifas e prezos que se lles esixan ou poidan esixir.
4. Calquera trato discriminatorio no acceso ás infraestruturas ou ás instalacións de servizo e en relación cos servizos que nelas se realicen.

5. A prestación de servizos nos corredores ferroviarios internacionais de transporte de mercadorías.
6. As reclamacións ou investigacións relacionadas cunha franxa internacional cando proceda coñecer e resolver a ela e, nos demais casos, cooperará cos órganos reguladores do mercado ferroviario dos demais Estados membros da Unión Europea competentes coa franxa internacional.
7. A xestión do tráfico.
8. A planificación da renovación e mantemento programado ou non programado.
9. O cumprimento dos requisitos do administrador de infraestruturas ferroviarias, incluídos os relativos aos conflitos de intereses, á independencia das súas funcións esenciais, á imparcialidade do administrador das infraestruturas no tocante á xestión do tráfico e á planificación do mantemento, así como a externalización e compartición das funcións do administrador das infraestruturas ferroviarias.

As reclamacións deberán ser presentadas no prazo dun mes desde que se produza o feito ou a decisión correspondente. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia solicitará a información pertinente e iniciará as consultas con todas as partes implicadas no prazo dun mes desde a recepción da reclamación. No caso dunha reclamación contra a negativa de outorgar capacidade de infraestrutura, ou contra os termos nos que esta é outorgada, resolverá para confirmar a decisión do administrador da infraestrutura ou da instalación de servizo, ou ben para requirir a modificación desa decisión, en conformidade coas instrucións específicas que sexan consideradas apropiadas.

## ÓRGANOS COLEXIADOS

Se relacionan a continuación los órganos colegiados adscritos al Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible, más relacionados con el transporte ferroviario:

**CIAF:** Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios.

**CCTMP:** Comisión para a Coordinación do Transporte de Mercadorías Perigosas.

**CNTT:** Consello Nacional de Transportes Terrestres.

**FRC:** Comisión para a Coordinación do Transporte de Mercadorías Perecedoiras

Para obter información adicional visite o sitio web: https://www.mitma.gob.es/el-ministerio/organos-colegiados

## AGENCIA ESTATAL DE SEGURIDADE FERROVIARIA

O 23 de decembro de 2014 publícase no Boletín Oficial do Estado o Real Decreto 1072/2014, do 19 de decembro, polo que se crea a Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria e se aproba o seu Estatuto. Dentro do ámbito de competencias correspondentes ao Estado, o fin da AESF é detectar, analizar e avaliar os riscos de seguridade no transporte por ferrocarril, que se configura como un organismo público dos regulados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A AESF guiarase polos seguintes **principios de actuación:**

a) Independencia na súa actuación, con respecto das funcións que ten asignadas en materia de seguridade do transporte ferroviario.

b) Competencia e responsabilidade no desenvolvemento e aplicación das normas de seguridade ferroviaria nacionais e internacionais, así como no control dos procedementos.

c) Promoción e difusión dunha cultura de seguridade ferroviaria en todos os ámbitos de actuación.

d) Calidade, eficacia, eficiencia e transparencia no exercicio das súas funcións.

A AESF exercerá, como autoridade responsable da seguridade ferroviaria, as seguintes **competencias:**

a) Velar polo mantemento xeral da seguridade na circulación sobre a Rede Ferroviaria de Interese Xeral mediante a supervisión do cumprimento das obrigas dos diferentes actores nesta materia.

b) Autorizar a entrada en servizo dos subsistemas estruturais que constitúen o sistema ferroviario e verificar que manteñen os seus requisitos.

c) Supervisar o cumprimento dos requisitos esenciais por parte dos compoñentes de interoperabilidade.

d) Autorizar a posta en servizo de vehículos.

e) Expedir, renovar, modificar ou revogar os certificados de seguridade das empresas ferroviarias, así como supervisalos posteriormente.

f) Expedir, renovar, modificar ou revogar as autorizacións de seguridade dos administradores de infraestrutura, así como supervisalas posteriormente.

g) Propoñer, elaborar e desenvolver o marco normativo de seguridade e supervisar o seu cumprimento polos axentes do sistema ferroviario, así como formular propostas, directrices e recomendacións normativas, incluídas as especificacións técnicas dos subsistemas ferroviarios.

h) Realizar o seguimento dos obxectivos e os niveis de seguridade mediante os indicadores e estatísticas de accidentalidade, así como elaborar informes en materia de seguridade do transporte ferroviario.

i) Organizar e xestionar o Rexistro Especial Ferroviario, así como supervisar a correcta inscrición do persoal ferroviario e a matriculación do material rodante e dos inventarios, estatísticas e bases de datos relacionadas coa seguridade do transporte ferroviario, incluídos os inventarios de infraestruturas.

j) Conceder a homologación e, se for o caso, suspendela e revogala, dos centros de formación e centros de recoñecemento psicofísico do persoal ferroviario.

k) Conceder a homologación e, se for o caso, suspendela e revogala, dos centros de mantemento, así como a certificación das entidades encargadas demantemento.

l) Exercer as competencias do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible en materia de persoal ferroviario e, en particular, outorgar, renovar, suspender

e revogar as licenzas e títulos de condución de persoal ferroviario, e propoñer o contido das probas para obter os títulos habilitantes do persoal ferroviario, aprobar os contidos mínimos dos programas de formación para obter os títulos e as condicións de capacidade psicofísica para a certificación de valoración de aptitude persoal.

m) Asistir e participar nos grupos de traballo da Axencia Ferroviaria Europea e noutras Organizacións nacionais e internacionais relacionados coa seguridade ou interoperabilidade do transporte ferroviario.

n) Exercer as competencias do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible en materia de transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril.

o) Exercer as competencias que lle corresponden ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible en relación coa defensa do dominio público ferroviario e coa modificación da liña límite da edificación, sen prexuízo das competencias que lle corresponden ao administrador de infraestruturas ferroviarias.

p) Exercer a potestade sancionadora en materia de seguridade ferroviaria.

q) As demais funcións que se lle asignen por norma legal ou regulamentariamente.

Á AESF correspóndelle tamén a concesión, suspensión e revogación de licenzas ás empresas ferroviarias, así como das titulacións doutros candidatos distintos destas, incluída a elaboración e iniciativa dos proxectos normativos con relación á solicitude e documentación xustificativa das licenzas.

## ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS, ADIF ALTA VELOCIDADE

A entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidade é un organismo público adscrito ao Ministerio de Transportes e Mobilidade  ostible, goza de personalidade xurídica propia, plena capacidade de obrar para cumprir os seus fins e patrimonio propio e réxese polo establecido na LSF, no Estatuto de ADIF-Alta Velocidade e polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, especialmente cando exerzan potestades administrativas, na lexislación orzamentaria e demais normas de desenvolvemento aplicables. En defecto destas normas, aplicarase o ordenamento xurídico privado.

Para cumprir coas súas funcións, ADIF-Alta Velocidade pode realizar toda clase de actos de administración e disposición previstos na lexislación civil e mercantil.

ADIF-Alta Velocidade non pode prestar servizos de transporte ferroviario, agás aqueles inherentes á súa propia actividade.

## ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS, ADIF

A entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, Adif, é un organismo público adscrito ao Ministerio de Transportes e Mobilidades Sostible, goza de personalidade xurídica propia, plena capacidade de obrar para cumprir os seus fins e patrimonio propio e réxese polo establecido na LSF, no Estatuto de Adif e polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, especialmente cando exerzan potestades administrativas, na lexislación orzamentarias e demais normas de desenvolvemento aplicables. Na falta destas normas, aplicarase o ordenamento xurídico privado.

Para o cumprimento das súas funcións, Adif pode realizar todo tipo de actos de administración e disposición previstos na lexislación civil e mercantil.

Adif non pode prestar servizos de transporte ferroviario, salvo aqueles que sexan inherentes á súa propia actividade.

## ORGANIGRAMA DE ADIF

**Funcións de Adif**

De acordo co establecido no Art. 23 da LSF e en conformidade co RD 2395/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto de Adif, corresponden a Adif as seguintes funcións:

a) A aprobación dos proxectos básicos e de construción de infraestruturas ferroviarias da súa titularidade que deban formar parte da Rede Ferroviaria de Interese Xeral e a súa construción, sempre que se realice cos seus propios recursos e de acordo co disposto polo Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible.

b) A construción de infraestruturas ferroviarias con recursos alleos, de acordo co correspondente convenio.

c) A administración das infraestruturas ferroviarias da súa titularidade e das que lle sexan encomendadas mediante o oportuno convenio.

d) A prestación do paquete de acceso mínimo á infraestrutura ferroviaria e á realización dos mecanismos de coordinación, recollidos no artigo 20.2.

e) O control, vixilancia e inspección da infraestrutura ferroviaria que xestione, das súas zonas de protección e da circulación ferroviaria que nela se produza.

f) A explotación dos bens da súa titularidade, a dos bens que lle sexan adscritos e dos que se lle encomende a xestión.

g) A elaboración, aprobación e publicación da declaración sobre a rede.

h) A adxudicación de capacidade de infraestrutura ás empresas ferroviarias e demais candidatos recollidos no artigo 34 que o soliciten e a celebración de acordos marco con elas.

i) A prestación, se for o caso, dos servizos básicos, complementarios e auxiliares ao servizo de transporte ferroviario.

j) A aprobación e o cobro dos prezos privados pola prestación dos servizos básicos, complementarios e auxiliares ao servizo de transporte ferroviario.

k) A determinación, revisión e cobro dos canons pola utilización das infraestruturas ferroviarias, de acordo co réxime legal e regulamentario aplicable.

l) A cooperación cos organismos que xestionen as infraestruturas ferroviarias noutros Estados membros da Unión Europea, incluída no artigo 20.3, para establecer e asignar apacidade de infraestrutura que abranga máis dunha rede nacional, así como a participación e cooperación na Rede Europea de Administradores de Infraestruturas.

m) A resolución das reclamacións de responsabilidade patrimonial formuladas con respecto á súa actuación.

n) A elaboración e execución de estudos ou proxectos en materia de mobilidade sostible ou de transporte ferroviario.

ñ) Calquera outra que lle sexan asignadas nesta lei ou nas súas disposicións de aplicación.

De conformidade coa disposición adicional primeira da Lei 38/2015 do sector ferroviario, ADIF-Alta Velocidade e Adif poderán encomendarse mutuamente a realización de determinadas actividades mediante a sinatura dun convenio. Este convenio determinará a compensación económica correspondente á prestación dos servizos encomendados. En particular, ámbalas entidades poderán encomendarse a xestión da capacidade de infraestruturas e, por razón da interconexión das redes cuxa administración teñen atribuídas ámbalas entidades, e como excepción ao disposto no artigo 19.1, tamén a xestión dos sistemas de control de circulación e de seguridade.

Adif encomendoulle á entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidade a realización de determinadas actividades, segundo Convenio de Encomenda de Xestión aprobado polo Consello de Administración de ADIF-Alta Velocidade o día 9 de xullo de 2019 e publicado mediante Resolución da Secretaría de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (BOE núm. 189, do 8 de agosto de 2019), entre outras, as seguintes:

- Xestión integral ambiental.
- Recepcións, ensaios de laboratorios de control de calidade de materiais, auditorías e seguimento da calidade e da documentación final de obra, probas de carga e inspeccións de edificios e tramitación de expedientes de gastos.
- Tramitación de expedientes de expropiación forzosa nos que ADIF teña a condición de beneficiario.
- Redacción dos informes de supervisión de proxectos de liñas convencionais.
- Asesoramento en materia de sostibilidade ambiental, eficiencia enerxética e loita contra o cambio climático.

- Xestión do mantemento das liñas de explotación de titularidade de ADIF nas áreas xeográficas nas que ADIF non dispoña de medios humanos propios para realizala.
- Intervención de persoal especializado na actividade de construción de determinadas actuacións encomendadas a ADIF.
- Subministración de enerxía de Uso Distinto de Tracción-UDT.

Ao citado Convenio foron subscritos dous Apéndices, o primeiro o 24 de outubro de 2019 (publicado no BOE núm. 305, do 20 de decembro de 2019) e o segundo o 20 de decembro de 2019 (publicado no BOE núm. 37, do 12 de febreiro de 2020), para incorporar, respectivamente, as seguintes actividades:

- Telecomunicacións
- Planificación Funcional

No entanto, Adif mantén as competencias e responsabilidades que, como administrador de infraestrutura ferroviaria, lle son propias.

## MISIÓN E VISIÓN

Adif é unha entidade pública empresarial, adscrita ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible e exerce un papel principal como dinamizador do sector ferroviario para facer do ferrocarril o medio de transporte por excelencia e para facilitar o acceso á infraestrutura en condicións de igualdade.

### Misión

Operar, xestionar e construír unha rede ferroviaria intelixente adaptada ao novo ecosistema tecnolóxico, competitivo e sostible, para desa forma contribuír aos ODS.

### Visión

Ser un referente como organización centrada na xestión de infraestruturas resilientes, sostibles, seguras e intelixentes que contribúan ao novo modelo de transición ecolóxica.

## EMPRESAS FERROVIARIAS E CANDIDATOS INSCRITOS NO REXISTRO ESPECIAL FERROVIARIO

A listaxe de empresas con licenza e certificados de seguridade pódese consultar na páxina web da AESF:

https://www.seguridadferroviaria.es/actividades/empresas-ferroviarias

# 1.2. Obxectivos da Declaración sobre a Rede

A DR é o documento que o Administrador de infraestruturas ofrece ás EE.FF. e a outros Candidatos para darlles a coñecer as características da infraestrutura e as condicións de acceso á RFIG xestionada polo Administrador de infraestruturas, así como as características e descrición das instalacións de servizo e a prestación de servizos nesas instalacións.

Nela establécense as características das infraestruturas postas a disposición dos distintos Candidatos para a adxudicación de capacidade e infórmase sobre a capacidade de cada tramo da Rede e sobre as condicións de acceso á mesma. Igualmente, detállanse as normas xerais, prazos, procedementos e criterios que rexen en relación coa adxudicación de capacidade e os principios de tarificación que se deben aplicar por usar as infraestruturas ferroviarias e por prestar os diferentes servizos ás EE.FF.

Determinadas cuestións relacionadas co contido desta DR e co procedemento de adxudicación de capacidade de infraestruturas ferroviarias desenvólvense mediante a Orde FOM/897/2005, do 7 de abril, de conformidade co disposto na Lei do Sector Ferroviario.

## 1.2.1. REDE FERROVIARIA DE INTERESE XERAL, RFIG

A Rede Ferroviaria de Interese Xeral (RFIG) está integrada polas infraestruturas ferroviarias, as estacións de viaxeiros e os terminais de mercadorías que sexan esenciais para garantir un sistema común de transporte ferroviario en todo o territorio do Estado, ou cuxa administración conxunta for necesaria para o correcto funcionamento do referido sistema común de transporte, como as vinculadas aos itinerarios de tráfico internacional, as que enlacen as distintas comunidades autónomas e as súas conexións e accesos aos principais núcleos de poboación e de transporte ou a instalacións esenciais para a economía ou a defensa nacional, conforme o art. 4 da LSF.

Todos os elementos que integren a Rede Ferroviaria de Interese Xeral serán incluídos no Catálogo da Rede Ferroviaria de Interese Xeral, no que se relacionarán as liñas e os tramos consonte un código oficial, dos que se citarán a súa orixe, destino e unha breve referencia ás súas características técnicas, así como as estacións de viaxeiros e os terminais de mercadorías.

No Anexo F desta DR inclúese o Catálogo de Eixes e Liñas da Rede Ferroviaria de Interese Xeral xestionada polo Administrador de infraestruturas, en conformidade co sinalado na Orde FOM 710/2015, do 30 de xaneiro, actualizada consonte o sinalado na Orde FOM/925/2018, do 10 de setembro, e nas ordes TMA/1240/2020, do 8 de decembro, TMA/488/2021, do 19 de maio, e TMA/1118/2022, do 11 de novembro, e o disposto no art. 4 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do Sector Ferroviario.

# 1.2.2. GRANDES CIFRAS DA REDE FERROVIARIA TITULARIDADE DE ADIF

| Grandes Cifras de Adif | |
|---|---|
| Activos non correntes * | 17.686.781 (*) miles € |
| Fondos Propios * | 2.278.494 (*) miles € |
| Patrimonio Neto * | 13.531.259 (*) miles € |
| Empregados Adif | 12.574 (1) |

(1) Datos 31/12/2023 / * Datos provisionais a 31/12/2023

| Estacións de Viaxeiros | |
|---|---|
| Nº de Estacións | 1.451 |

Datos a 31 de decembro de 2023

| Terminais de Carga | |
|---|---|
| Principais Terminais de Transporte de Mercadorías | 38 |

Datos a 31 de decembro de 2023

| Infraestructura e Circulación | | |
|---|---|---|
| (*) Red Ferroviaria Titularidad de Adif: | 11.674,9 | Km. |
| • Red de Alta Velocidad de Ancho Estándar puro (1.435 mm de separación de carriles) | 57,2 | Km. |
| • Red de Alta Velocidad de Ancho Ibérico (1.668 mm de separación de carriles) | 84,1 | Km. |
| • Red Convencional de Ancho Ibérico puro (1.668 mm de separación de carriles) | 10.215,2 | Km. |
| • Red Mixta (Tercer Carril combinación Ancho Ibérico y Ancho Estándar) | 124,9 | Km. |
| • Red de Vía Estrecha de Ancho Métrico (1.000 mm de separación de carriles) | 1.193,4 | Km. |
| Líneas Equipadas con ERTMS | 230,9 | Km. |
| Líneas Equipadas con ASFA | 10.590,8 | Km. |
| Líneas Equipadas con Sistemas de Bloqueo Automatizados | 9.323,1 | Km. |
| Líneas dotadas con CTC | 8.884,8 | Km. |
| Línea electrificada | 6.718,6 | Km. |
| (**) Nº Circulaciones de Trenes | 1.861.257 | |

*4ª versión trimestral 2023 de Tramificación Común Adif.

**Estimación anual a partir de datos acumulados a agosto-2023

# 1.3. Aspectos Legais

## 1.3.1. MARCO LEGAL

O Marco básico legal baséase na normativa ferroviaria estatal e nos Regulamentos e Directivas da Unión Europea trasladadas á lexislación nacional, ademais da súa normativa de desenvolvemento e outras disposicións. Así mesmo, inclúe a normativa técnica aplicable. As referencias a estas disposicións pódense consultar no anexo D deste documento.

## 1.3.2. ESTATUS XURÍDICO DA DECLARACIÓN SOBRE A REDE

### Consideracións Xerais

A DR terá carácter vinculante para as EE.FF. e para os Candidatos que queiran acceder ás infraestruturas para prestar servizos de transporte ferroviario, así como para o administrador de infraestruturas ferroviarias, en canto aos dereitos e obrigas derivados desta.

A presentación da solicitude de adxudicación de capacidade, tanto lineal como en Instalacións de Servizo, implicará a aceptación dos dereitos e obrigas recollidos na DR, por parte dos Candidatos. A mención que se puidese incluír na presente DR a disposicións vixentes (Leis, Reais Decretos, Ordes Ministeriais, Resolucións, etc.) terá carácter meramente informativo e, sexa como for, prevalecerá o texto da disposición á que se refire.

### Información sobre Seguridade na Circulación

En cuestións de Seguridade, en relación coa circulación e a regulamentación, a información contida na presente DR ten carácter unicamente informativo, polo que sexa como for, será aplicable o especificado no Capítulo 6 desta DR. Igualmente, cando houber discrepancia no contido da DR co recollido nos documentos técnicos e regulamentarios vixentes en materia de seguridade e interoperabilidade ferroviarias, deberán prevalecer sempre estes últimos.

O Real Decreto 664/2015, do 17 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento de Circulación Ferroviaria (RCF) establece as regras operativas xerais para a circulación dos trens e das manobras ser realizada de forma segura, eficiente e puntual, tanto en condicións de explotación normal como degradada, incluída a súa recuperación efectiva após unha interrupción do servizo. Igualmente, o documento fornece un marco regulador único dos procesos operativos nos que exista unha interface directa entre o Administrador de Infraestrutura (AI) e a Empresa Ferroviaria (EF) para unificar os criterios de operación dos distintos AI nos distintos largos da Rede.

De acordo coa normativa vixente e, en concreto, de conformidade co título V da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do Sector Ferroviario e o Real Decreto 664/2015, do 17 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Circulación Ferroviaria, o Administrador de Infraestruturas dispón da correspondente Autorización de Seguridade renovada pola Axencia Estatal de Seguridade, segundo resolución con data 26/11/2020 e posteriormente revisada para incluílo no seu alcance da certificación como entidade encargada do mantemento, segundo resolución con data 15 de xuño de 2022. O sistema de Xestión de Seguridade na Circulación dos administradores de infraestruturas deben cumprir os requisitos establecidos no Regulamento Delegado (UE) 2018/762, polo que se establecen métodos comúns de seguridade sobre os requisitos do sistema de xestión da seguridade, aplicable en España desde o 31 de outubro de 2020.

## 1.3.3. SOLICITUDES, ALEGACIÓNS E RECLAMACIÓNS

No Anexo J facilítase a información sobre os diferentes procedementos que a lexislación do sector ferroviario e a presente Declaración sobre a Rede establecen para resolver aqueles conflitos e recursos suscitados en relación co proceso de adxudicación de capacidade, coa prestación de servizos ferroviarios e co sistema de incentivos.

Así mesmo, facilítase información sobre o procedemento a seguir naquelas reclamacións presentadas polas empresas ferroviarias e outros candidatos en relación coa actuación do administrador de infraestruturas ferroviarias, que versen sobre cuestións relacionadas coa aplicación da presente Declaración sobre a Rede, os procedementos de adxudicación de capacidade e os seus resultados, canons por utilización das infraestruturas ferroviarias, cuestións de trato discriminatorio no acceso ás infraestruturas ferroviarias, Instalacións de Servizo ou ós servizos vinculados a estas, así como reclamacións que versen sobre a prestación de servizos nos corredores ferroviarios internacionais de transporte de mercadorías.

# 1.4. Estrutura da DR

O contido desta DR axústase ao establecido no Anexo III da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do Sector Ferroviario e ó indicado na Orde FOM/897/2005, do 7 de abril, relativa á Declaración sobre a Rede e ó procedemento de Adxudicación de Capacidade de Infraestrutura Ferroviaria.

A estrutura deste documento é, pola súa parte, coherente co índice común fixado por Rail Net Europe, conforme a última actualización da estrutura común e Guía de Implementación aprobada por Rail Net Europe na Asemblea Xeral, celebrada o 31 de maio de 2023; organización á que contribúe activamente o administrador de infraestruturas ferroviarias.

Nesta Declaración aplicouse a estrutura común de RNE, cuxo obxectivo é que todos os Candidatos e Empresas Ferroviarias poidan acceder a documentos semellantes en distintos países, dispondo da mesma información e na mesma localización. Así facilítanse os procedementos de acceso á infraestrutura, especialmente na programación de tráficos internacionais.

Con base a este principio, a DR estrutúrase en sete Capítulos, Anexos, Mapas e Catálogos, segundo se indica seguidamente:

**Capítulo 1:** Información Xeral; Breve descrición do sector ferroviario en España.

**Capítulo 2:** Descrición das Infraestruturas Ferroviarias; Descríbense as principais características técnicas e funcionais da RFIG xestionada polo Administrador de Infraestruturas, dispoñible para a solicitude de adxudicación de capacidade.

**Capítulo 3:** Condicións de Acceso; Contén os requisitos legais necesarios que regulan o acceso á RFIG xestionada polo Administrador de Infraestruturas das empresas ferroviarias.

**Capítulo 4:** Adxudicación de Capacidades; Describe o proceso polo que o Administrador de Infraestruturas asigna franxas horarias ás Empresas Ferroviarias e Candidatos, así como capacidade en instalacións de servizo.

**Capítulo 5:** Servizos de Adif; Descrición dos servizos que pode prestar o Administrador de Infraestruturas e Réxime Económico e Tributario; Descrición das taxas ferroviarias e canons, así como dos prezos por prestar os Servizos Básicos, Complementarios e Auxiliares.

**Capítulo 6:** Operacións; Descrición dos procedementos de xestión do tráfico, incluídos os procedementos que se deben seguir no caso de incidentes, (normas relativas

ás obrigas que o solicitante e/ou o administrador de infraestrutura deben seguir para as operacións de tren e manobras)

**Capítulo 7:** Instalacións de Servizo; Ofrece unha visión xeral das instalacións de servizo do administrador de infraestruturas e doutras instalacións de servizo conectadas á RFIG, en aplicación do Regulamento de Execución UE 2017/2177.

**Anexos:** Nos distintos Anexos xuntouse toda a información que pode ser obxecto de frecuente actualización, incluídos, ademais, contidos de carácter informativo (horario de servizo, catálogo de sucos internacionais mercadorías, modelo de solicitude de capacidade, de servizos, lexislación, glosario, catálogo de eixes e liñas da RFIG, capacidade media das principais liñas do administrador de infraestruturas ferroviarias, clasificación de liñas por tipos, acordo marco, procedemento de resolución de conflitos).

**Mapas:** Mapas RFIG coas principais características das redes titulares de Adif e ADIF-Alta Velocidade.

**Fichas descritivas das instalacións de Servizo:** Información xeral da instalación, titular/explotador (de cada un dos servizos), condicións de acceso, condicións de prestación dos servizos, condicións de uso, oferta de servizos e prezos. Información do administrador e do resto de titulares/explotadores de instalacións de servizo, dispoñibles na aplicación PISERVI.

**Catálogo de Oferta de capacidade nas Instalacións de Servizo:** Relación de vías ofertadas nas instalacións de servizo titularidade do Administrador de Infraestruturas, tanto en largo ibérico como en largo métrico.

**Catálogo das Restricións de Capacidade na RFIG:** Relación restricións da capacidade.

# 1.5. Período de Validez, Actualización e Publicación da DR

## 1.5.1. PERÍODO DE VIXENCIA

A DR entrará en vigor despois da súa publicación e aplicarase ás solicitudes de capacidade e ás operacións de transporte ferroviario do horario de servizo comprendido entre o 15 de decembro de 2024 ás 00:00 e o 13 de decembro de 2025 ás 24:00 horas. e poderá ser actualizada polo administrador de infraestruturas ferroviarias cando o seu contido o requira.

# 1.5.2. PROCESO DE ACTUALIZACIÓN

A declaración sobre a rede actualizarase e modificarase cando cambien as condicións de uso da infraestrutura ferroviaria, das instalacións de servizo e/ou prestación de servizos nestas instalacións. Estas modificacións non poderán supor restricións ou limitacións da Capacidade adxudicada, agás cando se produzan circunstancias extraordinarias debidamente acreditadas, ou consintan os adxudicatarios afectados ou ben sexan parte de actuacións de natureza eventual necesarias para a explotación. Neste último suposto será suficiente, para efectos de publicidade, a comunicación aos adxudicatarios afectados e a dispoñibilidade para calquera Candidato, entre tanto se incorporan á publicación ordinaria anual.

No que se refire ós aspectos susceptibles de variación regular (informacións técnicas), as modificacións que se poidan producir terán efectos inmediatos desde a súa publicación ou desde a data na que se dispoña na propia modificación.

# 1.5.3. PUBLICACIÓN E DISTRIBUCIÓN

Aprobada a Declaración sobre a Rede polo Consello de Administración do Administrador de Infraestruturas, publícase na web, www.adif.es en formato PDF ou similar.

A Declaración sobre a Rede publícase en idioma castelán, nas linguas cooficiais das distintas comunidades autónomas, así como en lingua inglesa. No caso de discrepancia sobre o seu contido, prevalecerá a versión en lingua castelá.

# 1.6. Directorio de Adif

O administrador de infraestruturas pon a disposición das EE.FF. e outros Candidatos unha organización que ofrece un servizo integral para facilitar o acceso á infraestrutura ferroviaria, tanto para prestasr os diferentes servizos de transporte de viaxeiros e mercadorías, como para realizar probas nas infraestruturas ferroviarias. Seguidamente, detállase o Directorio de Adif.

## Adif

Sede Central

Seu electrònica: https://sede.adif.gob.es/opencms/system/modules/sede/index

Calle Sor Ángela de la Cruz, 3
28020-Madrid
www.adif.es

## Comunicación e Relacións Exteriores

Subdirección de Relaciones con los Medios

Dirección de Comunicación y Reputación Corporativa

Calle Sor Ángela de la Cruz, 3
28020-Madrid
www.adif.es

## Portelo único para empresas ferroviarias e candidatos

Subdirección de Relaciones con Operadores Ferroviarios

Dirección de Explotación Comercial

Calle Sor Ángela de la Cruz, 3
28020-Madrid
www.adif.es

## Autorización de Conexións á RFIG, Zonas de Carga

Subdirección de Relaciones con Operadores Ferroviarios

Dirección de Explotación Comercial

Calle Sor Ángela de la Cruz, 3
28020-Madrid
www.adif.es

## Autorización para a Realización de Probas na RFIG

Subdirección de Relaciones con Operadores Ferroviarios

Dirección de Explotación Comercial

Sol·licitud de proves:
https://sede.adif.gob.es/opencms/system/modules/sede/index

Calle Sor Ángela de la Cruz, 3
28020-Madrid
www.adif.es

## Información sobre Estación de Viaxeiros

Subdirección de Servicios al Cliente y Planificación

Dirección de Estaciones de Viajeros
Gestión de Instalaciones de Servicios
Correu electrònic: h24estaciones@adif.es

Avenida Pío XII, 110; Edificio 18
28036-Madrid

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 24/05/2024)

## Información sobre Terminais de Carga

Subdirección Comercial

Subdirección de Gestión de Servicios a Clientes

Dirección de Servicios Logísticos
Gestor de Instalaciones de Servicios
Correu electrònic: capacidadinstalaciones@adif.es

Estación Madrid-Chamartín-Clara Campoamor
Calle Agustín de Foxá, 46
Edificio Comercial - Andén 1
28036-Madrid

## RNE Finestreta Única (OSS RNE) Informació General d'Accés a la Xarxa

Ventanilla Única Adif (Adif OSS)

Subdirección de Servicios de Circulación y Calidad
Dirección General de Circulación y Gestión de Capacidad

Estación Madrid-Chamartín-Clara Campoamor - Edif. 21
Calle Agustín de Foxá, 50
28036-Madrid

## RNE Portelo Único (OSS) do Corredor Atlántico de Mercadorías Europeo

Ventanilla Única (OSS) del Corredor Atlántico de Mercancías Europeo

Subdirección de Servicios de Circulación y Calidad
Dirección General de Circulación y Gestión de Capacidad

Estación Madrid-Chamartín-Clara Campoamor - Edif. 21
Calle Agustín de Foxá, 50
28036-Madrid

## Asignación de Capacidades en Liñas Ferroviarias Integradas á REFIG

Dirección de Gestión de Capacidad

Dirección General de Circulación y Gestión de Capacidad

Estación Madrid-Chamartín-Clara Campoamor - Edif. 21
Calle Agustín de Foxá, 50
28036-Madrid

## Control de Tráfico de Trens e Plans de Continxencias

Centro de Gestión de Red H24

Dirección de Tráfico

Dirección General de Circulación y Gestión de Capacidad

Calle Méndez Álvaro, 1
28045-Madrid

## Seguridade na Circulación

Dirección Corporativa de Seguridad en la Circulación

Estación Madrid-Chamartín-Clara Campoamor
Calle Agustín de Foxá, 50
Edificio 21 - 1ª planta
28036-Madrid

## Autorización do Material Rodante

Dirección Corporativa de Seguridade na Circulación

Estación Madrid-Chamartín Chamartín-Clara Campoamor
Calle Agustín de Foxá, 50
Edificio 21-1ª planta
28036-Madrid

## Información sobre Protección Civil

Dirección de Seguridade e Autoprotección

Estación Madrid-Chamartín Chamartín-Clara Campoamor
Calle Agustín de Foxá, 48
Edificio andén vía 1
28036-Madrid

## Estudos para Transportes Excepcionais

Dirección Corporativa de Seguridade na Circulación

Estación Madrid-Chamartín Chamartín-Clara Campoamor
Calle Agustín de Foxá,50
Edificio 21-1ª planta
28036-Madrid

## Innovación Tecnolóxica

Centro de Tecnoloxías Ferroviarias
Subdirección de Innovación Estratéxica

Calle Severo Ochoa, 9
29590-Campanillas (Málaga)

# 1.7. Cooperación Internacional entre os distintos Administradores de Infraestruturas

## 1.7.1. CORREDORES FERROVIARIOS EUROPEOS DE MERCADORÍAS, RFC

O Regulamento (UE) núm. 913/2010 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO, do 22 de setembro de 2010, sobre unha rede ferroviaria europea para un transporte de mercadorías competitivo, entrou en vigor o 9 de novembro de 2010. Este regulamento require que os estados membros establezan Corredores de Mercadorías orientados ó mercado internacional para acadar os seguintes obxectivos:

- Crear unha rede ferroviaria para un transporte de mercadorías competitivo, mellorando a eficiencia do transporte ferroviario de mercadorías en relación con outros medios de transporte.
- Reforzar a cooperación entre os administradores de infraestruturas en aspectos clave como a asignación de sucos, o establecemento de sistemas interoperables e o desenvolvemento da infraestruturas.
- Encontrar o equilibrio adecuado entre o tráfico de mercadorías e o de pasaxeiros ó longo dos Corredores de Mercadorías, dar unha capacidade adecuada de transporte de mercadorías acorde ás necesidades do mercado e garantir o cumprimento dos obxectivos comúns de puntualidade dos trens de mercadorías.
- Promover a intermodalidade entre o ferrocarril e outros modos de transporte mediante a integración dos terminais no proceso de xestión dos corredores.

O administrador de infraestruturas ferroviarias participa en dous Corredores Ferroviarios Europeos de Mercadorías, o Atlántico e o Mediterráneo, de acordo co establecido no Regulamento.

**Corredor Atlántico**

O administrador de infraestruturas ferroviarias e os Administradores de Infraestruturas de Portugal (IP), Francia (SNCF Réseau) e Alemaña (DB Netz) integran este corredor que suma máis de 6200 Km. de vías ao longo do eixe Sines/Setúbal/Lisboa/Aveiro/Leixões/Valongo - Algeciras/Madrid/Bilbao/Zaragoza - Bourdeaux/Paris/Nantes/La Rochelle/Le Havre/Metz/Estrasburgo - Mannheim, cruzando as fronteiras internacionais de Vilar Formoso/Fuentes de Oñoro, Elvas/Badajoz, Irún/Hendaya e Forbach/Saarbrucken.

O catálogo de sucos internacionais de mercadorías deste corredor está dispoñible en:

https://www.atlantic-corridor.eu/library/public-documents/

**Corredor Mediterráneo**

O administrador de infraestruturas ferroviarias, xunto con Línea Figueras Perpignan S.A. (LFP), Societé Nationale des Chemins de fer Français–Réseau (SNCF Réseau), Oc'Via (Oc'Via), Rete Ferroviaria Italiana (RFI), Sž–Infrastruktura d.o.o. (Sž-Infra), Magyar Államvasutak Zártkörűen Működő Részvénytársaság (MÁV); Vasúti Pályakapacitás-elosztó Korlátolt Felelősségű Társaság (VPE), HŽ Infrastruktura d.o.o. (HŽI), compoñen este Corredor.

O Corredor Mediterráneo une Madrid, Alxeciras e os principais portos da costa este española con Europa a través de Francia e suma máis de 7.000 km de vías ao longo do eixo Almería-Valencia/Algeciras_Madrid-Zaragoza/Barcelona-Marseille-Lyon-Turin-Milan-Verona-Padua/Venice-Trieste/ Oper-Ljubljana-Budapest-Záhony.

O catálogo de sucos internacionais de mercadorías deste corredor está dispoñible en: https://www.medrfc.eu/our-services/commercial-offer/

# 1.7.2. RAILNET EUROPE (RNE) E OUTRAS COOPERACIÓNS INTERNACIONAIS

O administrador de infraestruturas ferroviarias é membro de RailNetEurope (RNE), que é unha organización que reúne os administradores de infraestruturas ferroviarias e organismos de adxudicación europeos (IMs/ABs). RNE facilita o negocio ferroviario internacional desenvolvendo procesos comerciais internacionais harmonizados en forma de modelos, manuais e directrices, así como ferramentas informáticas.

Para obter información adicional visite o sitio web: http://www.rne.eu/organisation/rne-approach-structure/

Existe unha rede de Portelos Únicos de contacto (One Stop Shops - OSS) que representa a cada administrador de infraestruturas no tráfico internacional. Constitúen un único punto de contacto para toda a ruta internacional dun servizo ferroviario, desde as preguntas iniciais sobre o acceso á rede ata as solicitudes de sucos internacionais e a revisión de resultados após un servizo ferroviario.

Portelo Único de Contacto do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, OSS_ Adif:

C/Agustín de Foxá, 50 (edificio 21) Estación de Madrid Chamartín ES 28036 Madrid - fbartolomea@adif.es

A relación de contactos das OSS está dispoñible en:https://rne.eu/organisation/

O administrador de infraestruturas ferroviarias forma parte das seguintes organizacións internacionais:

- UIC, Unión Internacional de Ferrocarrís, asociación mundial que fomenta o transporte ferroviario a nivel global, por medios de proxectos técnicos, investigación ferroviaria e solucións estandarizadas.
- EIM, Administradores de Infraestrutura Europeos, asociación europea sen ánimo de lucro que representa os intereses comúns dos administradores europeos de infraestruturas ferroviarias perante a Comisión Europea e a Axencia Ferroviaria Europea.
- PRIME, Plataforma de administradores de infraestruturas ferroviarias en Europa establecida entre a DG MOVE e os administradores de infraestruturas co obxectivo de mellorar a cooperación internacional dos administradores de infraestruturas ferroviarias, apoiar o establecemento da política ferroviaria europea e desenvolver avaliacións comparativas de rendemento para o intercambio de mellores prácticas.

Paralelamente, o Administrador de Infraestruturas concluíu acordos de cooperación con outros administradores de infraestruturas para fomentar o intercambio de experiencias e desenvolver proxectos comúns.

# 2

# INFRAESTRUCTURA


2.1. Introdución

2.2. Ámbito da Rede Xestionada por Adif

2.3. Descrición da Rede

2.4. Restricións de Tráfico

2.5. Dispoñibilidade da Infraestructura

2.6. Desenvolvemento da Infraestructura


ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 31/05/2024)

# ÍNDICE


2.2.1. LÍMITES XEOGRÁFICOS 34
2.2.2. CONEXIÓNS CON OUTRAS REDES 35

2.3.1. TIPOLOXÍA DE VÍAS 38
2.3.2. LARGO DE VÍAS 39
2.3.3. ESTACIÓNS DE VIAXEIROS E TERMINAIS DE CARGA 39
2.3.4. GÁLIBO 39
2.3.5. LÍMITE DE CARGA 40
2.3.6. RAMPLAS CARACTERÍSTICAS 41
2.3.7. VELOCIDADES MÁXIMAS 41
2.3.8. LONXITUDE MÁXIMA DOS TRENS 42
2.3.9. SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA 42
2.3.10. SISTEMAS DE SEGURIDADE E SINALIZACIÓN 43
2.3.11. SISTEMAS DE CONTROL E XESTIÓN DO TRÁFICO 45
2.3.12. SISTEMAS DE COMUNICACIÓN 46
2.3.13. SISTEMAS DE CONTROL E PROTECCIÓN DO TREN 46
2.3.14. AUTOESTRADAS FERROVIARIAS 48
2.3.15. PROTECCIÓN E SEGURIDADE 48

2.4.1. INFRAESTRUCTURAS ESPECIALIZADAS 49
2.4.2. NORMATIVA AMBIENTAL 49
2.4.3. TRANSPORTE DE MERCADORÍAS PERIGOSAS 50
2.4.4. RESTRICIÓNS NOS TÚNELES 50
2.4.5. RESTRICIÓNS EN PONTES/VIADUCTOS 51

2.6.1. ACTUACIÓNS PREVISTAS 52
2.6.2. ACTUACIÓNS DE ACTIVOS DA RFIG 66

# 2.1. Introdución

Neste cTapítulo descríbense as principais características das infraestruturas ferroviarias xestionadas polo administrador de infraestruturas. A infraestrutura ferroviaria, conforme o determinado no artigo 3 da Lei do Sector Ferroviario e o seu anexo IV, está composta dos seguintes elementos:

a) Terreos sobre os que se asentan as vías.

b) Obras de explotación e plataformas da vía, especialmente terrapléns, trincheiras, drenaxes, reservas, sumidoiros de albanelería, acuedutos, muros de revestimento, plantacións de protección de noiros, etc.; plataformas de viaxeiros e de mercadorías, incluídas as situadas en estacións de viaxeiros e en terminais de carga; paseos e vías; muros de peche, sebes e valados; bandas protectoras contra incendios; dispositivos para quentar os aparellos de vía; paraneves.

c) Obras civís: pontes, bueiros e outros pasos superiores, túneles, trincheiras cubertas e demais pasos inferiores; muros de sustento e obras de protección contra avalanchas e desprendementos, etc.

d) Pasos a nivel, incluídas as instalacións destinadas a garantir a seguridade da circulación por estrada.

e) Superestruturas, especialmente: carrís, carrís de foz e contracarrís; travesas e longarinas, material diverso de suxeición varios, balastro, incluída a grava e a area; aparellos de vía; placas xiratorias e carros transbordadores (a excepción dos reservados exclusivamente para máquinas de tracción).

f) Estradas dos patios de viaxeiros e mercadorías, comprendidos os accesos por estrada e para pasaxeiros que cheguen ou marchen a pé.

g) Instalacións de seguridade, de sinalización e de telecomunicacións da vía, de estación e de estación de manobras, incluídas as instalacións de produción, de transformación e distribución de corrente eléctrica para o servizo da sinalización e as telecomunicacións; edificios asignados a estas instalacións; freos de vía.

h) Instalacións de iluminación destinadas a asegurar a circulación dos vehículos e a seguridade desa circulación.

i) Instalacións de transformación e condución de corrente eléctrica para a tracción dos trens: estacións, liñas de subministración entre as estacións e tomas de contacto, catenarias e soportes; terceiro carril e soportes.

j) Edificios utilizados polo servizo de infraestruturas, incluída unha parte das instalacións destinadas á recadación das tarifas de transporte.

k) Cambiadores de bitola e eixes.

Sempre que sexan parte das vías principais e das de servizo, agás as vías situadas dentro dos talleres de reparación de material rodante e dos depósitos ou garaxes de máquinas de tracción, así como dos ramais de desviación para particulares.

# 2.2. Ámbito da Rede Xestionada por Adif

A administración das infraestruturas ferroviarias e a súa construción corresponderá, no ámbito da competencia estatal, a unha ou varias entidades públicas empresariais adscritas ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, que terán personalidade xurídica propia, plena capacidade de obrar para cubrir os seus fins e patrimonio propio rexeranse polo establecido na Lei do Sector Ferroviario, nos seus propios estatutos, na lexislación orzamentaria e nas demais normas de desenvolvemento aplicables.

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 31/05/2024)

En conformidade co contido do artigo 1.7 do Real Decreto Lei 15/2013, do 13 de decembro, e co disposto na disposición adicional primeira da LSF, Adif-Alta Velocidade encomendoulle a Adif, entre outras, xestionar a capacidade da infraestrutura, os sistemas de control, de circulación e de seguridade.

Todos os elementos que sexan parte da Rede Ferroviaria de Interese Xeral estarán incluídos no Catálogo da Rede Ferroviaria de Interese Xeral, no que se relacionarán as liñas e tramos ferroviarios conforme un código oficial, e no que se mencionarán a súa orixe, destino e unha breve referencia ás súas características técnicas, así como as estacións de transporte de viaxeiros e os terminais de transporte de mercadorías. No Anexo F desta DR inclúese o Catálogo de Liñas e Tramos da Rede Ferroviaria de Interese Xeral xestionada polo administrador de infraestruturas, en conformidade co publicado na Orde FOM 710/2015, do 30 de xaneiro, e o disposto no Art. 4 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do Sector Ferroviario.

A Rede xestionada por Adif está formada por liñas principalmente de tráfico mixto (Mercadorías e Viaxeiros). Consta de liñas de tres largos de vía diferentes:



- Largo Ibérico (separación entre carrís 1.668 mm).
- Largo Estándar (separación entre carrís 1.435 mm).
- Largo Métrico (1.000 mm).

Algunhas seccións de liñas contan co denominado terceiro carril, é dicir, os tramos posúen dobre largo (Ibérico e Estándar). Estas vías de largo mixto permiten a circulación de trens polos dous largos cun único sistema de bloqueo. As principais liñas da Rede xestionada polo Administrador de infraestruturas teñen dobre vía.

Nos Mapas, nun documento anexo a esta DR, inclúense informacións sobre a identificación e situación das principais estacións e nós ferroviarios da Rede xestionada polo Administrador de infraestruturas, así como as distancias quilométricas entre aqueles, con detalle dos diferentes tipos de vía (vía única e dobre vía, electrificada ou sen electrificar).

O contido dos Anexos ten carácter meramente informativo. No caso de discrepancia entre o contido destes Anexos e a documentación regulamentaria, prevalecerá esta sobre aqueles.

No Manual de Capacidades, remitido pola Subdirección de Servizos de Circulación da Dirección Xeral de Circulación e Xestión de Capacidade, a todas as EE.FF e Candidatos que realizan tráfico ferroviario, detállanse as normas específicas de asignación de capacidades aplicables en cada liña da Rede. Pódese consultar un resumo por liñas deste documento no Anexo G.

A integración do transporte por ferrocarril en Europa require unha compatibilidade técnica da infraestrutura, do material rodante e da sinalización, así como unha compatibilidade de procedementos operativos e legais en toda a rede ferroviaria europea para acadar o obxectivo da interoperabilidade do sistema ferroviario. En España existen actualmente **2971,5 Km.** de liñas que operan con ERTMS, das que **230,9 Km**. corresponden a infraestruturas titularidade de Adif.

## 2.2.1. LÍMITES XEOGRÁFICOS

Ver Mapas, en documento anexo a esta Declaración sobre a Rede e o catálogo de Eixes e Liñas da RFIG no Anexo F.

# 2.2.2. CONEXIÓNS CON OUTRAS REDES

A Rede titularidade de Adif está conectada coa rede de Portugal (Infraestruturas de Portugal), xeralmente de largo, a través dos puntos fronteirizos de: Tui/Valença do Miño, Fuentes de Oñoro/Vilar Formoso; e coa rede francesa SNCF Réseau de largo ibérico por Irún/Hendaya, Portbou/Cerbere e Puigcerdà/La Tour de Carol, aínda que o tránsito á rede francesa por estes accesos obriga a cambiar a largo estándar dos trens. Por outra banda, a rede de largo métrico titularidade de Adif está conectada á rede do Xestor de Infraestruturas Ferroviarias de Euskadi en Basurto Hospital e Irauregui. Igualmente, a rede de largo ibérico titularidade de Adif está conectada á rede métrica do Xestor de Infraestruturas Ferroviarias de Euskadi (Euskal Trenbide Sarea) en Lutxana-Barakaldo Barakaldo e, por último, á rede de largo ibérico de Adif está conectada á rede titularidade da Xunta de Andalucía (Tren da Baía de Cádiz), na denominada bifurcación Río Arillo (Cádiz).

En conformidade coa disposición adicional décimo sétima da Lei do Sector Ferroviario, considéranse seccións fronteirizas as infraestruturas ferroviarias incluídas na RFIG situadas nas fronteiras con Francia e Portugal. Estas seccións identificaranse como tal no Catálogo de infraestruturas ferroviarias da RFIG, con indicación das estacións que as limitan. Regulamentariamente, poderanse establecer, a fin de facilitar o tráfico ferroviario transfronteirizo, excepcións á normativa aplicable ao resto da RFIG sobre o persoal ferroviario, o material rodante, a circulación ferroviaria ou os certificados de seguridade das empresas ferroviarias, que se aplicarán ás circulacións con orixe ou destino a estación da RFIG que delimita a sección fronteiriza.

| SECCIÓNS TRANSFRONTEIRIZAS | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| SECCIÓNS TRANSFRONTEIRIZAS | ESTACIÓNS FRONTERIZAS | ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS | CONDICIÓNS OPERATIVAS | | |
| | | | LARGO | ELECTRIFICACIÓN | DOCUMENTACIÓN REGULAMENTARIA |
| ESPAÑA / FRANCIA | Irún - Hendaya | Adif - SNCF Réseau | 1668 / 1435 (mm) | 3 KV CC / 1,5 KV CC | Consigna AO/CO 02/21 |
| | Portbou - Cerbère | Adif - SNCF Réseau | 1668 / 1435 (mm) | 3 KV CC / 1,5 KV CC | Consigna AO 582/CO 885 Consigna CO-498 |
| | Puigcerdà -La Tour de Carol | Adif - SNCF Réseau | 1668 (mm) | 3 KV CC | Consigna AO 263/ CO 244/ SO Nº 1 |
| ESPAÑA / PORTUGAL | Tui-Valença | Adif - IP | 1668 (mm) | NO / NO | Consigna CO 4/23 (León), 8/23 (Sevilla) IET núm. 04 IP.-Direçao de Circulaçao Ferroviaria–DCF |
| | Fuentes de Oñoro -Vilar Formoso | Adif - IP | 1668 (mm) | NO / 25 KV CA | |

Asináronse os seguintes convenios:

- Convenio de coordinación transfronteiriza entre SNCF Réseau, Entidade Pública Nacional Francesa de Carácter Industrial e Comercial, e Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, E.P.E. > Resolución do 14 de xaneiro de 2020, da Entidade Pública Empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, pola que se publica o Convenio con SNCF Réseau, para a coordinación transfronteiriza. (BOE núm. 213 do 7 de agosto de 2020). Así mesmo, o día 26/04/2022 foi asinado

acordo entre as autoridades nacionais de seguridade da República Francesa e do Reino de España sobre cooperación en materia de seguridade operacional e interoperabilidade das actividades ferroviarias. Este acordo abrangue a cooperación entre as partes no tocante a actividades ferroviarias entre Francia e España en materia de tráfico transfronteirizo e internacional.

- Convenio de coordinación transfronteiriza entre Infraestruturas de Portugal, S.A., (IP, SA) e Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, E.P.E. (ADIF, E.P.E.) > Resolución do 29 de xuño de 2021, da Entidade Pública Empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, pola que se publica o Convenio con Infraestruturas de Portugal, SA, de coordinación transfronteriza. (BOE núm. 172 do 20 de xullo de 2021).

## PORTOS CON CONEXIÓN Á RFIG

| PORTOS CON CONEXIÓN Á RFIG | | |
|---|---|---|
| PORTO | PUNTO DE CONEXIÓN FÍSICA | DOCUMENTACIÓN REGLAMENTARIA |
| Santander | A 1200 m do sinal M4 (baixo a ponte da autovía S-10). Delimitado por letreiros | Consigna AO/CO Nº 5/18 |
| Bilbao | -Polo lado Zierbena, diante do sinal M16, no PK 17+345.<br>-Polo lado Santurtzi, diante dos sinais M19 e M21, no PK 15+335 Delimitado por letreiros. | Consigna AO/CO Nº 2/22 |
| Pasaia | Portas de acceso ao Porto, PK 629+618, a 25 m do sinal M1 Delimitado por letreiros. | Consigna AO/CO Nº 2/19 |
| Tarragona | - Conexión 1: no centro do escape 6/8, coincidente co PK 274/468 da liña 210 de Miraflores a Tarragona.<br>- Conexión 2: a 18,544 metros antes do sinal S2/P3, no lado Porto. | Consigna CO Nº 5/21 |
| Huelva | Dous puntos de conexión física: 1 Liña de conexión entre agulla 79 (PK 107+585) da liña Majarabique Huelva Término e Paso a Nivel tipo a en PK 000+018. 2.- Ramal Torre Arenillas-Coto de Palos, sinal cadrado de parada absoluta e calzo descarrilador X4 | Consigna AO/CO Nº 0027/17 |
| Málaga | Km. 0,646 do Ramal, a continuación do Paseo Marítimo Antonio Machado. Coincide co punto funcional. Sinalizado con letreiros. | Consigna AO/CO Nº 00001/21 |
| Sevilla | Situado na liña de conexión La Salud-Puerto de Sevilla PK 001+717. No lado porto da ponte que cruza sobre o río Guadaira. Sinalizado con letreiro. | Consigna AO/CO Nº 0001/22 |
| Bahía de Algeciras | Ramal de acceso Algeciras Estación-Porto de Algeciras. Exactamente debaixo do Paseo da Conferencia desta cidade. Sinalizado con letreiro. | Consigna CO Nº 0002/20 |
| Castelló | Baliza de sinal, a 5 metros do sinal S2/PT con PK:0+137 de Les Palmes polo lado porto. | Consigna AO/CO 00004-18 |

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 31/05/2024)

| PORTOS CON CONEXIÓN Á RFIG | | |
|---|---|---|
| PORTO | PUNTO DE CONEXIÓN FÍSICA | DOCUMENTACIÓN REGLAMENTARIA |
| Valencia | Porta de acceso ao Porto (PK 0+806) protexida polos sinais ferroviarios EP6-EP8 e EP10 á entrada e polos sinais SP5-SP7 e SP9A-SP9B-SP9C á saída. | Consigna AO/CO Nº 3-18<br>Conexión APv- FSL |
| Cartagena | P.K. 11+310 da liña de conexión, distante 800 metros do sinal M1 de Escombreras. | SIN CONSIGNA PUBLICADA.<br>Consigna ATOI_CTOI 00001-22<br>baixa 1M e acceso puerto |
| Alicante | Está situado á altura da baliza ASFA do sinal E3 de entrada á estación de Sant Gabriel. | Consigna AO/CO 00002-19<br>Puerto Alicante |
| Gijón (largo ibérico) | a) Liña 152 Gijón Porto-Veriña: a 100 metros do sinal 14S dirección Estación de Veriña.<br>b) Liña 150 Aboño-Veriña: a 25 metros do sinal E1 correspondente ao enclavamento do Porto dirección Aboño. Sinalizado con letreiros. | Consigna AO/CO Nº 280/327 |
| Gijón (largo métrico) | P.K. 8+124 onde se sitúa o poste de punto protexido de entrada á estación de Aboño Mercadorías.<br>Sinalizado con letreiros. | Consigna AO/CO 4/23 |
| Avilés (largo ibérico) | Portón existente no valado perimetral, en dirección do Porto, após superar o desvío núm. 19 da estación de San Juan de Nieva. Sinalizado con letreiros. | Consigna AO/CO Nº 07/19 |
| Avilés (largo métrico) | P.K. 1+020 da Liña 758 La Maruca Mercadorías-Porto de Avilés. Sinalizado con letreiros. | Consigna AO/CO Nº 08/19 |
| Vilagarcía de Arousa | P.K. 53,931 a 22 metros do sinal S2/P en sentido o Porto. Sinalizado con letreiros. | Consigna AO/CO Nº 292/390 |
| A Coruña | P.K. 545,841, referido á liña 834, na punta do espadín do desvío C1 da Rede do Porto da Coruña.<br>Sinalizado con letreiros. | Consigna AO/CO Nº 13/19 |
| Ferrol | P.K. 1,820 da liña de conexión, que nace na estación de Ferrol, despois da saída do túnel, en dirección ao porto de Ferrol.<br>Sinalizado con letreiros. | Consigna AO/CO Nº 03/21 |
| Marín | O PK 5,404 do ramal de conexión a 20,20 m do sinal SPM, en dirección ao porto.<br>Sinalizado con letreiros. | Consigna AO/CO Nº 15/19 |
| Vigo | O portón de peche do valado que separa o terminal de Adif do porto, situado despois do calzo X13.<br>Sinalizado con letreiros. | Consigna AO/CO Nº 14/19 |

# 2.3. Descripción da Red

As empresas ferroviarias que dispoñan de licenza e certificado de seguridade poden solicitar o acceso á aplicación RGD, xestionada pola Dirección Corporativa de Seguridade na Circulación pola que poden acceder á información de circulación das liñas, ICL. A información ofrecida en ICL, entre outra, é a seguinte:

- Sistemas de comunicación cos centros de control, teléfonos GSM_R, etc.
- Detectores de eixes quentes.
- Carga máxima por eixe e metro nas distintas liñas e tramos da RFIG.
- Informacións sobre básculas dinámicas.
- Ramplas características.
- Restricións en túneles.
- Restricións en Pontes/Viadutos.
- Pasos a Nivel.
- Túneles, indicando localización, nome e lonxitude, información específica, corredores de peóns, puntos de saída, zonas de evacuación seguras-
- Sistemas de enerxía:
    - Sistemas de alimentación eléctrica (tensión e frecuencia)
    - Zonas neutras sen alimentación (se existen)
    - Restricións relacionadas co consumo (se existen)
    - Condicións relativas ao freo de recuperación (se existen)

A información de Circulación das liñas, ICL, publícase con carácter anual e mensual:

**ICL Anual**

Publicarase durante o mes de decembro para a súa aplicación a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte. É un documento único para toda a RFIG en formato PDF e distribúese a través de RGD. Poderanse realizar outras publicacións se se producen cambios substanciais no seu contido.

**ICL Mensual**

Publícase mensualmente o día útil máis próximo ao día 20 de cada mes. Distribúese en formato PDF a través de RGD.

## 2.3.1. TIPOLOXÍA DE VÍAS

A Rede titularidade do Administrador de Infraestruturas está formada por:

- Vía única non electrificada.

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 31/05/2024)

- Vía única electrificada.
- Vía dobre non electrificada.
- Vía dobre electrificada.

Ver Mapas en documento anexo a esta DR.

## 2.3.2. LARGO DE VÍAS

No Anexo F, Catálogo de Eixes e Liñas da RFIG e nos mapas, en documento anexo a esta DR, represéntanse os tipos de vía existentes na Rede titularidade do Administrador de infraestruturas.

## 2.3.3. ESTACIÓNS DE VIAXEIROS E TERMINAIS DE CARGA

Ver Capítulo 7, as Fichas Descritivas das Instalacións de Servizo, dispoñibles na aplicación PISERVI e os Mapas, que se inclúen como documentos anexos a esta DR.

## 2.3.4. GÁLIBO

No BOE núm. 185, do 4 de agosto de 2015, publicouse a Orde FOM/1630/2015, do 14 de xullo, pola que se aproba a "Instrución Ferroviaria de Gálibos". Esta Instrución ten por obxecto definir os gálibos que ter en conta, tanto para a construción de vehículos (gálibo do material rodante), como para colocar elementos próximos á vía (gálibo de implantación de obstáculos).

Así mesmo, defínense os gálibos de carga en vagóns abertos, así como as distancias mínimas que o cargamento debe manter coas paredes laterais ou fueiros dos vagóns de carga.

O cumprimento desta Instrución garante a seguridade da circulación ferroviaria, xa que se evitan interferencias entre os vehículos e entre estes e a infraestrutura.

Esta Instrución foi redactada en coherencia coa norma de gálibos EN 15273:2013 e respecta as especificacións técnicas de interoperabilidade dos subsistemas de infraestrutura, material rodante e enerxía dos sistemas ferroviarios transeuropeos de alta velocidade e convencional.

Na propia Instrución defínense, entre outros, os seguintes conceptos:

- **Gálibo:** Contorno de referencia, mais unhas regras asociadas, que permiten definir o perfil construtivo máximo do material rodante, o perfil da carga e o perfil fóra do cal se deben instalar as estruturas fixas ou provisionais.
- **Gálibo do material rodante:** Contorno de referencia cinemático, mais algunhas regras que definen as reducións que aplicar a dito contorno. Estas reducións son función das características xeométricas do material, da posición da sección en relación aos eixes, da altura do punto considerado en relación co plano de rodadura, das folguras de construción, dos desgastes máximos previstos e das características elásticas da suspensión.
- **Gálibo de implantación de obstáculos:** Espazo ao redor da vía, que non debe ser invadido por ningún obxecto ou obstáculo, nin por vehículos que circulen sobre vías adxacentes, a fin de preservar a seguridade na explotación.

- **Gálibo de cargamento:** Contorno de referencia estático mais unhas regras que definen as reducións que aplicar a dito contorno. O contorno resultante define o espazo que non debe superar nin o cargamento, nin os fueiros ou paredes laterais dos vagóns utilizados para a carga.

No BOE do 18 de febreiro de 2023 publicouse a Orde TMA/135/2023, do 15 de febreiro, na que, entre outras, se modifica a Orde FOM/1630/2015, do 14 de xullo, pola que se aproba a Instrución ferroviaria de gálibos.

De conformidade coa súa disposición derradeira quinta, a devandita orde TMA/135/2023 entrará en vigor o 1 de xullo de 2023.

Para calquera análise de actuación que implique a definición do gálibo de autoestrada ferroviaria, entendida como tal a definición dos gálibos de partes altas de autoestrada ferroviaria para o conxunto de material rodante, mais semirremolque para utilizar na Rede Ferroviaria de Interese Xeral xestionada por Adif e Adif-Alta Velocidade, atenderase ao establecido na NAG 5-1-0.0 "Gálibos Autoestrada Ferroviaria".

# 2.3.5. LÍMITE DE CARGA

## MASA POR EIXE E MASA POR METRO LINEAL

As liñas e tramos da RFIG de largo ibérico titularidade de Adif están clasificadas, para estes efectos, en nove categorías, cuxas características definitorias están recollidas no seguinte cadro, en función da carga admitida por eixe e por metro lineal.

Actualmente, a maioría das liñas da Rede titularidade de Adif son de Categoría D4. Non obstante, poden existir algunhas restricións puntuais que afectan a determinados puntos e liñas.

Nas liñas de largo métrico a carga máxima por eixe é de 15,0 t e por metro lineal de 8,0 t.

| CATEGORÍA DAS LÍÑAS | MASA MÁXIMA | |
|---|---|---|
| | Por Eixe | Por Metro |
| A | 16, 0 t | 5, 0 t |
| B1 | 18, 0 t | 5, 0 t |
| B2 | 18, 0 t | 6, 4 t |
| C2 | 20, 0 t | 6, 4 t |
| C3 | 20, 0 t | 7, 2 t |
| C4 | 20, 0 t | 8, 0 t |
| D2 | 22, 5 t | 6, 4 t |
| D3 | 22, 5 t | 7, 2 t |
| D4 | 22, 5 t | 8, 0 t |

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 31/05/2024)

## CARGA MÁXIMA REMOLCABLE

Será responsabilidade da EF indicar a carga máxima remolcable para cada unha das súas locomotoras, en aplicación da Especificación Técnica de Interoperabilidade de Explotación e Xestión do Tráfico, conforme a información facilitada polo administrador de infraestruturas ferroviarias para cada unha das liñas ou tramos polos que vaia circular.

En xeral, a determinación da carga máxima realízase en función de dous parámetros:

- A rampla característica máis desfavorable do percorrido do tren.
- A carga máxima das locomotoras, en función da rampla característica anterior resultante.

A carga máxima representa a carga que tecnicamente unha locomotora pode arrastrar en condicións extremas de explotación. A aplicación da carga máxima aos trens pode dar lugar, especialmente no caso das locomotoras diésel, a baixas velocidades de circulación, que poden ser incompatibles coa explotación, ou cun aproveitamento razoable da capacidade da vía. Por este motivo, independentemente da carga máxima establecida, o Administrador de Infraestruturas pode poñer condicionantes ou rexeitar as solicitudes que dean lugar a velocidades inadecuadas, debido á carga proposta polo Candidato nunha determinada solicitude de Capacidade.

# 2.3.6. RAMPLAS CARACTERÍSTICAS

Nos Mapas, en documento anexo a esta DR, represéntanse as ramplas características dos tramos máis importantes da Rede en ambos os sentidos de circulación.

# 2.3.7. VELOCIDADES MÁXIMAS

### Tipos do Material Rodante

Para efectos de velocidades máximas, o material rodante clasifícase por Tipos, con relación aos seguintes elementos determinantes:

- A velocidade máxima autorizada para cada vehículo.
- A aceleración sen compensar admitida polos vehículos, segundo as seguintes cinco clases contempladas:

| TIPOS | N | A | B | C | D |
|---|---|---|---|---|---|
| *Aceleración ($m/s^2$)* | 0,65 | 1 | 1,2 | 1,5 | 1,8 |

O Tipo de tren resultante corresponderá ao "Tipo" máis desfavorable de calquera dos vehículos que compoñen o tren.

## CADRO DE VELOCIDADES MÁXIMAS

O **"Cadro de Velocidades Máximas e Informacións Permanentes"** é o documento oficial que recolle as velocidades máximas autorizadas en cada liña. As principais liñas da Rede Convencional de largo ibérico admiten, polo xeral, velocidades entre 160 e 220 km/h.

As liñas de largo métrico admiten velocidades entre 50 e 100 Km/h.

Inclúese nos mapas, en documento anexo a esta DR, un resumo do réxime de velocidades máximas de cada traxecto

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 31/05/2024)

# 2.3.8. LONXITUDE MÁXIMA DOS TRENS

A lonxitude das vías das estacións, así como outros condicionantes de explotación, serven de base para determinar a lonxitude máxima dos trens nas distintas liñas. Nun documento anexo a esta DR inclúense os mapas coa lonxitude máxima dos trens admitidos en cada liña, diferenciados para tráficos de viaxeiros e de mercadorías.

No ámbito do Plan de Impulso e Dinamización do Transporte de Mercadorías por Ferrocarril, o Administrador de Infraestruturas fomenta medidas de xestión que permitan e satisfagan a demanda do aumento de lonxitudes dos trens por parte das EE.FF.

Actualmente, a infraestrutura xestionada por Adif permite a circulación de trens de ata 750 m. no traxecto Madrid-Valencia e Bif. Teruel-Sagunto.

Para circular cunha lonxitude superior á máxima permitida nunha liña ou tramo, lonxitude especial, é necesario solicitar autorización expresa á Dirección de Xestión de Capacidade da Dirección Xeral de Circulación e Xestión de Capacidade para os trens Regulares ou Ocasionais e á Dirección de Tráfico (H24) para os trens inmediatos.

# 2.3.9. SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA

A Rede titularidade de Adif ten 6717,9 Km. de liñas electrificadas, nos diferentes largos de vía, nos que se utilizan dous tipos distintos de tensión:

**Corrente Continua**

Xeralmente utilízase unha tensión nominal de 3000 V na Rede Convencional e 1500 V na Rede de Largo Métrico.

**Corrente Alterna**

A catenaria fornece unha tensión de 25.000 V a 50 Hz, polo que o seu uso queda limitado ás liñas da Rede de Alta Velocidade.

A potencia eléctrica está limitada á dispoñible en función da potencia subministrada pola rede de subestacións. Inclúense nos mapas, nun documento anexo a esta DR, os tramos electrificados da Rede titularidade do Administrador de Infraestruturas, así como o tipo de electrificación dispoñible nos mesmos.

**Composición dos Pantógrafos**

Actualmente, a rede electrificada en 3kV corrente continua é compatible con pantógrafos provistos tanto de fregadores de cobre ou aliaxe de cobre como fregadores de carbono enchoupadas en cobre ou aliaxe de cobre. No entanto, para acadar os obxectivos de eficiencia e sostibilidade, a partir do 1 de xaneiro de 2025 poderanse aplicar restricións no Rexistro de Infraestruturas ao uso de fregadores de cobre ou aliaxe de cobre nalgunhas liñas concretas da Rede de Proximidade/Rodalíes e, a partir do 1 de xaneiro de 2028, en calquera punto da rede só serán admitidos os fregadores de carbono impregnado en cobre ou aliaxe de cobre (ata un máximo de 40% en peso do aditivo metálico).

A rede de largo métrico electrificada en 1.5 kV corrente continua só é compatible con pantógrafos provistos de fregadores de carbono enchoupado en cobre ou aliaxe de cobre (ata un máximo de 40% en peso do aditivo metálico).

A rede electrificada en 25 kV corrente alterna só é compatible con pantógrafos con fregadores de carbono puro.

# 2.3.10. SISTEMAS DE SEGURIDADE E SINALIZACIÓN

Enténdese por instalación de seguridade os compoñentes, equipos e sistemas ou conxunto deles, homologados, instalados en terra e a bordo dos vehículos para aumentar o nivel de seguridade da circulación.

Nas instalacións de seguridade inclúense as seguintes:

- Sinais ferroviarios
- Enclavamentos.
- Bloqueos.
- Sistemas de protección do tren (ERTMS, LZB, EBICAB, ASFA, etc.)
- Dispositivos embarcados de: vixilancia (home morto). Información de velocidade, detección de sobretemperatura en órganos de rodadura e freo.
- Sistemas auxiliares de detección en vía: Detectores de caixas quentes e freos agarrotados; detectores de caída de obxectos á vía; detectores de impacto en vía; detectores de vento lateral.
- Sistemas de protección de Pasos a Nivel.

A Rede titularidade do administrador de infraestruturas ferroviarias conta con sistemas de sinalización e bloqueo de diversas tecnoloxías, onde é tendencia utilizar enclavamentos electrónicos (ENCE) con Control de Tráfico Centralizado (CTC) nos Postos de Mando.

## ENCLAVAMENTO

O enclavamento é un conxunto de elementos físicos e lóxicos que, no ámbito xeográfico dunha estación ou dependencia de circulación, realiza automaticamente as ordes, supervisión e comprobacións das manobras, inmobilizacións, liberacións e demais actuacións imprescindibles para o correcto funcionamento de todos os elementos de sinalización ferroviaria dispostos baixo o seu control, así como dos sistemas auxiliares que en cada caso se deban considerar, en conformidade coa funcionalidade establecida no correspondente Programa de Explotación.

A operación sobre o enclavamento pódese realizar localmente, desde un posto de operador nun Gabinete de Circulación e remotamente desde os sistemas de Control de Tráfico Centralizado (CTC).

Segundo a tecnoloxía empregada, os sistemas de enclavamento clasifícanse como:

- Enclavamentos electrónicos (ENCE), baseados en microprocesadores.
- Enclavamentos eléctricos, que utilizan lóxica de relés e que, segundo a arquitectura empregada, reciben diferentes denominacións: módulos xeográficos, cableado libre, etc.
- Enclavamentos mecánicos, cuxas autorizacións se basean na relación de chaves e levas, sendo a transmisión da posición de agullas e sinais xeralmente mecánica.

## DETECCIÓN DO TREN

### Circuítos de Vía (CdV)

O circuíto de vía detecta a ocupación, por un vehículo ferroviario, dunha determinada sección de vía. Cando algún material entra na zona protexida polo circuíto de vía, este comunica o seu estado de ocupación ao enclavamento.

Cando o vehículo ferroviario abandona a zona protexida polo circuíto da vía, este comunica con seguridade ao enclavamento que a súa área quedou desocupada.

A configuración física dos circuítos da vía está definida no Programa de Explotación de cada un dos enclavamentos.

### Contadores de Eixes (CE)

O contador de eixes localiza o tren nunha determinada sección de vía, para o que contabiliza o paso de eixes nos extremos da sección. O enclavamento recibe unha información de ocupación/liberación da sección de vía controlada polo contador, de forma segura.

A definición da configuración física dos contadores de eixes, do mesmo xeito que ocorre cos circuítos de vía, efectúase no Programa de Explotación do enclavamento.

## BLOQUEOS

### Bloqueo de Control Automático (BCA)

A distancia de seguridade mantense regulando a velocidade do tren, para que en ningún momento se supere unha velocidade límite, que o maquinista recibe de forma continua mediante a sinalización en cabina. Existen distintos sistemas de BCA na Rede xestionada polo Administrador de Infraestruturas. No apartado correspondente a sistemas de seguridade detállanse os distintos sistemas de seguridade.

### Bloqueo de Sinalización Lateral (BSL)

A distancia de seguridade entre trens garántese mediante as indicacións das sinais. É similar ao BA definido a continuación, pero específico para liñas de alta velocidade.

### Bloqueo de Liberación Automática (BLA)

Este bloqueo ten, en xeral, un único cantón entre estacións, que está protexido automaticamente por sinais e dispositivos contadores de eixes.

En función das condicións de sinalización e de vía, distínguense varios tipos de Bloqueo de Liberación Automática, de maneira análogo ao Bloqueo Automático, que se describe seguidamente.

### Bloqueo Automático (BA)

Ten, en xeral, cantóns intermedios entre estacións, que quedan protexidos de maneira automática polas sinais. En función das condicións de sinalización e de vía, distínguense o Bloqueo Automático de Vía Única (BAU), o Bloqueo Automático de Vía Dobre (BAD) e o Bloqueo Automático Banalizado (BAB).

### Bloqueo Eléctrico Manual (BEM)

Consiste en relacionar electricamente os sinais de saída de dúas estacións colaterais, mediante os sistemas de petición e concesión de vía ou toma de vía representados nos cadros de mando das estacións, para impedir o acceso simultáneo de dúas circulacións ao cantón.

### Bloqueo Telefónico (BT)

O bloqueo dos cantóns entre dúas estacións abertas asegúrase mediante transmisión de telefonemas entre os Responsables de Circulación. Inclúense nos mapas no documento anexo a esta DR os bloqueos existentes en cada liña.

## 2.3.11. SISTEMAS DE CONTROL E XESTIÓN DO TRÁFICO

### Da Vinci

Plataforma de Xestión e Control que integra e centraliza subsistemas de sinalización, electrificación, comunicacións etc. que permite a súa comunicación e monitorización remotas.

### CRC/PM, Centro de Regulación de Circulación/Posto de Mando

Centro do Administrador de Infraestruturas ferroviarias encargado de xestionar e regular o tráfico en tempo real.

### CTC, Control de Tráfico Centralizado

Plataforma que centraliza nun posto de mando central os enclavamentos e bloqueos dunha liña ou zona.

### PRO, Posto Rexional de Operacións

Desde el pode controlarse a circulación dunha zona da liña se é necesario. Considérase o segundo nivel de control da circulación da liña despois do CTC, que ten a mesma funcionalidade, aínda que limitada na súa área de actuación.

### PLO, Posto Local de Operacións

Desde el, exércese o control local dun enclavamento específico, que pode incluír unha ou varias estacións. Considérase o terceiro nivel de control da circulación da liña despois do PRO.

## 2.3.12. SISTEMAS DE COMUNICACIÓN

A circulación de trens por determinadas liñas poderá requirir que os vehículos a motor teñan que estar equipados con algún destes sistemas, o cal se indicará no Manual de Capacidades.

### Radiotelefonía

Medios de comunicación entre persoal dos vehículos, das estacións, do PM e de plena vía. Inclúense neste concepto, ademais dos sistemas Tren-Terra e GSM-R, aqueles

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 31/05/2024)

outros que a Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria determine expresamente.

### GSM-R (voz e datos)

Trátase dun desenvolvemento da tecnoloxía GSM, específica para a comunicación e as aplicacións ferroviarias, que conta con bandas de frecuencia exclusivas para evitar calquera tipo de interferencia. Como subsistema do ERTMS permitirá a interoperabilidade ferroviaria europea. As liñas de Alta Velocidade xa teñen GSM-R.

### Tren-Terra

Sistema de Radiotelefonía analóxico denominado Tren-Terra que permite a comunicación individual entre os trens e o Posto de Mando, que se instala na maioría das liñas principais da Rede, se ben está prevista unha migración gradual ao sistema GSM-R en toda a Rede. O sistema de radiotelefonía é obrigatorio para a circulación de trens en réxime de axente único.

### Sistema de Radiotelefonía Analóxica (Equipo Móbil de Radio) (ETC EMR)

Por Resolución 5/2021, da AESF, apróbase a "Especificación técnica de circulación: sistema de radiotelefonía analóxica (TREN-TERRA) [ETC TT]" e, pola Resolución 5/2022, da AESF, de xuño de 2022, apróbase a «Especificación técnica de circulación: sistema de radiotelefonía analóxica (EQUIPO MÓBIL DE RADIO) [ETC EMR]»

Esta ETC define os requisitos funcionais e técnicos que deben cumprir os equipos de comunicacións de radiotelefonía analóxica (Equipo Móbil de Radio), tanto a bordo como en terra.

Neste sentido, a ETC complementa e desenvolve o previsto no Libro Quinto da RCF [L3] (e en particular o artigo 5.1.1.1.) en relación cos «sistemas de radiotelefonía», definindo os principios básicos e os requisitos funcionais mínimos necesarios co que garantir a compatibilidade entre os distintos equipos de a bordo (Equipos móbiles Radio) e a rede de radiotelefonía analóxica dispoñible na Red Ferroviaria de Interés General (RFIG) cunha anchura de 1.000 mm.

## 2.3.13. SISTEMAS DE CONTROL E PROTECCIÓN DO TREN

A circulación de trens por determinadas liñas poderá esixir que os vehículos a motor teñan que estar equipados con algún dos seguintes sistemas, o que se indicará no Manual de Capacidades.

As liñas que están equipadas con estes sistemas detállanse nos mapas, nun documento que se inclúe con esta DR.

### Sistemas de Protección Automática do Tren:

**ERTMS**

Sistema de protección que supervisa continuamente a velocidade do tren e rexe a súa marcha mediante a sinalización en cabina, e que cumpre as especificacións técnicas de interoperabilidade. A versión 2.3.0d, actualmente en servizo, combina dous subsistemas: o ETCS (Sistema Europeo de Control de Tráfico, centrado na sinalización e protección do tren) e o GSM-R (Sistema Global para Comunicacións Móbiles en Ferrocarrís, encargado das comunicacións).

**LZB**

Sistema de protección que supervisa continuamente a velocidade do tren e rexe a súa marcha mediante a sinalización na cabina.

**EBICAB**

Estes termos e condicións tamén se aplican aos tramos dos corredores internacionais de transporte de mercadorías por ferrocarril que atravesan a infraestrutura ferroviaria xestionada polo Administrador de Infraestruturas ferroviarias.

# 3.2. Requisitos Xerais de Acceso

De conformidade cos artigos 49 e 66 da LSF, poden acceder á RFIG xestionada polo Administrador de Infraestruturas, nas condicións que para esta se determinen, as EE. FF con Licenza e Certificado de Seguridade único expedido pola Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria ou pola Axencia Ferroviaria da Unión Europea, de conformidade co disposto no artigo 21 do RD 929/2020, de 27 de outubro.

Son EE. FF. aquelas entidades titulares dunha licenza de Empresa Ferroviaria, cuxa actividade principal consista na prestación de servizos de transporte de viaxeiros ou mercadorías por ferrocarril nos termos establecidos na LSF. As EE. FF. deberán, en todo caso, proporcionar a tracción. Tamén se consideran EE. FF. aquelas que proporcionen exclusivamente a tracción (Art. 48 da LSF e Art. 58, 1.º e 2.º RSF).

Non precisarán de licenza de empresa ferroviaria, pero si certificado de seguridade, as entidades dedicadas ao mantemento e reparación de infraestruturas ferroviarias ou do material móbil ferroviario, sempre que se limiten ao transporte de material, equipamento ou elementos necesarios para o desenvolvemento da súa actividade, incluída a realización de probas en vía do devandito material. Non obstante, estarán suxeitas á aplicación de toda a normativa en materia de seguridade e circulación (Art. 49.1 da LSF).

As EE. FF. e demais Candidatos que desexen operar na Rede xestionada polo Administrador de Infraestruturas deberán estar inscritos no Rexistro Especial Ferroviario. (Art. 61 da LSF e Art. 129 do RSF), dependente da Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria. Así mesmo, deberán contar co correspondente Plan de Continxencias, acordado con este Administrador de Infraestruturas.

O Regulamento Delegado (UE) 2018/762 da Comisión, de 8 de marzo de 2018, polo que se establecen métodos comúns de seguridade sobre os requisitos do sistema de xestión da seguridade, de conformidade coa Directiva (UE) 2016/798 do Parlamento Europeo e do Consello, no punto 5.5, Xestión das situacións de emerxencia, apartado 5.5.7, establece que:

*A organización coordinará os plans de emerxencia con todas as empresas ferroviarias que operen nas infraestruturas da organización, cos servizos de emerxencia, para facilitar unha rápida intervención, e con todas as partes que poidan estar involucradas nunha situación de emerxencia.*

En consecuencia, toda empresa ferroviaria, con licenza, certificado de seguridade e capacidade adxudicada, antes de prestar servizos comerciais, deberá subscribir coa Dirección de Seguridade e Autoprotección do Administrador de Infraestruturas un Protocolo de Coordinación en materia de autoprotección e seguridade.

Os administradores de infraestruturas ferroviarias, de conformidade coa normativa e co fin de protexer as súas lexítimas expectativas respecto aos ingresos e o uso futuro das infraestruturas que xestionen, poderán impoñer requisitos aos candidatos, sempre que sexan adecuados, transparentes e non discriminatorios.

Estes requisitos especificaranse na declaración sobre a rede e referiranse exclusivamente á idoneidade para presentar ofertas conformes para a obtención de capacidade de infraestrutura e á prestación de garantías financeiras, que non poderán superar un máximo adecuado, proporcional ao nivel de actividade previsto polo candidato.

# 3.2.1. REQUISITOS PARA A SOLICITUDE DE ADXUDICACIÓN DE CAPACIDADE DE INFRAESTRUTURA E DE CAPACIDADE NAS INSTALACIÓNS DE SERVIZO



## 3.2.1.1. ADXUDICACIÓN DE CAPACIDADE DE INFRAESTRUTURAA

En primeiro lugar, as EE. FF. para acceder á RFIG xestionada polo Administrador de Infraestruturas, deberán cumprir o establecido na LSF e na súa normativa de desenvolvemento.

Entre os requisitos máis importantes que se deben cumprir encóntranse os seguintes:

- Licenza de Empresa ferroviaria.
- Certificado de Seguridade único.
- A Adxudicación da Capacidade de Infraestrutura necesaria.
- Plan de Continxencias.
- Protocolo de coordinación en materia de autoprotección e seguridade subscrito coa Dirección de Seguridade e Autoprotección de Adif.

Por outra banda, terán dereito a presentar solicitudes de capacidade de infraestrutura de acordo co establecido na Lei e no Regulamento do Sector Ferroviario:

1. As empresas ferroviarias e as agrupacións empresariais internacionais que constitúan ditas empresas.
2. Así mesmo, poderán solicitar capacidade de infraestrutura na forma e cos requisitos que regulamentariamente se establezan as Administracións públicas con competencias en materia de transporte ferroviario que teñan interese de servizo público na adquisición de capacidade, así como os consignatarios, cargadores e empresas de transporte e operadores de transporte que, sen teren a consideración de empresas ferroviarias, teñan interese comercial na adquisición de capacidade. Neses casos, para a utilización da capacidade de infraestrutura será preciso os candidatos designaren unha empresa ferroviaria e comuniquen dita circunstancia ao Administrador de Infraestruturas.

O dereito de uso da capacidade de infraestrutura será outorgado polo Administrador de Infraestruturas ferroviarias e, unha vez adxudicado a un candidato, non poderá ser cedido a outra empresa. Non se considera cesión o uso da capacidade por parte dunha empresa ferroviaria que opere por conta dun candidato adxudicatario de capacidade que non sexa unha empresa ferroviaria. En todo caso, queda prohibido calquera negocio xurídico relativo á capacidade de infraestrutura adxudicada (art. 38 da LSF e art. 47 do RSF). A venda ou cesión de accións ou participacións que supoñan un cambio de control sobre o candidato adxudicatario estará suxeita á autorización do Administrador de Infraestruturas ferroviarias, para os efectos de valorar se constitúe un negocio xurídico sobre a capacidade de infraestrutura ferroviaria.

En todo caso, a capacidade de infraestrutura reservada terá o mesmo réxime que a capacidade de infraestrutura adxudicada, nos termos establecidos pola Directiva 2012/34, a LSF e o Regulamento de Execución 2016/545 da Comisión, de 7 de abril de 2016, sobre os procedementos e criterios relativos aos acordos marco de adxudicación de capacidade de infraestrutura ferroviaria.

O modelo de solicitude de Capacidade Nacional está dispoñible en formato electrónico na ligazón correspondente á DR que se publica na páxina web do Administrador de Infraestruturas, www.adif.es; consultar o Anexo C.

Para as solicitudes internacionais de capacidade, RNE pon a disposición dos candidatos a ferramenta Path Coordination System (PCS). En casos xustificados, o Administrador de infraestruturas admitirá a solicitude de capacidade internacional mediante o modelo que figura no Anexo C.

Ademais, e en todo caso, as EE. FF. están obrigadas a presentar unha copia compulsada do correspondente Certificado de Seguridade do que sexan titulares, que acredita que a empresa ferroviaria estableceu un sistema propio de xestión da seguridade e está en condicións de cumprir os requisitos establecidos nas especificacións técnicas que lles afectan, así como outras disposicións relevantes da lexislación comunitaria e das normas nacionais de seguridade, co fin de controlar os riscos e prestar servizos de transporte na rede de forma segura, así como coñecer e cumprir a normativa de Seguridade na Circulación, en particular o Regulamento de Circulación Ferroviaria, RCF, e demais normativa vixente que lles afecte (consultar o Anexo D), e estar ao corrente dos pagamentos derivados das obrigas económicas contraídas co Administrador de Infraestruturas e ter vixentes as pólizas do aseguramento da responsabilidade civil.

## 3.2.1.2. ADXUDICACIÓN DE CAPACIDADE NAS INSTALACIÓNS DE SERVIZO

A utilización das instalacións de servizo suporá a pertinente solicitude de capacidade por parte da empresa ferroviaria e doutros candidatos ao Administrador de Infraestruturas, que este asignará atendendo a criterios transparentes e non discriminatorios. Para cada instalación de servizo solicitada e con anterioridade ao inicio da prestación do servizo, a empresa ferroviaria ou outros candidatos deberán estar conformes coas condicións da instalación, co fin de preservar a explotación ordenada, eficiente e segura das instalacións.

Para tal efecto, o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias fará públicos os criterios de asignación de capacidade e as condicións de uso das instalacións na declaración sobre a rede (ver capítulo 7) e as Fichas Descritivas das instalacións de servizo, que están dispoñibles —como anexo deste documento— na aplicación PISERVI.

Non obstante, se para a prestación do servizo de transporte ferroviario a empresa ferroviaria requirise, ademais do uso da instalación de servizo, outros espazos, equipamentos ou medios que o Administrador de Infraestruturas ferroviarias poida ofrecer, estes regularanse mediante o correspondente contrato de arrendamento a un custo razoable e cunha duración equivalente ao período de adxudicación (ver o capítulo 7 e as Fichas descritivas das instalacións de servizo, que están dispoñibles —como anexo deste documento— na aplicación PISERVI).

# 3.2.2. CONDICIÓNS DE ACCESO Á INFRAESTRUTURA FERROVIARIA DE ADIF

Enténdese por transporte ferroviario, para os efectos da LSF, o transporte realizado por empresas ferroviarias mediante vehículos axeitados que circulen pola Red Ferroviaria de Interés General.

O transporte ferroviario é un servizo de interese xeral e esencial para a comunidade e pode ser de viaxeiros e de mercadorías. O devandito servizo prestarase en réxime de libre competencia, de acordo co establecido na LSF.

De conformidade co artigo 5 do RD 929/2020, á circulación pola Red Ferroviaria de Interés General seralle de aplicación o Regulamento de Circulación Ferroviaria aprobado polo Real decreto 664/2015, de 17 de xullo, as normas aprobadas polo Ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana en materia de seguridade, así como as disposicións para o desenvolvemento do Regulamento de Circulación Ferroviaria previstas nel.

## TRÁFICO NACIONAL E INTERNACIONAL DE MERCANCÍAS

De acordo co establecido na normativa española e da UE, o transporte de mercadorías está liberalizado. En consecuencia, calquera Candidato radicado no Estado Español ou noutro Estado membro da UE, provisto da correspondente licenza de empresa ferroviaria ou habilitación, poderá solicitar ao Administrador de Infraestruturas ferroviarias a adxudicación de capacidade de infraestrutura para a prestación dos devanditos servizos de transporte, seguindo o procedemento establecido.

No momento de adxudicala, as empresas ferroviarias que vaian realizar o transporte deberán estar en posesión do Certificado de Seguridade único necesario para poder circular polo itinerario solicitado, co seu material rodante e persoal de condución debidamente habilitado, de acordo co establecido no Real decreto 929/2020, de 27 de outubro.

## TRÁFICO NACIONAL E INTERNACIONAL DE VIAXEIROS

A aprobación polo Parlamento Europeo e o Consello da Directiva 2016/2370/UE, de 14 de decembro, pola que se modifica a Directiva 2012/34/UE, en canto á apertura do mercado dos servizos nacionais de transporte de viaxeiros por ferrocarril e á gobernanza das infraestruturas ferroviarias, supón abrir á competencia a explotación dos servizos nacionais de transporte ferroviario de viaxeiros.

De conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 38/2015, de 29 de setembro, do sector ferroviario, apartado 1, a apertura á libre competencia do transporte de viaxeiros por ferrocarril, prevista no apartado 2 do artigo 47 da citada lei, aplicouse a partir do 1 de xaneiro de 2019, en prazo para o acceso á infraestrutura no horario de servizo iniciado o 14 de decembro de 2020.

Este dereito poderá verse limitado no caso de que os contratos de servizos públicos cubran o mesmo itinerario ou un itinerario alternativo e se poña en perigo o equilibrio económico destes contratos. Corresponde ao organismo regulador decidir se o equilibrio económico do contrato está ou non en perigo.

# 3.2.3. LICENZAS E HABILITACIONS

O organismo encargado de conceder as Licenzas ás EE. FF. e as Habilitacións a outros Candidatos distintos ás EE. FF. é a Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria, de conformidade co disposto no Art. 49 da Lei 38/2015, de 29 de setembro, do Sector Ferroviario.

Os requisitos para a súa obtención están regulados no Título IV, capítulo II art. 50 da Lei do Sector Ferroviario e no Título III, capítulos II e III do RSF (RD 2387/2004, de 30 de decembro). Para obter máis información deberá dirixirse a:

Agencia Estatal de Seguridad Ferroviaria
Plaza de los Sagrados Corazones 7- 28036 Madrid
https://www.seguridadferroviaria.es/

# 3.2.4. CERTIFICADO DE SEGURIDADE ÚNICO

De conformidade co artigo 21 do Real Decreto 929/2020, de 27 de outubro, sobre seguridade e interoperabilidade ferroviarias, toda empresa ferroviaria que desexe prestar un servizo de transporte ferroviario sobre a Red Ferroviaria de Interés General deberá estar en posesión dun certificado de seguridade único, expedido por:

a) A Axencia Ferroviaria da Unión Europea, que expedirá un certificado de seguridade único ás empresas ferroviarias cando o ámbito de actuación abarque máis dun Estado membro da Unión Europea e cando o ámbito de operación se limite á Red Ferroviaria de Interés General, agás no caso previsto no punto b).

b) A Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria, cando o ámbito de operación se limite á Red Ferroviaria de Interés General e así o solicite a empresa.

O certificado de seguridade único acredita que a empresa ferroviaria estableceu un sistema propio de xestión da seguridade e está en condicións de cumprir os requisitos sobre sistemas de control, circulación e seguridade ferroviaria, de coñecementos e requisitos do seu persoal relacionados coa seguridade da circulación ferroviaria e de características técnicas do material rodante ferroviario utilizado e das condicións do seu mantemento, co fin de controlar os riscos e prestar servizos de transporte na rede de forma segura.

O certificado de seguridade único outorgarase á empresa ferroviaria respecto do conxunto de servizos que vaia prestar e das liñas ferroviarias sobre as que pretenda desenvolver a súa actividade, inclusive no ámbito das seccións fronteirizas.

O Capítulo IV, Título I, do Real Decreto 929/2020, de 27 de outubro, establece, entre outras normas, a definición dos principios para a solicitude, resolución, vixencia, supervisión e revogación do certificado de seguridade único.

Para obter máis información deberá dirixirse a:

European Union Agency for Railways (EUAR)
https://www.era.europa.eu/applicants/applications-single-safety-certificates_en

Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria
Plaza de los Sagrados Corazones 7 - 28036 Madrid)
https://www.era.europa.eu/applicants/applications-single-safety-certificates_en

donde se incluye una guía para la solicitud de certificados de seguridad.

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 05/12/2023)

## 3.2.5. RESPONSABILIDAD CIVIL Y SEGUROS

No momento de inicio das actividades para as que se lle concede a licenza e durante o seu desenvolvemento, o solicitante da devandita licenza deberá ter ou comprometerse a ter suficientemente garantida a responsabilidade civil en que poida incorrer, en particular a derivada dos danos causados a viaxeiros, carga, equipaxe, correo e terceiros. Así mesmo, esta garantía cubrirá a responsabilidade derivada de danos ás infraestruturas ferroviarias e contará, de ser o caso, co seguro obrigatorio de viaxeiros, este último coas contías das indemnizacións previstas na disposición adicional segunda do Real Decreto 627/2014, de 18 de xullo, de asistencia ás vítimas de accidentes ferroviarios e as súas familias, na que se establece o baremo de indemnizacións. Todo iso de conformidade co establecido no Art. 53 da LSF, así como no Art. 63 do RSF, segundo a redacción que lle da o Real Decreto 271/2018, de 11 de maio. En concreto, no RSF establécese o importe e as condicións de cobertura de Responsabilidade Civil segundo a natureza dos servizos que se vaian prestar.

Igualmente, o Art. 91 do RSF especifícase que os cargadores e os destinatarios das mercadorías que se ocupen da súa entrega ou recollida nunha Terminal de Transporte de Mercadorías deberán estar autorizados para poder acceder á devandita Instalación cos vehículos adecuados, sendo sempre preciso que a Responsabilidade Civil na que poidan incorrer polos danos e perdas que poidan ocasionar estea cuberta polo seguro correspondente.

Así mesmo, os propietarios de vagóns de mercadorías ou de coches de viaxeiros que os entreguen a empresas ferroviarias para o seu transporte, deberán contar cun seguro de responsabilidade civil que cubra os danos a persoas, á infraestrutura ferroviaria ou a terceiros que estes puideran ocasionar no caso de verse implicados nun accidente ferroviario ocorrido por causas imputables a eles derivadas do seu incumprimento da normativa que lles é de aplicación.

## 3.2.6. PLAN DE ASISTENCIA A VÍTIMAS DE ACCIDENTES FERROVIARIOS

De conformidade co Art. 63 da Lei 38/2015, de 29 de setembro, do Sector Ferroviario, e o Real Decreto 627/2014, de 18 de xullo, as empresas ferroviarias que presten servizos de transporte de viaxeiros de competencia estatal están obrigadas a dispor, no momento de inicio das súas actividades, dun plan de asistencia ás vítimas de accidentes ferroviarios e aos seus familiares que incluirá, como mínimo, a asistencia prevista nos artigos mencionados no capítulo III do citado Real Decreto. Este plan poderá formar parte doutro que a empresa teña establecido para fins similares.

A Dirección Xeral de Transportes Terrestres é o organismo encargado de aprobar os plans das empresas ferroviarias de asistencia ás vítimas de accidentes e aos seus familiares, verificando que cumpren co establecido no Real Decreto 627/2014, de 18 de xullo, e que o aseguramento das medidas previstas neles está suficientemente acreditado.

Por outra banda, os administradores da infraestrutura ferroviaria da Red Ferroviaria de Interés General disporán dun plan de asistencia ás vítimas de accidentes ferroviarios graves e aos seus familiares. Estes plans contemplarán, entre as medidas de asistencia ás vítimas de accidentes ferroviarios e aos seus familiares, as especificadas no citado Real Decreto.

# 3.3. Acordos Contractuais

## 3.3.1. CONVENIOS MARCO

Os administradores de infraestruturas e os candidatos poderán celebrar acordos marco para a reserva de capacidade nos que se especificarán as características da capacidade de infraestrutura solicitada e ofrecida ao candidato por unha duración superior a un período de vixencia do horario do servizo.

Os acordos marco non determinarán as faixas horarias con detalle, non impedirán a utilización da correspondente infraestrutura por parte doutros candidatos ou para outros servizos e poderán modificarse ou limitarse para permitir un mellor uso da infraestrutura ferroviaria.

As características do acordo marco recóllense no Capítulo 4 e no Anexo J.

## 3.3.2. CONTRATOS CON EE. FF.

No Anexo I inclúense os distintos modelos de contrato:

- Para o servizo SC_2, subministración de enerxía eléctrica de tracción
- Para o servizo SB_2, subministración de combustible
- Para a celebración de Acordos Marco
- Para o servizo SB_7, local para o servizo de venda de billetes e servizo de información atendido
- Para o servizo SB-8, espazo para máquinas de venda de billetes e información
- Para o servizo SB_9, local para o persoal de servizos a bordo
- Para o servizo SX-5, espazo en plataformas para almacenamento de equipos móbiles.
- Para o servizo SX-6, control comercial previo ao acceso aos trens
- Para o servizo SX-7, Punto de atención de última hora.
- Para o servizo SX-8, Armario en Vestiario de Uso Compartido.
- Para o servizo SX-9, para a prestación do servizo de Xestión de Obxectos Perdidos.
- Para o servizo SX-12, para a prestación do servizo ADIF de asistencia a persoas con discapacidade ou mobilidade reducida para a subida e baixada dos trens.
- Para o servizo SB_3 de Manipulación de UTI
- Para o servizo SB_4 Servizo de Manobras e outros relacionados coas operacións do tren.



### 3.3.3. CONTRATOS CON SOLICITANTES NON EE. FF.

No Anexo I inclúense os distintos modelos de contrato:

- Para o servizo SB_3 de Manipulación de UTI.
- Para o servizo SB_4 Servizo de Manobras e outros relacionados coas operacións do tren.

### 3.3.4. TERMOS XERAIS E CONDICIÓNS

As condicións xerais de acceso ás Instalacións de Servizo están indicadas no capítulo 7.



## 3.4. Requisitos de Acceso Específicos

### 3.4.1. REQUISITOS TÉCNICOS DO MATERIAL

O Real Decreto 929/2020, de 27 de outubro, sobre seguridade e interoperabilidade ferroviarias, establece que os vehículos que circulen pola Red Ferroviaria de Interés General requirirán:

a) A posta no mercado dos seus subsistemas móbiles.

b) Unha autorización para a posta no mercado do vehículo expedida pola Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria ou pola Axencia Ferroviaria da Unión Europea, de acordo co establecido na normativa da Unión Europea.

c) As comprobacións antes do uso.

d) A inscrición nun dos rexistros.

As solicitudes de autorización para poñer no mercado un vehículo, así como a información vinculada a elas, as etapas dos procedementos correspondentes e os seus resultados presentaranse por medio do portelo único da Unión Europea, a través do seu portal IT (One Stop-Shop, OSS) para a súa tramitación.

Toda autorización para a posta no mercado de vehículos deberá estar avalada por unha autorización de tipo de vehículo. Se a solicitude de autorización para poñer no mercado un vehículo non conta cun tipo inscrito no Rexistro europeo de tipos de vehículos autorizados, deberá expedirse adicionalmente a autorización de tipo de vehículo coa mesma zona de uso. Unha vez concedida a autorización de tipo de vehículo, o solicitante quedará inscrito como titular da devandita autorización de tipo de vehículo.

As autorizacións de posta no mercado de vehículos expediranse de acordo co establecido no Regulamento de Execución (UE) 2018/545 da Comisión, de 4 de abril de

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 05/12/2023)

2018, polo que se establecen as disposicións prácticas relativas á autorización de vehículos ferroviarios e ao proceso de autorización de tipo de vehículos ferroviarios de conformidade coa Directiva (UE) 2016/797 do Parlamento Europeo e do Consello.

A Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria poderá, cando proceda e nos casos en que a zona de uso estea limitada exclusivamente á Red Ferroviaria de Interés General, conceder autorizacións para tipos de vehículo segundo o mesmo procedemento establecido no artigo 127 do RD 929/2020. A solicitude de autorización para un tipo de vehículo e a información sobre todas as solicitudes, as etapas dos procedementos correspondentes e os seus resultados, así como, de ser o caso, as peticións e resolucións sobre recursos interpostos, presentaranse sempre por medio do portelo único da Unión Europea.

Así mesmo, de conformidade co artigo 132 do RD 929/2020, a Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria colaborará coa Axencia Ferroviaria da Unión Europea na avaliación dos expedientes de autorización para a posta no mercado de vehículos cuxa zona de uso inclúa un ou varios Estados membro e á Red Ferroviaria de Interés General total ou parcialmente.

En canto aos centros de mantemento do material rodante, os criterios para a súa homologación descríbense na Orde FOM/233/2006, pola que se determina o réxime de homologación dos centros de mantemento de material rodante e as súas condicións de funcionamento.

Os vehículos ferroviarios, antes da súa utilización na Red Ferroviaria de Interés General, deberán ter asignada unha entidade encargada do mantemento. A devandita entidade deberá estar inscrita no Rexistro Especial Ferroviario mentres non estea operativo o Rexistro Europeo de Vehículos ou, de ser o caso, no rexistro nacional de vehículos doutro Estado membro da Unión Europea.

No BOE do 26 de novembro de 2015 publicouse a Resolución de 5 de novembro de 2015, da Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria, pola que se publica a Especificación Técnica de material rodante de largo métrico e a Norma Básica de Seguridade do Material.

Resolución 6/2022 da AESF pola que se establecen medios nacionais de cumprimento aceptables en relación con determinados requisitos da Especificación Técnica de material rodante de largo métrico.

Para obter máis información dirixirse a:

European Union Agency for Railways (EUAR)
https://www.era.europa.eu/applicants/applications-vehicle-type-authorisations_en

Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria
Plaza de los Sagrados Corazones, 7 - 28036 Madrid
https://www.seguridadferroviaria.es/actividades/material-rodante/autorizaciones-de-vehiculos

## Inspección de vehículos

De conformidade co Real Decreto 929/2020, de 27 de outubro, a Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria poderá inspeccionar en calquera momento os vehículos que estean autorizados para circular pola Red Ferroviaria de Interés General.

En relación co material rodante que circula pola Red Ferroviaria de Interés General, a Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria, de conformidade cos convenios de colaboración, poderá solicitar a asistencia técnica e operativa do Administrador de Infraestruturas ferroviarias para a realización das citadas inspeccións, en virtude dun acordo de colaboración asinado entre ambas as entidades. O Administrador de Infraestruturas deberá facilitar os medios necesarios para o efecto nos prazos e condicións establecidos no acordo.

As inspeccións mencionadas neste artigo formarán parte das actividades de supervisión dos sistemas de xestión da seguridade dos administradores de infraestruturas e empresas ferroviarias, logo da expedición das súas autorizacións de seguridade e certificados de seguridade, respectivamente.

No caso dos vehículos, se o resultado das inspeccións conclúe que existe un risco para a seguridade da circulación ferroviaria, a Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria poderá:

a) Ordenar a inmobilización do material, incoando o procedemento de suspensión ou revogación establecido neste Real Decreto.

b) Ordenar ao titular do vehículo inspeccionado que realice as operacións de mantemento oportunas nun prazo determinado.

Todo o anterior sen prexuízo da capacidade do Administrador de Infraestruturas ferroviarias de paralizar a circulación dun vehículo de apreciarse que pode poñer en perigo a seguridade.

Correspóndelles aos administradores de infraestruturas o exercicio da potestade policial en relación coa circulación ferroviaria, o uso e a defensa da infraestrutura, coa finalidade de garantir a seguridade do tráfico e a conservación da infraestrutura, as instalacións e os medios materiais de calquera clase, necesarios para a súa explotación. Ademais, controlarán o cumprimento das obrigas que tendan a evitar calquera tipo de dano, deterioración das vías, risco ou perigo para as persoas, así como o respecto das limitacións impostas en relación cos terreos inmediatamente contiguos ao ferrocarril, de acordo co establecido na Lei 38/2015, de 29 de setembro e no RD 929/2020.

Os resultados das inspeccións de vehículos levadas a cabo pola entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias deberán comunicarse á autoridade responsable da seguridade ferroviaria coa periodicidade establecida e, no seu defecto, mensualmente. Non obstante, ante calquera solicitude da autoridade responsable da seguridade ferroviaria, esa entidade pública deberá comunicarlle a información de que dispoña.

# 3.4.2. REQUISITOS DO PERSOAL FERROVIARIO

A LSF no seu Art. 69 e o Regulamento de Circulación Ferroviaria no capítulo 2.º do libro 3.º establecen que o persoal que preste os seus servizos no ámbito ferroviario deberá posuír a cualificación suficiente que permita a prestación do servizo ferroviario coas debidas garantías de seguridade e de eficiencia.

## HABILITACIÓN E FORMACIÓN

Os administradores de infraestruturas eas empresas ferroviarias serán responsables, de acordo co establecido na lexislación vixente, da formación e cualificación dos seus empregados e aquelas outras persoas que realicen para eles un traballo que podería afectar potencialmente á seguridade na circulación.

O persoal ferroviario deberá cumprir os requisitos establecidos pola Orde FOM/2872/2010, de 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para a obtención dos títulos habilitantes que permitan o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación; así mesmo, a citada Orde FOM determina o réxime dos centros homologados de formación e dos centros de recoñecemento médico para o devandito persoal.

Por outra banda, a Resolución de 23 de decembro de 2015, da Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria, establece os itinerarios formativos básicos e a carga lectiva mínima dos programas de formación para a habilitación do persoal ferroviario, que se impartirán en centros homologados de formación de persoal ferroviario.

Ademais de dispoñer dos Títulos Habilitantes actualizados, o persoal relacionado coa circulación de trens e manobras, na parte que lles afecta, deberá estar familiarizado coa Normativa de Seguridade na Circulación, así como cos conceptos ferroviarios e coñecementos técnicos e tecnolóxicos básicos.



## IDIOMA

Todas as comunicacións en materia de Seguridade na Circulación no ámbito da Rede xestionada polo Administrador de Infraestruturas realizaranse en castelán, de acordo co establecido no Real Decreto 929/2020. Neste sentido e de acordo co establecido nas Directivas da Unión Europea, así como nas Normas de Circulación e nas comunicacións relacionadas coa Seguridade na Circulación, o persoal ferroviario que deba relacionarse co Administrador de Infraestruturas deberá comprender perfectamente o castelán e empregará esta lingua con corrección para comunicarse.

### EXCEPCIÓN LINGÜÍSTICA EN SECCIÓNS FRONTEIRIZAS

De conformidade co Regulamento (UE) 2019/554 da Comisión, de 5 de abril de 2019, polo que se modifica o Anexo VI da Directiva 2007/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello relativo á certificación dos maquinistas de locomotoras e trens no sistema ferroviario da Comunidade, e concretamente en relación co punto 3, apartado a) do devandito Regulamento que contempla o caso da excepción lingüística nas operacións ferroviarias que teñan lugar en tramos comprendidos entre as fronteiras e as estacións situadas na súa proximidade destinadas a operacións transfronteirizas, o Administrador de Infraestruturas establece o seguinte procedemento:

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 05/12/2023)

- A empresa ferroviaria poderá solicitar unha excepción dirixíndose á Dirección de Tráfico do Administrador de Infraestruturas.
- O Administrador de Infraestruturas concederá unha excepción se a empresa ferroviaria demostra que estableceu mecanismos suficientes para garantir unha comunicación activa e eficaz entre o maquinista e o responsable de circulación en situacións tanto rutinarias como degradadas e de emerxencia, utilizando as mensaxes e o método de comunicación especificados na ETI "Explotación e xestión do tráfico".
- Co fin de garantir un trato xusto e equitativo aos solicitantes, tanto a solicitude por parte da Empresa Ferroviaria como a súa avaliación por parte do Administrador de Infraestruturas, realizarase tomando como referencia a metodoloxía de análise de riscos contemplada no Regulamento 402/2013.

Así mesmo, o Administrador de Infraestruturas contempla a posibilidade de que unha ou varias empresas ferroviarias en colaboración cun ou varios administradores de infraestruturas "solicitantes", poidan executar proxectos piloto para probar medios alternativos que garantan a comunicación efectiva requirida neste marco entre o maquinista e o persoal de circulación, de acordo co procedemento establecido no citado Regulamento (UE) 2019/554.

### INSPECCIÓN SOBRE O PERSOAL

A empresa ferroviaria, de conformidade co deber de colaboración recollido no artigo 146 do RD 929/2020, estará obrigada a dar todas as facilidades ao persoal supervisor acreditado da AESF para que este poida desempeñar as tarefas de supervisión, non tendo a empresa ferroviaria dereito a reclamar por atrasos ou perdas económicas que puidesen ocasionarse pola realización das devanditas actuacións, en particular, nos supostos de inhabilitación cautelar do persoal titular dunha habilitación cando, de conformidade co disposto na Orde FOM/2872/2010, o axente supervisor acreditado constatase, dentro das súas actuacións de supervisión, o incumprimento de requisitos recollidos nela que motiven a suspensión/revogación do seu título habilitante. Non obstante, procurarase que as accións de supervisión causen a menor perturbación posible nas operacións das EE. FF. e dos demais Candidatos.

Calquera posible infracción detectada, por incumprimento das normas, dará lugar á incoación do correspondente expediente sancionador por parte da Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria, de acordo coa LSF.

## 3.4.3. TRANSPORTES EXCEPCIONAIS

Son transportes excepcionais (TE) aqueles que, polas súas dimensións, peso ou distribución e acondicionamento da carga, só poidan ser admitidos nunhas condicións técnicas e operativas. Requiren un estudo de viabilidade que tamén teña en conta as posibilidades físicas da rede e o impacto desta circulación nas liñas polas que deben circular.

A Consigna sobre o Tratamento dos transportes excepcionais e os fallos de cargamento en ruta especifica os transportes que, no ámbito da RFIG administrada por Adif e Adif Alta Velocidad, se consideran excepcionais, así como o procedemento que regula a súa tramitación.

En virtude disto, as EF que desexen realizar un Transporte Excepcional deberán dirixirse á Dirección Corporativa de Seguridade na Circulación (DCSC) do Administrador de Infraestruturas ferroviarias.

A Dirección Corporativa de Seguridade na Circulación publicará no RGD a Autorización de Transporte Excepcional (ATE) para comunicar as posibles restricións que se inclúan nela, así como as condicións de transporte, ás Direccións do Administrador de Infraestruturas ferroviarias afectadas, á Empresa Ferroviaria e demais organismos afectados.

Se nun transporte interviñeren dúas ou máis Redes, a consideración de Transporte excepcional e a súa xestión rexerase polo determinado na normativa internacional vixente (Ficha UIC 502-1).

Ver os Capítulos 4 e 5 deste documento. Para obter máis información, consultar coa Dirección Corporativa de Seguridade na Circulación.

## 3.4.4. TRANSPORTES DE MERCADORÍAS PERIGOSAS

No Real Decreto 412/2001, de 20 de abril, (BOE núm. 110, de 8 de maio de 2001), defínense as mercadorías perigosas como aqueles materiais e obxectos cuxo transporte por ferrocarril está prohibido ou autorizado exclusivamente nas condicións establecidas no Regulamento relativo ao Transporte Internacional de Mercadorías Perigosas por Ferrocarril (RID), a outras seccións da Declaración sobre a Rede e demais normativa específica reguladora do devandito transporte (ver Anexo D).

No caso da normativa nacional, esta pódese consultar na seguinte ligazón:

https://www.seguridadferroviaria.es/normativa/normativa-nacional/normativa-en-materia-de-mercancias-peligrosas

Só poderán realizar este tipo de transporte as EE. FF. que o teñan expresamente autorizado na súa Licenza e no seu certificado de Seguridade. Para máis detalles sobre o proceso de asignación de capacidades para o transporte de mercadorías perigosas, véxase o capítulo 4 desta DR.

No relativo ás infraccións en materia de transporte de mercadorías perigosas, serán de aplicación, entre outros, os artigos 106.3, 107.Uno.3 e 108.Uno.3 do capítulo VII da LSF.

Para obter información adicional, consultar coa Dirección Corporativa de Seguridade na Circulación.

## 3.4.5. TRENS DE PROBAS E OUTROS TRENS ESPECIAIS

De conformidade co Artigo 133. Circulación para probas, ensaios e traslados, apartado 1, do Real Decreto 929/2020, de 27 de outubro, sobre seguridade operacional e interoperabilidade ferroviarias, a realización de probas, ensaios ou traslados na Red Ferroviaria de Interés General por un vehículo ferroviario que non teña unha autorización de posta no mercado que os ampare, require, segundo os casos establecidos neste artigo, unha autorización provisional da Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria ou que o Administrador de Infraestruturas da rede sobre a que se vaian realizar as probas outorgue un permiso de acceso á súa rede.

O citado Artigo 133 recolle o procedemento que se debe seguir.

O Administrador de Infraestruturas pon a disposición das Empresas Ferroviarias e dos fabricantes de material rodante a infraestrutura de vía da súa titularidade para a realización de diferentes tipos de probas para a homologación, validación e verificación do material rodante, así como dos sistemas de seguridade, comunicacións etc. En función dos requisitos específicos de cada tipo de proba, o Administrador de Infraestruturas adxudicará capacidade ou asignará faixas horarias, en caso de que sexa precisa a entrega de vía bloqueada, e liquidará os canons de Modalidade A, B e C, do artigo 97 da LSF, en función da capacidade asignada, cos importes correspondentes ao tipo de servizo de VOT vixentes en cada momento na Declaración sobre a rede.

No **apartado 4.11** defínese o procedemento para a asignación de faixas horarias para a realización de probas con entrega de vía bloqueada, requisito que se determinará na Consigna que regulará as probas.

As empresas ferroviarias, de xeito previo á realización das probas e empregando as faixas horarias necesarias, deberán contar coa documentación técnica expedida polos organismos responsables, AESF, Dirección Corporativa de Seguridade na Circulación etc. obrigatoria para a circulación do vehículo con entrega de vía bloqueada.

# 4

# ADXUDICACIÓN DE CAPACIDADE


4.1. Introdución

4.2. Descrición Xeral do Procedemento

4.3. Restricións Temporais

4.4. Acordos Marco

4.5. Adxudicación de Capacidade

4.6. Infraestructura Conxestionada

4.7. Excepcionais y Mercadorías Perigosas

4.8. Control Uso dos Sucos

4.9. TTR Xestión Intelixente Capacidade

4.10. Principios Adxudicación RFC

4.11. Intervalos Horarios Probas


ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 05/12/2023)

# ÍNDICE


4.2.1. CANDIDATOS PARA SOLICITAR CAPACIDADE 86
4.2.2. DOCUMENTACIÓN PARA A SOLICITUDE DE CAPACIDADE 86
4.2.3. TIPOS DE SOLICITUDES DE SUCOS 88

4.3.1. PRINCIPIOS XERAIS 89
4.3.2. PRAZOS E INFORMACIÓN PROPORCIONADOS AOS SOLICITANTES 91

4.5.1. CALENDARIO ANUAL DE SOLICITUDE DE CAPACIDADE (HORARIO DE SERVIZO) 100
4.5.2. SOLICITUDES DE ADXUDICACIÓN DE SUCOS INTERNACIONAIS FÓRA DO PLAZO 105
4.5.3. SOLICITUDES AD-HOC 105
4.5.4. PROCESO DE COORDINACIÓN 106
4.5.5. PROCESO DE ALEGACIÓNS 107

4.8.1. NORMAS PARA A MODIFICACIÓN DE SUCOS 110
4.8.2. NORMAS PARA A REPROGRAMACIÓN DE SUCOS 110
4.8.3. NORMAS PARA A NON UTILIZACIÓN DE SUCOS 110
4.8.4. NORMAS PARA O CONTROL DO USO 111

4.9.1. OBJETIVOS DE TTR 111
4.9.2. FACTORES DO PROCESO 112
4.9.3. IMPLEMENTACIÓN 112
4.9.4. IMPLEMENTACIÓN TEMPRANA DUN OU MÁIS COMPOÑENTES 114

4.11.1. ÁMBITO DE APLICACIÓN E ALCANCE 116
4.11.2. DESCRIPIÓN DO PROCESO 116
4.11.3. MANTEMENTO E CAUSAS EXCEPCIONAIS 118
4.11.4. TARIFAS 118

# 4.1. Introdución

A adxudicación de capacidade de infraestrutura é a asignación por parte do Administrador de Infraestruturas ferroviarias daquelas faixas horarias, definidas na Declaración sobre a Rede, aos candidatos correspondentes para que un tren ou vehículo ferroviario poida circular entre dous puntos, durante un período de tempo determinado.

A Adxudicación de Capacidade supón o dereito de acceso á infraestrutura adxudicada e ás correspondentes bifurcacións e desvíos da Rede titularidade do Administrador de Infraestruturas ferroviarias e a recibir o servizo de control de circulación do tren, incluída a sinalización.

A Orde FOM/897/2005, de 7 de abril, relativa á DR e ao procedemento de Adxudicación de Capacidade de Infraestrutura Ferroviaria, determina que a DR deberá detallar:

- Os procedementos e prazos que rexen o proceso de adxudicación de Capacidade.
- Os principios que rexen o procedemento de coordinación entre solicitudes.
- Os procedementos e criterios previstos en caso de que se produza a declaración de infraestrutura ferroviaria conxestionada; en particular, os devanditos criterios deberán reflectir a dificultade de fixar sucos ferroviarios internacionais e os efectos de calquera modificación para os demais Administradores de Infraestruturas.
- As restricións de uso das infraestruturas ferroviarias existentes.
- As condicións de acceso ás instalacións de servizo relacionadas coa rede do Administrador de Infraestruturas e cos servizos prestados nas devanditas instalacións.

## USO DIFERENCIADO DA INFRAESTRUTURA

O instrumento fundamental do Administrador de Infraestruturas ferroviarias para definir as directrices xerais para un uso diferenciado da infraestrutura é o establecemento dunha estimación dos sucos dispoñibles en cada tramo e faixa horaria, para cada tipo de servizo, información recollida no Manual de Capacidades. Denominaranse "cotas de sucos" ás cotas de sucos previstas polo Administrador de Infraestruturas ferroviarias para cada tipoloxía de servizo. Para estes efectos, os tipos de servizo para períodos de tres horas considerados son:

- Servizos de Viaxeiros de Longa Distancia.
- Servizos de Viaxeiros de Proximidade e Rexionais (Media Distancia).
- Servizos de Mercadorías.

O Manual de Capacidades proporciona unha maior transparencia ao proceso de Adxudicación de Capacidade e supón unha simplificación da realidade das redes de trens xa que, no seu deseño definitivo, poden influír decisivamente aspectos como as paradas solicitadas, as características técnicas dos trens, as cargas solicitadas etc. Polo tanto, o Manual de Capacidades facilita esta información a título unicamente orientativo, quedando facultado o Xestor de Capacidade para asignar os sucos en función de cada caso mentres manteña o espírito xeral das cotas expresadas no Manual de Capacidades e sempre co obxectivo de optimizar o uso da infraestrutura, satisfacer ao máximo as solicitudes dos candidatos e de garantir unha calidade adecuada do tráfico ferroviario.

# 4.2. Descripción do Proceso de Solicitude de Capacidade de Infraestructura

## 4.2.1. CANDIDATOS PARA SOLICITAR CAPACIDADE

De conformidade co disposto na Lei e no Regulamento do Sector Ferroviario, as solicitudes de Capacidade de infraestrutura ferroviaria poderán ser presentadas por: As EE.FF. con licenza en vigor e as Agrupacións Empresariais Internacionais que constitúan estas empresas.

Igualmente, poderán solicitar capacidade de infraestrutura, na forma e cos requisitos que regulamentariamente establecidos:

- Os consignatarios, os cargadores e aquelas empresas transportistas e operadores de transporte que, sen ter a consideración de empresas ferroviarias, teñan interese comercial na adquisición de capacidade.
- As Administracións Públicas con competencias en materia de transporte ferroviario que teñan interese de servizo público na adquisición de capacidade.

  Neses casos, para utilizar a capacidade de infraestrutura será preciso os candidatos designaren unha empresa ferroviaria e comunicaren esta circunstancia ao administrador de infraestruturas.

Todas aquelas empresas que acrediten o seu interese en obter unha licenza de empresa ferroviaria poderán formular unha consulta ao administrador de infraestruturas ferroviarias sobre a capacidade dispoñible en cada momento.

## 4.2.2. DOCUMENTACIÓN PARA A SOLICITUDE DE CAPACIDADE

Os administradores de infraestruturas ferroviarias, en conformidade co regulamentariamente disposto no Regulamento de Execución 2016/545, na Orde FOM 897/2005 e no RSF e para protexer as súas lexítimas expectativas en materia de ingresos e da futura utilización da infraestrutura que xestionen, poderán impoñer requisitos aos candidatos, sempre que estes sexan adecuados, transparentes e non discriminatorios. Estes requisitos estarán especificados na declaración sobre a rede e farán referenciaexclusivamente á idoneidade para presentar solicitudes conformes para obter de capacidade de infraestrutura e achegar garantías económicas.

As solicitudes de Capacidade deberán estar acompañadas dos seguintes datos e documentos:

### IDENTIFICACIÓN DO CANDIDATO O SEU REPRESENTANTE

O Candidato que efectúa a solicitude declarará as persoas debidamente acreditadas que os representen para tales efectos, así como o domicilio social ao que o administrador

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 05/12/2023)

de infraestruturas ferroviarias enviará as notificacións oportunas e, se for o caso, presentará un documento que acredite a súa inscrición no Rexistro Especial Ferroviario (art. 61 LSF).

Todo candidato, persoa física ou xurídica, de nacionalidade española ou estranxeira, terá un número de identificación fiscal español segundo o establecido na disposición adicional sexta da Lei 58/2003 Xeral Tributaria e a Orde EHA/451/2008, do 20 de febreiro, pola que se regula a composición do número de identificación fiscal das persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica.

## CERTIFICADO DE SEGURIDADE

Cando se trate dunha Empresa Ferroviaria, presentarase unha copia compulsada do correspondente Certificado de Seguridade do que sexa titular (Art. 66 da LSF e Art. 10 da Orde FOM 897/2005).

## GARANTÍAS POR TRANSPORTE DE MERCADORÍAS PERIGOSAS

Cando a Capacidade presentada polo Candidato vaia a ser utilizada para transportar mercadorías perigosas, declararase expresamente na solicitude, e o Candidato deberá que se cumpren todas as prescricións e normas que regulan o transporte, para velar pola seguridade de terceiros e das propias infraestruturas.

## DETERMINACIÓN CONCRETA DA SOLICITUDE DE CAPACIDADE

Os datos da solicitude serán declarados segundo o establecido no modelo de formulario que figura no Anexo C.

O Xestor de Capacidade pon a disposición dos Candidatos diversas aplicacións informáticas como SIPSOR, SIGES ou PCS. Se algún Candidato non dispón de conexión informática axeitada, ou se os sistemas estivesen fóra de servizo, as solicitudes serán dirixidas por correo electrónico ao administrador de infraestruturas ferroviarias.

Para maior axilidade e prestar un mellor servizo aos Candidatos, ofrécese a posibilidade de establecer un acordo que simplifique os trámites do procedemento de Solicitude de Capacidades. Mediante o devandito acordo, especificarase o sistema establecido entre ambas as partes para tramitar as solicitudes. Cando a Adxudicación da Capacidade for a Candidato distinto de EF, este deberá comunicar ao administrador de infraestruturas ferroviarias os datos da E.F. que vaia utilizar esta Capacidade, cunha antelación mínima de cinco días antes de utilizala (Art. 14.2 Orde FOM/897/2005, do 7 de abril).

## SOLICITUDES DE CAPACIDADE NOS CORREDORES FERROVIARIOS EUROPEOS DE MERCADORÍAS

Os Corredores Ferroviarios Europeos de Mercadorías, Atlántico e Mediterráneo estableceron para cada un deles un organismo denominado Portelo Único, para os candidatos solicitaren e recibiren respostas nun único lugar e cun único trámite, con relación á capacidade de infraestrutura para os trens de mercadorías que atravesen, polo menos, unha fronteira ao longo de calquera dos Corredores Europeos de Mercadorías.

A solicitude, xestión e adxudicación de capacidade para trens de mercadorías internacionais que circulen polos corredores Atlántico e Mediterráneo será realizada coa ferramenta informática do Path Coordination System (PCS), segundo os procesos establecidos nos respectivos Documentos de Información do Corredor (CID) e aliñados cos procedementos internacionais acordados no marco de RNE.

**Path Coordination System (PCS)** é un sistema de coordinación de solicitudes de capacidades internacionais para as empresas ferroviarias e outros candidatos, os administradores de infraestruturas e os corredores europeos de mercadorías por ferrocarril (RFC). A aplicación baseada en Internet optimiza a coordinación dos sucos internacionais e garante a harmonización das solicitudes e ofertas de capacidade por todas as partes implicadas. Ademais, PCS é a única ferramenta para publicar, solicitar e asignar os sucos preestablecidos e reservar capacidade (PaP e RC) nos corredores de mercadorías europeos RFC.

O acceso a PCS é gratuíto. Pódese solicitar unha conta de usuario no soporte RNE PCS: mitma.gob

Para máis información, visite a páxina web: http://pcs.rne.eu

A oferta de capacidade dos corredores pódese consultar, en forma de franxas preestablecidas, nos seguintes enderezos:

https://www.atlantic-corridor.eu/our-offer/capacity-offer-and-how-to-apply/

https://www.medrfc.eu/our-services/commercial-offer/

# 4.2.3. TIPOS DE SOLICITUDES DE SUCOS

Na Rede xestionada polo Administrador de Infraestruturas establécense distintas modalidades de sucos, segundo as necesidades de transporte xeradas.

## A. SUCOS CON RESERVA

Cando as solicitudes de Capacidade sexan realizadas en tempo e forma oportuna, o Candidato poderá reservar os sucos e obter uns atributos de calidade adecuados, preferencia na regulación do tráfico e uns compromisos de puntualidade por parte do administrador de infraestruturas ferroviarias. As peticións serán realizadas, polo xeral, na aplicación informática SIPSOR, mediante os terminais autorizados para iso.

### A.1. Sucos Regulares (SERVITREN)

Son aqueles sucos solicitados para unha frecuencia de circulación significativa dentro do Horario de Servizo (da orde de 40 días). Soportan a circulación dos trens que integran o Plan de Transporte de cada Candidato. O conxunto de sucos regulares integra o Horario de Servizo.

### A.2. Sucos Ocasionais (TRENDÍA)

Estes sucos son programados para resolver as demandas puntuais das EE. FF e dos Candidatos que, en función dos seus limitados días de circulación e da escasa antelación da súa solicitude (ata 24 horas antes da saída solicitada de orixe do tren), non se inclúen no Plan de Transporte.

## B. SUCOS SIN RESERVA

Cando non for posible para o Candidato realizar a reserva de Capacidade en tempo oportuno, o Administrador de infraestruturas dispón de dúas modalidades de sucos sen reserva.

### B.1. Sucos Inmediatos

Estes sucos son asignados por petición expresa das EE.FF. e dos Candidatos, a raíz de necesidades de transporte non programadas que son xeradas normalmente con menos dun día de antelación. A posta en circulación dos trens nestes sucos deberá ser excepcional e motivada por circunstancias xustificadas.

As peticións realizaranse, polo xeral, a través da aplicación informática SIGES polos usuarios autorizados para o efecto.

A resposta do administrador de infraestruturas ferroviarias á solicitude será realizada polo mesmo medio polo que foi realizada a petición, preferentemente a través de SIGES. Dita resposta pode ser negativa en determinados casos por non ser a solicitude tecnicamente viable.

Os trens xerados baixo o concepto de Sucos Inmediatos circularán como trens sen marcha determinada. Ademais, estarán exentos do compromiso de regularidade por parte do administrador de infraestruturas ferroviarias.

### B.2. Sucos Especiais

Estes sucos son asignados por mor de incidencias ou por incumprimento das condicións de transporte programadas polas EE.FF. ou polos Candidatos, normalmente por iniciativa das Subdireccións de Circulación.

# 4.3. Restricións Temporais e Asignación de Capacidade para Mantemento

## 4.3.1. PRINCIPIOS XERAIS

O administrador de infraestruturas ferroviarias ten encomendada un labor continuo de conservación e investimento nas liñas que xestiona, quer por labores de mantemento das infraestruturas en servizo, quer realizando obras de mellora e ampliación da súa rede.

A realización destes traballos pode supoñer restricións inevitables no tráfico. Cando o tráfico ferroviario for afectado irremediablemente por estas obras, o administrador de infraestruturas ferroviarias procurará producir as menores perturbacións posibles e procurará melloras na infraestrutura que redundarán nun mellor servizo por parte do administrador de infraestruturas ferroviarias.

En conformidade co especificado na Decisión Delegada (UE) 2017/2075 da Comisión do 4 de setembro de 2017, pola que se substitúe o Anexo VII da Directiva 2012/34/UE do Parlamento Europeo e do Consello, pola que se establece un espazo ferroviario europeo único, en documento anexo a esta Declaración sobre a Rede inclúese o catálogo coas restricións de capacidade na Rede Ferroviaria de Interese Xeral, dispoñible en:

https://www.adif.es/sobre-adif/conoce-adif/declaracion-sobre-la-red

Este documento será actualizado periodicamente coa información máis relevante das sesións TOC, que son as que definen e acordan a programación de actuacións e obras na infraestrutura para dar información sobre as futuras restricións de capacidade acordadas cos candidatos, para permitirlles a estes adaptar as súas operacións e necesidades de transporte. Entre a información que, como mínimo, o administrador de Infraestrutura publicará no seu catálogo sobre as Restricións Temporais de Capacidade estará:

a) A liña e o tramo afectados.

b) As datas de inicio e finalización da restrición temporal de capacidade, así como os días afectados.

c) De ser o caso, a capacidade das liñas de desviación dispoñibles.

Se xa se publicou a información sobre as futuras restricións de capacidade ao comezo do período de presentación de solicitudes de incorporación de capacidade no horario anual, pode reducirse a necesidade de reprogramar os sucos ferroviarios xa adxudicados

## MÉTODO DE CÁLCULO E CRITERIOS PARA ESTIMAR A CAPACIDADE AFECTADA POR RESTRICIÓNS TEMPORAIS DE CAPACIDADE

En conformidade co establecido na Decisión Delegada (UE) 2017/2075, pola que se substitúe o Anexo VII da Directiva 2012/34/UE, o administrador de infraestruturas ferroviarias estableceu un cálculo da porcentaxe de tráfico afectado para cualificar unha restrición temporal de capacidade.

Consonte o sinalado na Decisión Delegada (UE) 2017/2075, que permite ao administrador aplicar criterios adicionais aos aí indicados, á hora de establecer un criterio común para calcular a porcentaxe de tráfico afectado, que permita unha clasificación homoxénea das restricións temporais de capacidade, establécese que este cálculo deberá ser realizado tomando como unidade de medida de referencia un día completo, xeralmente un xoves, que sexa representativo, é dicir, cun alto volume de tráfico só sobre todo tramo da liña na que se encontre a respectiva restrición temporal de capacidade, sen ter en conta os efectos colaterais da restrición temporal de capacidade noutros tramos da liña.

Para estes efectos, a fórmula aplicable será a seguinte:

$$\textit{Impacto do RTC(\%)} = \frac{\textit{Nº de sucos afectados pola RTC nun día significativo}}{\textit{Nº de sucos totales nun día significativo}} \times 100$$

(*) Un suco é considerado afectado pola restrición temporal de capacidade (RTC) cando os tráficos son suprimidos, substituídos ou desviados por unha ruta alternativa.

Atendendo á porcentaxe resultante, e tendo en conta conxuntamente o criterio de días de duración desta restrición, as restricións temporais de capacidade será clasificadas como seguidamente se indica:

* Impacto mínimo: Días sen especificar – menos de 10 % do tráfico afectado.
* Impacto menor: 7 días ou menos consecutivos – máis do 10 % do tráfico afectado.
* Impacto medio: 7 días ou menos consecutivos – máis do 50 % do tráfico afectado.
* Impacto alto: Máis de 7 días consecutivos – máis do 30 % do tráfico afectado
* Impacto grande: Máis de 30 días consecutivos – máis do 50 % do tráfico afectado.

Igualmente, para que os casos "intermedios", nos que unha restrición temporal de capacidade non cumpra á vez os criterios de números de días consecutivos e % de tráfico cancelado, desviado ou substituído, sexan cualificados polo seu impacto como mínimo – menor – medio – alto – grande, dita restrición temporal de capacidade será cualificada polo seu impacto inmediatamente inferior.

# 4.3.2. PRAZOS E INFORMACIÓN PROPORCIONADOS AOS SOLICITANTES

No tocante ás restricións temporais de capacidade das liñas ferroviarias, por causas como os traballos de infraestrutura, que supoñan unha cancelación, un desvío ou unha substitución por outros modos de transporte, os administradores de Infraestruturas afectados comunicarano segundo o disposto na Decisión Delegada (UE) 2017/2075. No caso de o impacto sobre a capacidade ser significativo, ademais do tratado nas sesións TOC, poderanse establecerse reunións específicas para debater as obras, os horarios dos trens afectados, e mesmo as rutas alternativas.

Entre a información que facilitará o administrador de infraestruturas ferroviarias sobre as restricións temporais de capacidade estará o día previsto, a duración da restrición, o período do día, o tramo de liña afectado, se se realizarán ou non desvíos de tráfico por rutas alternativas, etc.

Esta información será enviada polo administrador de infraestruturas ferroviarias aos candidatos que realicen tráfico pola liña ou liñas afectadas pola restrición temporal de capacidade.

Igualmente, e para axustar as peticións do Horario de Servizo, poderanse celebrar reunións bilaterais coas EE.FF., das que se levantará a correspondente acta e/ou se entregarán as presentacións que a acompañen coa información correspondente, para anticipar as restricións e cuestións operacionais máis relevantes, así como os plans de transporte, para o próximo Horario de Servizo, garantindo en todo momento o respecto aos principios de igualdade de trato e non discriminación co resto dos candidatos e a confidencialidade dos datos facilitados por aqueles, cando así o designen ou así se estableza na normativa aplicable.

## COMISIÓNS TOC

A programación de actuacións na infraestrutura será canalizada polas Comisións TOC, compostas polos responsables designados pola Dirección Xeral de Conservación e Mantemento, Dirección Xeral de Circulación e Xestión de Capacidade e Dirección Xeral de Construción, e, como convidados, as EE.FF. con Capacidade adxudicada e a CNMC. Nestas Comisións as EE.FF. son puntualmente informadas dos traballos que se van realizar e, na medida do posible, serán atendidas as súas suxestións na programación. As Actas das sesións TOC onde son analizadas e acordadas estas restricións na Capacidade son remitidas a todas as EE. FF participantes.

Existe unha Comisión Central e outras Comisións Territoriais. En cada sesión, as Comisións Territoriais serán as encargadas de realizar os estudos preparatorios para a Comisión Central adoptar os acordos definitivos. As comisións de TOC poderán ser ordinarias ou extraordinarias, antes de seren celebradas, as EE.FF. recibirán por correo electrónico a información principal que se vai tratar nestas sesións. Serán comunicados ás EE.FF. e aos Candidatos as decisións adoptadas nelas e trasladarase calquera cuestión presentada por estes para analizala e tomar unha decisión ao respecto.

As Comisións TOC determinan na sesión ordinaria anual os incrementos de tempo que é necesario contemplar nos sucos dos trens para o Horario de Servizo do ano seguinte. Tamén programan en sesión ordinaria os traballos en infraestruturas que afecten de forma permanente a circulación de trens. En particular, as sesións ordinarias establecen ou revisan os períodos e condicións das Bandas de Mantemento. As programacións serán establecidas ata o fin do Horario deServizo e levantarase acta das sesións de cada Comisión.

Os acordos serán dados a coñecer aos Candidatos antes da data na que se cumpra o prazo oficial de presentación de solicitudes de capacidade para o Horario de Servizo.

Para os casos nos que se vaian producir, ao longo do Horario de Servizo, variacións significativas nas previsións realizadas na sesión ordinaria anual, que adoita ter lugar sobre o mes de abril, está previsto celebrar sesións ordinarias de axuste cunha periodicidade aproximadamente trimestral. Tamén se poderán convocar sesións extraordinarias cando, por motivos excepcionais, fose necesario acordar traballos fóra das sesións ordinarias.

O Xestor de Capacidade considerará, no proceso de asignación de sucos, as reservas de capacidade que se deriven dos traballos programados nas Comisións TOC. Os Candidatos terán en conta nas súas circulacións, logo das consultas realizadas entre o administrador de infraestrutura e os candidatos interesados, as repercusións que se deriven (aumento dos tempos de viaxe, redución de capacidade, etc.) cando o administrador de infraestruturas ferroviarias as comunique, para o que resultarán de aplicación os prazos de preaviso e os casos exceptuados na Decisión Delegada 2017/2075 ou na norma que, de ser o caso, a substitúa.

## BANDAS DE MANTEMENTO

As Bandas de Mantemento consisten nunha reserva de capacidade do administrador de infraestruturas ferroviarias para as tarefas ordinarias de mantemento da infraestrutura e das súas instalacións.

Serán programadas entre tres e cinco horas diarias en cada liña, cinco días á semana, segundo as súas características e equipamento. En vía dobre, procurarase deixar paso por unha das dúas vías, agás cando o administrador de infraestruturas ferroviarias decidir outra medida por razóns técnicas. Xa que logo, a capacidade da liña é restrinxida durante o período de Banda de Mantemento cando só se asegure a circulación por unha vía.

Os intervalos previstos para as Bandas de Mantemento figurarán no Manual de Capacidades e no documento regulamentario "Cadros de Velocidades Máximas".

## OBRAS EXTRAORDINARIAS

Cando for necesario realizar unha obra durante un período prolongado nun intervalo de obras diferente ao da Banda de Mantemento, rexistrarase cal é o intervalo de obras extraordinario e cal é o intervalo normal de mantemento. Estes períodos serán programados polas Comisións TOC. Os detalles máis concretos da actuación e da nova capacidade ofertada serán compartidos coas empresas ferroviarias, cunha antelación mínima de catro meses para as capacidades de trens de viaxeiros e cunha antelación mínima dun mes para as capacidades de trens de mercadorías con respecto ao inicio da restrición de capacidade, agás cando o administrador da infraestrutura e os candidatos interesados acordaren un prazo máis breve, a través dos Expedientes de Traballo Programado/Autorizado (TBP/TBA).

O administrador de infraestruturas poderá decidir non aplicar os períodos habituais de consulta e comunicación cos candidatos se a restrición da capacidade for necesaria para restablecer as operacións ferroviarias en condicións de seguridade, se non pode exercer ningún control sobre o calendario das restricións, se a aplicación destes períodos non sería eficaz para efectos dos custos ou sería innecesariamente prexudicial para efectos da pervivencia ou condición dos activos ou se todos os candidatos afectados manifestan o seu acordo ao respecto. Neses casos, e cando calquera outra restrición de capacidade que non estean suxeitas a consulta, conforme con outras disposicións do presente anexo, o administrador de infraestruturas consultará decontado as candidatos e aos principais explotadores de instalacións afectados. (Punto 14, Decisión Delegada (UE) 2017/2075 da Comisión, do 4 de setembro de 2017).

Aqueles traballos extraordinarios puntuais e de pouca relevancia poderán ser acordados directamente polo administrador de infraestruturas ferroviarias coas EE.FF. e Candidatos afectados, coa antelación que se considere necesaria".

# 4.4. Acordos Marco entre o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias e os Candidatos

## CONCEPTO XERAL DE ACORDO MARCO E CAPACIDADE MARCO

Algúns Candidatos, para investir na prestación dos servizos ferroviarios, poden necesitar unha maior seguridade xurídica no tocante á capacidade de infraestrutura dispoñible para un período superior ao dun horario de servizo. Nestes casos o administrador de infraestruturas e os candidatos poderán celebrar acordos marco para reservar capacidade por unha duración superior a un período de vixencia do horario de servizo. Nestes acordos só serán especificadas as características da capacidade de infraestrutura solicitada e ofrecida ao candidato.

Os acordos marco non determinarán con detalle os sucos ferroviarios, mais establecerán as características da capacidade da infraestrutura solicitada e ofrecida aos candidatos; non impedirán o uso da infraestrutura correspondente por parte doutros candidatos ou para outros servizos e poderán ser modificados ou limitados para permitir un mellor uso da infraestrutura ferroviaria.

Con carácter xeral, os acordos marco terán unha vixencia máxima de cinco anos, renovable por períodos iguais. Porén, poderase acordar un período superior a cinco anos cando estea xustificado pola existencia de contratos comerciais, investimentos especializados ou riscos. Para os servizos que utilicen unha infraestrutura especializada que requira investimentos a grande escala e a longo prazo, debidamente xustificados polo candidato, poderán ser concertados acordos marco por un período de vixencia de ata quince anos.

No caso de infraestruturas conxestionadas, o administrador de infraestruturas ferroviarias poderá reducir a capacidade reservada cando, nun período de polo menos un mes, esta fose utilizada por debaixo da cota establecida.

Os administradores de infraestruturas motivarán a súa decisión de denegar, celebrar ou modificar un acordo marco. Os motivos comunicaranse por escrito ao candidato que solicitou a celebración ou modificación do acordo marco.

O administrador de infraestruturas ferroviarias remitirá os acordos marco á Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia para a súa análise e aprobación con antes da firma entre as partes.

O modelo de Acordo Marco está dispoñible no Anexo I.

O administrador de infraestruturas reservará capacidade para o procedemento anual de confección de horarios de servizo. En consecuencia, a capacidade marco non esgotará a capacidade dispoñible da infraestrutura en cuestión, será establecido un limiar aproximado de 70% de reserva de capacidade para acordos marcos, reservarase a capacidade restante para tráficos de hora punta ou extraordinarios, outras relacións ou outros candidatos, incluídos os que formalizasen un acordo marco, capacidades que serían adxudicadas por procesos ordinarios do Horario de servizo.

Poderanse establecer normas específicas para a reserva de capacidade marco que abranga varias redes.

Para estimar a capacidade das infraestruturas, o administrador utiliza unha metodoloxía de consideración para cada tramo homoxéneo de liña, baseada en:

- O equipamento de liñas e trens (equipos embarcados)
- Os tempos mínimos de sucesión e os intervalos medios de sucesión
- A heteroxeneidade do tráfico
- As estacións de parada solicitadas para os trens

Para ter unha orientación, aplícanse marxes de reserva de capacidade que oscilan entre o 20 e o 40 % en función das características das liñas consideradas.

Nas liñas de Proximidade serán considerados especificamente os tempos de parada nas estacións, que son os que restrinxen habitualmente a capacidade da liña.

Nos grandes terminais de viaxeiros, a capacidade de estacionamento é determinado analizando:

- As vías dispoñibles e as súas posibilidades operativas
- O reparto porcentual de trens, distinguindo entre trens pasantes e trens que teñan orixe ou destino na estación
- Os tempo de parada ou de rotación necesarios para garantir razoablemente as operacións.

O administrador de infraestruturas poderá decidir con criterios de equidade e, se for o caso, previa aprobación do organismo regulador, non ofrecer acordos marco nas liñas que fosen declaradas conxestionadas.

## Procedementos e criterios relativos aos acordos marco de adxudicación de capacidade

Ao celebrar acordos marco, o administrador de infraestruturas debe optimizar o uso da capacidade de infraestrutura dispoñible. O Regulamento UE 2016/545, do 7 de abril de 2016, establece o procedemento e os criterios que se deben seguir para celebrar acordos marco.

En conforme co seu artigo 3, o procedemento normal será a declaración por parte dos administradores de infraestruturas da capacidade marco nas liñas nas que se ofreza esta posibilidade. Esa declaración indicará a capacidade marco dispoñible por tramo de liña e período de control (normalmente por períodos de unha hora).

Antes desa declaración, os administradores de infraestruturas consultarán aos candidatos potenciais para adaptar a capacidade marco ofertada, na medida do posible, ao conxunto das súas necesidades comerciais.

Igualmente, indicarase a capacidade marco xa adxudicada, así como unha estimación da capacidade total das infraestruturas.

En función da capacidade ofertada na Declaración sobre a Rede e en conformidade cos prazos establecidos, os Candidatos poderán realizar as súas solicitudes de acordo marco. Consecuentemente, dentro dos calendarios establecidos, o administrador de infraestruturas ferroviarias examinará todas as solicitudes e resolveraas simultaneamente.

Para a resolución, o administrador de infraestruturas utilizará o criterio dun máximo de aproveitamento da capacidade da infraestrutura (maior volume de tráfico durante o período en que é ofertada a capacidade).

Se o administrador de infraestruturas tiver interferencias entre acordos marco en vigor e solicitudes de acordos marco novos ou modificados, ou entre solicitudes de novos acordos marco, serán aplicados os principios do procedemento de coordinación de adxudicación de capacidade, para o que se aplicará a metodoloxía de

coordinación exposta no artigo 9 do Regulamento 2016/545 UE. Tamén poderá promover o procedemento de coordinación de solicitudes cando se produza un conflito cun acordo marco durante o procedemento de programación do Horarios de servizo.

O administrador de infraestruturas reexaminará periodicamente o acordo marco cos candidatos para avaliar a capacidade marco. Os candidatos informarán sen demora ao administrador de infraestruturas de calquera intención permanente de non utilizar a totalidade ou parte da capacidade marco. Cando o candidato non tiver a intención de utilizar a capacidade marco durante máis dun mes, comunicarallo ao administrador de infraestruturas cunha antelación mínima dun mes. (Art. 11 Regulamento 2016/545 UE).

Igualmente, cando se produzan incrementos significativos de capacidade na infraestrutura ferroviaria, como consecuencia de obras de mellora na rede, e/ou o administrador de infraestruturas dispoña de capacidade adicional, por non ser utilizada toda ou parte da capacidade marco asignada a un candidato, o administrador de infraestruturas poderá ofrecer esta capacidade, en conformidade co establecido na lexislación vixente.

Este ofrecemento será realizado tanto ás empresas que xa estiveren operando, como a posibles novos candidatos. Poderá solicitarse libremente ou poderá establecerse un prazo para recibir todas as solicitudes de capacidade e, se for posible compatibilizar todas as peticións, serán adxudicadas; ou, se non for posible, será establecida unha fase de coordinación para acomodar todas as peticións, priorizando, na medida do posible, a novos entrantes. Estes incrementos poderán ser incorporados aos acordos marco de empresas que xa están operando, ou establecendo acordos marco con novos candidatos que o soliciten.

A falta inxustificada de solicitude da capacidade acordada polo Candidato derivará na aplicación das cláusulas de penalización do acordo marco, e a retirada da capacidade, nas condicións especificadas no acordo marco subscrito. A aplicación de sancións económicas nestes casos non ten como obxectivo principal garantir os lexítimos intereses económicos do administrador de infraestruturas, mais asegurar que as solicitudes de capacidade marco por parte dos Candidatos sexan realizadas consonte as necesidades reais de servizos, especialmente cando da resolución desa adxudicación se desprenda que outro candidato non resultase adxudicatario desa capacidade.

Ao acordar unha nova capacidade marco cun candidato, o administrador de infraestruturas terá en consideración calquera falta de uso da capacidade marco ou de solicitude de suco ao abeiro dun acordo marco e os motivos de dita falta.

# 4.5. Procedemento de Adxudicación de Capacidade

As solicitudes de Adxudicación de Capacidade sustentaranse nunha necesidade comercial confirmada e nunha viabilidade técnica. En caso contrario, o Candidato canalizará as súas consultas a modo de estudo a través dun correo electrónico ao Xestor de Capacidade. Os estudos de capacidade non implicarán en ningún caso a reserva da capacidade estudada.

Os Candidatos utilizarán preferentemente as ferramentas informáticas que o administrador de infraestruturas ferroviarias pon á súa disposición (SIPSOR e PCS). Os solicitantes que soliciten sucos internacionais tamén poderán realizar as súas peticións a través da OSS de Adif ou de calquera OSS da Rede de portelos únicos de RNE e, no caso de solicitudes de mercadorías, tamén as poderán realizar nas OSS dos Corredores Europeos de Mercadorías.

As solicitudes internacionais ocasionais/puntuais deberán ser presentadas polo menos cinco días útiles antes da saída de orixe do suco.

O Candidato está obrigado a actualizar os datos das súas solicitudes. En particular comunicará, coa maior brevidade posible, calquera supresión de sucos ou a renuncia a unha petición, sen que iso supoña que sexan aplicables o resto das normas referentes ás obrigas sobre o uso das capacidades adxudicadas.

Para facilitar o traballo dos Candidatos que acorden co Xestor de Capacidade, o uso de SIPSOR, cando se vaia iniciar o prazo de peticións para un novo Horario de Servizos, o XC poderá xerar automaticamente unha solicitude informática no sistema de carga automática dos sucos adxudicados das empresas ferroviarias que xa tiñan capacidade no anterior horario de servizos a partir dos sucos regulables que estean vixentes nesa data. Esta xeración non suporá ningún dereito adquirido de preferencia sobre o resto de solicitudes doutros candidatos. Os Candidatos terán a obriga de comprobar que se introduciron no sistema todas as peticións de sucos para o novo período Horario e que todos os datos se atopan debidamente cubertos. Tamén deberán anular a petición dos sucos para os que non desexen unha nova adxudicación.

O Xestor de Capacidade comunicará oportunamente en SIPSOR, ou polos medios polos que foren solicitados, os sucos asignados ou as modificacións realizadas sobre os sucos xa asignados por razóns de axuste técnico da malla. No campo "Observacións" indicaranse aquelas circunstancias que condicionen a aplicación do suco.

Os Candidatos teñen a obriga de aceptar ou denegar as marchas asignadas, polo medio en que fosen solicitadas, como moi tarde ao finalizar o período de alegacións. Pasados os prazos establecidos sen recibir a aceptación por parte do Candidato dun suco asignado, o Xestor de Capacidade poderá dispor libremente deste.

Coas marchas aceptadas confeccionaranse os correspondentes documentos regulamentarios e realizaranse as transferencias de datos dos plans de transporte, sen que en ningún caso iso sexa considerado a violación do principio de confidencialidade.

O Candidato deberá comunicar necesariamente ao Xestor de Capacidade, nos prazos establecidos, o anuncio definitivo destas marchas. O anuncio de trens consiste en declarar formalmente por parte do Candidato os días concretos de circulación dos trens. Para os sucos ocasionais (TrenDía), estes serán anunciados en función das datas solicitadas, unha vez aceptado o suco.

Co proceso de anuncio do tren, deixa de aplicarse o principio de confidencialidade do suco e a información será considerada pública a partir dese momento.

## PROCESO DE ADXUDICACIÓN DE CAPACIDADE

No proceso de Adxudicación de Capacidades, o Xestor de Capacidade deberá garantir un acceso baseado nos principios de obxectividade, transparencia e igualdade e asegurar ao mesmo tempo que a calidade técnica dos sucos é a adecuada.

O Xestor de Capacidade atenderá, na medida do posible, a todas as solicitudes de capacidade de infraestrutura que reciba. Se isto non for posible, aplicará os criterios de adxudicación recollidos na Orde FOM/897/2005, do 7 de abril, e terá en conta todas as limitacións que afecten aos candidatos, como os efectos económicos sobre a súa actividade empresarial.

O Xestor de Capacidade está legalmente facultado para reservar capacidade para as operacións programadas de mantemento, reposición ou ampliación da Rede, e para resolver problemas de infraestrutura conxestionada. Igualmente, en conformidade coa Disposición adicional vixésimo quinta da LSF, Asignación provisional de capacidade, por instancia das administracións competentes, e no marco do dereito da Unión Europea que regula a adxudicación de contratos de servizo público e a liberalización dos servizos de transporte ferroviario, os administradores de infraestruturas ferroviarias estarán obrigados a realizar unha reserva provisional da capacidade de infraestrutura necesaria para executar cada contrato de servizo público, con carácter previo á súa preceptiva licitación.

As solicitudes de capacidade para realizar traballos de mantemento serán presentadas durante o procedemento de adxudicación. O administrador de infraestruturas

ferroviarias terá debidamente en conta a repercusión da reserva de capacidade de infraestrutura con fins de traballos de mantemento sobre a actividade dos candidatos e informará ás partes interesadas coa maior brevidade posible da falta de dispoñibilidade da capacidade de infraestrutura debido a traballos de mantemento non programados".

O proceso de Adxudicación de Capacidade para a confección do Horario de Servizo (e de maneira semellante, os seus axustes) desenvolverase, xa que logo, segundo o seguinte fluxograma:




Nos axustes posteriores á confección do Horario de Servizo, a Adxudicación de capacidades será resolta preferentemente en función das capacidades residuais e mediante a inserción técnica dos sucos na malla, procurando non afectar os sucos xa existentes.

Para os sucos ocasionais, o Xestor de Capacidade limitarase ás capacidades dispoñibles, establecendo como orde de prioridade a de recepción das solicitudes.

O Xestor de Capacidade é autorizado para admitir pequenas incompatibilidades entre os sucos cando xulgue que estas non perturbarán a circulación do resto dos trens.

## FASE DE ADXUDICACIÓN DE CAPACIDADE NAS FRANXAS HORARIAS CORRESPONDENTES

Durante esta fase determinarase que solicitudes obterán capacidade nas liñas e períodos horarios correspondentes.

Dito proceso será realizado inicialmente en función da capacidade estimada dispoñible en cada liña, en función do tipo de tráfico, tal e como está recollido no Manual de Capacidades. Este documento, que xeralmente se actualiza trimestralmente, é enviado polo administrador de infraestruturas ferroviarias aos candidatos con licenza en vigor. Unha vez atendidas as demandas segundo o tipo de tráfico, aquelas solicitudes que non obtivesen capacidade poderán dispoñer da Capacidade residual doutra modalidade de tráfico, sempre que isto sexa tecnicamente viable.

Cando a Adxudicación da Capacidade sexa a un Candidato distinto de Empresa Ferroviaria, este deberalle comunicar ao administrador de infraestruturas ferroviarias os datos da EF que vai utilizar esa capacidade cunha antelación mínima de cinco días á súa efectiva utilización.

### Criterios de Prioridade na Adxudicación

O administrador de infraestruturas ferroviarias adxudicará a capacidade de infraestrutura solicitada da seguinte forma (Art. 11 Orde FOM/897/2005:

a) Seralles adxudicada se houber capacidade dispoñible para todos os candidatos.

b) Se existir coincidencia de solicitudes para unha mesma franxa horaria, a capacidade será adxudicada polo procedemento de coordinación recollida nesta DR.

c) De ser a rede declarada como conxestionada, serán tidas en conta para a súa asignación, por orde descendente, as seguintes prioridades de adxudicación:

1. A existencia de infraestruturas especializadas e a posibilidade de atender as ditas solicitudes nas referidas infraestruturas.
2. Os servizos declarados de interese público.
3. Os servizos internacionais.
4. A eventual existencia de acordos marco que contemplen a adxudicación desa solicitude de capacidade.
5. A solicitude, por un candidato, dunha mesma franxa horaria durante varios días da semana ou en semanas sucesivas do período horario.
6. A eficiencia do sistema.

Na aplicación dos criterios de prioridade, recibirán a debida consideración os servizos suxeitos a obrigas de servizo público, así como os de transporte de mercadorías e, en particular, os de carácter internacional.

O Xestor de Capacidade debe velar por unha optimización e un aproveitamento razoable da capacidade de infraestrutura. Neste sentido:

- Procurarase que os horarios sexan cadenciados naquelas liñas ou servizos para os que sexa posible, o que supón unha mellor organización do tráfico tanto para o administrador de infraestruturas ferroviarias como para a operación dos Candidatos, así como un maior atractivo comercial para os viaxeiros.
- Algúns trens, polas súas propias características técnicas, poderían reducir a súa capacidade ou dificultar a súa explotación, polo tanto, o administrador de infraestruturas ferroviarias poderá restrinxir a circulación de determinados trens en función exclusivamente de criterios técnicos de explotación (falta de determinados equipamentos a bordo, tempos de marcha inadecuados ás características das liñas, etc.).

- Cando o Candidato solicitar un suco e existir un itinerario alternativo menos conxestionado, o Xestor de Capacidade poderá programar o suco á súa iniciativa pola ruta máis axeitada, para favorecer a maior dispoñibilidade de capacidade para os tráficos nos que a ruta máis saturada for necesaria técnica e economicamente. O Xestor de Capacidade razoará por escrito ante o Candidato afectado tales situacións.

Cando estas esixencias foren significativas nunha determinada liña, mencionaranse no Manual de Capacidades.

## FASE DE AXUSTE TÉCNICO DE MALLA

Unha vez obtidas as solicitudes de capacidade, deberase realizar o proceso técnico de inserción na malla. Este proceso está suxeito a determinados principios técnicos de inserción de sucos e axuste de malla.

O Xestor de Capacidade está facultado para aplicar os seguintes criterios técnicos:

### Adaptación Técnica de Sucos

O Xestor de Capacidade poderá variar o horario proposto polos Candidatos dentro duns parámetros razoables por razóns técnicas, ou para compatibilizar todas as peticións dos distintos Candidatos. Polo tanto, poderá establecer o tempo de percorrido ou as paradas técnicas que considere oportunas para garantir a puntualidade da circulación dos trens, compatibilizar os distintos sucos e optimizar a capacidade de vía.

### Servizos Cadenciados

As solicitudes realizadas tendo en conta servizos cadenciados poderán ter unha determinada preferencia durante o proceso de axuste técnico de malla, para conseguir un servizo cadenciado adecuado.

### Liñas Especializadas

No caso de existiren liñas alternativas adecuadas, o administrador de infraestruturas ferroviarias, após consultar coas partes interesadas, poderá declarar especializada unha infraestrutura ferroviaria concreta para prestar determinado tipo de servizo. Ver apartado 2.4.1 deste documento.

A especialización dunha infraestrutura ferroviaria non impedirá utilizala para prestar outros servizos se existir capacidade e o material rodante reunir as características técnicas necesarias para usar a infraestrutura.

Nestas liñas, o proceso de asignación de capacidades, por parte do Xestor de Capacidade, poderá ser realizado dando determinada preferencia no axuste técnico de malla aos servizos predominantes, ademais da prioridade de adxudicación de capacidade determinada na Orde FOM/897/2005.

### Tráficos Obriga de Servizo Público

O Xestor de Capacidade pode dar preferencia aos servizos que cubran determinados servizos públicos durante o proceso de axuste técnico de malla, especialmente en hora punta.

### Trens de Longa Distancia (Viaxeiros ou Mercadorías)

Dada a especial complexidade técnica que supón construír sucos de gran lonxitude, xa que estes circulan por un gran número de liñas, particularmente os

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 05/12/2023)

internacionais, o Xestor de Capacidade poderá dar preferencia no grafiado de malla aos trens de maior percorrido.

O Xestor de Capacidade procurará que, se nada se opón, os sucos asignados no anterior Horario de Servizo, que obteñan capacidade no novo Horario de Servizo, conserven basicamente as súas características primordiais.

Ao final deste proceso, o Xestor de Capacidade asignaralles aos Candidatos os sucos correspondentes. No caso dos sucos regulares, esta asignación será provisional ata finalizar a fase de coordinación e o período de alegacións.

# 4.5.1. CALENDARIO ANUAL DE SOLICITUDE DE CAPACIDADE (HORARIO DE SERVIZO)

Dentro do proceso de asignación de sucos, é fundamental cumprir cos calendarios programados para garantir a calidade do produto e planificar a loxística dos diferentes participantes no proceso, ademais de posibilitar que o conxunto de Candidatos dispoña dos seus horarios definitivos en tempo oportuno.

Para dar resposta ás solicitudes presentadas fóra de prazo, o Xestor de Capacidade valorará o seu alcance, comunicaralles en tempo oportuno aos Candidatos a súa decisión de compromiso de prazo, e mesmo poderá darlles tratamento en axustes posteriores, asignando eventualmente as capacidades residuais a esas solicitudes.



## Horario de Servizo

O Horario de Servizos integra todos os datos determinados polos movementos planificados de trens e material rodante que terá lugar nunha determinada infraestrutura nun período de tempo preestablecido, comprendido entre o segundo domingo de decembro e o segundo sábado de decembro do ano seguinte. O horario do servizo fixarase unha vez ao ano e entrará en vigor ás doce da noite do segundo sábado de decembro.

Os sucos son adxudicados ás EE.FF. e aos Candidatos, exclusivamente para usalos durante o Horario de Servizo para o que foron solicitados.

## Calendario de Reserva de Sucos

### Sucos Regulares (Servitren)

O administrador de infraestruturas ferroviarias pon a disposición dos Candidatos unha ampla oferta de axustes cuns prazos adecuados para dar resposta á maioría das necesidades de transporte.

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 05/12/2023)

Cando un Candidato pretenda acometer modificacións no seu Plan de Transporte que poidan alterar substancialmente os esquemas de explotación vixentes, deberá comunicarlle previamente esta circunstancia ao Xestor de Capacidade, que valorará a conveniencia de propoñer un calendario de programación máis amplo. Se non se produce a anterior comunicación, o Xestor de Capacidade poderá denegar a súa execución, propoñendo unha data na que sexa tecnicamente viable a materialización do estudo das modificacións propostas.

O candidato que desexe solicitar capacidade de infraestrutura para explotar un servizo de transporte de viaxeiros, coincidente cun con obrigas de servizo público, deberá informar ao administrador de infraestruturas ferroviarias e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia cunha antelación mínima de 18 meses respecto da entrada en vigor do horario de servizos ao que corresponda a solicitude de capacidade, para poder avaliar os posibles efectos económicos nos servizos existentes (Art. 59.7 da LSF).

Os calendarios indicados seguidamente inclúen as datas límite de forma xenérica, onde X é a data do Cambio de Servizo, para a publicación do HORARIO DE SERVIZO ANUAL.

No **Anexo A** inclúese o calendario de Adxudicación de Capacidade coas datas concretas para o Horario de Servizo en vigor para os anos 2025 e 2026.

| CALENDARIO INTERNACIONAL | |
|---|---|
| Inicio do prazo de presentación de solicitude | O domingo posterior do 2º sábado de decembro |
| Establecemento de sucos internacionais de catálogo | X-11 meses (2º luns de xaneiro) |
| Fin do prazo de solicitude de Capacidade | X-8 meses (2º luns de abril) |
| Asignación provisional de Capacidade (Comunicación do proxecto de Horario de Servizo) | X-5 meses (12 semanas despois da finalización do prazo de solicitude de capacidade) |
| Alegacións | Entre X-5 y X-4 meses (1 mes) |
| Comunicación definitiva do horario de servizo | X-3,5 meses (3º lunes despois do período de alegacións) |
| Comunicación do anuncio | X-1,5 meses |
| Inicio do horario de servizo | 12 h. da noite do 2º sábado de decembro |
| (*) Os prazos do Calendario Internacional están aliñados co Process Handbook for International Path Allocation for Infraestructure Managers V.2.0 d RNE | |

| CALENDARIO NACIONAL | |
|---|---|
| Inicio do prazo de presentación de solicitude | El domingo después del 2º sábado de diciembre |
| Fin do prazo de solicitude de Capacidade | X-6 meses |
| Asignación provisional de Capacidade (Comunicación do proxecto de Horario de Servizo) | X-4 meses |
| Alegacións | Entre X-4 y X-3 meses (1 mes) |
| Comunicación definitiva do horario de servizo | X-2 meses |
| Comunicación do anuncio | X-1,5 meses |
| Inicio do horario de servizo | 12 h. de la noche del 2º sábado de diciembre |
| *) Os prazos do Calendario Nacional están aliñados coa Orde FOM 897/2005. | |

Para ofrecer ás EE.FF. e aos Candidatos unha axilidade adecuada e responder ás oportunidades que ofrece o mercado, cuns niveis de calidade aceptables dos sucos, independentemente do momento no que sexan solicitados, está prevista a modificación do Horario de Servizo durante a súa vixencia. Previamente

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 05/12/2023)

á entrada en vigor do Horario de Servizo, o administrador de infraestruturas ferroviarias poderá programar datas de axuste para que os Candidatos poidan introducir modificacións no seu Plan de Transporte. Para establecer o calendario consultarase cos diferentes Candidatos.

Estes axustes poderán ser de dous tipos:

## Axustes Concertados

Están deseñados para os Candidatos realizaren a maior parte das modificacións do seu Plan de Transporte durante o Horario de Servizo. Nestes axustes, o Xestor de Capacidades poderá realizar as adecuacións técnicas na malla que estime oportunas e os Candidatos deberán asumir e garantir a realización daquelas modificacións comunicadas nos prazos establecidos.

Nestes axustes, o administrador de infraestruturas ferroviarias exerce plenamente a facultade de coordinación entre os Candidatos cando se produzan interferencias nos sucos dun Candidato por peticións comerciais doutro Candidato.

Os prazos normais que servirán de base para elaborar o calendario serán determinados segundo a táboa de datas límite seguinte, onde **M** é o mes correspondente á data do Axuste Concertado:

| AXUSTES CONCERTADOS | |
|---|---|
| Recepción de peticións de Capacidade | M – 4 |
| Asignación provisional de Capacidade | M – 3 |
| Alegacións | 15 días |
| Comunicación definitiva de Capacidade | M – 2 |
| Comunicación do anuncio | M – 1 |
| Axuste Concertado | M (12 h. da noite do 2º sábado de xuño) |

No anexo A figuran as datas concretas para cada Axuste Concertado para os anos 2025 e 2026.

O Xestor de Capacidade poderá establecer uns prazos extraordinarios cando concorran circunstancias que requiran un período de programación máis longo, para a totalidade da Rede ou só para determinados eixes ou relacións.

## Axustes Mensuais

O seu obxectivo é facilitar unha adaptación selectiva do Plan de Transporte de cada Candidato. Considerando que os curtos prazos de programación e o marco constrinxido de modificación da malla neste tipo de axustes dificultan o estudo de grandes variacións de sucos, o Xestor de Capacidade poderá rexeitar por este motivo algunhas solicitudes, cando os prazos de planificación incluídos foren insuficientes ou as peticións supoñan unha modificación substancial da explotación.

Indícanse a continuación os prazos de aplicación con carácter xeral. Sendo **D** o día do axuste, as datas límite serán:

| AXUSTES MENSUAIS | |
|---|---|
| Recepción de propostas de Capacidade | D – 21 días |
| Asignación provisional de Capacidade | D – 14 días |
| Alegacións | D –14 días a D – 10 días |
| Comunicación do anuncio | D – 10 días |
| Axuste Mensual | D |

No anexo A figuran as datas concretas para cada Axuste Mensual para os anos 2025 e 2026.

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 05/12/2023)

No que respecta ao calendario de Axustes Mensuais, serán aplicados os prazos xenéricos detallados anteriormente sen necesidade de comunicación expresa, agás naqueles casos específicos nos que for aconsellable establecer uns prazos específicos por coincidir, por exemplo, con períodos vacacionais. Estes calendarios específicos serán comunicados na reunión convocada para o efecto, ou por escrito do Xestor de Capacidade, que será remitida coa debida anticipación.

## Modificacións

Ao abeiro do Parágrafo 2 do punto 6 da Decisión Delegada 2017/2075, o Xestor de Capacidade poderá reprogramar un suco ferroviario adxudicado se for necesario para garantir a mellor adecuación posible entre todas as solicitudes de suco e o aproba o candidato ao que se lle adxudicou o suco.

Por causas extraordinarias e xustificadas, o administrador de infraestruturas ferroviarias poderá autorizar:

- A realización de axustes en datas distintas das pactadas.
- A aplicación de prazos distintos dos establecidos.
- A modificación ou eliminación de sucos en determinadas liñas, sen ningún tipo de restrición, cando se trate de causas excepcionais.

Non serán consideradas variacións de suco, de cara aos Candidatos, as alteracións nas que:

- Non se varíen as condicións nas que se solicitaron os sucos.
- Non se altere o horario nas paradas comerciais para trens de viaxeiros.
- Para os trens de mercadorías, non se varíe o horario comercial máis de 15 minutos en calquera punto do seu percorrido.

Nesas circunstancias, o Xestor de Capacidade poderá modificar os sucos en calquera momento sen a obriga de consultar previamente aos Candidatos, pero deberá comunicar a variación cando supoña un cambio no código do suco, ou no horario comercial en calquera dos puntos do seu percorrido.

## Sucos Ocasionais (TrenDía)

Para que se poida dar resposta ás solicitudes dos Candidatos a través do produto TrenDÍA, é necesario que a petición sexa realizada cunha antelación mínima.

| SUCOS OCASIONAIS (TRENDÍA) | |
|---|---|
| Prazo máximo de resposta | 5 días útiles |

Para os sucos internacionais, se non houber sucos de catálogo dispoñibles que se axusten á solicitude, esta circunstancia será comunicada ao Candidato neste mesmo prazo de cinco días útiles, cun prazo máximo de 30 días para establecer un suco á medida.

O Xestor de Capacidade requirirá diferentes prazos para aquelas solicitudes que impliquen un elevado volume de sucos como, por exemplo, no caso de campañas, ou cando concorreren circunstancias que requiran un período de programación máis amplo. Tamén se poderá demorar a resposta cando a antelación coa que se solicite un suco TrenDÍA sexa tan grande que o Xestor de Capacidade estime que o servizo regular de trens non está suficientemente consolidado para realizar estudos de trens ocasionais.

Por causas excepcionais e xustificadas, os Candidatos poderán solicitar sucos con menos de cinco días útiles. Este servizo prestarase só os días útiles (de luns a venres), e as solicitudes deberán ser presentadas antes das 12 horas do día anterior á saída solicitada do tren. A resposta será notificada antes das 18 horas do mesmo día.

## Requisitos específicos para a solicitude e adxudicación de sucos regulares e ocasionais para trens de viaxeiros en Estacións Coordinadas.

Estación Coordinada é aquela estación de pasaxeiros con altas esixencias de calidade de servizo onde se espera unha demanda elevada de ocupación e estacionamento nas súas vías. Estas estacións requiren un uso racional da programación da capacidade de estacionamento e precisan dunha intensificación da información e coordinación xeral de trens.

Para estas estacións, as Empresas Ferroviarias e Candidatos, cando cubriren as súas solicitudes de capacidade, deberán solicitarlle expresamente ao Xestor de Capacidade:

- As necesidades concretas de tempos de ocupación da vías
- Informar do tren seguinte por rotación de gráfico
- A lonxitude dos trens para os que se solicita o estacionamento

Todo isto permitirá un mellor coñecemento das necesidades das EE.FF. e Candidatos e favorecerá unha máis correcta programación e organización da estación para seguir ofrecendo uns niveis de calidade de servizo axeitados á tipoloxía dos trens.

O Xestor de Capacidade, de acordo con criterios transparentes e non discriminatorios, asignará capacidade nas vías das estacións. As Empresas Ferroviarias e os Candidatos terán dereito a utilizar estas vías de acordo coas condicións previamente adxudicadas e aceptadas.

As solicitudes de asignación de capacidade nas Estacións Coordinadas sustentaranse na necesidade do Candidato e na viabilidade técnica de ocupación das vías da instalación. Estas peticións estarán vinculadas a solicitudes de trens de viaxeiros incluídos no Plan de Transporte (ServiTREN) e, nalgúns casos, tamén poderán ser realizadas xunto con solicitudes ocasionais (TrenDÍA).

Tanto a solicitude de estacionamento como a lonxitude do tren indicaranse nos campos habilitados para o efecto en SIPSOR e nos modelos de solicitude de capacidade recollidos no Anexo C desta Declaración sobre a Rede.

O Xestor de Capacidade está facultado para modificar a capacidade de estacionamento das vías nunha Estación Coordinada para permitir a realización de operacións de mantemento programado ou reposición ou ampliación dos activos vinculados a ela. Estas actuacións serán coordinadas polas comisións TOC, en conformidade co sinalado no apartado 4.5.

Para facilitar as operacións de tráfico do conxunto de trens por motivos de incidencias, atrasos, trens adicionais, etc., o administrador de infraestruturas ferroviarias poderá variar as vías previamente asignadas, procurando que estas modificacións sexan o menores posibles e comunicando eses cambios o antes posible.

Cando as EE.FF. solicitaren o uso das vías de estacionamento das Estacións Coordinadas para o apartado de material, especialmente en horario nocturno, a adxudicación de capacidade será incluída no gráfico de ocupación de vías.

Se non for posible atender todas as solicitudes, aplicaranse de forma razoada os seguintes criterios de adxudicación:

- Terán prioridade as empresas ferroviarias que non dispoñan de vías de estacionamento para o apartado de material nun lugar próximo á Estación Coordinada da que se trate.
- As vías dispoñibles e as súas posibilidades operativas.
- A orde de saída das circulacións comerciais ao inicio do servizo.
- O reparto porcentual de trens de cada EF que teñan orixe ou destino na estación.
- A eficiencia do sistema.

Na rede titularidade de Adif non hai actualmente estacións declaradas coordinadas.

## 4.5.2. SOLICITUDES DE ADXUDICACIÓN DE SUCOS INTERNACIONAIS FÓRA DE PRAZO

As solicitudes internacionais "fóra de prazo" son aquelas peticións de capacidade solicitadas despois da finalización do prazo de solicitudes de capacidade regular anual e ata 2 meses antes do inicio do Horario de Servizo.

O Xestor da Capacidade atenderá as solicitudes "fóra de prazo" das Empresas Ferroviarias coa capacidade residual sobrante após a elaboración do Horario de Servizo regular.

## 4.5.3. SOLICITUDES AD-HOC

Son as solicitudes de capacidade realizadas polos candidatos/EE.FF. para o Xestor da Capacidade elaborarlle sucos á medida das súas necesidades de transporte.

### SUCOS CON RESERVA

#### Sucos Regulares (ServiTren)

Son aqueles sucos solicitados para unha frecuencia de circulación significativa dentro do Horario de Servizo (da orde de 40 días). Soportan a circulación dos trens que conforman o Plan de Transporte de cada Candidato. O conxunto de sucos regulares integra o Horario de Servizo.

#### Sucos Ocasionais (TrenDía)

Estes sucos son programados para dar resposta ás demandas puntuais das EE.FF. e dos Candidatos que, en función dos seus días limitados de circulación e a escasa antelación da súa solicitude (ata 24 horas antes da saída solicitada de orixe do tren), non se inclúen no Plan de Transporte.

### SUCOS SIN RESERVA

Cuando no sea posible para el Candidato realizar la reserva de capacidad en tiempo oportuno, el Administrador de infraestructuras dispone de dos modalidades de surcos sin reserva.

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 05/12/2023)

### Sucos Especiais con Solicitude

Estes sucos son asignados por petición expresa das EE.FF. e dos Candidatos, a raíz das necesidades de transporte non programadas xeradas normalmente con menos dun día de antelación. A posta en circulación dos trens nestes sucos deberá ser excepcional e motivada por circunstancias xustificadas.

### Sucos Especiais sen Solicitude

Estes sucos son asignados con motivo de incidencias ou por incumprimento das condicións de transporte programadas polas EE.FF. ou por outros Candidatos, normalmente a iniciativa de ADIF.

# 4.5.4. PROCESO DE COORDINACIÓN

A fase de coordinación foi concibida para resolver os conflitos que eventualmente poidan xurdir entre as distintas solicitudes e adxudicacións de capacidade de

infraestrutura para a mellor adecuación posible entre elas.

Se o Xestor de Capacidade detectar que, durante o período recollido para elaborar o proxecto horario de servizo, foran demandadas solicitudes incompatibles entre si ou cando a capacidade adxudicada ao Candidato non satisfaga as súas necesidades e así o manifeste por escrito nos prazos establecidos, tratará de satisfacer todas as solicitudes mediante o proceso de coordinación.

Para iso, o Xestor de Capacidade tratará de encontrar solucións alternativas que respondan ás solicitudes dos Candidatos, ou resolver conflitos consultando os candidatos.

Durante esta consulta, o administrador de infraestruturas facilitaralles aos candidatos a seguinte información, de xeito gratuíto e por escrito:

a) A adxudicación de capacidade solicitada por outros candidatos nos mesmos traxectos.

b) A adxudicación de capacidade outorgada previamente a todos os demais candidatos nos mesmos traxectos.

c) A adxudicación de capacidade alternativa proposta polo administrador de infraestruturas ferroviarias.

d) A información detallada sobre os criterios aplicados no procedemento de adxudicación de capacidade.

Esta información será facilitada sen revelar a identidade dos demais candidatos, agás cando estes candidatos acordaren expresamente a súa divulgación.

## PROCEDEMENTO PARA RESOLVER CONFLITOS NAS SOLICITUDES

Na confección do Horario de Servizo ou durante os Axustes Concertados, os Candidatos disporán dun prazo máximo de dez días útiles a partir da data da proposta de Adxudicación de Capacidade, para aceptala ou rexeitala, así como para formular as observacións oportunas á mesma. Estas observacións terán que ser presentadas por escrito e motivadas. Este prazo será de tres días útiles a partir da data da proposta de Adxudicación da Capacidade para o resto dos casos.

Durante o proceso de coordinación das solicitudes, o Xestor de Capacidade pode proporlles aos candidatos, dentro de límites razoables (± 60 minutos), adxudicacións de capacidade de infraestrutura que difiran do solicitado.

Poderán realizarse as roldas de coordinación que o Xestor de Capacidade considerar oportunas para tratar de chegar a acordos satisfactorios.

No caso de non ser posible acadar unha solución aceptable para todos os candidatos após desenvolver o proceso de coordinación, o Xestor de Capacidade adoptará a solución que mellor conveña ao conxunto do sistema ferroviario:

- Na creación do Horario de Servizo optimizarase o uso da infraestrutura, evitando unha utilización ineficiente que impida obter o máximo rendemento da mesma.
- Na medida do posible, ofreceranse alternativas que permitan a coexistencia de diferentes candidatos en períodos horarios, e ofreceranse tamén adxudicacións de capacidade que poden variar lixeiramente do solicitado, tendo en conta que, sempre que se ofrezan dentro dunha franxa de 60 minutos, se satisfarían todas as solicitudes.
- Nas liñas especializadas ou con tráfico predominante (Alta Velocidade, Proximidade, etc.), terán prioridade e/ou preferencia os que correspondan a esa especialización, valorando o uso de toda a liña sobre aqueles que só utilizan unha parte dela.
- Igualmente, recibirán a debida consideración os servizos suxeitos a obrigas de servizo público, así como os de transporte de mercadorías e, en particular, os de carácter internacional.
- Tamén recibirán prioridade os servizos que fosen solicitados en función dun Acordo Marco ou que sexan obxecto de servizos cadenciados ou sistemáticos.
- En infraestruturas declaradas como conxestionadas, o Xestor de Capacidade poderá modular a aplicación dos estritos criterios de adxudicación de capacidade para garantir, na maior medida posible, o acceso de todos os candidatos que solicitaron a adxudicación de capacidade.

A decisión final do Xestor de Capacidade poderá ser obxecto de alegación, segundo o epígrafe seguinte, 4.5.5 Proceso de Alegacións.

Para máis información consultar o Anexo J Procedemento de Resolución de Conflitos.

## 4.5.5. PROCESO DE ALEGACIÓNS

O prazo mínimo para presentar alegacións fíxase en 1 mes desde a comunicación do proxecto do Horario de Servizo aos Candidatos.

No caso de solicitudes para o Horario de Servizo presentadas fóra de prazo ou para os sucos asignados en axustes do Horario de Servizo, o período de alegación será de cinco días útiles desde a Adxudicación de Capacidade e de dous días útiles para os sucos ocasionais.

Estas alegacións deberán ser remitidas por escrito á Xefatura de Adxudicación de Capacidade da Dirección de Xestión de Capacidade.

Para máis información consultar o Anexo K Procedemento de Resolución de Conflitos.

# 4.6. Infraestructura Conxestionada

La Directiva 2012/34/UE, del Parlamento Europeo y del Consejo, por la que se establece un espacio ferroviario único (texto refundido), define las infraestructuras congestionadas, que se define al detalle en la legislación nacional, a través de la Orden FOM 897/2005, específicamente en su art. 17:

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 05/12/2023)

"Cando após coordinas as franxas horarias solicitadas e consultar aos candidatos afectados, non for posible atender debidamente as solicitudes de capacidade de infraestrutura ferroviaria, o administrador de infraestruturas ferroviarias declarará a parte da infraestrutura afectada como conxestionada. Idéntica cualificación recibirá a infraestrutura para a que se contemple unha insuficiencia de capacidade nun futuro próximo".

A declaración dunha infraestrutura como conxestionada permite modular a aplicación dos estritos criterios de adxudicación para garantir, na medida do posible, o acceso de todos os candidatos que solicitasen a adxudicación de capacidade.

Cando unha infraestrutura for declarada conxestionada, o administrador de infraestruturas ferroviarias realizará unha análise de capacidade, agás cando xa estiver en marcha un plan de aumento de capacidade.

As normas e os criterios que, en conformidade co establecido no artigo 11.c da Orde FOM 897/2005, se aplicarán no caso de infraestrutura conxestionada, para a adxudicación de capacidade, están incluídos na Declaración sobre a Rede.

O administrador de infraestruturas ferroviarias, no caso de infraestruturas conxestionadas, poderá modular a aplicación dos estritos criterios de adxudicación recollidos no artigo 11 da Orde FOM/897/2005.

Hai varias formas de analizar a conxestión dunha infraestrutura, nunha primeira clasificación pódese estudar por tramos de liña ou por terminais e, en ambos os casos, débese facer un estudo por franxas horarias. A pesar de existir algúns tramos de liña bastante conxestionados por seren tramos compartidos por distintos corredores, a realidade é que, en materia de adxudicación de capacidade, o aspecto máis restritivo son as vías de estacionamento nas estacións de viaxeiros.

Unha vez declarada unha infraestrutura conxestionada, o administrador de infraestruturas ferroviarias deberá esixir a cesión das franxas horarias que, nun período de polo menos un mes, fosen utilizadas menos de 80% en infraestruturas conxestionadas, 50% no resto, agás cando iso for debido a causas non económicas alleas ao control dos candidatos.

Igualmente, no caso de infraestruturas conxestionadas, o administrador de infraestruturas ferroviarias poderá reducir a capacidade adxudicada cando, nun período de polo menos un mes, esta fose utilizada por debaixo da cota establecida.

Actualmente ningunha infraestrutura está declarada como conxestionada na rede titularidade de Adif.

# 4.7. Transportes Excepcionais y Mercadorías Perigosas

## TRANSPORTES EXCEPCIONAIS

Son transportes excepcionais (TE) aqueles que, polas súas dimensións, peso ou distribución e acondicionamento da carga, só poden admitirse baixo determinadas condicións técnicas e operativas. Requiren un estudo de viabilidade no que tamén serán tidas en conta as posibilidades físicas da rede e o impacto desta circulación nas liñas polas que vai circular.

Para a circulación dun transporte excepcional é necesaria unha autorización específica do Administrador de infraestruturas que inclúa as súas condicións particulares de aceptación e realización do transporte e se regulen as prescricións de circulación correspondentes.

A Consigna sobre tratamento dos transportes excepcionais e os erros de cargamento en ruta, especifica os transportes que, no eido da RFIG administrada por Adif e Adif-Alta Velocidade, son considerados excepcionais, así como o procedemento que regula a súa tramitación.

Ao abeiro diso, as EE.FF. que desexen realizar un Transporte Excepcional deberán ser dirixidas á Dirección de Seguridade na Circulación do administrador de infraestruturas ferroviarias, para que, a través do Grupo de Transportes Excepcionais (no sucesivo GTE) que preside, integrado pola Dirección Corporativa de Seguridade na Circulación e as áreas técnicas do administrador de infraestruturas ferroviarias afectadas e, unha vez realizado o estudo técnico pertinente, emita a correspondente Autorización, se for o caso.

A Dirección Corporativa de Seguridade na Circulación comunicará as posibles restricións incluídas nela, así como as condicións de transporte, ás Direccións do administrador de infraestruturas ferroviarias afectadas, á Empresa Ferroviaria e demais organismos afectados.

Se nun transporte interviñeren dúas ou máis Redes, a consideración de Transporte excepcional e a súa xestión estarán rexidos polo determinado na normativa internacional vixente (Ficha UIC 502-1).

Ver tamén **apartado 3.4.3** deste documento. Para máis información, consultar coa Dirección Corporativa de Seguridade na Circulación (Directorio de Adif apartado 1,6).

## TRANSPORTE DE MERCADORÍAS PERIGOSAS

As EE.FF. e os Candidatos deberán indicar nas súas solicitudes de Adxudicación de Capacidade que esta vai ser utilizada para transportar materias perigosas, ademais de solicitar as paradas necesarias para realizar a súa intervención, para que sexa contemplado adecuadamente no proceso de programación, en conformidade co Art. 47.5 do RSF.

Cando se trate de agregar material que transporte MM. PP. a trens que non o teñen recollido no seu plan de transporte, é obrigatorio solicitar a autorización do administrador de infraestruturas ferroviarias antes da súa expedición.

No tocante á admisión do tren a vía regulada, as EE.FF. teñen que informar dos datos reais dos vagóns que transportan Mercadorías Perigosas, o número de orde que ocupan na composición do tren, o tipo de mercadorías transportadas, o número ONU, denominación das mesmas, cantidade, orixe e destino das mesmas, conforme o indicado no 1.4.3.6. do RID.

As EE.FF. e os Candidatos deberán garantir o cumprimento de todas as prescricións e normas que rexen eses transportes, para salvagardar a seguridade de terceiros e das propias infraestruturas.

# 4.8. Control do Uso dos Sucos

As EE.FF. e Candidatos teñen a obriga de utilizar a capacidade obtida nas condicións nas que lles foi asignada.

## 4.8.1. NORMAS PARA A MODIFICACIÓN DE SUCOS POR PARTE DO SOLICITANTE

Ver apartado 4.5.1 Concertados e Axustes Mensuais.

## 4.8.2. NORMAS PARA A REPROGRAMACIÓN DE SUCOS POR PARTE DO ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS

Ver apartado 4.5.1 Axustes Concertados e Axustes Mensuais.

## 4.8.3. NORMAS PARA O NON USO DE SUCOS POR PARTE DO SOLICITANTE

Ver apartado 4.8.4.

## 4.8.4. NORMAS PARA O CONTROL DO USO POR PARTE DO SOLICITANTE

As EE.FF. e Candidatos teñen a obriga de utilizar a capacidade obtida nas condicións nas que lles foi asignada. No caso de infraestruturas conxestionadas, o non uso inxustificado dos sucos asignados pode ser causa dunha infracción grave, se for atribuíble á EF. (Art. 107 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do Sector Ferroviario).

O Xestor de Capacidade realizará mensualmente unha análise do nivel de utilización dos sucos asignados. Sen prexuízo das accións incluídas na LSF e que o administrador de infraestruturas ferroviarias poida emprender naqueles casos que supoñan unha perturbación significativa para un uso efectivo da infraestrutura, o Xestor de Capacidade proporalle ás EE.FF. e aos Candidatos a supresión ou modificación dos sucos cando detectar a falta de uso sistemático, especialmente no caso de liñas conxestionadas.

Cando a porcentaxe de uso for inferior a 80% nas liñas conxestionadas e 50% no resto, nun período continuado dun mes, o Xestor de Capacidade tamén poderá modificar a asignación de capacidade, sen restricións horarias, e comunicará por escrito esa circunstancia e xustificará de forma razoada as causas da decisión adoptada. Establécese un período de alegacións de 10 días a favor da E.F. ou Candidato.

# 4.9. TTR para a Xestión Intelixente da Capacidade

## 4.9.1. OBXECTIVOS DE TTR

RailNetEurope (RNE) e Forum Train Europe (FTE), co apoio da European Rail Freight Association (ERFA), están a traballar nun proxecto denominado TTR co obxectivo de harmonizar e mellorar o sistema de horarios ferroviarios para aumentar a competitividade do ferrocarril.

O TTR consiste nunha planificación mellorada da distribución da capacidade da infraestrutura (incluídas as restricións temporais de capacidade) e do proceso de asignación de capacidade.

O obxectivo é atender mellor as necesidades do mercado e conducir a un uso optimizado da capacidade existente. Pódese encontrar información detallada sobre o proxecto en ttr.rne.eu

O obxectivo é lograr a implantación do TTR para o calendario 2025, sempre que estea apoiado polo marco legal europeo e nacional.

A estratexia de capacidade de todos os administradores que integran RNE está publicada na seguinte ligazón:

https://ttr.rne.eu/capacity-strategies/

# 4.9.2. FACTORES DO PROCESO

O proceso de TTR baséase nos seguintes factores:

- Estratexia de capacidade (X * -60 a X * -36 meses): a estratexia de capacidade é a planificación da capacidade a longo prazo do administrador de infraestrutura.
- Modelo de capacidade (X * -36 a X * -18 meses) con partición de capacidade: o modelo de capacidade ofrece unha definición máis detallada do prognóstico da demanda e a división da capacidade en planificación anual, planificación progresiva e restricións temporais e capacidade non planificada.
- Aliñación internacional das restricións temporais de capacidade (TCR).
- Capacidade para solicitudes anuais: capacidade de coordinación nun prazo definido ou poñer a disposición para solicitudes realizadas fóra deste prazo.
- Capacidade para solicitudes de planificación progresiva: capacidade dedicada baseada en bandas de capacidade para un franxa de tempo ou rutas definidas, con prazos de solicitude específicos.
- Capacidade para solicitudes ad hoc: capacidade residual para solicitudes presentadas menos de 30 días antes da operación.

* X representa o primeiro día do horario de servizo 2025.

# 4.9.3. IMPLEMENTACIÓN

O administrador de infraestruturas participa da implementación do proxecto a nivel nacional. Os primeiros pasos na implementación do TTR estanse a realizar para o HS 2025, aínda que se está a realizar progresivamente, implantando aqueles compoñentes viables por cuestións normativas e pola necesidade de desenvolver novas ferramentas dixitais.

Igualmente, a implementación do TTR realizarase dunha forma gradual no tocante ao alcance xeográfico, comezando con algunhas liñas e aumentando este alcance progresivamente. As liñas nas que vai implantando o TTR están especificadas na estratexia de capacidade de cada HS.

Para máis información, pode contactar a Adif (One Stop Shop).

## 4.9.3.1. ESTRATEXIA DE CAPACIDADE

Como primeiro paso o establecemento do TTR, os Administradores de Infraestrutura elaborarán unha Estratexia de Capacidade para cada Servizo Horario, que será estruturado por liñas e cuxo obxectivo é servir de base para unha planificación de horarios máis precisa, tendo en conta as previsións tanto do Administrador como dos candidatos para os próximos Horarios de Servizo.

Deberá conter información de carácter xeral relacionada coa previsión de fluxos de tráfico, novas infraestruturas dispoñibles, restricións temporais de capacidade, etc. que supoñan un impacto significativo que permita afrontar unha planificación temperá da capacidade a nivel europeo.

O administrador de infraestruturas elaborou a Estratexia de Capacidade para os HS 2025 e 2026 para algunhas liñas da RFIG, que se irán ampliando gradualmente conforme se avance no establecemento do proxecto TTR en Europa.

## 4.9.3.2. MODELO DE CAPACIDADE E DISTRIBUCIÓN DA CAPACIDADE

Para continuar co proceso de implementación do proxecto TTR a nivel nacional, tras a Estratexia de Capacidade, o administrador de infraestruturas publicou o modelo de capacidade para o Horario 2024-2025 das liñas incluídas na Estratexia de Capacidade para o HS 2024/2025 publicada en xullo de 2022 e elaborará o Modelo de Capacidade para os Horarios de Servizo sucesivos.

O modelo de capacidade baséase na capacidade posta a disposición polo administrador de infraestruturas, os requisitos do mercado (por exemplo, novos plans de servizo) e os TCR (Restricións temporais de capacidade) e serve como base para axustar a capacidade que se porá a disposición dos candidatos. Para cumprir con este propósito, a capacidade é clasificada en función de diversas necesidades comerciais e técnicas ("cotas de capacidade").

### 4.9.3.2.1. COMUNICACIÓN DAS NECESIDADES DE CAPACIDADE

Os solicitantes poden comunicar as súas necesidades de capacidade ao administrador de infraestruturas entre X * -30 e X * -18 meses a través da ferramenta RNE denominada ECMT.

Os anuncios de necesidades de capacidade son considerados indicacións non vinculantes dos solicitantes sobre as necesidades futuras de capacidade incluídas.

O administrador de infraestruturas utilizará, se as EEFF lla facilita, a información fornecida como entrada á capacidade. En ningún caso o administrador de infraestruturas pode garantir a inclusión de toda a información sobre as necesidades de capacidade expresada no modelo de capacidade final, nin as informacións de necesidades de capacidade poden dar prioridade no seguinte proceso de asignación de capacidade.

## 4.9.3.3. PROPOSTA DE CAPACIDADE

Ao redor de X-18, o Administrador de Infraestruturas traballará no axuste da capacidade que se porá a disposición dos candidatos e estará constituída por unha combinación de sucos pre-construídos, sucos tipo, tendo en conta as restricións temporais de capacidade previstas e os acordos marco vixentes, para cubrir as diferentes necesidades comerciais. A proposta de capacidade tamén pode incluír capacidade non planificada.

No caso das liñas transfronteirizas, estas actividades harmonizaranse cos Administradores de Capacidade colaterais.

Para que os solicitantes poidan planificar e harmonizar as súas solicitudes, o administrador de infraestruturas ferroviarias publicará a subministración de capacidade para as solicitudes de capacidade anuais e as solicitudes de planificación continua como moi tarde en X-11.

## 4.9.3.4. ESTUDOS DE VIABILIDADE

Os candidatos poden solicitar estudos de viabilidade a partir de X-15. No caso de tratarse dun estudo de viabilidade internacional, o estudo será elaborado conxuntamente polos administradores de infraestrutura afectados.

Pódense solicitar os estudos de viabilidade por diversos motivos, entre outros, o estudo dun suco para novos tráficos. Os estudos de viabilidade non darán lugar a unha revisión da distribución da capacidade publicada no Modelo de Capacidade (ver 4.9.3.2).

Para obter os mellores resultados, é recomendable os candidatos utilizaren o Sistema de Coordinación de Sucos (PCS) para solicitar Estudos de Viabilidade.

### 4.9.4. PROXECTO PILOTO DE TTR OU IMPLEMENTACIÓN TEMPERÁ DUN OU MÁIS COMPOÑENTES DO PROCESO DE TTR

Non aplica.

# 4.10. Principios de Adxudicación de Capacidade en Corredores Internacionais de Mercadorías, RFC

Os Corredores Ferroviarios Europeos de Mercadorías, Atlántico e Mediterráneo estableceron para cada un deles un organismo denominado Portelo Único, para os candidatos solicitaren e recibiren respostas nun único lugar e cun único trámite, con relación á capacidade de infraestrutura para os trens de mercadorías que atravesen, polo menos, unha fronteira ao longo de calquera dos Corredores Europeos de Mercadorías.

A solicitude, xestión e adxudicación de capacidade para trens de mercadorías internacionais que circulen polos corredores Atlántico e Mediterráneo será realizada a través da ferramenta informática do **Path Coordination System (PCS)**, segundo os procesos establecidos nos respectivos Documentos de Información do Corredor (CID) e aliñados cos procedementos internacionais acordados no marco de RNE. Os solicitantes deben aceptar os termos e condicións xerais do Corredor en PCS antes de realizar as súas solicitudes.

En conformidade co artigo 13 do Regulamento, o Consello de Administración do Corredor estableceu un C-OSS, que é único organismo onde os solicitantes poden solicitar e recibir capacidade de infraestrutura para trens internacionais de mercadorías no corredor. O C-OOS é o único responsable de realizar todas as actividades relacionadas coa decisión de publicación e designación con respecto ás aplicacións de PaPs e RC; en nome dos administradores o C-OSS realiza as súas tarefas de forma non discriminatoria e garda a confidencialidade respecto dos solicitantes. O idioma oficial do C-OSS para a comunicación é o inglés.

O C-OSS encárgase, en nome dos Administradores de Infraestruturas do Corredor, das tarefas relacionadas coa xestión de capacidade internacional, tales como, entre outras: coordinación da fase de pre-deseño da oferta PaP, publicación dos sucos PaPs, recepción das solicitudes de capacidade, reserva dos PaPs solicitados, coordinación da fase de deconstrución e da fase de asignación dos Horarios de Servizo, tamén executa coordinación da fase de asignación no caso de solicitudes fóra de prazo e da fase

de asignación de solicitudes ad-hoc segundo o establecido no Documento de Información do Corredor.

O marco para a asignación da capacidade fundaméntase no Artigo 14.1 do Regulamento, os Consellos Executivos dos Corredores ferroviarios de mercadorías acordaron un marco común para a asignación de capacidade (FCA). Estes documentos están dispoñibles no CIP en https://cip-online.rne.eu/. A FCA constitúe a base para a asignación de capacidade por parte do C-OSS.

O Corredor aplica os prazos internacionais definidos por RNE para a presentación de solicitudes de capacidade, así como para a asignación de sucos (para o calendario do Corredor, ver http://www.rne.eu/sales-timetabling/timetabling-calender/. Os PAP son unha oferta conxunta de rutas transfronteirizas coordinadas para o Horario de Servizo, producido polos administradores de infraestrutura participantes no Corredor. O C-OSS actúa como un punto de contacto único para a publicación e asignación de PaPs.

Os servizos relacionados co ferrocarril son servizos específicos cuxa asignación segue as normas nacionais, polo que as solicitudes deben ser presentadas directamente aos administradores de infraestruturas interesados. Igualmente, os contratos de acceso á rede son celebrados entre o administrador da infraestrutura e o solicitante en función das condicións nacionais de acceso á rede.

O Administrador de infraestruturas participa en dous Corredores Ferroviarios Europeos de Mercadorías, o Atlántico e o Mediterráneo, en conformidade co establecido no Regulamento.

### Corredor Atlántico

O catálogo de sucos internacionais de mercadorías deste corredor está dispoñible en:

https://www.atlantic-corridor.eu/library/public-documents/

### Corredor Mediterráneo

O catálogo de sucos internacionais de mercadorías deste corredor está dispoñible en:

https://www.medrfc.eu/our-services/commercial-offer/

# 4.11. Asignación de Intervalos Horarios para a Realización de Probas con Entrega de Vía Bloqueada

En conformidade co Artigo 133. Circulación para probas, ensaios e traslados, apartado 1, do Real Decreto 929/2020, de 27 de outubro, sobre seguridade operacional e interoperabilidade ferroviarias, a realización de probas, ensaios ou traslados na Red Ferroviaria de Interés General por un vehículo ferroviario que non teña unha autorización de posta no mercado que os ampare, require, segundo os casos establecidos neste artigo, unha autorización provisional da Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria ou que o Administrador de Infraestruturas da rede sobre a que se vaian realizar as probas outorgue un permiso de acceso á súa rede.

O citado Artigo 133 recolle o procedemento que se debe seguir.

O administrador de infraestruturas asignará intervalos horarios para realizar as probas de material rodante na RFIG, en explotación comercial, da súa titularidade, de acordo con criterios transparentes e non discriminatorios.

# 4.11.1. ÁMBITO DE APLICACIÓN E ALCANCE

Será de aplicación, con carácter xeral, a todas aquelas probas que requiran para a súa realización a entrega dunha vía bloqueada, requisito que se determinará na Consigna que regulará as probas.

En concreto, ás solicitudes de asignación de intervalos horarios para probas con entrega de vía bloqueada seguintes:

| TIPO DE PROBAS |
|---|
| Probas de prototipos de material motor/remolcado |
| Probas de validación de modificación do tren |
| Probas tipo/serie homologación de material motor/remolcado |
| Probas de cobertura e calidade de servizo para a rede GSM-R |
| Probas de homologación/validación de equipos embarcados ERTMS, ASFA Digital, etc. |
| Probas doutros equipos embarcados |

As empresas ferroviarias, antes de realizar as probas e uso das franxas horarias necesarias, deberán dispoñer da documentación técnica expedida polos organismos responsables, AESF, Dirección Corporativa de Seguridade na Circulación, etc. obrigatoria para a circulación do vehículo con entrega de vía bloqueada.

# 4.11.2. DESCRIPCIÓN DO PROCESO

## Modo de presentación da solicitude

O candidato que efectúa a solicitude declarará as persoas debidamente acreditadas que o representen para tales efectos, así como o domicilio social ao que o administrador de infraestruturas ferroviarias remitirá as oportunas notificacións e, se for o caso, presentará un documento que acredite a súa inscrición no Rexistro Especial Ferroviario (Art. 61 LSF)

As Empresas Ferroviarias deberán solicitar os intervalos horarios para realizar probas á Subdirección Territorial de Circulación correspondente, utilizando as ferramentas informáticas que o administrador de infraestruturas ferroviarias poña á súa disposición ou por correo electrónico, especificando o tempo de ocupación da vía por cada tramo solicitado, con 10 días útiles de antelación á realización da proba.

## Análisis e clasificación das solicitudes

As solicitudes recibidas ordenaranse segundo a data e hora da súa recepción.

O Administrador de infraestruturas analizará as solicitudes recibidas, tendo en conta os criterios de prioridade na asignación, tratando de atender todas as peticións das empresas solicitantes.

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 05/12/2023)

Se houber intervalos horarios dispoñibles para todos os clientes, asignaranse a eles.

Cando non for posible atender inicialmente as solicitudes por coincidencia de peticións nun mesmo período de tempo e tramo de liña, a asignación atenderase buscando o máximo aproveitamento das vías e as súas características técnicas, tendo en conta para a súa asignación, por orde descendente de prioridade, os seguintes:

### Criterios de prioridade na asignación

1. Probas dte compatibilidade como consecuencia de modificacións dos sistemas de sinalización que afecten a trens homologados, que xa realizan servizo comercial na RFIG (ASFA dixital, novas versións de ERTMS, etc.).
2. Probas de ampliación de Certificados de Seguridade vixentes para liñas da RFIG.
3. Probas de obtención de Certificados de Seguridade para liñas da RFIG.
4. Probas de compoñentes de interoperabilidade.
5. Probas de autorización de entrada en servizo de subsistemas de control ou mando e sinalización.
6. Probas de autorización de entrada en servizo de subsistemas de material rodante.
7. Probas de validación de modificación do tren.
8. Probas tipo/serie de homologación de material motor/remolcado.
9. Probas de prototipos de material motor/remolcado.

## Coordinación

Se durante o período previsto o administrador de infraestruturas comprobase que, unha vez aplicados os criterios de asignación previstos anteriormente, existen solicitudes incompatibles entre si, recurrirá a coordinalas para tratar de satisfacelas, para o que aplicará o proceso de coordinación establecido no artigo 8 da Orde FOM 897/2005, do 7 de abril, sobre a declaración sobre a rede e ao procedemento de adxudicación de capacidade de infraestrutura ferroviaria.

Na coordinación de solicitudes, o Administrador de infraestruturas resolverá os conflitos, e poderá propoñerlles aos candidatos asignacións alternativas de intervalos horarios de infraestruturas para probas que difiran do solicitado. Os solicitantes poderán aceptar ou rexeitar a proposta no prazo máximo de 3 días útiles desde que se lles notifique. Non obstante, para que a proposta do Administrador de Infraestruturas poida ser efectuada é preciso transmitir a todos os solicitantes implicados a asignación dos intervalos horarios e das fases de coordinación.

## Comunicación de los intervalos horarios para pruebas

El administrador de infraestructuras comunicará la asignación de los intervalos horarios para pruebas a los solicitantes. Los clientes comunicarán, a la mayor brevedad, O administrador de infraestruturas comunicaralles aos solicitantes a asignación dos intervalos horarios para probas. Os clientes comunicarán, o antes posible, calquera renuncia á asignación provisional do intervalo horario concedido.

Finalmente, no caso de que:

- Houber diferentes solicitantes para un mesmo intervalo horario; o administrador de infraestruturas elaborará unha acta de concesión de intervalos horarios para probas nas que se determinan as mesmas e a aceptación por parte dos solicitantes.
- Existir un único solicitante; o administrador de infraestruturas comunicará a través da ferramenta informática, se for o caso, ou por correo electrónico os intervalos horarios concedidos.

# 4.11.3. MANTEMENTO E CAUSAS EXCEPCIONAIS

Os intervalos horarios para probas poderán ser suspendidos ou modificados, previa comunicación aos clientes afectados, para tarefas de mantemento non programadas ou como consecuencia de incidencias, auscultación de vía, etc., sen que o adxudicatario poida reclamarlle ningún tipo de responsabilidade nin compensación económica ao administrador de infraestruturas.

Serán de exclusiva responsabilidade dos adxudicatarios calquera dano causado, con motivo da realización das probas á infraestrutura ferroviaria, así como dos danos directos e prexuízos directos ou indirectos que puidesen ser ocasionados tanto ao administrador de infraestruturas como a terceiros.

# 4.11.4. TARIFAS

A asignación de intervalos horarios para utilizar as liñas ferroviarias integrantes da RFIG para probas con entrega de vía bloqueada será liquidada aplicando os canons establecidos na Lei 38/2015, do Sector Ferroviario, aos trens-quilómetro incluídos na autorización que o administrador de infraestruturas ferroviarias expida para esa asignación.

A autorización de intervalos horarios para probas con entrega en vía bloqueada implica a adxudicación de capacidade para todos os quilómetros da vía que se vai utilizar e, segundo as prescricións de circulación determinados na Consigna publicada para o efecto, de todos os quilómetros da vía contigua e implica a circulación de todos os quilómetros autorizados, na medida na que a asignación destes intervalos horarios con entrega de vía bloqueada provocan a restrición do uso desa liña por todos os demais terceiros.

Os trens–quilómetro aos que se lle aplicarán os canons serán determinados segundo as seguintes premisas:

- En función da velocidade máxima da liña na que se realizarán as probas, será determinada a distancia máxima, medida en km, que podería percorrer un tren no intervalo horario asignado.
- Dado que as probas serán realizadas por medio da entrega de vía bloqueada, se as prescricións de circulación determinadas na Consigna publicada para o efecto esixen o bloqueo da vía contigua, os trens-quilómetro adxudicados serán determinados en función da distancia que se puidese percorrer, por ambas as vías, no intervalo horario asignado, segundo as características da liña na que se vaian realizar as probas.
- A determinación dos trens-quilómetro circulados será realizada calculando a distancia que podería percorrer un tren no intervalo horario asignado, en función das características da liña na que se vaian realizar as probas.

A liquidación dos canons será realizada aplicándolles aos trens-quilómetro calculados na forma anteriormente descrita, a tarifa unitaria vixente en cada momento.

Se unha vez asignado o intervalo horario con entrega de vía bloqueada, a empresa ferroviaria non utiliza todo o período horario asignado, por causas atribuíbles á empresa ferroviaria, facturaríase a totalidade do canon correspondente ao período asignado.

No caso de ser necesaria para realizar probas a apertura extraordinaria de estacións, aplicarase a tarifa vixente, recollida na Declaración sobre a Rede vixente en cada momento, correspondente ao Servizo Complementario SC-1, Transportes Excepcionais.

# 5 SERVICIOS E RÉXIME ECONÓMICO E TRIBUTARIO


5.1. Introdución

5.2. Principios Tarifarios/Precios

5.3. Paquete de Acceso Mínimo e Prexos

5.4. Servizos Básicos e Prezos

5.5. Servizos Complementarios e Prezos

5.6. Servizos Auxiliares e Prezos

5.7. Sancións e Incentivos Financieros

5.8. Sistema de Incentivos

5.9. Actualización ou Modificación de Taxas, Canons e Prezos

5.10. Formas de Pagamento


ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 05/12/2023)

# ÍNDICE


5.3.1 TASAS 123

5.3.2. CANONS FERROVIARIOS 126

5.7.1. SANCIÓNS POR MODIFICACIÓN DE SUCO 133

5.7.2. SANCIÓNS POR ALTERACIÓN DE SUCO 133

5.7.3. SANCIÓNS POR NON USO DE SUCO 133

5.7.4. SANCIÓNS POR CANCELACIÓN DE SUCO 133

5.7.5. INCENTIVOS / DESCONTOS 133

# 5.1. Introdución

AS EE.FF. e demais Candidatos teñen dereito a recibir de maneira non discriminatoria o acceso á infraestrutura, incluído o acceso por vía férrea ás instalacións e aos servizos que se prestan nelas, así como o paquete de acceso mínimo.

A Lei 38/2015, do 29 de setembro, do Sector Ferroviario, determina a estrutura das Taxas e Canons Ferroviarios, así como a dos prezos pola prestación de servizos Básicos Complementarios e Auxiliares.

En conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 26/2022, do 19 de decembro, pola que se modifica a Lei 38/2015 do Sector Ferroviario, Aplicación provisional dos canons vixentes e suspensión da entrada en vigor da modificación de determinadas sancións, seguirá sendo aplicable o sistema para determinar os canons ferroviarios vixentes, no momento de entrada en vigor desta lei, ata a aprobación e publicación oficial dos valores obtidos conforme o sistema establecido nesta

Os servizos que pode prestar o administrador de infraestruturas ferroviarias no seu ámbito de competencia son os seguintes:

- Paquete de Acceso Mínimo
- Servizos Básicos.
- Servizos Complementarios.
- Servizos Auxiliares.

# 5.2. Principios Tarifarios/ Prezos



Estes principios están apoiados nas seguintes figuras:

- Taxas e Canons Ferroviarios
- Prezos pola Prestación de Servizos Básicos, Complementarios e Auxiliares.

As Taxas ferroviarias satisfán os feitos impoñibles consistentes en prestar servizos incluídos na LSF.

A utilización das infraestruturas ferroviarias e instalacións de servizos de titularidade dos administradores xerais de infraestruturas ferroviarias dará lugar á recibir prestacións patrimoniais de carácter público non tributario que recibirán o nome de canons ferroviarios

Os canons ferroviarios gravan a utilización das infraestruturas ferroviarias e serán fixados en conformidade cos principios xerais de viabilidade económica das infraestruturas, explotación eficiente das mesmas, situación do mercado e equilibrio financeiro na prestación dos servizos e, de acordo cos criterios de igualdade, transparencia e non discriminación entre fornecedores de servizos de transporte ferroviario, tamén se garantirá que o sistema de canons utilizado se axusta aos mesmos principios en toda a rede.

A contía dos canons de acceso mínimo ás liñas ferroviarias integrantes da Rede Ferroviaria de Interese Xeral e de acceso a infraestruturas que conecten con instalacións de servizo será equivalente aos custos directamente imputables á explotación do servizo ferroviario.

Igualmente, o sistema de adicións e bonificacións recollido no artigo 97 terá en conta, para a explotación efectiva da Rede Ferroviaria de Interese Xeral, criterios que reflictan o grao de conxestión da infraestrutura e un correcto funcionamento desta, o fomento de novos servizos de transporte ferroviario, así como a necesidade de fomentar o uso de liñas infrautilizadas, garantindo, en todo caso, unha competencia óptima entre as empresas ferroviarias.

A contía dos canons esixidos pola utilización das instalacións de servizo de titularidade dos administradores xerais de infraestruturas ferroviarias non superará o custo da súa prestación máis un beneficio razoable, de acordo co Artigo 98 da LSF.

A prestación dos Servizos Básicos, Complementarios e Auxiliares está regulada na vixente Lei 38/2015, do 29 de setembro, do Sector Ferroviario, e no Regulamento do Sector Ferroviario (R.D. 2387/2004, do 30 de decembro), sempre que este último non se opoña ao incluído na citada lei.

## RÉXIME ECONÓMICO

A prestación dos Servizos ferroviarios Básicos, Complementarios e Auxiliares está suxeita ao pagamento de prezos, que son de carácter privado.

Segundo o Art. 101 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do Sector Ferroviario, os prezos por acceder por vía férrea a unha instalación de servizo e pola prestación dos servizos básicos non poderán superar o custo da súa prestación mais un beneficio razoable.

Os servizos complementarios e auxiliares prestados nas instalacións de servizo estarán suxeitos a prezos libremente pactados entre as partes. Non obstante, cando tales servizos sexan fornecidos por un único provedor, os prezos que este aplique non poderán superar o custo da súa prestación mais un beneficio razoable.

Non serán devindicados prezos privados polos servizos e o acceso ás instalacións de servizo suxeitos ao pagamento dos canons ferroviarios regulados no Título VI da lei 38/2015 do Sector Ferroviario.

O establecemento e aplicación dos prezos estará rexido sempre polos principios de obxectividade, transparencia, igualdade de acceso e non discriminación das Empresas Ferroviarias e Candidatos.

Seranlle aboados os prezos dos servizos prestados polo administrador de infraestruturas ferroviarias e irán destinados a financiar súa actividade, sempre co obxectivo de garantir o equilibrio financeiro.

A política de prezos tenderá a crear unha dinámica que favoreza a contención dos gastos de explotación, e adaptará os investimentos aos requirimentos reais da demanda, evitando problemas de sobrecapacidade ou conxestión.

# 5.3. Paquete de Acceso Mínimo e Prezos

As EE.FF. e demais Candidatos terán dereito a recibir en condicións de igualdade o acceso á infraestrutura. En concreto, terán dereito a:

- Tramitar as solicitudes de capacidade de infraestrutura ferroviaria.
- Poñer a disposición a capacidade concedida.
- Utilizar a infraestrutura ferroviaria, incluídas bifurcacións e desvíos da rede.
- Controlar o tren, incluída sinalización, regulación, expedición, así como comunicación e subministración de información sobre circulación ferroviaria.
- Utilizar as instalacións de alimentación eléctrica para a corrente de tracción, cando estiveren dispoñibles.
- Información sobre os servizos de circulación de trens e posibles atrasos.
- Calquera outra información necesaria para introducir ou explotar o servizo para o que se concedeu a capacidade.

No Anexo K están detalladas as condicións xerais de uso dos Sistemas de Información, que o administrador de infraestrutura pon a disposición dos candidatos /empresas ferroviarias, tamén se determina que información lle deben facilitar os candidatos /empresas ferroviarias ao administrador de infraestrutura para poder desempeñar as súas funcións.

## 5.3.1. TAXAS

As Taxas ferroviarias satisfán os feitos impoñibles consistentes na prestación de servizos incluídos na LSF.

A continuación, detállanse as principais Taxas Ferroviarias vixentes, en conformidade co establecido na LSF.

### TAXAS DA AXENCIA ESTATAL DE SEGURIDADE FERROVIARIA

Segundo establece a LSF, a xestión, liquidación e recadación destas taxas correspóndelle á Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria.

Constitúe o feito impoñible destas taxas, a prestación dos servizos necesarios para outorgar as homologacións, certificacións, expedir títulos ao persoal ferroviario, expedir Licenzas de empresa ferroviaria, Certificados de Seguridade ás empresas ferroviarias e Autorizacións de Seguridade ao administradores de infraestruturas ferroviarias, pola Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria.

Estas taxas, recollidas no Título VI, Capítulo I, da LSF, son:

- Sección 1ª Taxa por licenza de empresa ferroviaria.
- Sección 2ª Taxa por outorgamento de autorización de seguridade e de certificado de seguridade.

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 05/12/2023)

- Sección 3ª Taxas por homologación de centros, certificación de entidades e material rodante, outorgamento de títulos e licenzas, autorizacións de entrada en servizo e inscrición de vehículos.
- Sección 4ª Taxa pola prestación de servizos e realización de actividades en materia de seguridade ferroviaria.

# TAXAS DOS ADMINISTRADORES DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS

Segundo establece a LSF, a xestión e liquidación destas taxas correspóndelles aos Administradores de Infraestruturas Ferroviarias:

- Art. 93 Taxa pola utilización ou aproveitamento especial de bens de dominio público ferroviario.

Constitúe o feito impoñible da taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens de dominio público ferroviario realizados mediante concesións e autorizacións.

- Disposición Adicional 24ª Taxa por informes e outras actuacións.

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación de informes técnicos, expedición de certificados e demais actuacións facultativas no artigo cuarto do Decreto 140/1960, do 4 de febreiro, polo que se valida a taxa por informes e outras actuacións que deban ser realizadas nas tramitacións instadas perante os administradores de Infraestruturas Ferroviarias.

## Taxa pola utilización ou aproveitamento especial de bens de dominio público ferroviario

Constitúe o feito impoñible da taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens de dominio público ferroviario realizados mediante concesións e autorizacións.

Non se esixirá o pagamento da taxa ás persoas físicas ou xurídicas distintas das sociedades de capital, cando a utilización privativa ou aproveitamento especial de bens de dominio público non supoña unha utilidade económica para o concesionario, persoa autorizada ou adxudicatario ou, aínda que dita utilidade existise, o uso ou o aproveitamento implique para o beneficiario condicións ou contraprestacións que o anulen ou o fagan irrelevante. Esta circunstancia será reflectida nos pregos de condicións ou cláusulas da autorización ou concesión.

Os administradores de infraestruturas ferroviarias estarán exentos do pagamento desta taxa.

A devindicación da taxa producirase co outorgamento inicial e mantemento anual da concesión, autorización ou adxudicación e será esixible na contía que corresponda e nos prazos sinalados nas condicións da concesión, autorización ou adxudicación.

Serán suxeitos pasivos da taxa os concesionarios, persoas autorizadas ou adxudicatarios ou, de ser o o caso, quen se subrogue no seu lugar.

A Lei 26/2022, do 19 de decembro, modificou o Artigo 93.6 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do Sector Ferroviario e, desde o 1 de xaneiro de 2023, as cantidades da Taxa pola utilización ou aproveitamento especial de bens do dominio públicos:

| MODALIDADE DE UTILIZACIÓN OU APROVEITAMENTO | BASE IMPOÑIBLE | TARIFA |
|---|---|---|
| Subsolo ou voo utilizado para cruces transversais de redes de subministración. | Metro cadrado | 0,15 €/m²-mes |
| Subsolo ou voo utilizado por redes de subministración do sistema ferroviario. | Metro cadrado | 0,05 €/m²-mes |
| Resto de usos do subsolo e voo. | Metro cadrado | 0,30 €/m²-mes |
| Solo clasificado urbanisticamente como non urbanizable utilizado por instalacións de subministración. | Metro cadrado | 0,35 €/m²-mes |
| Solo clasificado urbanisticamente como urbano ou urbanizable utilizado por instalacións de subministración. | Metro cadrado | 0,68 €/m²-mes |
| Solo utilizado por instalacións de subministración para o sistema ferroviario independentemente da súa clasificación urbanística. | Metro cadrado | 0,05 €/m²-mes |
| Suelo clasificado urbanísticamente como no urbanizable para conexiones de instalaciones de servicio ferroviarias y cargaderos con la red ferroviaria. | Metro cadrado | 0,05 €/m²-mes |
| Solo clasificado urbanisticamente como non urbanizable para conexións de instalacións de servizo ferroviarias e zonas de carga coa rede ferroviaria. | Metro cadrado | 0,20 €/m²-mes |
| Solo clasificado urbanisticamente como non urbanizable para instalacións de servizos recollidas no apartado 1 do artigo 42 desta lei. | Metro cadrado | 0,30 €/m²-mes |
| Solo clasificado urbanisticamente como urbano ou urbanizable para instalacións de servizos recollidas no Apartado 1 do artigo 42 desta lei. | Metro cadrado | 0,60 €/m²-mes |
| Outras ocupacións de solo clasificado urbanisticamente como non urbanizable. | Metro cadrado | 0,40 €/m²-mes |
| Outras ocupacións de solo clasificado urbanisticamente como urbano ou urbanizable. | Metro cadrado | 0,70 €/m²-mes |

A cota tributaria será o resultado de aplicar á base impoñible as tarifas anteriores por mes ou fracción de mes por cada metro cadrado de superficie ocupada segundo a modalidade de uso ou aproveitamento.

O administrador de infraestruturas ferroviarias liquidará esta taxa por anos naturais, agás as devindicacións por períodos inferiores ao ano natural, que o serán por esa fracción de ano.

# 5.3.2. CANONS FERROVIARIOS

Os Canons Ferroviarios son as cantidades que os administradores de infraestruturas perciben das empresas ferroviarias por usar as liñas da Rede Ferroviaria de Interese Xeral (RFIG), as estacións de viaxeiros, terminais de carga e outras instalacións de servizo.

A Lei 26/2022, do 19 de decembro, pola que se modifica a Lei 38/2015, do 29 de setembro, do Sector Ferroviario, introduciu modificacións no seu CAPÍTULO II,

Canons ferroviarios e prezos derivados da utilización de infraestrutura ferroviaria e instalacións de servizo.

Non obstante, en conformidade coa Disposición transitoria primeira da precitada Lei 26/2022, Aplicación provisional dos canons vixentes e suspensión da entrada en vigor da modificación de determinadas sancións, seguirá sendo aplicable o sistema para determinar os canons ferroviarios vixentes no momento da entrada en vigor desta lei, ata a aprobación e publicación oficial dos valores obtidos de acordo co sistema establecido na mesma.

## MARCO NORMATIVO

A continuación resúmese a normativa aplicable considerada para cuantificar os canons ferroviarios e fixar as correspondentes tarifas:

### EXENCIÓN LINGÜÍSTICA NAS SECCIÓNS FRONTEIRIZAS

En conformidade co Regulamento (UE) 2019/554 da Comisión, do 5 de abril de 2019, polo que se modifica o anexo VI da Directiva 2007/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre a certificación dos maquinistas de locomotoras e trens no sistema ferroviario da Comunidade, e concretamente en relación co punto 3, apartado a) do citado Regulamento, que contempla o caso da excepción lingüística nas operacións ferroviarias realizadas nos tramos entre as fronteiras e estacións situadas nas súas proximidades designadas para operacións transfronteirizas, o administrador de infraestrutura establece o seguinte procedemento:

- A empresa ferroviaria poderá solicitar unha excepción dirixíndose á Dirección de Tráfico do Administrador de Infraestruturas.
- O administrador da infraestrutura concederá unha excepción se a empresa ferroviaria demostrar que estableceu mecanismos suficientes para garantir a

comunicación activa e eficaz entre o maquinista e o responsable de circulación en situacións rutineiras, degradadas e de emerxencia, utilizando as mensaxes e o método de comunicación especificados na ETI "Explotación e xestión do tráfico".

- Para garantir un trato xusto e equitativo dos solicitantes, tanto a solicitude por parte da Empresa Ferroviaria como a súa avaliación polo administrador de infraestruturas, será realizada tomando como referencia a metodoloxía de análise de riscos incluída no Regulamento 402/2013.

Igualmente, o administrador de infraestrutura contempla a posibilidade de que unha ou varias empresas ferroviarias, en cooperación con un ou varios administradores de infraestruturas ("solicitantes"), poidan executar proxectos piloto para probar medios alternativos que garantan a comunicación efectiva requirida neste marco entre maquinista e persoal de circulación, segundo o procedemento establecido no citado Regulamento (UE) 2019/554.

## NORMATIVA BÁSICA DE CIRCULACIÓN

En conformidade co Artigo 5 do R.D. 929/2020, á circulación sobre a Rede Ferroviaria de Interese Xeral será aplicable o Regulamento de Circulación Ferroviaria aprobado polo Real Decreto 664/2015, do 17 de xullo, as normas que en materia de seguridade aprobe o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, así como as disposicións para o desenvolvemento do Regulamento de Circulación Ferroviaria recollidas nel.

Para dispoñer desta información actualizada, consultar a páxina web da Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria (AESF): https://www.seguridadferroviaria.es/

**Normativa complementaria ao RCF:**

Para determinar con precisión as condicións de operación da infraestrutura ferroviaria, a AESF, os AI e as EF poderán elaborar documentación regulamentaria que, complementariamente ao RCF, permita:

a) Establecer criterios que faciliten a súa aplicación

b) Adaptar a súa aplicación a casos concretos

c) Identificar e reducir os riscos, minimizando as súas consecuencias.

Con base nestes criterios, a documentación regulamentaria básica, complementaria ao Regulamento de Circulación Ferroviaria, elaborada polo administrador de infraestruturas ferroviarias, estará composta, fundamentalmente, polos seguintes documentos

- Consignas.
- Avisos.
- Horarios dos trens.

A documentación de circulación regulamentaria, actualizada en cada momento, publicada polo Administrador de infraestruturas está dispoñible na aplicación informática **RGD** (Rexistro Xeral de Documentos Regulamentarios).

Deberá terse en conta, como documentación de referencia, o resto de normativa legal ou regulamentaria aplicable.

A normativa nacional e europea aplicable en materia de seguridade e interoperabilidade ferroviarias debe consultarse na web oficial da Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria (AESF):

- Normativa nacional: https://www.seguridadferroviaria.es/normativa/normativa-nacional/normativa-general-ferroviaria.
- Normativa europea: https://www.seguridadferroviaria.es/normativa/normativa-europea/normativa-en-materia-de-seguridad.

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 05/12/2023)

# 6.3. Medidas Operativas

## 6.3.1. PRINCIPIOS

O control do tráfico será realizado polo administrador de infraestruturas ferroviarias co obxectivo de axustar a circulación real de trens ao máximo ás capacidades asignadas.

Para realizar eficazmente esta tarefa, as EE.FF. estarán obrigadas a facilitarlle ao administrador de infraestruturas ferroviarias toda a información que lles sexa requirida, en tempo e forma oportunos, previamente á saída do tren e durante o seu traxecto. Se as características técnicas do tren non coincidisen coas que figuraban na solicitude para a que se obtivo capacidade, o administrador de infraestruturas ferroviarias poderá adoptar as medidas de desregulamentación oportunas e mesmo impedir a súa circulación.

En particular, establecerase entre o administrador de infraestruturas ferroviarias e as EE.FF. un acordo de tráfico no que se designarán as persoas ou entidades autorizadas capaces de tomar rapidamente decisións operativas, en particular no tocante ás operacións e interrupcións de tráfico.

## 6.3.2. REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO

### Criterios para o Control do Tráfico

O control de tráfico debe basearse en principios transparentes e non discriminatorios. Xa que o obxectivo primordial é garantir a máxima puntualidade de acordo coa capacidade asignada, o administrador de infraestruturas ferroviarias poderá aplicar, cando o considerar oportuno, os seguintes criterios de regulación:

- Preferencia dos trens que obtiveron capacidade sobre os trens que non reservasen capacidade.
- Preferencia dos trens que circulan no seu suco sobre os que circulan con atraso, co obxectivo de minimizar a propagación de atrasos á malla (contaminación da malla).
- Preferencia no caso de perturbacións no tráfico ferroviario por fallos técnicos, accidentes ou calquera outra incidencia. Neste caso, serán adoptadas as medidas oportunas para restablecer a situación de normalidade, segundo o establecido no Art. 37 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do Sector Ferroviario.

## 6.3.3. PERTURBACIÓNS DO TRÁFICO

Nas normas aplicables para o control do tráfico sinálase que a puntualidade non é responsabilidade exclusiva do administrador de infraestruturas ferroviarias. As EE.FF. teñen un papel moi importante para garantir que os trens (propios ou doutras EE.FF.) circulen sen atraso. Por ese motivo, o administrador de infraestruturas ferroviarias promoverá a subscrición de convenios de calidade celebrados coas diferentes EE.FF. nos que se poderán establecer obxectivos de calidade do servizo e compromisos de actuacións para conseguilos.

En conformidade co establecido no Art. 37 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do Sector Ferroviario, e o Art. 6.1 do RD 929/2020, do 27 de outubro, sobre seguridade operacional e interoperabilidade ferroviarias, cando se produza unha perturbación no tráfico ferroviario por motivos dun fallo técnico, un accidente ou calquera outra incidencia, o administrador de infraestruturas ferroviarias deberán adoptar todas as medidas oportunas para restablecer a normalidade.

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 05/12/2023)

A entidade pública empresarial Adif conta cun **"Plan de Continxencias"** que conta coa aprobación do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible. O Plan de Continxencias é o conxunto de procedementos alternativos á operativa habitual, cuxa finalidade é permitir o seu funcionamento, aínda que algunhas das súas funcións ou instalacións deixan de facelo por culpa dalgún incidente, tanto interno como alleo á organización, e cuxa misión é crear un plan xeral de actuación para ordenar e resolver calquera continxencia que perturbe o normal desenvolvemento do tráfico ferroviario, desde os planos preventivo, predictivo e correctivo. Contén, entre outros, o marco xeral de actuación, os criterios da prioridade na regulación do tráfico no caso de continxencias, as actuacións recomendadas, os plans de aviso aos órganos do administrador de infraestruturas e os organismos das Administracións Públicas, os mapas de risco, xunto con outros plans e protocolos que complementen e desenvolvan o devandito Plan de Continxencias.

Os criterios de Prioridade na Regulación de Tráfico nos supostos de Continxencias figuran recollidos no Anexo I do "Plan de Continxencias do Administrador de infraestruturas" e están baseados nos seguintes principios:

- Principio de trato non discriminatorio: Para evitar o trato non discriminatorio por razóns de pertenza a unha EF, a definición dos criterios de prioridade é realizada en función das circunstancias que provocan que un tren ocupe un posto preferente, en cada suposto de feito, desligado do titular da licenza. Posición preferente que pode ocupar indistintamente cada unha das EE.FF en cada unha das continxencias.
- Principio de Xerarquía: O CGRH24, como superior xerárquico dos PM, poderá alterar a devandita orde en calquera momento, motivadamente e por causas debidamente xustificadas.
- Principio de publicidade: Estes criterios serán dados a coñecer aos intervenientes no proceso de regulación dos trens (EE.FF., outros candidatos, etc.). Ademais, cando non se sigan por algún motivo estes criterios, darase a coñecer a través da confección da ficha de incidencias.
- Principio de obxectividade: A toma de decisións basearase en datos obxectivos e que estean en poder do CGRH24 e dos PM no momento da decisión.
- Principio de regulación: O obxectivo da regulación do tráfico é conseguir que todos os trens cheguen ao seu destino na hora fixada no plano de transporte, ou dentro da marxe de puntualidade establecida. Para iso terase en conta a marxe real de regularidade dispoñible de cada tren en circulación.
- Principio de proporcionalidade: As decisións serán ponderadas en conformidade coas situacións nas que se tomen e das consecuencias que teñen para as EE.FF e evitaranse importantes danos a unhas para evitar danos leves a outras.

Do mesmo xeito que no seu Anexo III do "Plan de Continxencias do Administrador de Infraestruturas", aparecen recollidos os responsables e teléfonos por períodos de tempo para cada unha das EE.FF. e do Administrador de Infraestruturas con quen contactar no caso de continxencia no desenvolvemento da circulación ferroviaria.

As EE.FF. están obrigadas a completar o seu Certificado de Seguridade, en conformidade co disposto no artigo 13.3.l, do Real Decreto 929/2020, do 27 de outubro, a establecer un Plan de Continxencias acordado co administrador de infraestruturas ferroviarias. Para máis información sobre este asunto pódese consultar o Directorio, apartado 1.6.

Ao abeiro do punto 7 do Anexo VII da Decisión Delegada 2017/2075, no caso dos trens que crucen dunha rede a outra cuxa chegada se vaia producir cunha demora previsible non superior a dez horas, e, a partir do 14 de decembro de 2019, de dezaoito horas, o administrador de infraestruturas da outra rede non considerará cancelado o suco ferroviario nin pedirá que se solicite outro suco ferroviario, aínda que decida asignar un suco ferroviario distinto, agás cando o candidato comunicar ao administrador de infraestruturas que o tren non cruzará á outra rede.

No caso de emerxencia, e cando for absolutamente necesario, por unha inutilización temporal da infraestrutura, o administrador de infraestruturas ferroviarias poderá, sen previo aviso, suprimir, desviar ou modificar os sucos durante o tempo necesario para restablecer a normalidade do sistema e realizar urxentemente as reparacións oportunas, e informar o antes posible ás EE.FF. e aos Candidatos para os efectos que se consideren oportunos. En tal caso, nin os Candidatos nin as EE.FF. terán dereito a esixir compensación nin indemnización ningunha, en conformidade co Art. 37 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do Sector Ferroviario.

En conformidade co Art. 37 LSF e o Art. 6 R.D. 929/2020, as empresas ferroviarias estarán obrigadas a poñer a disposición do administrador de infraestruturas ferroviarias os recursos que considere oportunos e a prestarlle a colaboración que lles sexa requirida. Sexa como for, tanto o administrador de infraestruturas ferroviarias como as EE.FF. actuarán en coordinación e colaboración mutuas para garantir o servizo e atención aos clientes da forma máis eficaz posible.

# 6.4. Aplicacións Informáticas

## ÁMBITO RFIG

**DaVinci:** Sistema de control e xestión do tráfico ferroviario en liñas de alta velocidade.

O sistema DaVinci constitúe unha plataforma de operación e explotación ferroviaria que permite a integración dos distintos sistemas necesarios para a xestión ferroviaria.

Desde o punto de vista funcional, este sistema integra, entre outros, os subsistemas de telemando (sinalización, enclavamentos, enerxía, ERTMS, detectores, comunicacións), a planificación da operación, seguimento da circulación en tempo real, encamiñamento automático de trens, axuda na regulación do tráfico, estatísticas, enerxía; que comparten e intercambian información e poden ser controlados desde un Posto de Mando/ Centro de Regulación e Control (CRC).

**GTRENES:** Aplicación para a xestión de trens no tocante ás súas composicións e características, así como ás alteracións que sufran no seu percorrido segundo o plano de transporte en períodos inferiores a un día. Está dispoñible para todas las EE.FF., telematicamente, mediante protocolos de conexión segura.

**SITRA:** Sistema Integrado de Tráfico.

Sistema que permite, entre outras funcións, a determinación dos puntos de cruce e adiantamento de trens nos procesos de regulación e xestión de tráfico de todos os postos de mando. Ademais, informa sobre a situación e o posible atraso que poidan rexistrar os trens en circulación en cada momento e facilítalles a información aos viaxeiros.

**AGER:** Aplicación para o seguimento do paso por estacións e composicións, aquí vólcase a información gravada polos operadores en GTRENES.

**RGD:** Aplicación informática para xestionar e distribuír a documentación regulamentaria complementaria ao Regulamento de Circulación Ferroviaria (RCF) publicado polo Administrador de infraestruturas. Funciona, ademais, como repositorio dos citados documentos, xestor de comunicacións de publicación dos mesmos e os seus correspondentes xustificantes de recepción dirixidos ás EE.FF.

## ÁMBITO RNE

### Charging Information System (CIS)

CIS é unha aplicación para proporcionar información sobre os canons da infraestrutura ferroviaria destinada a solicitantes de capacidade, proporcionada polos administradores de infraestrutura e os organismos adxudicadores. Esta aplicación web ofrece información sobre os canons relacionados co uso de infraestruturas ferroviarias europeas de forma rápida e estima o prezo de sucos internacionais.

O acceso a CIS é gratuíto e non hai necesidade de rexistrarse.

Pódese encontrar máis información en http://cis.rne.eu

ou pódese solicitar a través de RNE CIS Support: support.cis@rne.eu

### Train Information System (TIS)

TIS é unha aplicación web que apoia a xestión do tráfico internacional mediante información en tempo real dos trens internacionais. Os datos de relevancia son obtidos directamente dos sistemas do administrador de infraestrutura. Os administradores de infraestruturas envían os datos a TIS, onde toda a información procedente dos administradores de infraestruturas combínase para un recorrido dun tren desde a saída ou orixe ata o destino final. Deste xeito, un tren pode ser monitorizado de principio a fin a través das fronteiras.

As empresas ferroviarias e os operadores de instalacións de servizos tamén poden acceder ao TIS mediante a sinatura do Acordo de Usuario do TIS con RNE. Ao asinar este Acordo, o Usuario de TIS acepta que RNE comparta información de trens cos Usuarios de TIS que cooperan. O Usuario de TIS terá acceso aos datos relativos aos seus propios trens e aos trens doutros Usuarios de TIS se cooperan na mesma circulación de trens (é dicir, o intercambio de datos por defecto).

O acceso a TIS é gratuíto. Pódese solicitar unha conta de usuario a través de RNE TIS Support: support.tis@rne.eu

Pódese encontrar máis información en http://tis.rne.eu

### International Contingency Management (ICM)

ICM é unha aplicación web que se ocupa da xestión internacional de continxencias, actualmente non é aplicable no ámbito da Rede xestionada polo Administrador de infraestruturas.

# 7

# INSTALACIÓNS DE SERVIZO

7.1 Introdución

7.2 Consideracións Xerais sobre as Instalacións de Servizo

7.3 Instalacións de Servizo

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 28/02/2024)

# ÍNDICE


7.3.1. DISPOSICIÓNS COMÚNS 159
7.3.2. ESTACIÓNS DE VIAXEIROS 175
7.3.3. TERMINAIS DE CARGA 228
7.3.4. INSTALACIÓNS DE FORMACIÓN DE TRENS INCLUÍDAS INSTALACIÓNS PARA MANOBRAS 238
7.3.5. VÍAS DE APARTADO 239
7.3.6. INSTALACIÓNS DE MANTEMENTO 240
7.3.7. OUTRAS INSTALACIÓNS TÉCNICAS (INSTALACIÓNS PARA MANTEMENTO, LIMPEZA E LAVADO, ETC.) 240
7.3.8. INSTALACIÓNS PORTUARIAS MARÍTIMAS E FLUVIAIS 241
7.3.9. INSTALACIÓNS DE SOCORRO 241
7.3.10. INSTALACIÓNS DE APROVISIONAMENTO DE COMBUSTIBLE 242
7.3.11. OUTRAS INSTALACIÓNS FERROVIARIAS CONECTADAS Á RFIG (PORTOS E ZONAS DE CARGA) 243
7.3.12. INSTALACIÓNS PARA CAMBIO DE EIXES 244
7.3.13. TERMINAIS DE CARGA INTERMODAL 246
7.3.14. TERMINAIS DE CARGA DE MERCADORÍA XERAL (PUNTOS DE CARGA) 246
7.3.15. MODELOS PARA A SOLICITUDE DOS SERVIZOS E ANEXOS 247

# 7.1. Introdución

Son instalacións de servizo, para os efectos do disposto no Art. 42.1 da Lei 38/2015, do Sector Ferroviario, as seguintes:

a) As estacións de viaxeiros, así como os seus edificios e instalacións conexas, incluídos os paneis de información sobre viaxes e unha localización axeitada para a venda de billetes.

b) Os terminais de carga.

c) As estacións de clasificación e as instalacións de formación de trens, incluídas as instalacións para manobras.

d) As vías de apartado, incluídas as vías situadas en estacións de viaxeiros cando se utilicen para este fin.

e) As instalacións de mantemento, agás as instalacións de mantemento pesado dedicadas a trens de alta velocidade ou outros tipos de material rodante que requiran instalacións específicas.

f) Outras instalacións técnicas, incluídas as instalacións de lavado e limpeza.

g) Instalacións portuarias, marítimas e fluviais vinculadas a actividades ferroviarias.

h) Instalacións de socorro.

i) Instalacións de aprovisionamento de combustible e subministración de combustible nesas instalacións.

j) Cambiadores de eixes.

EO 23 de novembro de 2017 publicouse no Diario Oficial da Unión Europea o Regulamento de Execución (UE) 2017/2177 da Comisión, do 22 de novembro de 2017, sobre o acceso ás instalacións de servizos e aos servizos ferroviarios conexos.

Este Regulamento establece normas detalladas sobre o procedemento e os criterios que se deben seguir para acceder ás instalacións de servizo e aos servizos que nelas se prestan, recollidos nos puntos 2, 3 e 4 do anexo II da Directiva 2012/34/UE, así como os procedementos básicos sobre tramitación e coordinación de solicitudes e os requisitos en materia de publicación da información.

En conformidade co artigo 4 do Regulamento de Execución (UE) 2017/2177, os explotadores de instalacións de servizo elaborarán unha descrición das instalacións de servizo e dos servizos dos que foren responsables, que deberá incluír a información que nel se cita.

Os explotadores das instalacións de servizo publicarán, gratuitamente, a descrición das instalacións de servizo nas súas páxinas web, e comunicaranlle ao administrador de infraestruturas ferroviarias a correspondente ligazón para a súa publicación na Declaración sobre a Rede.

A CNMC, mediante Resolución STP/DTPS/118/18, do 23 de xaneiro de 2019, publicou os principios decisorios comúns para a aplicación dos criterios incluídos no apartado 2 do Artigo 2.

O acceso ás instalacións de servizo e á prestación de servizos está regulado pola Lei 38/2015, do 29 de setembro, do Sector Ferroviario e polo Regulamento de Execución (UE) 2017/2177 da Comisión, do 22 de novembro de 2017, sobre o acceso ás instalacións de servizo e aos servizos ferroviarios conexos.

Os administradores de infraestruturas ferroviarias e restantes explotadores das instalacións de servizo facilitarán, de forma non discriminatoria, a todas as empresas ferroviarias e aos demais candidatos o acceso, incluído o acceso por vía férrea, a estas instalacións e aos servizos que nelas se presten.

O acceso ás instalacións de servizo implicará a pertinente solicitude de capacidade ao operador, que a asignará segundo criterios transparentes e non discriminatorios. Para cada instalación de servizo solicitada e antes do inicio da súa utilización, o candidato deberá dar o seu consentimento ás condicións de uso da instalación, para preservar a explotación ordenada, eficiente e segura das instalacións.

As solicitudes das empresas ferroviarias e do resto de candidatos para acceder ás instalacións de servizo e aos servizos prestados nelas, deberán ser respondidas polos explotadores no prazo máximo de 1 mes a partir do día útil seguinte ao da recepción da solicitude polo explotador. A solicitude formulada deberá ser completa e conter toda a documentación requirida polo explotador no documento descritivo da instalación.

O prazo anterior aplicarase para as solicitudes de acceso ás instalacións de servizo para a prestación de todos os servizos (básicos, complementarios e auxiliares).

No caso de solicitudes de acceso ás instalacións de servizo vinculadas cun suco na infraestrutura ferroviaria "ad hoc", o prazo máximo de resposta será de 5 días útiles desde a súa recepción.

As solicitudes só poderán ser denegadas se existen alternativas viables que permitan ás empresas ferroviarias explotar os servizos de transporte de viaxeiros ou mercadorías nos mesmos itinerarios ou en itinerarios alternativos en condicións economicamente aceptables. Non obstante, isto non implicará a obriga para o responsable da instalación de servizo de realizar os investimentos en recursos ou equipamentos que foren precisos para atender todas as solicitudes formuladas.

# 7.2. Consideracións Xerais sobre as Instslacións de Servizo

As condicións de acceso ás instalacións de servizo conectadas á rede do administrador de infraestruturas están especificadas **na Relación de instalacións de servizo**, dispoñibles na páxina web do Administrador de Infraestruturas como anexo a esta DR. Alí están recollidas todas as instalacións do servizo, tanto as do administrador de infraestruturas ferroviarias como as doutros explotadores e agrúpanse en conformidade cos seguintes tipos de instalacións:

- Estacións de viaxeiros (os requisitos xerais e condicións de acceso indicaranse no apartado 7.3.2.5 e o procedemento no apartado 7.3.2.6).
- Estacións de viaxeiros (proximidades e largo métrico-RAM).
- Terminais de carga (os requisitos xerais e as condicións de acceso indícanse na aplicación PISERVI).
- Instalacións portuarias, marítimas e fluviais conectadas con actividades ferroviarias.
- Instalacións de mantemento.
- Instalacións de uso privado conectadas con RFIG.
- Cambiadores de largo e eixes.

Para facilitar o acceso á información sobre as características técnicas das instalacións do servizo, Adif desenvolveu unha aplicación informática denominada PISERVI, Portal de Instalacións de Servizo, dispoñible na web do administrador como anexo a esta DR. https://www.adif.es/sobre-adif/conoce-adif/declaracion-sobre-la-red

PISERVI permite acceder á información sobre as instalacións de servizo: terminais de carga, estacións de viaxeiros, instalacións de mantemento, zonas de carga privadas, cambiadores de eixes, etc., mediante buscas selectivas a partir de criterios como: localización xeográfica, tipo de instalación, tipo de servizo, etc., o que facilita a planificación dos servizos ferroviarios por parte das empresas ferroviarias e outros operadores loxísticos.

Igualmente, conta cun mapa interactivo da Rede Ferroviaria de Interese Xeral (RFIX) coa capacidade de combinar distintos criterios de busca. Neste caso, as instalacións resultantes das buscas estarán representadas no visor de mapas e poderase seleccionar e visualizar a súa Ficha Descritiva.

**O Catálogo da Oferta de Capacidade nas instalacións de servizo** correspondentes ás vías que o administrador de infraestruturas ferroviarias pon a disposición das EE.FF. agrupa as instalacións segundo a súa funcionalidade, describe as súas características, detallando, entre outros datos, o código da estación e, no caso das estacións de viaxeiros, a categoría na que está clasificada. Este catálogo está dispoñible como anexo a esta DR e é actualizado periodicamente na aplicación SYACIS.

* Catálogo da Oferta de Capacidade nas instalacións ámbito Xeral.
* Catálogo da Oferta de Capacidade nas instalacións Rede de Largo Métrico.

En ambos os Catálogos as instalacións están agrupadas en:

- Todas as Estacións de Viaxeiros/Terminais de Carga coas funcionalidades de vía ofrecidas.
- Instalacións con Vías de Apartado.
- Instalacións con Vías de Manobras.
- Instalacións con Vías de Mantemento/Lavado.
- Instalacións con Vías de Subministración de Combustible.
- Instalacións con Punto de Carga de Mercadorías.
- Estacións de Viaxeiros con Vías con plataforma para operacións tipo A/B.

# 7.3. Instalacións de Servizo

O acceso aos servizos prestados nas instalacións de servizos xestionadas polo administrador de infraestruturas ferroviarias, ás empresas ferroviarias e demais candidatos, baséase nos seguintes principio:

1. Tipoloxía do servizo de transporteto no discriminatorio: para que las EE.FF. y Candidatos accedan a los distintos servicios en igualdad de condiciones.
2. Transparencia: publicando os servizos, ofrecendo todas as posibilidades de servizos nas instalacións do servizo e especificando as súas condicións de prestación e prezos.
3. Flexibilidade: adaptación a novos escenarios de explotación: variación da demanda, do número de operadores, novas tecnoloxías, novos servizos, etc.
4. Sostibilidade: económica, social e ambiental.

O administrador de infraestruturas ferroviarias pode prestar os seus servizos nas instalacións de servizo situadas en:

* Terminais de carga
* Estacións de viaxeiros
* Ámbito xeral da RFIG

Neste capítulo inclúense os servizos prestados nas instalacións de servizo xestionadas polo administrador da infraestruturas, especificando a descrición das prestacións, as restricións que, se for o caso, sexan de aplicación, o procedemento para a solicitude e adxudicación dos servizos, os prezos aplicables pola súa prestación, os principios e xerais e as condicións xerais que regulan o proceso de operación.

Por outra banda, e en relación co ámbito de prestación nos terminais de carga, esta información compleméntase coa dispoñible na páxina web do administrador de infraestruturas, segundo o especificado en cada un dos apartados onde se inclúe o enderezo web correspondente.

Seguidamente, pásanse a numerar e describir os servizos ferroviarios conexos prestados nas instalacións de servizo titularidade do administrador de infraestruturas ferroviarias, definidas no Art. 42 da Lei 38/2015, do Sector Ferroviario (LSF), que se estruturan, segundo a súa tipoloxía, en: Servizos Básicos, Servizos Complementarios e Servizos auxiliares.

## SERVIZOS BÁSICOS

Son básicos os servizos prestados en calquera das instalacións de servizo recollidas no Artigo 42 da LSF.

A súa prestación non é obrigatoria e as disposicións só son aplicables cando o servizo for ofrecido polo explotador.

Os Servizos Básicos ofrecidos en cada momento polo administrador de infraestruturas ferroviarias, a través da Declaración sobre a Rede, deberán ser prestados de maneira non discriminatoria a calquera empresa ferroviaria ou candidato que os solicite.

## SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Son Complementarios os servizos prestados nas instalacións de servizo, titularidade do administrador de infraestruturas ferroviarias, destinados a facilitar o funcionamento do sistema ferroviario, e prestaranse ás Empresas Ferroviarias e outros Candidatos segundo o establecido no Art. 44 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, sobre o Sector Ferroviario.

Os Servizos Complementarios ofrecidos en cada momento polo administrador de infraestruturas ferroviarias, a través da Declaración sobre a Rede, deberá prestalos de maneira non discriminatoria a calquera empresa ferroviaria que os solicite.

Estes servizos ofrécense dentro do ámbito xeral da RFIG e están definidos no capítulo 5 desta Declaración sobre a Rede.

## SERVIZOS AUXILIARES

Son Servizos Auxiliares os que as EE.FF. poden solicitar ao administrador de infraestruturas ferroviarias ou a outros provedores. O explotador da instalación de servizo non terá a obriga de prestar estes servizos, pero si ofrece a súa realización a algunha empresa ferroviaria, deberá prestalos de forma non discriminatoria a calquera empresa ferroviaria que os solicite.

Os Servizos Auxiliares son prestados nas instalacións de servizo titularidade do administrador de infraestruturas ferroviarias, ás Empresas Ferroviarias e outros Candidatos segundo o establecido no Art. 44 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, sobre o Sector Ferroviario. A prestación destes servizos será realizada en réxime de Dereito privado.

# 7.3.1. DISPOSICIÓNS COMÚNS

## ADXUDICACIÓN DE CAPACIDADE NAS INSTALACIÓNS DE SERVIZO

A adxudicación de capacidade nas instalacións de servizo é a asignación, por parte do administrador de infraestruturas ferroviarias, de capacidade sobre unha instalación de servizo.

A solicitude de acceso aos servizos prestados nas estacións de viaxeiros será realizada consonte o procedemento recollido no apartado 7.3.2.6 e os requisitos xerais e condicións de acceso indicadas no apartado 7.3.2.5.

A solicitude de capacidade nas instalacións de servizo, vías, será realizada pola aplicación SYACIS, en conformidade con criterios transparentes e non discriminatorios. Para isto, existe un proceso regulado, de aplicación no ámbito das instalacións de servizos xestionadas polo administrador de infraestruturas que estean nas estacións de viaxeiros, nos terminais de carga e en calquera outra instalación determinadas polos administradores de infraestruturas fóra dos ámbitos especificados anteriormente.

As empresas ferroviarias e candidatos, titulares de material rodante, axentes de transporte, cargadores e operadores de transporte, realizarán as súas solicitudes e, unha vez adxudicada, terán dereito a usalas nas condicións sinaladas nas fichas descritivas das instalacións de servizo.

A Lei 26/2022, do 19 de decembro, pola que se modifica a Lei 38/2015, do 29 de setembro, do Sector Ferroviario, introduciu modificacións no seu CAPÍTULO II, Canons ferroviarios e prezos derivados da utilización de infraestrutura ferroviaria e instalacións de servizo.

A adxudicación e utilización das instalacións de servizo está suxeita á liquidación dos canons contemplados no Art. 98 da LSF, onde se determina a estrutura das Taxas e Canons Ferroviarios.

En conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 26/2022, do 19 de decembro, pola que se modifica a Lei 38/2015 do Sector Ferroviario, Aplicación provisional dos canons vixentes e suspensión da entrada en vigor da modificación de determinadas sancións, seguirá sendo aplicable o sistema para determinar os canons ferroviarios vixentes, no momento de entrada en vigor desta lei, ata aprobación e publicación oficial dos valores obtidos conforme o sistema establecido nesta.

Polo tanto, ata a publicación do Regulamento que regula os novos canons, seguiranse aplicando as modalidades indicadas seguidamente:

| TIPO DE INSTALACIÓN | CANON | CLIENTES |
|---|---|---|
| Vías con plataforma para estacionamento de trens para realizar outras operacións. | **C2** | Empresas ferroviarias. |
| Vías de apartado, de formación de trens e manobras, de mantemento, lavado e limpeza de subministración de combustible. | **D** | Empresas ferroviarias e titulares de material rodante. |
| Puntos de carga para mercadorías. | **E** | Empresas ferroviarias, titulares de material rodante ferroviario, axentes de transporte, cargadores e operadores de transporte combinado. |

A relación de vías ofertadas nas instalacións de servizo titularidade do administrador de infraestruturas ferroviarias publícase no Catálogo de Oferta de Capacidade nas Instalacións de Servizo, dispoñible na web do administrador de infraestruturas, como anexo a esta DR. Os usuarios autorizados tamén poderán acceder a esta información a través da aplicación SYACIS.

No catálogo e na aplicación SYACIS especifícase a tipoloxía das instalacións de servizos, as súas características e equipamento.

Excepcionalmente poderá solicitarse capacidade de uso de instalacións non recollidas no citado catálogo, sen que o Xestor da Instalación de Servizo, GIS, estea obrigado a asignala. O GIS está facultado para axustar a capacidade dunha instalación para realizar operacións de mantemento programado, reposición ou ampliación dos activos vinculados a esta.

Calquera modificación destas instalacións será comunicada aos seus clientes, incluída na aplicación SYACIS e publicada nas actualizacións correspondentes da Declaración sobre a Rede.

# A. TIPOS DE SOLICITUDES

As solicitudes de asignación de capacidade, que se serán presentadas pola aplicación SYACIS, sustentaranse nunha necesidade do cliente e na viabilidade técnica da instalación. Estas solicitudes poderán estar vinculadas a trens do seu Plan de Transporte, ou non vinculadas cando non poida definir unha relación específica de trens no seu Plan de Transporte, pero coñeza a necesidade de utilizar a instalación de servizo de forma regular.

Os administradores de infraestruturas das instalacións de servizo e os Candidatos poderán celebrar acordos de longa duración (máis de 4 anos) para reservar capacidade nunha instalación de servizo, sempre que se deriven dun acordo marco, celebrado ao abeiro do Art. 38.3 da LSF, sobre reserva de capacidade na infraestrutura lineal (suco). Estes acordos terán as mesmas características que o acordo marco sobre reserva de capacidade na infraestrutura lineal que o orixina e que se recollen nos Artigos 38.4 e 38.5 da LSF.

Ao solicitar capacidade, os clientes poden optar polos seguintes tipos:

**CON RESERVA DE CAPACIDADE**

### 1. Para Períodos de Uso Continuado

Reserva de capacidade para aqueles casos nos que o cliente esixa, durante as 24 horas do día, un uso igual ou superior a 30 días naturais e ata un máximo de 4 anos.

### 2. Para Períodos de Uso Puntual

Reserva de capacidade para aqueles casos nos que o cliente solicite un uso por horas ou día completo (desde as 00:00 horas ata as 24:00 horas), da instalación, por un período entre dúas datas, para días sucesivos, descontinuos ou cadenciados.

Estas solicitudes deben ir vinculadas a un tren.

**SEN RESERVA DE CAPACIDADE**

### Para períodos de uso Puntual

Solicitude de capacidade para aqueles casos nos que o cliente reclame un uso puntual, quer por día completo da instalación desde as 00:00 horas ata as 24:00 horas, quer por horas.

Excepcionalmente, o cliente poderá esixir un uso puntual e inmediato por horas, sen posibilidade de coñecer con precisión a instalación de servizo (vía concreta) nin o tempo de uso.

Estas solicitudes deberán ir vinculadas a un tren sen marcha determinada.

# B. CALENDARIO DE ASIGNACIÓN

As solicitudes realizadas ao Xestor de Instalación de Servizos (GIS), a través da aplicación SYACIS, deberán ser presentadas nos seguintes prazos:

**PARA SOLICITUDES TIPO A: CON RESERVA DE CAPACIDADE**

O GIS porá a disposición dos clientes, cada 2 meses, a oferta de instalacións de servizo dispoñibles para que se poidan realizar este tipo de solicitudes.

Para dar resposta a aquelas solicitudes presentadas fóra de prazo de recepción e que sexan consecuencia dunha alteración substancial dos esquemas de explotación do cliente, o GIS avaliará o alcance das súas necesidades, e comunicaralle oportunamente unha asignación provisional de capacidade que, en todo caso, deberá volver a solicitar no seguinte período de asignación.

**PARA SOLICITUDES TIPO B: SEN RESERVA DE CAPACIDADE**

Estas solicitudes deberán ser realizadas cunha antelación mínima de sete días naturais.

Por causas excepcionais e xustificadas, os clientes poderán solicitar a capacidade para unha instalación de servizo con menos de sete días naturais de antelación. Este tipo de solicitudes só poderán ser presentadas de luns a venres, antes das 12 horas do día anterior á saída do tren, e será necesario identificar nesta o tren ao que se vincula a solicitude. A resposta será notificada antes das 18 horas do mesmo día.

No caso de necesidades puntuais inmediatas xeradas con menos dun día de antelación, o GIS tramitará unha eventual asignación provisional de capacidade en función da capacidade residual existente, que lle permitirá ao cliente formalizar posteriores axustes en función da capacidade de instalación realmente utilizada (vía e tempo). Finalmente, o GIS verificará estes axustes segundo o uso efectivo comprobado, que validará ou modificará en conformidade, e comunicaralle ao cliente a asignación definitiva de capacidade.

Estas solicitudes deberán estar vinculadas ao suco inmediato/especial que vaia xerar a ocupación na instalación de servizo; o GIS quedará exento do compromiso que garanta a adxudicación de capacidade na instalación.

No caso de subministración de combustible en puntos fixos e móbiles, a asignación de capacidade está implícita na prestación do servizo de subministración e non require solicitude de adxudicación de capacidade.

Seguidamente, detállase o calendario de asignación de capacidade para o ano 2025.

## CALENDARIO

# 2025

| XANEIRO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| L | M | M | X | V | S | D |
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | |

| FEBREIRO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| L | M | M | X | V | S | D |
| | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | | |

| MARZO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| L | M | M | X | V | S | D |
| | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |
| 31 | | | | | | |

| ABRIL | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| L | M | M | X | V | S | D |
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
| 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 28 | 29 | 30 | | | | |

| MAIO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| L | M | M | X | V | S | D |
| | | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 |
| 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | |

| XUÑO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| L | M | M | X | V | S | D |
| | | | | | | 1 |
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30 | | | | | | |

| XULLO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| L | M | M | X | V | S | D |
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
| 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 28 | 29 | 30 | 31 | | | |

| AGOSTO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| L | M | M | X | V | S | D |
| | | | | 1 | 2 | 3 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 |

| SETEMBRO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| L | M | M | X | V | S | D |
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 | 30 | | | | | |

| OUTUBRO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| L | M | M | X | V | S | D |
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | |

| NOVEMBRO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| L | M | M | X | V | S | D |
| | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 30 | 31 |

| DECEMBRO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| L | M | M | X | V | S | D |
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 | 30 | 31 | | | | |

Recepción de solicitudes | Asignación provisional | Alegacións | Comunicación de capacidade | Actualización de capacidade

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 28/02/2024)

# C. FASES DEL PROCESO

O GIS analizará as solicitudes dos clientes e optimizará os tempos de resposta e a capacidade da instalación. O proceso de asignación de capacidade subdivídese nas seguintes fases:

**FASE DE SOLICITUDE E ESTUDO DE CAPACIDADE**

O cliente realizará as solicitudes de capacidade a través da aplicación SYACIS, mediante as autorizacións outorgadas para iso. Excepcionalmente, naqueles casos nos que non se dispoña de conexión informática, as solicitudes poderán ser remitidas por calquera outro medio escrito que garanta a súa recepción e rexistro.

A formalización dunha solicitude de capacidade supón a aceptación das condicións das instalacións de servizo.

As solicitudes recibidas son rexistradas por data e hora de entrada. Se a solicitude non tiver toda a información requirida de acordo coa descrición da instalación de servizo e necesaria para adoptar unha decisión, o explotador da instalación de servizo considerada informará ao candidato e fixará un prazo razoable para presentala. Se non se presenta nese prazo, a solicitude poderá ser rexeitada.

Previamente á solicitude oficial, o cliente poderá realizar consultas ao GIS sobre capacidade dispoñible a través de medios telemáticos.

Por parte do GIS realizarase o estudo das solicitudes recibidas e procederase á adxudicación consonte os seguintes criterios:

a) De houber capacidade dispoñible para todos os candidatos, seralles adxudicada.

b) Se existir coincidencia de solicitudes de capacidade nun mesmo período de uso e para unha mesma instalación de servizo, a adxudicación realizarase buscando o máximo aproveitamento da instalación e as súas características técnicas, tendo en conta, por orde descendente de prioridade, os seguintes Criterios de asignación.

1. **Tipoloxía do servizo de transporte.** O uso diferenciado das instalacións segundo os distintos tipos de servizos de transporte, quer de viaxeiros de longa distancia, viaxeiros de proximidade e media distancia ou mercadorías.

2. **Tipoloxía de instalación existente no terminal de carga**. Terán prioridade na asignación de capacidade, por esta orde, as solicitudes referidas a trens que precisen da instalación de servizo para o seu tratamento en:

   a) Terminais de carga intermodal da propia Terminal de transporte de mercadorías.

   b) Terminal de carga de mercadorías xeral (punto de carga) do propia Terminal de transporte de mercadorías.

   c) Terminais portuarios pertencentes a aqueles portos con Convenio de conexión nos que estea recollido o Terminal de transporte de mercadorías.

   d) Outras instalacións.

3. **Duración do uso**. Terán prioridade as solicitudes que favorezan o uso continuado das instalacións de servizo:

   As solicitudes de tipo A1 sobre as A2 e, dentro das A1, as de maior período de uso.

   Para as A2, aquelas con maior aproveitamento do prazo solicitado entre dúas datas, tendo en conta a relación entre o número de días solicitados e o total de días incluídos no período.

4. **Funcionalidade.** A compatibilidade do uso solicitado coa funcionalidade da instalación (formación e manobras, apartado, mantemento...) e do seu equipamento.

5. **Orde de solicitude.** No caso de igualdade nos criterios anteriores, asignarase segundo a orde de entrada da petición.

**FASE DE COORDINACIÓN E PROPOSTA DE ASIGNACIÓN PROVISIONAL**

A fase de coordinación foi concibida para resolver os conflitos que poidan xurdir nas solicitudes e adxudicacións de capacidade.

Cando non for posible atender inicialmente as solicitudes, o GIS ofrecerá alternativas sobre a capacidade dispoñible, para buscar unha solución coordinada co cliente E resolver os conflitos que poidan xurdir entre as solicitudes e asignacións de capacidade, sempre que sexa tecnicamente viable.

Unha vez finalizado o proceso de coordinación, o GIS comunicaralles aos clientes a proposta de asignación provisional de capacidade aos clientes, e estes deberán aceptala ou rexeitala no prazo sinalado a través da aplicación SYACIS. Transcorrido o prazo establecido sen recibir a aceptación por parte do cliente da proposta provisional de capacidade, o GIS poderá dispor libremente dela.

Para máis información pódese consultar o Anexo J Procedementos de Resolución de Conflitos.

**FASE DE ALEGACIÓNS**

Durante esta fase, os clientes poderán formular alegacións á proposta de asignación provisional de capacidade comunicada polo GIS. Aquelas solicitudes que non fose posible atender, unha vez analizadas as alegacións, serán comunicadas motivadamente.

Para máis información consultar o Anexo J Procedementos de Resolución de Conflitos.

**FASE DE COMUNICACIÓN DE ASIGNACIÓN DEFINITIVA DE CAPACIDADE**

Finalmente, o GIS comunicará a asignación definitiva de capacidade, a través da aplicación SYACIS.

O GIS publicará a capacidade aceptada, o que non suporá en ningún caso a vulneración do principio de confidencialidade.

## D. MEDIDAS ESPECIAIS EN CASO DE PERTURBACIÓNS DO TRÁFICO FERROVIARIO

Se durante o proceso de transporte for necesario segregar ou apartar material, por incidencias inesperadas, para evitar efectos sobre o tráfico ferroviario, a zona de tráfico do administrador de infraestruturas poderá asignar capacidade excepcionalmente e o cliente estará obrigado regularizar esta adxudicación, na aplicación SYACIS, o antes posible.

## E. SUPERVISIÓN E CONTROL DO USO REAL DA CAPACIDADE ASIGNADA

Os clientes teñen a obriga de utilizar a capacidade asignada nas instalacións de servizo de acordo coas condicións de uso aceptadas e usar estas de maneira óptima.

A non utilización inxustificada, ou a falta de utilización sistemática, atribuíble ao cliente, dunha instalación de servizo, que supoña unha perda importante para o seu aproveitamento efectivo, poderá ser causa dunha modificación ou supresión da capacidade asignada por parte do GIS.

O GIS poderá realizar as análises de nivel de uso e aproveitamento das instalacións de servizo que considere oportunas, coa información facilitada polos clientes, ou coa que dispoña o GIS.

## F. CANCELACIÓN DA ASIGNACIÓN DE CAPACIDADE

Os clientes poderán solicitar a cancelación da capacidade asignada nas instalacións de servizo suxeitas aos canons modalidade D e E. As solicitudes de cancelación serán presentadas por medios electrónicos ao GIS. Unha vez analizada a solicitude, o administrador de infraestruturas ferroviarias comunicaralle ao cliente solicitante a resolución adoptada.

Para instalacións con reserva de capacidade para un período de uso continuado, ou para un período puntual por horas ou días completos, as cancelacións deberán ser realizadas cunha antelación mínima de 30 días naturais e:

- Se non se utilizou 50% do período adxudicado, deberán aboar un importe mínimo equivalente a 50% do importe total do canon.
- Se se utilizase máis do 50% do período adxudicado, non terán ningunha penalización.

Para aquelas instalacións sen capacidade reservada que foren solicitadas para un período de uso puntual por un día completo ou por horas:

- As cancelacións realizadas cunha antelación maior de 24 horas ao uso da instalación non terán ningunha penalización.
- As cancelacións realizadas cunha antelación inferior a 24 horas ao uso da instalación aboarán cen por cen do canon.

## G. MANTEMENTO E CAUSAS EXCEPCIONAIS

Cando se deban realizar traballos de mantemento nas instalacións de servizo, o GIS poderá modificar temporalmente a capacidade asignada, previa comunicación con 30 días de antelación aos clientes afectados.

Cando, por causas excepcionais e debidamente xustificadas, algunha instalación do servizo quedase temporalmente inutilizada, o GIS resérvase o dereito a modificar parcialmente ou cancelar a capacidade asignada, que será comunicada ao cliente xunto coas alternativas que puidese ofrecer, derivadas desta circunstancia. Os clientes afectados non terán dereito a esixir ningunha indemnización ou compensación.

# CONDICIÓNS DE USO DAS INSTALACIÓNS DE SERVIZO

Coa entrada en vigor da nova redacción do artigo 100 (segundo a modificación da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, pola Lei 26/2022 do 19 de decembro), establécese que as tarifas serán determinadas polos Administradores de Infraestruturas Ferroviarias, e será aprobado un Regulamento adoptado polo seu Consello de Administración, que deberá ser publicado no Boletín Oficial do Estado e incorporado á Declaración sobre a Rede.

Igualmente, na Disposición Transitoria Primeira da Lei 26/2022, do 19 de decembro, pola que se modifica a Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, establécese:

No suposto de apreciar a concorrencia dita causa de revogación, a empresa ferroviaria estará obrigada a utilizar as instalacións ou servizos adxudicados, para o que se lle concederá un prazo razoable non superior a un mes. De non cumprirse este requisito, poderá ser revogado.

Nos casos en que se detecte falta de uso e se inste á revogación total ou parcial da capacidade concedida, as empresas ferroviarias non terán dereito a esixir ningunha compensación.

**Documentación complementaria:**

Os modelos de solicitude dos servizo atópanse no **Anexo C.**

# 7.3.3. TERMINAIS DE CARGAS

## 7.3.3.1. INFORMACIÓN XERAL

Actualmente, as empresas que integran o sector da loxística e do transporte no noso país operan en cadeas de subministración nacionais e internacionais, ocupando un papel moi importante na xestión dos servizos relacionados cos fluxos de mercadorías desde a súa orixe ata a entrega ao cliente final.

É neste contexto onde o administrador de infraestruturas participa como axente activo na cadea de transporte multimodal, a través da administración da infraestrutura ferroviaria que ten encomendada e, en particular, das Terminais de Cargas (TTM) da súa titularidade.

*Figura 1. Esquema funcional dunha Terminal de Mercadorías de Adif (TTM ADIF)*




As Terminais de Cargas, que forman parte da cadea de transporte multimodal, como mostra a figura ilustrativa, son un conxunto de infraestruturas ferroviarias e instalacións de servizo deseñadas para ofrecer servizos relacionados coa actividade da loxística e o transporte ferroviario.

A continuación, procédese a definir as infraestruturas e instalacións de servizo que conforman unha TTM e a súa posterior identificación na *Figura 1*:

**1.-** Dentro das infraestruturas ferroviarias existen aquelas infraestruturas que serven para a **regulación da circulación** (identificadas en violeta na Figura 1), entre as que destacan:

- **As vías de recepción/expedición** (RE), que son feixes de vías que serven de enlace para os trens que acceden desde a liña, actuando como elemento regulador da circulación entre a vía xeral e o resto das Instalacións de Servizo.

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 28/02/2024)

- **Otras infraestructuras ferroviarias**: mangos de maniobras (MM), ramales de conexión (RC) con otras instalaciones de servicio, como son un Puerto, una Derivación/Cargadero Particular (DP), una Base de Mantenimiento del material rodante ferroviario (BM), etc.

**2.-** Dentro das instalacións de servizos distínguense dous tipos de instalacións (identificadas en cor verde na *Figura 1*):

**Instalación técnica**: configurada por aquelas instalacións de servizo que permiten iniciar, complementar ou completar o transporte ferroviario de mercadorías executando un conxunto de operacións no tren. Segundo a súa funcionalidade, distínguense as seguintes instalacións de servizo:

a) Instalacións de clasificación e formación e de trens, incluídas as instalacións para manobras (FM)

b) Instalacións para o apartado/estacionamento de material ferroviario (AP)

c) Outras instalacións técnicas de mantemento, limpeza, lavado, etc. de material rodante (ML)

d) Instalacións para a subministración de combustible (AC)

**Instalación loxística**: Aquelas instalacións de servizos que, ao executar un conxunto de operacións sobre mercadorías, facilitan o intercambio modal.

Segundo a súa funcionalidade, distínguense as seguintes instalacións de servizo:

a) Terminais de carga intermodal (TI)

b) Terminais de carga de mercadoría xeral (Punto de Carga) (PC)

Adicionalmente, estas instalacións de servizo pódense complementar con outros espazos e inmobles (oficinas, naves, parcelas, etc.) onde realizar actividades loxísticas de valor engadido.

Para promover e facilitar o uso destas Instalacións de Servizos por parte dos distintos clientes, o administrador de infraestruturas facilita a información descritiva das súas instalacións de servizo nas fichas descritivas das instalacións de servizo dispoñibles na aplicación PISERVI, que se encontra como documento adxunto a este DR e no enlace sinalado no seguinte apartado. Igualmente, no apartado 7.3.1. deste capítulo, especifícase o Procedemento de Adxudicación de Capacidade e as Condicións de Uso das ditas instalacións.

# 7.3.3.2 SERVICIOS

## SERVICIOS BÁSICOS: OFERTA DE SERVICIOS, DEFINICIÓN Y DESCRIPCIÓN

Este apartado fai referencia aos servizos básicos prestados polo administrador de infraestruturas nas Instalacións de Servizo existentes nos Terminais de Carga titularidade do administrador de infraestruturas, nas que, como explotador de servizo, define as condicións de acceso á prestación destes servizos básicos.

A continuación, defínese a oferta que o administrador de infraestruturas realiza actualmente ás Empresas Ferroviarias e outros Candidatos nas Terminais de Carga:

**Oferta de Servizos**

| SERVIZOS BÁSICOS | TERMINAIS DE CARGA |
|---|---|
| **SB-1** | Adxudicación de capacidade nas instalacións que integran as Terminais de Carga: Vías, de apartado, de formación, manobras, carga e descarga |
| **SB-2** | Subministración de combustible |
| **SB-3** | Manipulación de unidades de transporte intermodal |
| **SB-4** | Manobras e operacións sobre o tren |

## CANON POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE SERVIZO

Coa entrada en vigor da nova redacción do artigo 100 (segundo a Modificación da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, pola Lei 26/2022, do 19 de decembro), establécese que as tarifas serán determinadas polos Administradores de Infraestruturas Ferroviarias e apróbase un Regulamento adoptado polo seu Consello de Administración que deberá ser publicado no Boletín Oficial do Estado e incorporado á Declaración sobre a Rede.

Igualmente, na Disposición Transitoria Primeira da Lei 26/2022, do 19 de decembro, pola que se modifica a Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, establécese:

"Aplicación provisional dos canons vixentes e suspensión da entrada en vigor da modificación de determinadas sancións. Seguirá sendo aplicable o sistema para determinar os canons ferroviarios vixente no momento da entrada en vigor desta lei, ata a aprobación e publicación oficial dos valores obtidos conforme o sistema establecido nesta. Igualmente, continuará a aplicarse o réxime sancionador recollido no artigo 109 da normativa anterior en materia de sancións pola comisión das infraccións recollidas nos puntos 2.1 e 2.2 do apartado 1.2 do artigo 107, ata a aprobación en conformidade co establecido nesta lei do primeiro Regulamento de determinación dos canons ferroviarios".

Coa publicación desta última Disposición Transitoria garántese o mantemento das cantidades establecidas para liquidar os canons ferroviarios ata os Administradores de Infraestruturas Ferroviarias disporen dun Regulamento onde se establezan novas tarifas ou se modifiquen as vixentes.

Como na data de publicación deste documento, o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, Adif, non conta cun Regulamento aprobado polo Consello de Administración da Entidade Público Empresarial, sería aplicable a Disposición Transitoria Primeira da Lei 26/2022, do 19 de decembro, pola que se modifica a Lei 38/2015, do 29 de setembro.

Constitúe o orzamento de feito dos canons recollidos no Art. 98 a utilización das instalacións de servizo cuxa xestión está reservada en exclusiva aos administradores xerais de infraestruturas, nas seguintes modalidades:

A. Canon pola utilización de estacións de transporte de viaxeiros (Modalidade A).

B. Canon pola utilización doutras instalacións de servizos dos administradores xerais de infraestruturas (modalidade B). Esta modalidade inclúe o uso de vías de apartado, de formación de trens e manobras, de mantemento, de lavado e limpeza e de subministración de combustible. Tamén se incluirá nesta modalidade a utilización de vías nas estacións de viaxeiros como vías de apartado e para realizar determinadas operacións.

   Distínguense as seguintes modalidades do canon:

   a) Modalidade B1 - Utilización de vías de apartado, formación de trens e manobra, mantemento, lavado, limpeza e subministración de combustible.

   b) Modalidade B2 - Vías de estacións de viaxeiros utilizadas como vías de apartado.

   c) Modalidade B3 – Vías utilizadas para realizar determinadas operacións, distinguindo, á súa vez, 2 tipoloxías:

      1º Tipo A: Limpeza do tren interior e/ou exterior mínimo (Frontais e cristais de portas e fiestras)

      2º Tipo B: Operacións de carga e descarga de servizos a bordo, utilización de tomas de auga, utilización de instalacións de combustible, utilización de tomas eléctricas, utilización de instalacións de baleirado WC e equipos utilizados.

C. Canon por utilización de puntos de carga titularidade dos administradores xerais de infraestrutura (modalidade C). Esta modalidade inclúe o uso das vías de carga e descarga de mercadorías.

Estes canons non inclúen o servizo de subministración de enerxía eléctrica, auga, gasóleo, teléfono nin ningún outro subministro ou servizo, que serán asumidos polo obrigado os gastos por consumos ou subministracións facilitados ou prestados polo administrador de infraestruturas ferroviarias

Para utilizar as instalacións de servizo nas modalidades B e C será necesario obter capacidade na instalación, que será solicitada polo obrigado ao administrador de infraestruturas ferroviarias, agás no caso da utilización de vías en estacións de viaxeiros como vías de apartado. O administrador de infraestruturas poderá adxudicar a capacidade por vías completas, por períodos de uso continuado de anos ou meses, ou por períodos puntuais de horas ou días, mediante o procedemento correspondente, que será publicado na declaración sobre a rede. En ningún caso poderá ser cedida a terceiras partes a capacidade adxudicada.

Para utilizar as vías nas estacións de viaxeiros como vías de apartado, os administradores de infraestruturas utilizarán os gráficos de ocupación de vías en estacións.

Nas modalidades B e C, sempre que non estea saturada, a instalación poderá ser utilizada por varios adxudicatarios durante o mesmo período de tempo, aínda que estea asignada inicialmente a un adxudicatario principal.

Os criterios de aplicación serán determinados polos administradores de infraestruturas.

As empresas ferroviarias que utilicen as instalacións de servizos correspondentes a cada modalidade estarán obrigadas a pagar este canon. Na modalidade B e C, tamén terán esa consideración outros candidatos, como os titulares de material rodante ferroviario, os axentes de transporte, os cargadores, os operadores de transporte combinado, así como outros fornecedores de servizo.

O período impositivo coincide co mes natural.

A devindicación prodúcese o último día do período impositivo.

Estas modalidades serán imputadas ao período impositivo no que se utilicen ou se puidesen utilizar as instalacións de servizo.

As notificacións das liquidacións dos canons ferroviarios practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, sexa como for, cando o interesado estea obrigado a recibilas por esta vía.

O pagamento será realizado no prazo de vinte días útiles desde a notificación mediante transferencia bancaria á conta da entidade de crédito que preste o servizo de caixa a esta Administración e así se indicará na liquidación. O pagamento considérase efectuado na data na que entrase o importe correspondente na conta sinalada nos termos do artigo 37 do Regulamento Xeral de Recadación.

O período executivo de recadación iníciase o día seguinte ao de vencemento do prazo indicado anteriormente. Co inicio de dito período devindícanse os recargos do período executivo (en conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e na Lei Xeral Orzamentaria).

## SB-1. Adxudicación de Capacidade

A adxudicación de capacidade nas instalacións de servizo é a asignación, por parte do administrador de infraestruturas ferroviarias, de capacidade sobre unha instalación de servizo previamente ofertada no Catálogo de Instalacións de Servizo.

As condicións de uso están recollidas no capítulo 5 desta DR e no apartado 7.3.1.

| SB-1 | ADXUDICACIÓN DE CAPACIDADE PARA APARTADO, FORMACIÓN DE TRENS E MANOBRAS, MANTEMENTO, LAVADO, LIMPEZA, SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE E CARGA E DESCARGA |
|---|---|
| | Os importes están dispoñibles no apartado anterior de Canons por Utilización de vías noutras instalacións de servizo: de apartado, de formación de trens e manobras, de mantemento, lavado e limpeza, de subministración de combustible Modalidade D. e Canon por Utilización de Puntos de Carga para Mercadorías, Modalidade E. (*) |

(*) Coa entrada en vigor da nova redacción do artigo 100 (segundo a modificación da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, pola Lei 26/2022 do 19 de decembro), establécese que as tarifas serán determinadas polos Administradores de Infraestruturas Ferroviarias, aprobando un Regulamento adoptado polo seu Consello de Administración que deberá ser publicado no Boletín Oficial do Estado e incorporado á Declaración sobre a Rede.

Igualmente, na Disposición Transitoria Primeira da Lei 26/2022, do 19 de decembro, pola que se modifica a Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, establécese:

"Aplicación provisional dos canons vixentes e suspensión da entrada en vigor da modificación de determinadas sancións. Seguirá sendo aplicable o sistema para determinar os canons ferroviarios vixente no momento da entrada en vigor desta lei, ata a aprobación e publicación oficial dos valores obtidos conforme o sistema establecido nesta. Igualmente, continuará a aplicarse o réxime sancionador recollido no artigo 109 da normativa anterior en materia de sancións pola comisión das infraccións recollidas nos puntos 2.1 e 2.2 do apartado 1.2 do artigo 107, ata a aprobación en conformidade co establecido nesta lei do primeiro Regulamento de determinación dos canons ferroviarios".

Coa publicación desta última Disposición Transitoria garántese o mantemento das cantidades establecidas para liquidar os canons ferroviarios ata os dministradores de Infraestruturas Ferroviarias disporen dun Regulamento onde se establezan novas tarifas ou se modifiquen as vixentes.

Como na data de publicación deste documento, o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias non conta cun Regulamento aprobado polo Consello de Administración da Entidade Público Empresarial, sería aplicable a Disposición Transitoria Primeira da Lei 26/2022, do 19 de decembro, pola que se modifica a Lei 38/2015, do 29 de setembro.

## SB-2. Subministración de Combustible

A. DESCRICIÓN: Este servizo supón a subministración de combustible de tracción para vehículos ferroviarios naquelas instalacións adecuadas para a prestación do mesmo.

Para prestar o servizo de subministración de combustible de tracción, as EE.FF., antes do inicio da súa actividade comercial, deberán subscribir con Adif un acordo de prestación do servizo. Ver Anexo I.

B. OPERACIÓNS ASOCIADAS:

a. Xestión da compra do gasóleo B para tracción
b. Mantemento das instalacións asociadas ao servizo
c. Dispensa do gasóleo B para a tracción
d. Xestión inherente á prestación do Servizo



C. UNIDADE DE FACTURACIÓN: Metros cúbicos de gasóleo subministrados.

D. CONDICIÓNS DE APLICACIÓN: As recollidas no Catálogo de Prestación do Servizo Básico de Subministración de Combustible, que está dispoñible no seguinte enderezo:

https://www.adif.es/mercancias/prestaci%C3%B3n-de-servicios

E. ÁMBITO DE APLICACIÓN: Este servizo básico prestarase nas instalacións de subministración de combustible ofertadas na Declaración sobre a Rede, relacionadas como Punto Fixo (Almacén Fiscal) e Punto Móbil.

F. PREZOS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO: Os prezos do Servizo de Subministración de Combustible que están vixentes desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2025 son os seguintes:

| SB-2 | SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE | PREZOS AÑO 2025* |
|---|---|---|
| Custo do Producto | Metro cúbico m³ subministrado | Custo Real€ /m³ |
| Prezos do servicio de suministración | Metro cúbico m³ subministrado | 72,1632€ /m³ |

* Durante o primeiro trimestre de 2024 realizarase unha revisión de prezos, unha vez que se dispoña do consumo real de subministración de combustible no ano 2023.

## SB-3. Manipulación de Unidades de Transporte Intermodal

A. DESCRICIÓN: Este servizo consiste na carga e descarga de Unidades de Transporte Intermodal (UTI).

B. OPERACIÓNS ASOCIADAS:

a. Control de entrada e saída da UCI na Instalación.

b. Execución da carga/descarga da UTI de camión a vagón e viceversa, así como entre vagóns xestionados por un mesmo cliente (transbordo).

c. Control de vixilancia e seguridade.

C. UNIDADE DE FACTURACIÓN: Por UTI manipulada.

D. CONDICIÓNS DE APLICACIÓN: As recollidas no Catálogo de Prestación do Servizo Básico de Manipulación de UTI, que está dispoñible no seguinte enderezo: https://www.adif.es/mercancias/prestaci%C3%B3n-de-servicios

E. ÁMBITO DE APLICACIÓN: Estes servizos prestaranse nas terminais intermodais explotadas polo administrador de infraestruturas en réxime de xestión directa.

F. PREZOS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO: Os prezos pola prestación dos servizos básicos de manipulación de UTI vixentes desde o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2025 son os seguintes:

| SB-3 | MANIPULACIÓN DE UNIDADES DE TRANSPORTE INTERMODAL | UNIDADE DE FACTURACIÓN | PREZOS ANO 2025 |
|---|---|---|---|
| Reducido | UTI, entre 0 e 2 días de tránsito | UTI | 28,00€ /UTI |
| Máximo | UTI, ata 7 días de tránsito | UTI | 42,00€ /UTI |
| Manipulación adicional | Exceso sobre os 7 días de tránsito | UTI | 28,00€ /UTI |
| Excesos de tránsito | Exceso sobre os 7 días de tránsito | UTI/DÍA | 6,00€ /UTI-DÍA |

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 28/02/2024)

## SB-4. Manobras e outras Operacións do tren

A. DESCRICIÓN: Este servizo consiste na realización das manobras e outras operacións de tren que permiten iniciar, complementar ou completar o servizo de transporte por ferrocarril.

B. OPERACIÓNS ASOCIADAS:

B.1. Manobras: Son os movementos para realizar accións como:

- Engadir ou segregar vehículos dun tren ou manobra.
- Formar ou descompoñer un tren ou manobra.
- Clasificar os vehículos ou cortes de material.
- Desprazar un tren ou vehículos pola mesma vía ou dunha a outra.
- Traer ou levar material de/a dependencias de plena vía carentes de sinal de protección telemandada desde a estación ou o CTC.
- Realizar movementos de material entre dependencias colaterais que se complementen, constituíndo un complexo ferroviario.

B.2. Operacións sobre o tren: Son as accións que permiten recibir ou expedir un tren ou a colaboración durante a circulación dun tren, mediante as seguintes tarefas:

- Enganchar, desenganchar e acoplar vehículos ferroviarios.
- Colaborar na realización de probas de freada.
- Colocar e retirar os sinais de cola dos trens, subministrados pola empresa ferroviaria, que serán recollidos ou entregados ao maquinista.
- Recoñecer visualmente o tren ou conxunto de vehículos.
- Colocar e retirar calzos antideriva, subministrados pola empresa ferroviaria ou outros clientes demandantes do servizo.
- Apertar e afrouxar os freos de estacionamento.

C. UNIDADE DE FACTURACIÓN: As condicións económicas están recollidas no Catálogo de Prestación do Servizo Básico de Manobras e Operacións sobre o Tren.

D. CONDICIÓNS DE APLICACIÓN: As recollidas no Catálogo de Prestación do Servizo Básico de Manobras e Operacións sobre o Tren, que está dispoñible no seguinte enderezo:

https://www.adif.es/mercancias/prestaci%C3%B3n-de-servicios

E. ÁMBITO DE APLICACIÓN: Estes servizos aplícanse nas Terminais de Carga de Adif e nas instalacións de servizo relacionadas, nas que o administrador da infraestruturas preste o servizo directamente.

F. PREZOS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO: están recollidos no catálogo de prestación deste servizo dispoñible en:

https://www.adif.es/mercancias/prestaci%C3%B3n-de-servicios.

# SERVIZOS AUXILIARES: OFERTA DE SERVIZOS, DEFINICIÓN E DESCRICIÓN

Este apartado fai referencia aos servizos auxiliares prestados polo administrador de infraestruturas nas Instalacións de Servizo existentes nos Terminais de Cargas titularidade do administrador de infraestruturas, nas que, como explotador de servizo, define as condicións de acceso á prestación destes auxiliares.

A continuación, defínese a oferta o Adif realiza actualmente ás Empresas Ferroviarias e outros Candidatos nas Terminais de Cargas:

## SX-3 Servizo de Apertura fóra do horario de prestación

A. DESCRICIÓN: Este servizo consiste en atender as solicitudes do servizo de Apertura fóra do horario de prestación en Terminais de Cargas.

Será de aplicación para aqueles servizos prestados por Adif, segundo Catálogos publicados na súa páxina web, de acordo coas seguintes modalidades de apertura fóra do horario de prestación destes servizos:

- Ampliación do horario de prestación do servizo publicado no Catálogo de Servizos

  O cliente poderá solicitar a Adif a ampliación do horario de prestación mediante unha solicitude previa, cunha antelación mínima de 4 horas antes da finalización do horario de prestación do día útil en curso, para a súa análise e aprobación, se for posible, por Adif.

  Este modelo de apertura aplicarase exclusivamente para ampliacións de horario ata un máximo de 4 horas. Para aperturas superiores a 4 horas, solicitarase como apertura extraordinaria.

- Apertura extraordinaria en quendas non incluídas no horario de prestación publicado no Catálogo de Servizos

  O cliente poderá solicitar a apertura extraordinaria mediante unha solicitude previa, cunha antelación mínima de 24 horas, para a súa análise e aprobación, se for posible, por Adif.

  Este modelo de apertura, no caso de ser aprobada por Adif, aplicarase en todos os casos para quendas de 8 horas.

B. OPERACIÓNS ASOCIADAS: As operacións incluídas nunha Apertura Extraordinaria/Ampliación fóra do horario derívanse do servizo (ou dos servizos) específicos solicitados polo Cliente e figurarán na solicitude realizada por este.

As operacións asociadas a cada servizo aparecen nos Catálogos publicados na páxina web de Adif.

C. CONDICIÓNS DE FACTURACIÓN:

a) Establécese como unidade de facturación o prezo da operación básica de terra que figura no catálogo de servizo de manobras (publicado na web de Adif).

b) O servizo de apertura fóra do horario de prestación, en calquera das súas modalidades, facturarase separadamente á facturación dos servizos realizados durante a apertura solicitada polo cliente e aprobada por Adif.

c) Establécense 2 horas como unidade mínima de facturación para a apertura na modalidade de ampliación do horario de prestación do servizo.

d) A unidade de facturación de apertura na modalidade de apertura extraordinaria, en todos os casos, é de 8 horas.

e) Se a solicitude de apertura inclúe a prestación de varios servizos, a facturación total desta solicitude é a suma das facturacións de apertura de cada un dos servizos solicitados polo cliente.

f) Para ambas as modalidades de apertura, no caso de existiren varios Clientes con solicitudes aprobadas por Adif para o mesmo período de prestación, o prezo de apertura repartirase proporcionalmente entre o número de Clientes.

D. ÁMBITO DE APLICACIÓN: Estes servizos aplícanse nos Terminais de Carga de Adif e as súas instalacións de servizo relacionadas, nas que Adif preste o servizo directamente.

E. PREZOS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO: están recollidos en cada un dos Catálogos de Servizos publicados na páxina web de Adif.

### 7.3.3.3. DESCRICIÓN DAS CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DA INSTALACIÓN

#### FICHAS DESCRITIVAS DE INSTALACIÓNS DE SERVIZO

En conformidade co artigo 4 do Regulamento de Execución (UE) 2017/2177, os explotadores de instalacións de servizo elaborarán unha descrición das instalacións de servizo e dos servizos dos que foren responsables, que deberá incluír a información que nel se cita.

Información dispoñible na aplicación PISERVI, como anexo a esta DR.

### 7.3.3.4. PREZOS

Descritos no apartado 7.3.3.2.

### 7.3.3.5. CONDICIÓNS DE ACCESO

Descritos no apartado 7.3.3.1 Y 7.3.3.2

### 7.3.3.6. ADXUDICACIÓN DE CAPACIDADE

Descritos no apartado 7.3.3.1 Y 7.3.3.2

## 7.3.4. INSTALACIÓNS DE FORMACIÓN DE TREN INCLUÍDAS INSTALACIÓNS PARA MANOBRAS

Son aquelas destinadas a realizar operacións e movementos do material rodante consistentes en agregar ou segregar vehículos dun tren, formar ou descompoñer un tren, clasificar os vehículos ou cortes de material ou desprazar un tren ou vehículos pola mesma vía ou dunha a outra.

Igualmente, nestas instalacións realízanse outras operacións asociadas ao tren, como o recoñecemento visual, a proba de freada, así como todo tipo de actuacións sobre o material ferroviario que permita o seu envío a outras instalacións, como talleres, portos, zonas de carga privadas, etc.

As empresas ferroviarias e os titulares de material rodante ferroviario poderán utilizar este tipo de instalacións de servizo.

Se as instalacións de seguridade e o seu equipamento técnico o permiten, os trens tamén poderán ser expedidos ou recibidos directamente desde estas vías. Esta decisión corresponderalle só ao Xestor de Tráfico do administrador de infraestruturas.

As vías de manobra figuran no catálogo da Oferta de Capacidade nas instalacións de servizo, que está dispoñible como anexo desta DR, así como o seu equipamento, que deberá ser tido en conta polo cliente, pola influencia que poida ter na planificación das súas operacións.

# 7.3.5. VÍAS DE APARTADO

O administrador de infraestruturas ferroviarias porá a disposición das empresas ferroviarias e dos titulares de material rodante aquelas vías nas instalacións de servizo determinadas para o apartado de material vinculado ao transporte de mercadorías (locomotoras, vagóns individuais ou conxuntos de vagóns), así como material para transporte de viaxeiros (locomotoras, coches de viaxeiros, material autopropulsado).

As vías de apartado son instalacións de servizo dedicadas ao apartado de material ferroviario por un tempo determinado, se o material está no ciclo produtivo, ou indefinido, se é material fóra do ciclo produtivo.

Estas instalacións dispoñen do equipamento descrito no Catálogo da Oferta de Capacidade de instalacións de servizo, que deberá ser tido en conta polo cliente, pola influencia que poida ter na planificación das súas operacións.

A inmobilización poderá deberse a unha finalidade determinada, durante o ciclo de transporte, ou por un tempo indeterminado de longa duración alleo ao ciclo de transporte propiamente dito.

A prioridade de apartado será para o material vinculado co ciclo produtivo. O administrador de infraestruturas destinará e promoverá, fóra das terminais de cargas e das estacións de viaxeiros, outras instalacións de servizo con vías de apartado especialmente adecuadas para o apartado de material rodante ferroviario de longa duración, é dicir, fóra do ciclo produtivo.

Considérase apartado de longa duración de material rodante o que vaia superar ou supere un mes e que estea fóra do ciclo de transporte.

En casos excepcionais, se existir capacidade suficiente para iso e non alterará a operativa normal do terminal de transporte de mercadorías ou da estación de transporte de viaxeiros, poderase apartar material distinto ao do ciclo produtivo tipo nestas instalacións de servizo, previa autorización expresa do administrador de infraestruturas.

Queda expresamente prohibido o apartado baixo catenaria daqueles vagóns que, estando fóra do ciclo de transporte, dispoñan de escaleira de acceso ás partes altas do mesmo, salvo que o cliente realice a avaliación de risco eléctrico e adopte as medidas necesarias.

No caso do transporte de mercadorías perigosas, quer en material rodante ferroviario especializado, quer en vagóns ou contedores, só poderá apartar dito material se está baleiro sen restos de mercadoría, limpo e desgasificado, de acordo co establecido nas disposicións enmarcadas no RID.

Se as instalacións de seguridade e o seu equipamento técnico o permiten, os trens tamén poderán ser expedidos ou recibidos directamente desde estas vías. Esta decisión corresponderalle só ao Xestor de Tráfico do administrador de infraestruturas.

As empresas ferroviarias e os titulares de material rodante ferroviario poderán utilizar este tipo de instalacións de servizo.

As vías de apartado figuran no catálogo da Oferta de Capacidade nas instalacións de servizo, que está dispoñible como anexo desta DR, así como o seu equipamento, que deberá ser tido en conta polo cliente, pola influencia que poida ter na planificación das súas operacións.

# 7.3.6. INSTALACIÓNS DE MANTEMENTO DE MATERIAL RODANTE

A relación de Centros de Mantemento de material rodante, estean conectados ou non á RFIG, pódese consultar na aplicación PISERVI, dispoñible na web do administrador de infraestruturas como anexo a esta DR.

As condicións para a prestación dos servizos nelas serán postas a disposición do interesado por parte do explotador da instalación. Para cada un dos centros ofrécense, entre outros, os seguintes datos:

- Comunidade autónoma e provincia onde está a instalación
- Nome
- Explotador da instalación
- Tipo de instalación

# 7.3.7. OUTRAS INSTALACIÓNS TÉCNICAS (INSTALACIÓNS DE MANTEMENTO, LIMPEZA E LAVADO, ETC.)

Ademais das citadas instalacións, existen outras instalacións técnicas nas que se poden prestar diferentes servizos, que se describen seguidamente, con especificación do uso ao que están destinados e a súa localización.

### Instalacións para Mantemento lixeiro de Vehículos Ferroviarios

Son instalacións de servizos, que poden dispor ou non de fosos, destinadas á realización de intervencións de mantemento de vehículos ferroviarios de transporte que non precisan instalacións específicas de mantemento pesado.

Estas instalacións dispoñen do equipamento descritos no Catálogo da Ofertas de Capacidade de Instalacións de servizo para facilitar estas operacións, como poden ser a iluminación, fosos, puntos de subministración, ..., que deberán ser tidos en conta polo cliente na planificación das súas operacións.

Calquera outro equipamento non descrito, e necesario para realizar estas operacións, deberá ser facilitado polo cliente, previa autorización do titular da instalación. As vías designadas para o efecto polo administrador de infraestruturas ferroviarias nos terminais de carga, estacións de viaxeiros e demais estacións, serán destinadas prioritariamente ao material de transporte vinculado á actividade principal e teñen como obxectivo evitar o desprazamento do material a outros puntos de intervención.

As empresas ferroviarias e os titulares de material rodante ferroviario poderán utilizar este tipo de instalacións de servizo. As vías de mantemento lixeiro de vehículos ferroviarios, así como as actividades que se poden realizar nelas, figuran no catálogo de Oferta de Capacidade nas instalacións de servizo, que está dispoñible na web do administrador de infraestruturas ferroviarias como documento anexo desta DR.

### Instalacións Auxiliares

Son instalacións técnicas vinculadas ao material rodante, nas que se poden verificar algunha das seguintes tarefas: identificar danos en rodas, caixas quentes, sobrepeso, control de gálibo, estiba de carga, etc. Están orientadas á seguridade na circulación e dispoñen das tecnoloxías adecuadas para cumprir a súa misión

Existe un conxunto de básculas distribuídas ao longo da RFIG que teñen como misión identificar o exceso de peso nos vagóns, e evitar descarrilamentos e sobre esforzos na infraestrutura. En concreto, existen 30 básculas dinámicas con funcionamento automático, todas elas equipadas con telemando, pode consultarse a súa localización nos mapas, documento anexo a esta DR. O administrador de infraestruturas ferroviarias, a través da Subdirección de Sistemas e Medios Operacionais da Dirección Xeral de Circulación e Xestión de Capacidade, mantén o parque de básculas e os vagóns contraste segundo a normativa vixente.

## 7.3.8. INSTALACIÓNS PORTUARIAS E MARÍTIMAS

As EE.FF. terán dereito a acceder ás infraestruturas ferroviarias existentes no ámbito dos Portos Marítimos ou Fluviais, nas condicións establecidas para o efecto pola Autoridade Portuaria correspondente.

A prestación de servizos básicos, complementarios e auxiliares nas instalacións de servizos situadas nos portos de interese xeral axustarase ao disposto na lexislación portuaria.

Para máis información, consultar os Mapas e as Fichas Descritivas das instalacións de servizo incluídas na aplicación PISERVI, que están dispoñibles na web do administrador de infraestruturas como anexo desta DR.

## 7.3.9. INSTALACIÓNS SOCORRO

Son o conxunto de sistemas que están dispoñibles nas instalacións do administrador de infraestruturas destinadas da favorecer a evacuación, a autoprotección das persoas e a intervención dos servizos de rescate, en situacións de emerxencia.

Para obtener información adicional consultar con:

**Dirección de Seguridad y Autoprotección**

*Estación Madrid-Chamartín -Clara Campoamor*
*Calle Agustín de Foxá, 48- Edificio Comercial*
*28036-Madrid*

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 28/02/2024)

# 7.3.10. INSTALACIONES DE ABASTECEMENTO DE COMBUSTIBLE

Son aquelas instalacións dotadas dos medios técnicos adecuados para dispensar gasóleo para tracción aos vehículos ferroviarios coas medidas de seguridade adecuadas.

As empresas ferroviarias poden subministrarse combustible a través de:

- Rede de puntos fixos de abastecemento de combustible, xestionada directamente por Adif, que se recolle nos mapas, no documento anexo desta DR. Nestas instalacións subministraranse por orde de acceso ao punto de subministración.
- Puntos móbiles de subministración, previa solicitude á Subdirección de Xestión de Combustibles. Nestas instalacións e só no caso dos subministradores de gasóleo diferentes de Adif (autoabastecemento), as empresas ferroviarias deberán informar ao titular da instalación coa suficiente antelación e adaptarse sempre ás condicións de uso da instalación.

Naqueles casos nos que existan comunicacións de clientes con faixas horarias coincidentes, terán preferencia as que se realizasen primeiro, sempre que estea na instalación o medio de subministración que o vai realizar.

A asignación de capacidade na instalación estará implícita na prestación do servizo de subministración de combustible, con independencia de que se trate de punto fixo ou móbil, e non require solicitude de capacidade. A devindicación do canon por Modalidade D por uso prodúcese cando se subministra o combustible.

Poderán acondicionarse determinadas vías nas terminais de transporte de cargas, dotándoas dos medios técnicos, de seguridade e ambientais axeitados para a dispensación de gasóleo para tracción.

As vías de abastecemento e o seu equipamento figuran no catálogo de Oferta de Capacidade nas instalacións de servizo, que está dispoñible como anexo desta DR.

Para obter información adicional ver www.adif.es ou consultar con:

**Subdirección de Promoción del Transporte de Mercancías**

*C/ Agustín de Foxá, 46 - Edificio Comercial 3ª planta.*
*Estación de Madrid-Chamartín-Clara Campoamor- 28036 Madrid*

# 7.3.11. OUTRAS INSTALACIÓNS FERROVIARIAS CONECTADAS Á RFIG (PORTOS E CARGADOIROS)

## Portos de Interese Xeral con Convenio de Conexión á RFIG

As infraestruturas ferroviarias e terminais ferroviarios de mercadorías de titularidade dunha autoridade portuaria que en cada momento existan nas zonas de servizos dos portos de interese xeral e estean conectadas coa Rede Ferroviaria de Interese Xeral, formarán parte desta e incorporaranse ao Catálogo de infraestruturas da Rede Ferroviaria de Interese Xeral.

A conexión das infraestruturas ferroviarias e terminais de carga ás que fai referencia o apartado anterior co resto da Rede Ferroviaria de Interese Xeral recollerase na declaración sobre a rede e regularase mediante convenio. O citado convenio será celebrado conxuntamente pola autoridade portuaria correspondente, o correspondente administrador xeral de infraestruturas ferroviarias e Portos do Estado, para cada porto de interese xeral, previa autorización do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, e nel estableceranse as obrigas e dereitos. de cada unha das partes, de acordo cos seguintes principios:

a) O administrador xeral de infraestrutura e a Autoridade Portuaria establecerán, de acordo coas directrices que estableza o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, as normas para a conexión física e funcional das infraestruturas ferroviarias e terminais ferroviarias de mercadorías administradas por cada entidade. Para estes fin, no convenio definiranse as liñas de conexión do porto co resto da Rede Ferroviaria de Interese Xeral.

b) As autoridades portuarias establecerán, respecto dos portos de interese xeral e previo informe favorable de Portos do Estado, as normas para o deseño e explotación da rede ferroviaria existente en cada porto, sempre que non perturbe o bo funcionamento da resto da Rede Ferroviaria de Interese Xeral.

No convenio recolleranse os aspectos operativos da rede e as normas que o administrador de infraestruturas ferroviarias deberá respectar para a adxudicación da capacidade das infraestruturas ferroviarias e das terminais de carga existentes no ámbito dos portos de interese xeral.

Actualmente 21 Portos teñen conexión coa RFIG, ver Mapas e aplicación PISERVI, en documento anexo a esta DR.

## Infraestruturas Ferroviarias de Titularidade Privada (Cargadeiros)

Son infraestruturas de titularidade privada as pertencentes a particulares, individual ou colectivamente

Para o establecemento ou a explotación dunha infraestrutura ferroviaria de titularidade privada, o solicitante deberá presentar un proxecto de establecemento ou de explotación da liña que incluirá, como mínimo, unha memoria explicativa dos fins perseguidos mediante o establecemento ou a explotación da infraestrutura, cos seus planos xerais e parciais, así como os correspondentes orzamentos, as actividades que se vaian prestar sobre aquela, a descrición das obras e as circunstancias técnicas de realización das mesmas, que deberán axustarse ás normas que, en materia de seguridade e interoperabilidade, se establezan regulamentariamente polo Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible.

Sobre a citada infraestrutura ferroviaria de titularidade privada, poderase realizar o transporte ferroviario, exclusivamente, por conta propia, como complemento doutras actividades principais realizadas polo seu titular.

A conexión das infraestruturas ferroviarias de titularidade privada non pertencentes á Rede Ferroviaria de Interese Xeral, especialmente das zonas de carga, coa Rede Ferroviaria de Interese Xeral, só poderá realizarse cando así o autorice expresamente o administrador de infraestruturas. O titular da infraestrutura ferroviaria de titularidade privada facilitará a conexión nos termos determinados na autorización.

Unha zona de carga defínese como aquela infraestrutura ferroviaria de titularidade pública ou privada, consistente nunha instalación de vías para a carga, descarga e estacionamento de vagóns con enlace a unha liña a través de unha ou máis agullas de plena vía, que serva para complementar a RFIG titularidade do administrador de infraestruturas, incluídos nos mesmos aquelas dependencias dedicadas á construción, reparación ou mantemento de material ferroviario, tales como coches, vagóns, locomotoras ou maquinaria de vía de titularidade privada.

No Artigo 52 do Regulamento do Sector Ferroviario recóllense as condicións nas que se realizará a conexión das infraestruturas ferroviarias de titularidade privada coa Rede Ferroviaria de Interese Xeral e o réxime de construción e explotación dos elementos de titularidade privada que complementen as infraestruturas ferroviarias de titularidade do Estado.

Desde o 1 de xaneiro de 2005, autorizáronse á RFIG 61 conexións de infraestruturas ferroviarias de titularidade privada xestionadas polo administrador de infraestruturas. A día 31 de xullo de 2023, hai 160 derivacións particulares en explotación comercial en liñas convencionais (13 privadas de uso público) e 6 en liñas de largo métrico.

As Fichas Descritivas das Instalacións de Servizo están dispoñibles na aplicación PISERVI, anexa a esta Declaración sobre a Rede, especificando se están situados en liña de largo convencional ou en liña de largo métrico, e están clasificados en función do seu uso, en:

* Cargadeiros privados de uso público.
* Cargadeiros privados.

Para máis información, póñase en contacto coa Dirección de Explotación Comercial (Directorio de Adif apartado 1.6).

# 7.3.12. CAMBIADORES DE LARGO E EIXES

Na Rede titularidade do administrador de infraestruturas existen actualmente dous largos de vía interoperables entre si: Largo Estándar (1.435 mm) e Largo Ibérico (1.668 mm). Para facilitar as conexións internas entre ambos os largos, así como con outras redes europeas, creáronse instalacións automáticas denominadas Cambiadores de Largo de Vía. Noutras instalacións tradicionais permítese a transición física de largo mediante o cambio de eixes ou de bogies, ou ben o transbordo físico da mercadoría. Igualmente, existen instalacións de transbordo de contedores e mercadorías nos puntos fronteirizos de Irún e de Portbou. A súa localización está recollida nos mapas, no documento anexo desta DR.

As EE.FF. terán dereito a utilizar os Cambiadores de Largo de Vía xestionados polo administrador de infraestruturas ferroviarias, na medida en que o seu material rodante estea adaptado ás súas características técnicas. O administrador de infraestruturas ferroviarias garante en todo momento a prestación deste servizo asociado á adxudicación de sucos para circular polas liñas da RFIG.

As operacións técnicas do material, acoplamento das locomotoras, probas de freo, desconxelación de rodais, dirección das manobras ou operacións de cambio de largo de vía, así como a responsabilidade das mesmas, corresponden ás EE.FF.

As EE.FF. dedicadas ao transporte de mercadorías poderán solicitar a TRANSFESA a utilización dos cambiadores de eixes situados nas fronteiras de Hendaya e Cerbère, nas condicións que a citada empresa determine.

### Cambiadores de Largo

Son instalacións nas que se realiza a modificación necesaria dun vehículo ferroviario para adaptalo a un largo de vía diferente. Existen dous sistemas:

* De tecnoloxía TALGO.
* De tecnoloxía CAF.

Ademais, algunhas destas instalacións permiten o cambio de largo de trens de ambas as tecnoloxías. A tecnoloxía de cambio de largo de trens de rodadura desprazable permite ás circulacións ferroviarias a transición entre diferentes redes, nun tempo reducido e sen molestias para os viaxeiros, e é un elemento clave para a extensión progresiva dos beneficios da alta velocidade.

Para obter información adicional consultar con:

**Subdirección de Operaciones de Alta Velocidad**

*Dirección General de Conservación y Mantenimiento.*
*Calle Titán 4-6 4ª Planta. 28045 Madrid*

Nos mapas, documento anexo a esta DR, están representadas as instalacións de cambio de largo de vía xunto coa información do tipo de largo de vía de cada liña, e na aplicación PISERVI inclúese información específica destas Instalacións.

Seguidamente, indícanse todos os Cambiadores de largo especificando a súa localización:

| PROVINCIA | TECNOLOXÍA | TIPO | CAMBIADOR |
|---|---|---|---|
| CÓRDOBA | TALGO CAF | Dual vertical | Alcolea de Córdoba |
| MÁLAGA | TALGO CAF | 2 Cambiadores duales verticales | Antequera, por Antequera Sta. Ana |
| SEVILLA | TALGO CAF | 2 Cambiadores sencillos | Majarabique por Sevilla Sta. Justa |
| ALBACETE | TALGO CAF | Dual horizontal | Albacete |
| VALENCIA | TALGO CAF | Dual vertical | Valencia |
| ZARAGOZA | TALGO CAF | Dual vertical | Zaragoza – Delicias por Zaragoza |
| | TALGO CAF | Dual vertical | Plasencia de Jalón |
| TARRAGONA | TALGO CAF | 2 Cambiadores duales verticales | La Boella |
| LEÓN | TALGO CAF | Tcrs3 | Vilecha por León |
| | TALGO CAF | Tcrs3 | León Clasificación por León |
| PALENCIA | TALGO CAF | Dual horizontal | Villamuriel por Palencia |
| VALLADOLID | CAF | Sencillo | Medina del Campo por Medina del Campo AV |
| | TALGO CAF | Dual horizontal | Valdestillas por Valladolid Campo Grande |
| BURGOS | TALGO CAF | Tcrs3 | Burgos Rosa Manzano |
| OURENSE | TALGO CAF | Dual horizontal | Taboadela |

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 28/02/2024)

### Cambiadores de Eixes e Bogies

Son instalacións de cambio de bogies ou de eixes dos vagón (actualmente, só para tráfico de mercadorías) mediante un sistema de levantamento do vagón e a substitución da rodadura por outra do ancho correspondente. Na actualidade, a xestión das instalacións de cambio de eixes nas fronteiras sitúase nas terminais de cargas situadas en Hendaya e Cerbère (Francia) e está a ser prestada pola empresa TRANSFESA. No Mapa 6, no documento anexo desta DR, están representados os cambiadores de eixes e bogies, Hendaya e Cerbère e na aplicación PISERVI inclúese a información específica destas Instalacións.

### Cambiador de Eixes España/Francia

Hendaya (Transfesa) por Irún/Francia

Cambiador de Cerbère (Transfesa)

## 7.3.13. TERMINAIS DE CARGA INTERMODAL

Son instalacións de servizo destinadas á carga e descarga de Unidades de Transporte Intermodal (UTI) sobre e desde vagóns (intercambio modal) ou entre vagóns (transbordo). Considéranse UTI os contedores, as caixas móbiles e os semirremolques que viaxen sobre un vagón plataforma.

Poderán utilizar este tipo de instalacións de servizos as empresas ferroviarias, os cargadores de trens, operadores de transporte combinado e os axentes de transporte. Para máis información consultar a aplicación PISERVI.

## 7.3.14. TERMINAIS DE CARGA DE MERCADORÍA XERAL (PUNTOS DE CARGA)

Son aquelas instalacións destinadas á carga e descarga de mercadorías que están formadas xeralmente pola vía e unha superficie (praia) operativa paralela á mesma e cun largo máximo de 8 metros desde o carril máis próximo. Estas operacións poderán realizarse lateralmente, polos extremos da composición ou por gravidade.



As instalacións de servizos das terminais intermodais de transporte de cargas que estean explotadas directamente por Adif ou por outros explotadores e que presten o servizo de carga e descarga de Unidades de Transporte Intermodal (UTI), sobre e desde vagón, non terán a consideración de puntos de carga.

Estas instalacións dispoñen do equipamento descrito no Catálogo da Oferta de Capacidade de instalacións de servizo e na aplicación PISERVI para facilitar as operacións de carga e descarga, como son a iluminas, as ramplas e peiraos de carga, fosos de descarga, que deberán ser tidos en conta polo cliente, pola influencia que poida ter na planificación das súas operacións.

Calquera outro equipamento non descrito, e necesario para realizar estas operacións, deberá ser facilitado polo cliente, previa autorización do titular da instalación.

Non obstante, se para a prestación do servizo do transporte ferroviario o cliente precisar, ademais da utilización deste tipo de instalación de servizo, outros espazos (campos, praias de almacenamento, almacéns...) ou medios (guindastres, carretillas elevadoras, ramplas móbiles) que o titular da instalación poida ofrecer, estes estarán regulados polo correspondente contrato de arrendamento.

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 28/02/2024)

Cando un cliente, actuando como provedor de transporte, teña asignada a capacidade dun punto de carga como orixe ou destino para un tráfico e o cargador cambie de provedor de transporte, o cliente que ata ese momento tivese a capacidade asignada terá a obriga, salvo causa debidamente xustificada, de deixar libre a instalación para permitir a asignación de capacidade ao novo provedor de transporte. No caso de que en 5 días desde o requirimento do GIS non se abandonase a instalación, o GIS revogará a súa capacidade e outorgaraa a favor do novo solicitante.

# 7.3.15. MODELOS PARA A SOLICITUDE DOS SERVIZOS E ANEXOS

Os modelos para solicitar os Servizos Básicos e Auxiliares están dispoñibles no **Anexo C.**

## ANEXO 1

### ESTACIÓNS CON SERVIZO PERMANENTE DE ASISTENCIA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE OU MOBILIDADE REDUCIDA

| ESTACIÓN | PUNTO DE ENCONTRO | ACCESIBILIDAD DA ESTACIÓN | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | PLAZA DE APARCAMENTO | VESTÍBULO E ZONA COMERCIAL | ENTRE PLATAFORMAS | ASEOS | CADEIRA DE RODAS |
| A CORUÑA | Atención ao Cliente ADIF | ● | ● | ● | ● | ● |
| ALCÁZAR DE SAN JUAN | Vestíbulo | ● | ● | ● | ● | ● |
| ALGECIRAS | Atención ao Cliente ADIF | ● | ● | ● | ● | ● |
| ALMERÍA INTERMODAL | Atención ao Cliente ADIF | ● | ● | | ● | ● |
| ÁVILA | Vestíbulo | ● | ● | ● | ● | ● |
| BADAJOZ | Vestíbulo | ● | ● | ● | ● | ● |

**NOTAS:**
Estacións con prestación de asistencia permanente ata 30 minutos antes da saída do tren.

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 28/02/2024)

5. Cando ADIF detectar que o nivel de uso do local é inferior a (80% en estacións coordinadas ou 50% no resto das estacións, agás cando isto for debido a causas non económicas, alleas ao control da PARTE ARRENDATARIA), será requirido á PARTE ARRENDATARIA que utilice o devandito local. Se este requisito non for atendido no prazo dun mes, ADIF poderá resolver o contrato, sen que a PARTE ARRENDATARIA teña dereito a esixir ningunha compensación.

## 4. RENDA

1. A PARTE ARRENDATARIO fará efectiva a ADIF, ao abeiro do presente Contrato, unha renda anual de XXX euros, que será calculada, en conformidade cos prezos establecidos na Declaración sobre a Rede vixente para cada horario de servizo.

   Sexa como for, non estarán incluídos na renda os gastos por consumo, subministracións, servizos, limpeza ou mantemento derivados do uso do local, que correrán a cargo da PARTE ARRENDATARIA. Tampouco están incluídos os gastos comúns que, se for o caso, serán repercutidos.
2. Estas rendas pagadeiras a ADIF por parte da PARTE ARRENDATARIA comezarán a ser devindicadas a partir do día de Inicio da Actividade, data que constará na Acta asinada polas partes e, como máximo, aos SESENTA (60) DÍAS despois da entrega do local
3. O pagamento da renda será realizado por meses adiantados, previa presentación por ADIF da correspondente factura, mediante transferencia bancaria, nunha das contas de ADIF das que é titular.
4. As cantidades antes sinaladas son contías sen IVE, polo que estas cifras incrementaranse co importe do IVE legalmente aplicable en cada momento.
5. A falta de pagamento pola PARTE ARRENDATARIA dalgunha das partes alícuotas da renda devindicará os xuros de demora vixentes na data nas que se produza a falta de impagamento e desde a data deste.

## 5. AUTORIZACIÓNS E LICENZAS

A PARTE ARRENDATARIA deberá solicitar e obter pola súa conta todas as autorizacións e licenzas, tanto nacionais como autonómicas e locais, vixentes na actualidade ou que se poidan ditar no futuro e resulten legalmente preceptivas para exercer a súa actividade no local arrendado por ADIF.

ADIF declina calquera responsabilidade para o caso de que a actividade a realizar pola PARTE ARRENDATARIA comezar sen contar coas credenciais, licenzas e autorizacións preceptivas.

A PARTE ARRENDATARIA poderá instar a resolución anticipada do contrato, sen penalización, cando as licenzas, autorizacións ou permisos indicados non sexan concedidos, sexan revogados ou limitados durante a vixencia do contrato, por causa allea á vontade da parte arrendataria.

Igualmente, a parte arrendataria deberá solicitar os permisos ou licenzas necesarios para realizar as obras, en conformidade co establecido na cláusula SÉTIMA do presente contrato.

## 6. FIANZA

En conformidade co artº. 36 da Lei de Arrendamentos Urbanos, a PARTE ARRENDATARIA entregou a ADIF, en concepto de fianza legal, unha cantidade equivalente a dous mensualidades da renda anual do primeiro ano de vixencia do contrato, é dicir, a cantidade de (——-) EUROS, (——- EUROS). (ELIMINAR SE NON PROCEDE)

En conformidade co artº. 36.6 da Lei de Arrendamentos Urbanos, a PARTE ARRENDATARIA queda exento da obriga de prestar fianza. (ELIMINAR SE NON PROCEDE) A fianza responderá do exacto cumprimento das obrigas que a PARTE ARRENDATARIA asume en virtude da sinatura do contrato. (ELIMINAR SE NON PROCEDE)

Cando a fianza for executada total ou parcialmente por incumprimento da PARTE ARRENDATARIA, esta deberá repoñela ao seu importe total no prazo de sete días útiles contados desde o seguinte á data da súa execución. (ELIMINAR SE NON PROCEDE)

Extinguido o contrato e sempre que non existan obrigas pendentes das que a PARTE ARRENDATARIA deba responder, ADIF devolveralle a fianza legal depositada, que en ningún caso, servirá para fixar anticipadamente o límite máximo da responsabilidade da PARTE ARRENDATARIA, de xeito que, se os danos e perdas causados a ADIF superaren a cantidade establecida na fianza, a PARTE ARRENDATARIA deberá aboar a diferenza.

A fianza legal será actualizada cando proceda legalmente. (ELIMINAR SE NON PROCEDE).

## 7. OBRAS E INVESTIMENTOS EN INSTALACIÓNS

### 7.1. OBRAS SOBRE OS ESPAZOS E INSTALACIÓNS

Toda obra que realizar nos espazos e instalacións cedidas serán por conta da PARTE ARRENDATARIA, para o que sempre será necesaria a autorización expresa e por escrito de ADIF, previa ao inicio destas.

Os fitos significativos das actuacións deste capítulo recóllense no seguinte esquema:

a) Proxecto construtivo.

Por conta da PARTE ARRENDATARIA será o documento que se presentará a ADIF para a súa aprobación expresa.

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 23/02/2024)

Igualmente, este irá acompañado de Certificado, asinado por técnico responsable da redacción do Proxecto e visado polo Colexio Oficial competente, que xustifique o cumprimento en dito Proxecto das condicións de funcionalidade, seguridade e habitabilidade establecidas na normativa técnica, urbanística e sectorial da actividade.

b) Acta en conformidade do proxecto.

Este documento serve como acreditación da revisión e aprobación do Proxecto presentado pola PARTE ARRENDATARIA, e este incluirá o tipo de investimentos e os importes aprobados.

c) Acta de inicio de traballos.

É un documento que recollerá o inicio das obras e conterá, polo menos, información sobre a data de inicio, o prazo de execución e o importe previsto das obras para realizar.

d) Execución das obras.

Serán realizadas pola PARTE ARRENDATARIA, que será o único responsable dos pagamentos de calquera natureza que sexan inherentes á súa execución, así como da obtención e pagamento de todas as licenzas, permisos e taxas que sexan preceptivos por parte da Administración Local, Autonómica ou Estatal. Igualmente, será responsable das indemnizacións que poidan derivar do incumprimento das disposicións xerais ou particulares relativas á Seguridade Social, saúde laboral, respecto dos traballadores destinados á execución desas obras, así como de todas as perdas e danos producidos a terceiras persoas derivados da súa execución, e deberá cumprir, ademais, todas as prescricións relativas á normativa vixente de prevención de riscos laborais e toda a normativa de ADIF.

ADIF poderá realizar visitas de inspección e seguimento das obras e terá acceso a toda a súa documentación técnica. Calquera modificación do proxecto aprobado deberá contar coa debida autorización de ADIF antes da súa execución, e non se executará sen a dita autorización.

d) Acta de comprobación de investimento.

Finalizadas as obras, é o documento que certifica as obras realizadas e acredita convenientemente que foron liquidadas aos provedores e determina o importe final desa obra para os efectos contractuais se os houber.

A conformidade por parte de ADIF co proxecto e coas obras non eximirá á PARTE ARRENDATARIA da súa responsabilidade polos defectos que puidesen existir e as consecuencias que deles se puidesen derivar.

## 7.2 INVESTIMENTOS E O SEU TRATAMENTO

A PARTE ARRENDATARIA realizará as obras necesarias para a posta en marcha da actividade á que se vaia destinar o inmoble arrendado, procedendo tamén a dotalo de todas as instalacións necesarias (subministración de luz, auga, gas, refrixeración, calefacción, etc.) en conformidade, todo isto, co proxecto que, para tal efecto, ADIF deberá aprobar, no prazo máximo de TRES MESES; cando a PARTE ARRENDATARIA non realizar as citadas obras no prazo estipulado, ADIF poderá rescindir o contrato previa comunicación por escrito.

O local disporá de tomas eléctricas e de comunicacións para a instalación dos equipamentos propios.

Cando a PARTE ARRENDATARIA considerar a necesidade de realizar algunha obra, deberá presentar perante ADIF o Proxecto correspondente, que deberá ser expresamente autorizado para a súa execución. A autorización de execución será incluída en Apéndice ao contrato, onde constarán as modificacións de contrato acordadas nos termos incluídos neste documento.

A proposta destes investimentos, logo da súa análise por ADIF, serán clasificados como:

a) Investimentos en instalacións fixas.

ADIF poderá esixir a garantía do seu importe durante o período de execución do contrato se se consideran necesarios e debidamente xustificados.

A totalidade do investimento deberá quedar totalmente amortizada, normalmente durante toda a vixencia do contrato, e á finalización do contrato as obras ou instalacións que a PARTE ARRENDATARIA realizase quedarán sempre en beneficio de ADIF, sen ningún dereito por parte da PARTE ARRENDATARIA a contraprestación de ningún tipo, salvo a parte pendente de amortizar, excepcionalmente, que así fose aprobada por ADIF previamente á finalización ou resolución do contrato.

- Importe Garantido

Calcúlase mediante a seguinte fórmula:

$$I_g = I_v \times M_p / D_u$$

Onde:

$I_g$, é o importe garantido.

$I_v$, é o importe dos investimentos realizados, comprobados e ligados ao espazo cedido. (O importe do Investimento realizado deberá ser inferior ou igual ao do Investimento aprobado)

$M_p$, é o núm. de meses pendentes de transcorrer ata o fin da amortización, de acordo co plan de amortización autorizado por ADIF.

$D_u$, é o prazo total en meses que dura a amortización, de acordo co plan de amortización autorizado por ADIF.

Para calcular o Importe Garantido será necesario que, unha vez finalizada a execución do investimento, a PARTE ARRENDATARIA facilite a ADIF as oportunas certificacións de obra, facturas ou documentos que acrediten suficientemente, a xuízo de ADIF, o custo total da mesma, para o que se desagregará o importe das instalacións desmontables tamén se achegará documentación acreditativa de que as obras foron debidamente liquidadas aos seus provedores.

- Dereitos sobre o importe garantido

a) No suposto de que o contrato for resolto por causas non imputables á PARTE ARRENDATARIA, este terá dereito a percibir de ADIF unha indemnización equivalente ao Importe Garantido (Ig). A PARTE ARRENDATARIA non poderá reclamar ningún outro tipo de indemnización.

b) No suposto de que o contrato for resolto por causas imputables á PARTE ARRENDATARIA, este non terá dereito ao aboamento de ningunha cantidade en concepto de Importe Garantido (Ig) polos investimentos realizados, quedando as obras en beneficio de ADIF.

b) Investimentos en instalacións móbiles ou desmontables.

Finalizado o contrato, a PARTE ARRENDATARIA comprométese a deixar o espazo cedido nas mesmas condicións nas que se lle entregaron, retirando pola súa conta, calquera instalación desmontable ou móbil que utilizase na explotación do espazo, garantindo, cando así for determinado, a transición de explotadores nos termos recollidos neste documento.

### 7.3. PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS E INSTALACIÓNS

A execución das obras descritas nos puntos anteriores deberá comezar no prazo pactado.

Se transcorrido o prazo sinalado no parágrafo anterior de inicio das obras, estas non se iniciasen por causa non xustificadas, este poderá resolver o contrato, quedando ao seu favor a garantía en concepto de indemnización.

A PARTE ARRENDATARIA poderá solicitar a prórroga dos prazos establecidos para o inicio e finalización das obras, que será concedida por ADIF no suposto de existiren razóns alleas á vontade da PARTE ARRENDATARIA que xustifiquen a demora no comezo destas. ADIF poderá inspeccionar en todo momento a execución das obras, para comprobar que estas se axustan ao proxecto autorizado, sen que por dita inspección ou control se poida derivar responsabilidade a ADIF. Rematadas as obras, redactarase unha acta onde se recollerán as instalacións realizadas, que formará parte do presente contrato.

## 8. SEGUROS

A PARTE ARRENDATARIA farase cargo dunha póliza de seguro global que cubra os riscos de incendio e outros danos aos bens e unha póliza de Responsabilidade Civil nunha contía mínima de 150.000.- EUROS (CENTO CINCUENTA MIL EUROS) cada un e que garanta, no caso de sinistro, o aboamento da indemnización correspondente e cubra os riscos de calquera dano ou perda causados durante a execución das obras, se for o caso, e no exercicio da actividade no espazo arrendado.

A PARTE ARRENDATARIA entregará a ADIF unha copia da póliza de seguros contratada e comprométese a remitir a ADIF, periodicamente, os xustificantes de estar ao corrente no pagamento da prima da póliza. A PARTE ARRENDATARIA tamén se obriga a comunicar a ADIF calquera modificación na póliza ou cambio de compañía aseguradora que se poidan producir durante a vixencia do contrato.

A PARTE ARRENDATARIA asumirá directamente a responsabilidade de afacer fronte a todas as indemnizacións cuxo importe poida exceder as cantidades antes sinaladas.

Estes seguros deberán ser contratados cunha entidade aseguradora que cumpra os requisitos establecidos na Lei 20/2015, do 14 de xullo, de organización, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, ou norma que a substitúa. A entrega da póliza de seguros a ADIF farase, como data límite, no momento da entrega do local.

A PARTE ARRENDATARIA deberá aboar puntualmente as primas do seguro e facilitar anualmente copia ADIF do correspondente xustificante de pagamento.

## 9. USO E CONSERVACIÓN

A PARTE ARRENDATARIA utilizará o local coa debida dilixencia, destinándoo única e exclusivamente ao uso descrito na estipulación primeira, absténdose de facer aquilo que poida prexudicar ou deterioralo, quedando prohibido almacenar ou manipular materiais perigosos.

A PARTE ARRENDATARIA comprométese a manter en bo estado de conservación, mantemento e limpeza as instalacións, equipamentos e elementos da actividade, así como a limpeza do local arrendado, debendo realizar pola súa conta as reparacións das deterioracións existentes ou que se poidan producir, como consecuencia da explotación pola PARTE ARRENDATARIA, asegurando a súa permanente conservación en perfecto estado.

A PARTE ARRENDATARIA obrígase a impedir calquera usurpación ou novidade lesiva por parte de terceiros.

A PARTE ARRENDATARIA permitirá o acceso ao interior do local a ADIF ou a quen este autorice para inspeccionar e verificar as obras de conservación ou reparación que foren necesarias.

A PARTE ARRENDATARIA obrígase a observar calquera norma, regulamento ou estatuto emitida por ADIF para o exercicio de actividades nos recintos ferroviarios, se for o caso, e a executar as indicacións de ADIF para a reparación e conservación do inmoble no que afecte a instalacións e servizo ferroviario. En particular, deberá observar as prescricións derivadas do artigo 16 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, en relación coas obras e actuacións a realizar nas zonas de dominio público e de protección da infraestrutura ferroviaria.

## 10. MEDIDAS DE SEGURIDADE

Será responsabilidade exclusiva da PARTE ARRENDATARIA, a adopción de todas as medidas de seguridade necesarias segundo a normativa vixente para a protección contra incendios, garantindo en todo momento que a actividade a exercer decorra sen risco ningún para as persoas ou cousas e para o propio local arrendado por ADIF.

As medidas anteriormente citadas adoptaranse serán adoptadas, se for necesario, en coordinación co servizo de seguridade da Estación, e serán responsabilidade súa os servizos de vixilancia, cando for necesario a xuízo de ambas as partes.

A PARTE ARRENDATARIA cumprirá, en todo momento, a normativa vixente ou que se poida ditar no futuro, tanto a nivel nacional como autonómico ou municipal, e que regule ou afecte o funcionamento, seguridade e condicións do local destinado á actividade concreta que nel se exerza.

ADIF declina calquera responsabilidade polos danos que se puidesen ocasionar a terceiros como consecuencia do incumprimento pola PARTE ARRENDATARIA das medidas de seguridade e normativa aplicables mencionadas nos parágrafos precedentes.

## 11. SUBMINISTRACIÓNS

As subministracións necesarias para o perfecto exercicio da actividade a realizar no local e nos espazos arrendados serán contratadas directamente por conta da PARTE ARRENDATARIA coas respectivas empresas subministradoras, que serán tamén responsables tanto dos consumos xerados como dos mesmos como da instalación das acometidas necesarias.

Cando a PARTE ARRENDATARIA non puider contratar directamente as subministracións coas empresas subministradoras, ADIF, se for a encargada da prestación das subministracións, calculará os custos correspondentes aos consumos en conformidade cos prezos establecidos na Declaración sobre a Rede vixente para cada horario de servizo.

A PARTE ARRENDATARIA renuncia a reclamar a ADIF os posibles danos e perdas ocasionados polas incidencias de calquera tipo nestas subministracións, sempre que estas incidencias non foren orixinadas por causas atribuíbles a ADIF.

## 12. PROHIBICIÓNS

Queda prohibida a cesión, o subarrendamento e o traspaso por calquera título, así como a subcontratación a terceiros do local arrendado ao abeiro do presente Contrato, salvo autorización previa e por escrito de ADIF. A cesión, o traspaso ou subarrendamento inconsentidos serán causa suficiente para a resolución do contrato de arrendamento.

Queda expresamente excluída a aplicación dos artigos 32 e 33 da vixente Lei de Arrendamentos Urbanos.

Queda igualmente excluído o dereito de adquisición preferente recollido no art. 31 en relación ao art. 25 da L.A.U.

## 13. SUSPENSIÓN DO CONTRATO

A PARTE ARRENDATARIA terá dereito a elixir entre suspender ou desistir do contrato (sen indemnización de ningún tipo) só e exclusivamente cando a autoridade

competente ou ADIF acorden (porque así o demande ou aconselle a explotación ou servizo público ferroviario) o peche temporal da estación.

A suspensión do contrato suporá, ata a finalización do peche, a paralización do prazo do contrato e a suspensión da obriga de pagar a renda. No entanto, reiniciado o contrato, computarase o tempo transcorrido para actualizar a renda consonte os baremos establecidos no contrato.

## 14. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO

O presente Contrato será resolto, ademais de polas causas recollidas no ordenamento xurídico, polas seguintes:

1. Se a PARTE ARRENDATARIA estiver ao descuberto no pagamento da renda correspondente a tres meses ou máis, e non corrixise o incumprimento no prazo de dez días desde que fose requirida para facelo por ADIF, sen necesidade de reclamación xudicial ou extraxudicial.
2. A falta de pagamento do importe da fianza ou a súa actualización, que a PARTE ARRENDATARIA non corrixise no prazo de n mes desde que fose requirida para iso por ADIF.
3. O subarrendamento ou a cesión inconsentidos.
4. A realización de danos causados dolosamente no inmoble.
5. Por destinar o local arrendado por ADIF a actividade distinta á recollida no presente Contrato.
6. Por impedir ou prohibir de forma reiterada e grave o acceso de ADIF ao local arrendado para realizar as comprobacións e investigacións que considere necesarias.
7. Para a realización no local arrendado de obras non autorizadas previamente e por escrito por ADIF.
8. Se, unha vez executadas as obras recollidas na Estipulación SÉTIMA deste Contrato, ADIF comprobase que estas non se axustan ás que foron consentidas, e a PARTE ARRENDATARIA non as adecuase ás que foron consentidas no prazo de tres meses desde que fose requirida para iso por ADIF.
9. No caso de que a PARTE ARRENDATARIA sexa sancionada pola Administración ou polos Tribunais, mediante resolución ou sentenza firme, con motivo de faltas graves que poidan prexudicar o prestixio ou a imaxe de ADIF.
10. Por non subscribir e/ou por estar ao descuberto no pagamento dos seguro, incluídos na Estipulación OITAVA, sempre que o incumprimento non fose corrixido no prazo dun mes desde que a PARTE ARRENDATARIA fose solicitada para iso por parte de ADIF.
11. Por infrinxir ou non observar estritamente a normativa sobre funcionamento, seguridade e condicións do local, de acordo coa actividade que nel se desenvolva, sen necesidade de reclamación xudicial ou extraxudicial, sempre que o incumprimento non fose corrixido no prazo de dez días desde que a PARTE ARRENDATARIA fose requirida para iso por parte de ADIF.
12. Por non estar a PARTE ARRENDATARIA en posesión das autorizacións e licenzas necesarias para o exercicio da actividade e para a realización de obras.
13. Por abandono do local.

ADIF notificará por escrito Á PARTE ARRENDATARIA a causa de resolución na que incorrese.

En todos estes supostos de resolución, as obras realizadas de primeiro establecemento, conservación ou mellora reverterán gratuitamente a ADIF e ficarán en beneficio dos

locais sen que a PARTE ARRENDATARIA teña dereito a percibir ningunha cantidade en concepto de indemnización ou amortización pendente.

Se a PARTE ARRENDATARIA decidir unilateralmente a resolución do contrato antes do vencemento pactado, calquera que for a causa, todas as obras realizadas ficarán tamén en beneficio dos locais sen que ADIF teña que aboar ningunha cantidade á PARTE ARRENDATARIA en concepto de indemnización ou amortización pendente.

Igualmente, este contrato será rescindido segundo o indicado na Estipulación Segunda relativa á recuperación dos locais por ADIF, e Terceira do presente documento relativa á resolución anticipada por parte da PARTE ARRENDATARIA, así como á resolución por parte de ADIF por falta de uso do local nos niveis requiridos.

## 15. RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Ademais de polas restantes causas recollidas neste contrato, o contrato de arrendamento extinguirase por:

1. O vencemento do prazo de vixencia contractualmente establecido ou do incluído en calquera das súas prórrogas, ficando excluída expresamente a aplicación do art. 34 da L.A.U.
2. Falecemento da persoa física arrendataria, en cuxo caso fica excluída a subrogación mortis causa do art. 33 L.A.U. ou, disolución da persoa xurídica arrendataria
3. Perda do inmoble arrendado por causas non atribuíbles a ADIF.
4. Calquera outra acordada polas partes.

En ningún dos casos incluídos nesta cláusula terá a PARTE ARRENDATARIA dereito a ningunha indemnización.

Igualmente, o Contrato ficará extinguido pola finalización da prestación do servizo de venda de billetes e información atendido (SB-7), persoal de servizos a bordo (SB 9) (ELIMINAR O QUE NON PROCEDA) vinculado ao espazo adxudicado a XXXXXXX.

## 16. PUBLICIDADE E RÓTULOS

Para a instalación de calquera rótulo no exterior do local arrendado, relacionado coa actividade que a PARTE ARRENDATARIA exerza no interior do local, este deberá solicitar e obter previamente a autorización expresa e por escrito de ADIF.

Queda prohibida a realización ou instalación de calquera tipo de publicidade no exterior do local arrendado por ADIF. Igualmente, queda prohibida a colocación de rótulos luminosos, mesmo no interior do local, sen a autorización previa de ADIF.

## 17. RESPONSABILIDADES

ADIF quedará exento de toda responsabilidade polas subtraccións, avarías ou danos que se poidan ocasionar nos mobles, aparellos e efectos introducidos no local arrendados. Igualmente, ADIF declina calquera responsabilidade polos accidentes acontecidos no interior do local obxecto do contrato, sexa cal for a causa, perante os empregados da PARTE ARRENDATARIA e perante terceiros, respecto de todos os que responderá sempre a PARTE ARRENDATARIA e polo importe total das indemnizacións correspondentes.

## 18. GASTOS E TRIBUTOS

Serán por conta do ARRENDATARIO a totalidade dos tributos de calquera clase que, actualmente, gravan, ou poidan gravar no futuro, o exercicio da actividade a exercer no local arrendado, ou que recaian ou poidan recaer sobre o local ocupado, aínda que fosen liquidados a ADIF. Igualmente, serán responsabilidade do ARRENDATARIO os gastos e tributos que poidan recaer sobre este contrato ou sobre calquera das operacións físicas ou xurídicas que motive.

Acórdase expresamente que o ARRENDATARIO será responsable do Imposto sobre Bens Inmobles que recaia sobre o local, aínda que fose liquidado a ADIF.

## 19. RETIRADA DE RESIDUOS

A PARTE ARRENDATARIA obrígase, pola súa conta e responsabilidade, a retirar todos os residuos xerados como consecuencia da realización de obras privativas no seu local e/ou polo exercicio da súa actividade. A retirada destes residuos deberá ser realizada en conformidade coas disposicións legais vixentes en materia de medio ambiente, e a través dun Xestor Ambiental cando for preceptivo, achegando copia a ADIF dos documentos asinados para a retirada de todos os residuos.

## 20. PREVENCIÓN DE RISCOS. COORDINACIÓN EMPRESARIAL

En cumprimento do disposto no Real Decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais, o Adxudicatario deberá establecer contacto coa/s persoa/s responsable/s da Prevención de Riscos Laborais do centro ou centros nos que vai realizar o obxecto do contrato.

Serán aplicables os procedementos operativos de coordinación de actividades empresariais P.O.P. 12 e P.O.P 16, en todo o que non contradiga o presente contrato.

Se durante a vixencia do contrato for necesario, para realizar a actividade, contar cunha habilitación administrativa, quen resulte adxudicatario se obriga ao seu exclusivo cargo a obter a habilitación pertinente. Igualmente, obrígase a que o persoal ou medios que vaian prestar os seus servizos no ámbito ferroviario dispoñan da capacitación e habilitación, que resulten preceptivas segundo a normativa aplicable do sector, que lles permitan realizar as súas funcións coas debidas garantías de seguridade e eficiencia.

## 21. COMUNICACIÓNS

Todas as comunicacións que a PARTE ARRENDATARIA dirixa a ADIF en relación a este contrato deberán ser dirixidas á Subdirección de Xestión Comercial da Dirección de Explotación Comercial, situada na C/Sor Ángela de la Cruz núm. 3, 3ª planta, 28020 (Madrid), para ter a seguridade de que chegaron ao seu destino.

As que ADIF dirixa a PARTE ARRENDATARIA enviaraas ao domicilio que aparece no encabezamento deste Contrato.

Mentres ADIF non reciba comunicación da PARTE ARRENDATARIA que notifique algunha anomalía, entenderase que o contrato se desenvolve con normalidade.

## 22. NOVACIÓN

A totalidade dos pactos e condicións establecidos neste contrato non poderán ser modificados nin novados salvo ao abeiro de acordo específico das partes que deberán ser subscrito polos mesmos outorgantes ou por persoas que tiveren poderes suficientes para iso.

## 23. RÉXIME XURÍDICO

O presente contrato rexerase polos propios termos e pactos contidos nestas condicións particulares e, mentres non as contradiga, pola Lei 29/1994, do 24 de novembro, de Arrendamentos Urbanos e, no tocante a estas normas, polo establecido na Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas e demais normas de dereito privado aplicables.

Igualmente, serán aplicables para o non indicado nas presentes condicións particulares, a documentación que serviu de base para a adxudicación do presente contrato núm. (——————————), así como a documentación entregada pola PARTE ARRENDATARIA durante a tramitación do expediente.

## 24. DOCUMENTOS INTEGRANTES DO CONTRATO

Os seguintes documentos forman parte integrante do presente contrato, ademais das presentes condicións particulares:

ANEXO 1: Resolución adxudicación.

ANEXO 2: Plano descritivo da superficie e outras características do local arrendado.

ANEXO 3: Certificado de Eficiencia enerxética.

## 25. XURISDICIÓN

Para as cuestións que puidesen derivar da interpretación e cumprimento do presente Contrato, e en conformidade co establecido no artigo 15 da Lei de Asistencia Xurídica ao Estado e Institucións Públicas, aplicable a esta Entidade Pública Empresarial, as partes, con renuncia expresa a calquera outro foro e domicilio que en dereito lles puidese corresponder, sométense aos Tribunais de Madrid, onde deberán resolver calquera litixio en aplicación do dereito nacional común de ambas as partes.

## 26. CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

As Partes Contratantes comprométense a gardar en segredo todos os datos e informacións facilitados e que teñan relación co obxecto do contrato, debendo gardar a confidencialidade destas informacións e non revelalas de ningún xeito, total ou parcialmente, a ningunha persoa física ou xurídica que non sexa parte do contrato.

Os datos persoais tratados no presente contrato serán tratados por cada unha das partes de acordo ás disposicións do Regulamento Xeral de Protección de Datos (UE 679/2016) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía de Dereitos Dixitais. Cada unha das partes será responsable do tratamento dos datos persoais recollidos da outra parte, figurando a súa identidade, datos de contacto e representante no encabezamento do contrato. A finalidade do tratamento é a xestión e execución do contrato, sendo conservados os datos durante a súa vixencia e o tempo posterior que sexa legalmente necesario. Os datos poderán ser comunicados ás Administracións Públicas para cumprir coas obrigas legais derivadas do contrato.

Infórmase aos interesados do seu dereito a solicitar o acceso aos seus datos, rectificación, supresión, limitación ou a opoñerse ao tratamento, así como o dereito á portabilidade dos datos, se for o caso, enviando un escrito acompañando unha fotocopia do Documento Nacional de Identidade ou outro homólogo (NIE) co asunto Protección de Datos aos seguintes enderezos:

Administrador de Infraestructuras Ferroviarias, ADIF, E.P.E. (CIF Q-2801660-H)

Enderezo postal: Avenida Pio XII, 97, Madrid (28036).

Enderezo de correo electrónico: dpd.adif@adif.es

Para: (————————-).

Enderezo postal: (————————————————-).

Enderezo de correo electrónico: (————————————————).

Igualmente, os interesados terán dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos, cando entendan que algún dos seus dereitos foi vulnerado ou os seus datos foron tratados ilexitimamente.

Os interesados poderán dirixirse ao Delegado de Protección de Datos de cada un dos responsables, no caso de que o tiveren, contactando por algunha das canles anteriormente indicadas.

## 27. SELADO DO CONTRATO

A totalidade dos folios que compoñen este Contrato e resto dos Anexos foron selados para garantir a súa autenticidade, por representantes de ambas as partes.

Así o acordan e conveñen a cuxo fin e para a súa debida constancia, asinan electronicamente o presente Contrato, a un só efecto, sendo a data de formalización a que corresponda coa data de sinatura do último dos asinantes no documento.

| | |
|---|---|
| IDENTIFICACIÓN DO DOCUMENTO: | |
| CONTRATO NÚM: | |
| ASINANTE: | |
| POLO ARRENDATARIO: | |
| POR ADIF: | |

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 23/02/2024)

# MODELOS EN CONFORMIDADE E CONTRATACIÓN PARA A CESIÓN DE ESPAZOS DESTINADOS Á PRESTACIÓN DOS SERVIZOS FERROVIARIOS CONEXOS (SB-8, SX-5, SX-7 Y SX-8)

## CONTRATO NÚM. (————————)

(————————————) con NIF (————————————) e domicilio en (————————————) representado por (————————————), con NIF (————————————) en calidade de (————————————) segundo consta na Escritura outorgada o (——) de (——) de (——) perante o Notario de (————————-) D. (————————————————————-) co número (——-) do seu Protocolo.

Que con data (——), a empresa ferroviaria (  ) solicitou a ADIF acceso ás instalacións de servizo para a prestación do servizo (SB-8 ESPAZO PARA MÁQUINAS DE VENDA DE BILLETES E INFORMACIÓN/SX-5 ESPAZO EN PLATAFORMAS PARA ALMACENAMENTO DE EQUIPAMIENTOS MÓBILES / SX-7 PUNTO DE ATENCIÓN DE ÚLTIMA HORA / SX-8 ARMARIOS EN VESTIARIO DE USO COMPARTIDO) (poñer só o que corresponda) na estación de (————————————).

As condicións ofertadas por ADIF son as que figuran neste documento, xunto coas condicións de contratación que se achegan, como Anexo 1 ao presente documento:

- Espazo núm. SAP XXX, de XX m2 na estación de XXX.
- Prezo, o establecido na Declaración sobre a Rede vixente en cada momento. Neste caso concreto, ao tratarse dunha estación do grupo XXXXX, o prezo para o ano XXX é de XXXXXX (cantidades sen IVE).

  SB-8- Dentro do prezo inclúese o consumo eléctrico. Non inclúe os gastos por servizos, limpeza ou mantemento derivados do uso da máquina, nin o consumo de datos, que serán da conta da CESIONARIA.

  SX-5- Dentro do prezo inclúese o consumo eléctrico. Non se inclúe no prezo servizo específico de vixilancia, polo que non se ofrece a custodia dos elementos almacenados.

  SX-8- Dentro do prezo inclúese o consumo eléctrico.

  (ELIMINAR O QUE NON PROCEDA)
- Vixencia Será a que figure na resolución de adxudicación, comezando a contar a súa vixencia o día seguinte da súa notificación e finalizando o día XXX.

Que (———) acepta as condicións recollidas no presente documento e o seu Anexo 1, mediante a súa sinatura e selado.

| | |
|---|---|
| IDENTIFICACIÓN DEL DOCUMENTO: | |
| CONTRATO NÚM. | |
| ASINANTE: | |
| POLO ARRENDATARIO: | |
| POR ADIF: | |

**CONDICIÓNS DE CONTRATACIÓN DA CESIÓN DE USO**

## 1. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do presente documento é o reflectido no documento en conformidade asinado pola CESIONARIA, do que o presente documento é Anexo.

ADIF entregará á CESIONARIA o espazo citado, mediante a correspondente Acta de entrega que será asinada por representantes de ambas as partes, obrigándose a manterlle o goce pacífico do mesmo durante o tempo de vixencia do Contrato, agás cando, polos motivos sinalados na Estipulación Segunda, sexa necesaria a inmediata recuperación por parte de ADIF do citado espazo, nese caso a CESIONARIA obrígase desde agora a entregalo libre de calquera carga, no mesmo estado no que o recibiu e na data na que ADIF lle comunique.

A CESIONARIA declara que recibe o expresado espazo en condicións de uso e apto para servir ao fin exclusivo incluído anteriormente, independentemente das obras e investimentos realizados para acondicionar o espazo para a actividade á que se destina.

Será condición imprescindible para a entrega do espazo, a entrega a ADIF dunha copia das pólizas de seguros establecidas na Estipulación SÉTIMA das presentes Condicións de Contratación.

## 2. RECUPERACIÓN DO ESPAZO POR ADIF DURANTE A VIXENCIA DO CONTRATO

1. Cando for necesario realizar obras de mantemento e/ou de remodelación que afecten ao servizo de transporte ferroviario, sexan programadas ou urxentes, ADIF

poderá modificar a capacidade asignada previa comunicación ás empresas ferroviarias. ADIF comunicará, con carácter xeral, cunha antelación mínima de seis meses en relación á execución prevista, a realización das obras de mantemento e/ou remodelación programadas. No caso de obras de mantemento e/ou remodelación urxentes, ADIF comunicaraas á CESIONARIA, así que teña coñecemento diso.

Nestes casos, a empresa ferroviaria terá dereito a modificar temporalmente as condicións económicas asociadas á súa adxudicación, segundo sexa de carácter total ou parcial, durante o prazo de duración das obras.

2. Se como consecuencia da execución de obras de remodelación que se poidan realizar na Estación onde estea situado o espazo obxecto deste Contrato, por necesidades da explotación e do servizo público ferroviario, ou en cumprimento de disposicións administrativas, ou en execución de plans urbanísticos, que imposibiliten á CESIONARIA o exercicio da súa actividade no espazo cedido, terá esta dereito a ser indemnizada na parte pendente de amortización dos investimentos que fosen aprobados por ADIF antes da revogación da capacidade.

3. En calquera dos supostos anteriores, ADIF, sempre que sexa posible, facilitará un espazo alternativo. No caso de que, durante a execución do contrato, unha terceira empresa ferroviaria solicitase espazos para prestasr o servizo obxecto deste contrato e descrito na cláusula primeira, seguirase o procedemento de coordinación incluído no Regulamento 2017/2177 da Comisión, do 22 de novembro de 2017, relativo ao acceso ás instalacións de servizo e aos servizos ferroviarios conexos.

## 3. VIXENCIA DO CONTRATO

1. A vixencia do presente contrato é a reflectida na resolución de adxudicación, nas condicións establecidas no documento en conformidade.

   ADIF garante a permanencia nos espazos adxudicados durante este prazo, así como os investimentos realizados nos termos recollidos neste documento.

2. No final da vixencia do contrato, sen necesidade de ningún requisito previo, a CESIONARIA deberá desaloxar e deixar libre e á disposición de ADIF o espazo cedido, no mesmo estado no que estaba inicialmente, salvo acordo expreso por parte de ADIF.

3. Para realizar a resolución anticipada do contrato por vontade dunha das partes, establécese que notifique fidedignamente á outra parte deberá a súa decisión con polo menos, TRES MESES antes da data na que sexa efectiva a resolución.

4. Cando ADIF requirir a modificación do contrato, en aplicación do "Procedemento para as solicitudes de acceso ás instalacións de servizo e aos servizos vinculados ou conexos ao transporte ferroviario en Estacións de Viaxeiros", a CESIONARIA terá dereito á compensación polos investimentos pendentes de amortizar que, sobre o espazo modificado, fosen aprobados por ADIF e realizados pola CESIONARIA.

5. Cando ADIF detectar que o nivel de uso do espazo for inferior a (80% en estacións coordinadas ou 50% no resto das estacións, agás cando isto for debido a causas non económicas, alleas ao control da CESIONARIA), seralle requirido á CESIONARIA que utilice dito espazo. Se este requisito non for atendido no prazo dun mes, ADIF poderá resolver o contrato, sen que a CESIONARIA teña dereito a esixir ningunha compensación.

## 4. RENDA

1. A renda do presente contrato será a determinada segundo o establecido na Declaración sobre a Rede vixente en cada momento.
2. As rendas a pagar a ADIF pola CESIONARIA comezarán a devindicarse a partir do día de entrega do espazo, data que constará en Acta asinada polas partes.
3. O pagamento da renda será realizado por meses adiantados, previa presentación por ADIF da correspondente factura, mediante transferencia bancaria, nunha das contas de ADIF das que é titular.
4. As cantidades antes sinaladas son contías sen IVE, polo que estas cifras incrementaranse co importe do IVE legalmente aplicable en cada momento.
5. A falta de pagamento pola CESIONARIA dalgunha das partes alícuotas da renda devindicará os xuros de demora vixentes na data nas que se produza a falta de impagamento e desde a data deste.

## 5. AUTORIZACIÓNS E LICENZAS

A CESIONARIA deberá solicitar e obter pola súa conta todas as autorizacións e licenzas, tanto nacionais como autonómicas e locais, vixentes na actualidade ou que se poidan ditar no futuro e resulten legalmente preceptivas para exercer a súa actividade no espazo cedido por ADIF.

ADIF declina calquera responsabilidade para o caso de que a actividade a realizar pola CESIONARIA comezar sen contar coas credenciais, licenzas e autorizacións preceptivas.

A CESIONARIA poderá instar a resolución anticipada do contrato, sen penalización, cando as licenzas, autorizacións ou permisos indicados non sexan concedidos, sexan revogados ou limitados durante a vixencia do contrato, por causa allea á vontade da CESIONARIA.

Igualmente, a CESIONARIA deberá solicitar os permisos ou licenzas necesarios para realizar as obras, en conformidade co establecido na cláusula SÉTIMA do presente contrato.

## 6. OBRAS

Toda obra que deba ser realizada nos espazos e instalacións cedidas para o seu acondicionamento serán da conta da CESIONARIA, sendo sempre necesaria a autorización expresa e por escrito de ADIF, previa ao inicio destas.

Cando a CESIONARIA considerar a necesidade de realizar algunha obra, deberá presentar perante ADIF o Proxecto correspondente, que deberá ser expresamente autorizado para a súa execución. A autorización de execución será recollida en Apéndice ao contrato, onde constarán as modificacións de contrato que foren acordadas nos termos incluídos neste documento.

A execución das obras descritas deberá comezar no prazo pactado.

Se transcorrido o prazo sinalado no parágrafo anterior de inicio das obras, estas non se iniciasen por causa non xustificadas ADIF poderá resolver o contrato.

A CESIONARIA poderá solicitar a prórroga dos prazos establecidos para o inicio e finalización das obras, que será concedida por ADIF no suposto de existiren razóns alleas á vontade do Explotador que xustifiquen a demora no comezo destas. ADIF poderá inspeccionar en todo momento a execución das obras, para comprobar que estas se axustan ao proxecto autorizado, sen que por dita inspección ou control se poida derivar responsabilidade a ADIF. Rematadas as obras, redactarase unha acta onde se recollerán as instalacións realizadas, que formará parte do presente contrato.

## 7. SEGUROS

A CESIONARIA tomará ao seu cargo unha póliza de seguro global que cubra os riscos de incendio e outros danos aos bens e de Responsabilidade Civil nunha contía mínima de 150.000.- EUROS (CENTO CINCUENTA MIL EUROS) cada un e que garanta, no caso de sinistro, o aboamento da indemnización correspondente e cubra os riscos de calquera dano ou perda causados durante a execución das obras, se for o caso, e no exercicio da actividade no espazo cedido.

A CESIONARIA entregará a ADIF unha copia da póliza de seguros contratada e comprométese a remitir a ADIF, periodicamente, os xustificantes de estar ao corrente no pagamento da prima da póliza. A CESIONARIA tamén se obriga a comunicar a ADIF calquera modificación na póliza ou cambio de compañía aseguradora que se poidan producir durante a vixencia do contrato.

A CESIONARIA asume directamente a responsabilidade persoal de facer fronte a todas as indemnizacións cuxo importe poida exceder as cantidades sinaladas no parágrafo anterior.

Estes seguros deberán ser contratados cunha entidade aseguradora que cumpra os requisitos establecidos na Lei 20/2015, do 14 de xullo, de organización, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, ou norma que a substitúa. A entrega da póliza de seguros a ADIF farase, como data límite, no momento da entrega do local.

A CESIONARIA garantirá a ADIF a cobertura dos citados riscos, desde o momento do inicio e ata a finalización da vixencia do presente contrato.

A CESIONARIA deberá aboar puntualmente as primas do seguro e facilitar anualmente copia ADIF do correspondente xustificante de pagamento.

## 8. USO E CONSERVACIÓN

A CESIONARIA utilizará o espazo coa debida dilixencia, destinarao única e exclusivamente ao uso descrito no documento en conformidade e absterase de facer aquilo que poida prexudicar ou deterioralo, polo que quedará prohibido almacenar ou manipular materiais perigosos.

A CESIONARIA obrígase a manter en bo estado de conservación, mantemento e limpeza as instalacións, equipamentos e elementos da actividade, así como a limpeza do espazo cedido, e deberá realizar pola súa conta as reparacións das deterioracións existentes ou que se poidan producir, e asegurar a súa permanente conservación en perfecto estado.

A CESIONARIA obrígase a impedir calquera usurpación ou novidade lesiva por parte de terceiros.

A CESIONARIA permitirá o acceso ao interior do espazo a ADIF ou a quen este autorice para inspeccionar e verificar as obras de conservación ou reparación que foren necesarias.

A CESIONARIA obrígase a observar calquera norma, regulamento ou estatuto emitida por ADIF para o exercicio de actividades nos recintos ferroviarios, se for o caso, e a executar as indicacións de ADIF para a reparación e conservación do inmoble no que afecte a instalacións e servizo ferroviario. En particular, deberá observar as prescricións derivadas do artigo 16 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, en relación coas obras e actuacións a realizar nas zonas de dominio público e de protección da infraestrutura ferroviaria.

## 9. MEDIDAS DE SEGURIDADE

Será responsabilidade exclusiva da CESIONARIA, a adopción de todas as medidas de seguridade necesarias segundo a normativa vixente para a protección contra incendios, garantindo en todo momento que a actividade a exercer decorra sen risco ningún para as persoas ou cousas e para o propio espazo cedido por ADIF.

As medidas anteriormente citadas adoptaranse serán adoptadas, se for necesario, en coordinación co servizo de seguridade da Estación, e serán responsabilidade súa os servizos de vixilancia, cando for necesario a xuízo de ambas as partes.

A CESIONARIA cumprirá, en todo momento, a normativa vixente ou que se poida ditar no futuro, tanto a nivel nacional como autonómico ou municipal, e que regule ou afecte o funcionamento, seguridade e condicións do espazo destinado á actividade concreta que nel se exerza.

ADIF declina calquera responsabilidade polos danos que se puidesen ocasionar a terceiros como consecuencia do incumprimento pola CESIONARIA das medidas de seguridade e normativa aplicables mencionadas nos parágrafos precedentes.

## 10. SUBMINISTRACIÓNS

No caso de que o servizo que prestar e recollido no documento en conformidade non contemple a inclusión das subministracións dentro do prezo, as subministracións necesarias para o perfecto decorrer da actividade que realizar no espazo cedido serán contratados directamente pola conta e responsabilidade da CESIONARIA coas respectivas empresas subministradoras, e irán da súa conta os consumos xerados como a instalación das acometidas necesarias.

Cando a CESIONARIA non puider contratar directamente as subministracións coas empresas subministradoras, ADIF, se for a encargada da prestación das subministracións, calculará os custos correspondentes aos consumos en conformidade cos prezos establecidos na Declaración sobre a Rede vixente para cada horario de servizo.

A CESIONARIA renuncia a reclamar a ADIF os posibles danos e perdas ocasionados polas incidencias de calquera tipo nestas subministracións, sempre que estas incidencias non foren orixinadas por causas atribuíbles a ADIF.

## 11. PROHIBICIÓNS

Queda prohibida a cesión, o subarrendamento e o traspaso por calquera título, así como a subcontratación a terceiros do espazo cedido ao abeiro do presente Contrato, salvo autorización previa e por escrito de ADIF. A cesión, o traspaso ou subarrendamento inconsentidos serán causa suficiente para a resolución de cesión de uso.

## 12. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO

O presente Contrato será resolto, ademais de polas causas recollidas no ordenamento xurídico, polas seguintes:

1. Cando a CESIONARIA estiver ao descuberto no pagamento da renda correspondente a tres meses ou máis, sen necesidade de reclamación xudicial ou extraxudicial.
2. A O subarrendamento ou a cesión inconsentidos.
3. A realización de danos causados dolosamente no inmoble.
4. Por destinar o espazo cedido por ADIF a actividade distinta á recollida no presente Contrato.
5. Por impedir ou prohibir de forma reiterada e grave o acceso de ADIF ao espazo cedido para realizar as comprobacións e averiguacións que considere necesarias.

6. Pola realización no espazo cedido, de obras non autorizadas previamente e por escrito por ADIF.
7. Se, unha vez executadas as obras recollidas na Estipulación SEXTA, ADIF comprobase que estas non se axustan ás que foron consentidas.
8. No caso de a CESIONARIA ser sancionado pola Administración ou polos Tribunais, con motivo de faltas graves que poidan prexudicar o prestixio ou a imaxe de ADIF.
9. Por non subscribir e/ou por estar ao descuberto no pagamento dos seguros, recollidos na Estipulación SÉTIMA.
2. En conformidade co Real Decreto 2395/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto da Entidade Pública Empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, o Real Decreto-Lei 15/2013, do 13 de decembro, sobre reestruturación da entidade pública empresarial "Administrador de Infraestruturas Ferroviarias" (ADIF) e outras medidas urxentes da orde económica, a Orde PRE/2443/2013, do 27 de decembro, pola que se determinan os activos e pasivos da entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias que pasan a ser titularidade da entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidade e as Declaracións sobre a Rede de ADIF e de ADIF-Alta Velocidade, dito servizo é ofrecido por ADIF E.P.P., no sucesivo ADIF.
3. Que ADIF dispón dun Catálogo do Servizo de manobras e outras operacións do tren, no sucesivo Catálogo, que presenta os servizos que poden ser prestados por ADIF, quer directamente, quer en réxime de xestión indirecta, ás empresas ferroviarias que os soliciten ou a outros axentes interesados nas operacións vinculadas a este, recollendo ademais entre outros aspectos: tipo de servizos, condicións de acceso á prestación do servizo, condicións económicas (prezos, facturación e pagamento, etc.), etc.

ADIF_DECLARACIÓN SOBRE A REDE 2025_ V.0 (ED 23/02/2024)

Este Catálogo actualízase e publícase na páxina web de ADIF: www.adif.es.

4. Por outro lado, en conformidade coa Declaración sobre a Rede de ADIF, todo cliente deberá asinar un acordo con ADIF para a prestación do servizo de manobras e outras operacións do tren ofrecido por ADIF.

5. Que [nome do cliente]_____ manifestou o seu interese en recibir o servizo de manobras e outras operacións do tren por parte de ADIF desde ____ de _____ 20___, polo que ambas as entidades acordaron celebrar o presente Contrato, destinado a determinar as condicións de prestación do dito servizo por ADIF, a través da Dirección de Servizos Loxísticos, a favor de [nombre de cliente]. O presente Contrato determina as condicións de prestación do citado servizo conforme os prezos privados aprobados polo Consello de Administración de ADIF, vixentes en cada momento, e conforme o sinalado no Catálogo. E en virtude do anterior, as partes comparecentes formalizan o presente Contrato, baseándose nas seguintes cláusulas, polas que:

**Acordan:**

## 1. OBXECTO

O presente Contrato ten por obxecto establecer as condicións ao abeiro das que ADIF se compromete e obriga a prestar a [nome do cliente] _____, desde a data da súa subscrición, o servizo de manobras e outras operacións do tren, así como a contraprestación económica a aboar por tal servizo, de acordo co Catálogo vixente en cada momento.

## 2. ALCANCE DO SERVIZO

O alcance do servizo de manobras e outras operacións do tren desenvólvese no Catálogo dispoñible na páxina web de ADIF, recollendo a descrición e oferta comercial de servizos de manobras e operacións do tren prestado por ADIF.

## 3. ÁMBITO DE APLICACIÓN DO SERVIZO

O servizo de manobras e outras operacións do tren préstase nas Terminais de Transporte de Mercadorías incluídas no Catálogo dispoñible na páxina web de ADIF.

## 4. CONDICIÓNS DE ACCESO Á PRESTACIÓN DO SERVIZO

As condicións de acceso á prestación do servizo de manobras e outras operacións do tren inclúense no Catálogo dispoñible na páxina Web de ADIF, destacando por un lado entre outras **condicións de carácter xeral:** as relativas á prestación do servizo, á responsabilidade das partes ou outros aspectos que establece límite de responsabilidade perante danos diversos (atrasos no servizo, danos no material rodante), a coordinación e independencia das partes respecto desta disposición, outras que afectan a confidencialidade, protección dos datos e á transparencia de xestión, etc.; e por outro lado as seguintes **condicións necesarias para a prestación do servizo ao Cliente:** a presentación da solicitude de prestación polo Cliente, a resposta de ADIF perante estas solicitudes, o procedemento de coordinación e criterios de prioridade obxectivos e non discriminatorios co obxectivo de conseguir un uso eficiente da capacidade dispoñible.

# 5. CONDICIÓNS DE SEGURIDADE NA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS

[Nome de cliente] deberá asegurarse de que os procedementos de xestión da seguridade de ADIF, como prestador de servizos, son transmitidos á Empresa Ferroviaria coa que contratase o servizo de transporte ferroviario, para que esta poida verificar que son compatibles cos procedementos do SGS da empresa ferroviaria.

Unha vez formalizado este Contrato, o cliente asegurarase de que Adif e a Empresa Ferroviaria formalicen e asinen o Anexo I, momento a partir do que se poderán efectuar as correspondentes solicitudes de servizo.

# 6. VIXENCIA E DURACIÓN

O presente Contrato entrará en vigor o ___ de _____ de 20___ e a súa vixencia será ata (un ano) _____, con prórrogas tácitas por períodos anuais, podendo ser denunciado por calquera das partes cunha antelación de tres meses.

Entenderase que o Contrato se prorroga tacitamente cando ningunha das partes comunique á outra a súa intención de non prorrogalo seis meses antes do seu vencemento.

# 7. CONDICIÓNS ECONÓMICAS

### 7.1. PREZOS DO SERVIZO

Os prezos privados a aplicar serán os vixentes en cada momento no Catálogo dispoñible na páxina web de ADIF.

Os prezos indicados non inclúen o IVE, que será desagregado e separado en cada unha das facturas, en conformidade co disposto na súa Lei e Regulamento que a desenvolva.

### 7.2. FACTURACIÓN E PAGAMENTO

A facturación dos servizos realizados realizarase mensualmente na data do seu vencemento, e o pagamento deberá realizarse dentro dos 30 días seguintes á data de emisión da factura.

A falta de pagamento no prazo establecido suporá a devindicación dos xuros de demora correspondentes en conformidade coa normativa legal aplicable.

# 8. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Poderán ser causas de resolución do presente Contrato, ademais das expresamente incluídas no ordenamento xurídico español vixente, as seguintes:

1. O incumprimento substancial das obrigas das partes, especialmente a falta de pagamento das facturas emitidas durante a prestación do servizo.
2. A continua falta de recursos para atender os servizos contratados.
3. A vontade dunha das partes, expresada cunha antelación non inferior a seis meses.

A resolución deste Contrato implicará que o Cliente non poderá contratar con ADIF ningún servizo de manobra nas instalacións nas que esta entidade teña a condición de explotador destes servizos.

## 9. CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN

O Cliente non poderá ceder ningún dos dereitos ou obrigas derivados do Contrato a terceiros sen o consentimento previo por escrito de ADIF.

Por outro lado, ADIF non poderá ceder a terceiros ningún dos dereitos nin obrigas derivados do Contrato a terceiros sen o consentimento previo por escrito Cliente.

Sexa como for, ADIF poderá contratar con terceiros os servizos aos que estea obrigado por medio do presente Contrato, sen necesidade de obter o consentimento do cliente.

## 10. COMUNICACIÓN E INFORMACIÓN

As comunicacións entre as partes serán realizadas polos interlocutores, designados e identificados perante a outra parte polo Cliente e ADIF, por calquera medio que permita acreditar o seu contido e recepción, sendo válidas para estes efectos as comunicacións por correo electrónico, correo certificado ou calquera medio habitual de comunicación que permita comprobar a trazabilidade de peticións e execucións dos servizos.

No caso de producirse un cambio de enderezo ou na persoa de contacto de calquera das partes, o mesmo deberá ser comunicado por escrito á outra parte, indicando o novo enderezo e a data a partir da cal se deberán dirixir a ela as notificacións ou comunicacións.

## 11. LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICIÓN

Os servizos obxecto do presente Contrato estarán rexidos e interpretaranse pola normativa do Sector Ferroviario, o resto das leis e Decretos que sexan aplicables nesta materia non derrogados e polo Dereito Privado. En conformidade co artigo 44.4 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, será competente a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para coñecer e resolver as reclamacións formuladas polas empresas ferroviarias e demais candidatos cando se entenda que o principio de non discriminación en relación á prestación dos servizos foi vulnerado. Isto sen prexuízo da competencia da xurisdición ordinaria para resolver as controversias que puidesen xurdir en relación coa determinación ou pagamento dos prezos privados.

Para estes efectos, as partes someteranse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais da cidade de Madrid, con renuncia a calquera outro foro que puidese corresponderlles, sendo necesario resolver calquera litixio en aplicación do dereito nacional común de ambas as partes.

## 12. RECOÑECEMENTO DE SIGNOS

A totalidade dos folios que compoñen o presente Contrato foron asinados, para garantir a súa autenticidade, por representantes de ambas as empresas.

Así o acordan e conveñen, a cuxo fin para a súa debida constancia, asinan todas as follas do presente Contrato e os Anexos como parte integrante do mesmo, en duplicado exemplar e a un único efecto, no lugar e data do encabezamento.

| | |
|---|---|
| Por [Nome de cliente] | POLO ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS |
| D. [Nome representante cliente] | D. [Nome representante ADIF] |

# ANEXO 1. MODELO DE CONDICIÓNS A CUMPRIR RELATIVAS Á SEGURIDADE OPERACIONAL ENTRE ADIF E O CLIENTE

## MODELO DE CONDICIÓNS A CUMPRIR RELACIONADAS COA SEGURIDADE OPERACIONAL

I. ADIF entregou a [Nome da empresa ferroviaria] os seguintes documentos:

- Procedemento ADIF-PE-404-001-004-SA-511 "Xestión da seguridade nas instalacións de servizo ferroviario relacionadas co transporte de mercadorías, explotadas por Adif".
- Instrucións técnicas que se relacionan seguidamente, que definen a forma en que se van realizar as actividades contratadas, os medios requiridos para a execución das mesmas, a normativa técnica que serve de referencia, o persoal que executa e supervisa as actividades, os requisitos que se esixen ao persoal que realiza as actividades e a documentación xerada para evidenciar a súa correcta execución.
    - ADIF-IT-404-001-002-SA-511 "Prestación do servizo de operacións ao tren: colocación e retirada de sinais de cola"
    - ADIF-IT-404-001-003-SA-511 "Prestación do servizo de operacións ao tren: colaboración na realización de probas de freada"
    - ADIF-IT-404-001-004-SA-511 "Prestación do servizo de operacións de manobras"
    - ADIF-IT-404-001-005-SA-511 "Prestación do servizo de operacións ao tren: asistencia á inmobilización do material"
    - ADIF-IT-404-001-006-SA-511 "Prestación do servizo de operacións ao tren: enganche e desenganche de vehículos ferroviarios"

II. [Nome da empresa ferroviaria] declara ter coñecemento destes documentos, así como dos riscos e medidas preventivas detectados que aparecen no anexo 2 de cada una das Instrucións técnicas indicadas e que os recibiu e que son compatibles co seu Sistema de Xestión de Seguridade. Do mesmo xeito, [Nome da empresa ferroviaria] (se for o caso) entregou a relación de riscos asociados ás actividades obxecto deste contrato, así como das súas correspondentes medidas de mitigación.

III. [Nome da empresa ferroviaria] entregou a ADIF os seguintes documentos relacionados coa prestación dos servizos solicitados:

- Listaxe das instalacións e a súa localización, nas que Adif presta ou prestará servizos á Empresa Ferroviaria.
- Procedementos do seu SGS aplicables á prestación do servizo (se for o caso, e previo acordo con ADIF).*
- Obxectivos e indicadores propios da empresa ferroviaria responsable do servizo de transporte, así como os Procedementos aplicables para o seu seguimento (se for o caso, e previo acordo con ADIF).*
- Outros documentos entregados e o seu ámbito de aplicación como prestador dos servizos por parte de ADIF.

ADIF comprométese a cumprilos no que sexa aplicable ás actividades contratadas e ao ámbito de responsabilidade de ADIF. Sexa como for, a responsabilidade última sobre os servizos executados será sempre de [Nome da empresa ferroviaria] como Empresa Ferroviaria.

ADIF e [Nome da empresa ferroviaria] estableceron as seguintes canles de comunicación para intercambiar a información referida ao cumprimento das condicións de seguridade durante as operacións e a relativa á xestión de riscos detectados durante a actividade, que se comprometen a manter durante toda a duración do contrato.

- [Información operativa]
- [Información administrativa]
- [Información de seguridade operacional]

| Por parte de ADIF: | Por parte de [Nome da empresa ferroviaria]: |
|---|---|
| Nome: | Nome: |
| Cargo: | Cargo: |
| Enderezo: | Enderezo: |
| Correo electrónico: | Correo electrónico: |

IV. [Nombre de la empresa ferroviaria] específica a ADIF las siguientes obligaciones de vigilancia y control para con las actividades contratadas.

- As que dispón o SGSC de ADIF.

[listar se houber algunha específica]

V. [Nombre de la empresa ferroviaria] autoriza expresamente a que ADIF realice las siguientes acciones de supervisión y vigilancia de las medidas de control de riesgos de las operaciones contratadas.

- As que dispón o SGSC de ADIF.

[listar se houber algunha específica]

| Por [Nome da empresa ferroviaria] (**) | Por ADIF |
|---|---|
| D. _____ | D. _____ |

***Cóbrese para aquel contrato de prestación do servizo de manipulación de UTI por ADIF que se asine cun cliente distinto a empresa ferroviaria.*

# ACORDO MARCO PARA A RESERVA DE CAPACIDADE

**En Madrid, a __ de _____ de 20XX**

**Reunidos:**

Por un lado, [NOME] _____, [CARGO] _____, en nome e representación de ADIF con C.I.F.: Q2801660H e domicilio social en Madrid, na Calle Sor Ángela de la Cruz, 3–28020 Madrid.

E por outro lado, [NOME] _____, [CARGO] _____, con DNI _____ en nome e representación da empresa ferroviaria ou candidato _____ N.I.F.:_____ con domicilio social en _____, segundo poder outorgado perante o notario de _____, [NOME]_____, con data _____.

Ambas as partes recoñécense competencia e capacidade, respectivamente, para formalizar o presente Acordo Marco.

**Exponen:**

O administrador de infraestruturas ferroviarias ten a potestade, de acordo co artigo 38, apartado 3, da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do Sector Ferroviario, para celebrar cos candidatos acordos marco para a reserva de capacidade nos que se especificarán as características de capacidade de infraestrutura solicitada e ofrecida ao candidato por unha duración superior a un período de vixencia do horario do servizo.

A subscrición de acordos marco proporciona transparencia, obxectividade e non discriminación ao sistema ferroviario, así como un uso efectivo da capacidade dispoñible. Deste xeito, garántese que os proxectos de transporte dos candidatos teñan seguridade xurídica de dispoñibilidade de capacidade no tempo, de acordo coas súas lexítimas expectativas comerciais e os investimentos que realizasen.

En virtude diso, o candidato solicitou ao administrador de infraestruturas ferroviarias con data ___/___/_____, a celebración dun acordo marco para a reserva de capacidade.

Como xustificación á súa petición, o candidato achega a seguinte documentación:

- Acordos comerciais
- Plan de Negocio
- Material rodante
- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 58 da LSF.

  .....

**En virtude de todo isto, acordouse:**

## CLÁUSULA 1ª – OBXETO

1. O presente acordo marco establece os dereitos e obrigas mutuos do candidato e do administrador de infraestruturas ferroviarias, en relación co proceso de solicitude de capacidade ofrecida nas súas liñas para o servizo de transporte solicitado.
2. Estes servizos circularán polas liñas da Rede Ferroviaria de Interese Xeral (RFIG) xestionadas polo administrador de infraestruturas ferroviarias e darán lugar ao pagamento dos canons por utilización das correspondentes infraestruturas ferroviarias.

## CLÁUSULA 2ª– COMPROMISOS DO ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS

1. O administrador de infraestruturas ferroviarias comprométese a ofrecer ao candidato, para cada horario de servizo programado durante a vixencia do presente acordo marco, a capacidade descrita no Anexo 3 do presente acoro marco, cunha marxe anual de 10% para posibles axustes na programación do administrador.

   Para tal efecto, o administrador de infraestruturas ferroviarias adxudicará anualmente a capacidade correspondente, de acordo coas solicitudes do candidato formuladas para cada horario de servizo e coa marxe á que se fixo referencia no parágrafo anterior, cos procedementos e canles habituais, descritos na Declaración sobre a Rede vixente en cada momento.
2. O administrador de infraestruturas ferroviarias garante a tramitación das solicitudes de acordo marco con criterios obxectivos e non discriminatorios, e nos prazos necesarios para a súa entrada en explotación. Igualmente, terá en conta os acordos marco xa asinados para garantir os lexítimos dereitos dos candidatos e a explotación eficiente das infraestruturas ferroviarias.
3. No caso de incumprimento dos compromisos de reserva de capacidade recollidos no Anexo 3, coa marxe anual indicada anteriormente, por causas estritamente atribuíbles á xestión do administrador de infraestruturas, este indemnizará cun importe equivalente aos custos, perdas directas e gastos (incluído o lucro cesante), nos que incorrese efectivamente o candidato e estean debidamente xustificados.
4. Esta capacidade ofrecida a través do presente acordo marco terá en conta:
   - O estado e as evolucións coñecidas da infraestrutura na data de celebración do presente acordo marco, segundo se especifica no Anexo 1.
   - A planificación dos traballos de mantemento e investimento nas liñas da rede, como se especifica no Anexo 1.
   - As características e prestacións técnicas dos trens, segundo o comunicado polo candidato e descrito no Anexo 2.
   - A existencia de liñas especializadas.
   - A existencia dunha infraestrutura conxestionada, se for o caso.
   - As necesidades de capacidade dos corredores internacionais de mercadorías.
   - As prioridades do transporte de viaxeiros e de mercadorías, así como os investimentos do Estado e as entidades públicas ou privadas.

De acordo co artigo 38, apartado 4 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do Sector Ferroviario, o presente acordo marco non impedirá a utilización da correspondente infraestrutura por parte doutros candidatos nin para outros servizos.

## CLÁUSULA 3ª – COMPROMISOS DO CANDIDATO

1. O candidato comprométese a solicitar capacidade para cada horario de servizo, de acordo co calendario e prazos establecidos na Declaración sobre a Rede vixente en cada momento, nos termos recollidos no presente acordo marco, ver Anexo 4.

   O material rodante utilizado polo solicitante deberá respectar as características (material, velocidade máxima, paradas, estacionamento, etc.) descritas no Anexo 2 durante toda a vixencia do presente acordo marco. Calquera modificación destas características deberá ser previamente solicitada e aceptada polo administrador de infraestruturas ferroviarias.

2. O candidato comprométese a solicitar a capacidade de infraestrutura acordada e descrita no Anexo 3, e contémplase unha marxe de redución anual de ata 10% para posibles axustes na programación.

3. Sen prexuízo do disposto na cláusula 8ª do presente documento e, salvo os casos incluídos na cláusula 4ª, en conformidade co disposto no artigo 13 do REGULAMENTO DE EXECUCIÓN (UE) 2016/545 DA COMISIÓN, do 7 de abril de 2016, sobre os procedementos e criterios relativos aos acordos marco de adxudicación de capacidade de infraestrutura ferroviaria, no caso de que o candidato non solicite a capacidade acordada para o seguinte horario de servizo, de acordo co calendario e prazos establecidos na Declaración sobre a Rede, o administrador da infraestruturas penalizaralle cos custos, perdas directas e gastos (incluído o lucro cesante), nos que incorrese efectivamente o administrador de infraestruturas ferroviarias. O disposto no parágrafo anterior non será aplicable nos supostos expresamente recollidos no Regulamento de Execución UE2016/545 da Comisión ou no que o substitúa.

   Para garantir a compensación establecida no parágrafo anterior, e en conformidade co establecido no Regulamento de Execución (UE) 2015/10 da Comisión, do 6 de xaneiro de 2015, o administrador de infraestruturas ferroviarias poderá esixir a constitución de Garantía Financeira, que deberá constituír antes da sinatura do presente documento. O xustificante da garantía mencionada, se for o caso, achégase como Anexo.

   Se o candidato non cumprir cos seus compromisos de tráfico establecidos neste acordo marco durante máis de n mes, e non aboase a penalización correspondente, o administrador de infraestruturas poderá executar a garantía financeira á que se fixese referencia no parágrafo anterior.

4. O candidato será igualmente responsable subsidiario das responsabilidades nas que incorra a empresa ferroviaria que presta os seus servizos.

5. O administrador de infraestruturas non solicitará o pagamento da compensación nos seguintes casos.
   - Cando o acordo fose modificado ou anulado por causa alleas á vontade do candidato e que fosen comunicadas sen demora ao administrador de infraestruturas:
   - Cando ao candidato se lle denegase unha solicitude complementaria de capacidade marco da que dependía a viabilidade do servizo ferroviario incluído;
   - Cando o administrador de infraestruturas puidese readxudicar os sucos e a capacidade marco de xeito que as perdas derivadas da modificación ou rescisión do acordo marco xa estean cubertas.

## CLÁUSULA 4ª – EXCEPCIÓNS AOS COMPROMISOS DAS PARTES

1. Os compromisos expresados nas cláusulas 2ª e 3ª non serán de aplicación cando concorran as seguintes circunstancias:
   - Situacións de forza maior, definidas como calquera evento que non sexa imputable a unha parte do acordo marco e que non poidan ser incluídos e evitados, tales como os seguintes eventos:

- Actos delituosos, terroristas ou bélicos (declarados ou non), ameazas de guerra, revolución, revolta, insurrección, conmoción civil ou sabotaxe.
- Actos de vandalismo.
- Desastres ou fenómenos naturais, incluídas as condicións meteorolóxicas extremas ou condicións ambientais (tales como, pero non limitados a: raios, terremotos, furacáns, tormentas, incendios, inundacións, secas ou acumulación de neve ou xeo).
- Contaminacións nucleares, químicas ou biolóxicas.
- Ondas de presión causadas por dispositivos que viaxan a velocidades supersónicas.
- Descubrimento de fósiles, antigüidades ou bombas sen explotar.
- E, cando así foren recoñecidas polas lei ou os tribunais e nas condicións dos mesmos, folgas ou accións semellantes.

Calquera outra que sexa considerada de forza maior pola lexislación vixente.

- A decisión dunha autoridade pública que ten un impacto na asignación das capacidades e sucos, por exemplo, a aplicación das normas de prioridade ou solicitudes previas para as necesidades de defensa ou de seguridade civil.

**2.** Cando un servizo incluído no presente acordo marco non poida ser prestado por incidencias na rede ferroviaria, quer causadas polos administradores de infraestruturas ferroviarias, quer candidato, por terceiras partes e/ou alleos, os dereitos do candidato ou dos administradores de infraestruturas ferroviarias serán remitidas ao disposto na lexislación do Sector Ferroviario e a Declaración sobre a Rede do administrador de infraestruturas ferroviarias vixente en cada momento.

**3.** Tamén serán aplicables as normas vixentes no tocante a obras de infraestrutura que supoñan alteracións nas capacidades suxeitas ao presente acordo marco, prevalecendo o disposto na lexislación do Sector Ferroviario ou a Declaración sobre a Rede.

## CLÁUSULA 5ª – CANONS POR UTILIZACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS

O pagamento dos canons correspondentes para uso das infraestruturas do administrador de infraestruturas ferroviarias será realizado consonte as normas establecidas na Lei 38/2015, do 29 de setembro, do Sector Ferroviario e na Declaración sobre a Rede do administrador de infraestruturas ferroviarias vixente en cada ano do acordo marco.

## CLÁUSULA 6ª – VIXENCIA DO ACORDO MARCO

**1.** Este acordo marco entrará en vigor a partir da data da súa sinatura.

**2.** Sen prexuízo do anterior, o candidato poderá pedir que a capacidade marco adxudicada en conformidade co acordo marco dea inicio en calquera momento, mais non despois de pasados cinco anos desde a data da solicitude. En tales supostos, o prazo de vixencia do acordo marco computarase desde o inicio da utilización efectiva da capacidade.

O administrador de infraestruturas non rexeitará esta solicitude cando o prazo necesario para asumir o servizo estea xustificado por algunha das seguintes causas:

- Que o presente acordo marco sexa condición previa para o financiamento do material rodante necesario para un novo servizo;
- Sexa necesario tramitar a autorización do material rodante ao que fai referencia a letra a);
- A programación do inicio das operacións dos puntos das terminais de expedición ou carga, ou da apertura dun tramo de conexión da infraestrutura.
- Sexan necesarios investimentos para aumentar a capacidade de infraestrutura.
- Unha cláusula dun contrato vixente de servizo público.

O candidato poderá solicitar á CNMC unha ampliación do citado prazo. A CNMC poderá dar a súa aprobación por causas distintas ás establecidas nas letras a)–e) do parágrafo anterior. A capacidade adxudicada ao abeiro do acordo marco, pero non utilizada como consecuencia do tempo necesario para asumir o servizo seguirá estando dispoñible para outros candidatos.

**3.** Os candidatos poderán solicitar a renovación do Acordo Marco e o administrador de infraestruturas poderá atender a dita solicitude sempre que o candidato se axustase os compromisos adquiridos na sinatura do Acordo Marco, se xustifique a existencia de investimentos do seu plan inicial de negocio pendentes de amortizar e, se se comprometeu na súa solicitude de capacidade marco, implantase un plan de redución da pegada de carbono desde o inicio do Acordo Marco, cuxos resultados, á súa finalización, poidan ser verificados por unha entidade independente debidamente acreditada.

O candidato poderá solicitar a finalización do acordo marco en conformidade coa Cláusula 8ª do presente documento.

## CLÁUSULA 7ª– AS MODIFICACIÓNS OU LIMITACIÓNS AOS TERMOS DO ACORDO MARCO

**1.** Toada modificación das condicións deste acordo marco poderase realizar polas seguintes causas:

- A petición dunha das partes e aceptada pola outra.
- Cando se establezan novas medidas legais ou regulamentarias que afecten en todo ou en parte ao estipulado no presente acordo marco.
- Como consecuencia dun aumento substancial dos canons ferroviarios por parte do administrador de infraestruturas ferroviarias.

Estas modificacións acordaranse en forma de emenda ao documento, asinada polas partes.

**2.** Á marxe dos supostos anteriores, o administrador de infraestruturas ferroviarias poderá modificar ou limitar os termos do presente Acordo Marco, previo informe á CNMC e comunicalo coa antelación suficiente ao candidato, como consecuencia da adopción de medidas que persigan un uso da infraestrutura ferroviaria máis eficiente, tal como melloras na seguridade, cambios de largo ou outras, e non exista ningún outro medio razoable para acadar este obxectivo.

As modificacións poden afectar ás capacidades ofrecidas polo administrador de infraestruturas ferroviarias descritas no Anexo 3, e adaptar as características das capacidades (por exemplo, os tempos de viaxe ou os horarios dos trens), e mesmo cando for necesario propoñer a capacidade por rutas alternativas sobre as que a empresa ferroviaria estea legalmente autorizada para circular os seus trens. Tamén se poderá reducir a capacidade ofrecida nestas situacións cando non exista ningunha outra posibilidade razoable. Nestes casos, devindicarase, a favor do candidato, unha compensación equivalente aos custos directos razoablemente incorridos polo candidato e debidamente xustificados.

3. O administrador de infraestruturas ferroviarias ponderará os lexítimos intereses comerciais do candidato cos do resto dos candidatos, cando se produzan modificacións ou limitacións aos termos recollidos no presente acordo marco.

4. O administrador de infraestruturas ferroviarias poderá reducir a capacidade comprometida se durante a programación anual, o candidato non solicita sucos sobre a base deste acordo marco, salvo que o solicitante xustifique que o feito e as razóns achegadas estean fóra do seu control.

   O administrador de infraestruturas ferroviarias comunicará por escrito ao resto dos potenciais candidatos a súa intención de modificar ou limitar os termos do presente acordo marco, e outorgaralles un prazo dun a catro meses para responder. O administrador de infraestruturas ferroviarias resérvase a posibilidade de non informar a outros potencias candidatos se as modificacións do acordo marco resultan mínimas e non afectan a outros acordos marco.

## CLÁUSULA 8ª–TERMINACIÓN DO ACORDO MARCO

1. O presente acordo marco quedará resolto de forma inmediata, sen prexuízo das compensacións que poida exercer o administrador de infraestruturas ferroviarias e sen dereito de reclamación por parte do candidato, nos seguintes supostos:
   - Revogación da habilitación do candidato ou da licenza da empresa ferroviaria.
   - Retirada do certificado de seguridade da empresa ferroviaria que preste os servizos. No caso de retirada parcial, mantense o disposto no acordo marco só para a capacidade que non se vise afectada por dita decisión.
   - Declaración en concurso do candidato.
   - Cesamento das condicións expostas polo candidato no apartado c) do expositivo do presente documento para subscribilo.
   - Incumprimento por parte dos trens do candidato das características técnicas (material, velocidade máxima, paradas, estacionamento, etc.) para as que se solicitou a capacidade durante o acordo marco.
2. O candidato poderá resolver o presente acordo marco por escrito, cun preaviso de doce meses antes de a entrada en vigor do horario de servizo para o que foi ofrecida a capacidade.
3. O administrador de infraestruturas ferroviarias poderá resolver o presente acordo marco, sen prexuízo das compensacións que lle poidan corresponder e sen dereito de reclamación por parte do candidato, nos seguintes supostos:
   - Non se presentou de en tempo e forma ningunha solicitude de capacidade da que se describe no Anexo 3 para o próximo horario de servizo sen causas debidamente xustificadas.
   - Falta de pagamento por parte do candidato dos canons, taxas e prezos ao administrador de infraestruturas ferroviarias.
   - Se for o caso, incumprimento por parte dos candidatos da designación da empresa ferroviaria que haberá de prestar os seus servizos, no prazo sinalado na lexislación do Sector Ferroviario e na Declaración sobre a Rede do administrador de infraestruturas ferroviarias vixente en cada momento.
   - A falta de uso polo candidato durante un prazo de máis dun mes, sen preaviso, ao que se refire o artigo 11.3 do Regulamento de Execución UE 2016/545, da capacidade marco ou, cun limiar inferior a 70% con respecto da oferta acordada no Anexo 3.
   - O incumprimento grave e por causas atribuíbles ao candidato dos compromisos adquiridos nas cartas de compromiso achegadas para a resolución do proceso de adxudicación da capacidade ofertada, en materia de pegada de carbono, contratos temporais e porcentaxe de mulleres e persoas con discapacidade no cadro de persoal.

## CLÁUSULA 9ª – OUTRAS DISPOSICIÓNS

1. Cando as necesidades puntuais de capacidade sexan superiores ás descritas no Anexo 2 para a totalidade ou parte do horario de servizo, o candidato presentará as solicitudes específicas para sucos adicionais de acordo cos procedementos estándares do proceso de adxudicación de capacidade.
2. O candidato non poderá transferir os dereitos e obrigas derivados do presente acordo marco a outro candidato.

## CLÁUSULA 10ª – CONFLITOS

1. Para todos os conflitos entre o administrador de infraestruturas ferroviarias e o candidato que poidan xurdir en relación coa aplicación do presente acordo marco, en particular, sobre a capacidade ofrecida e as reclamacións que realizar, aplicarase o disposto na lexislación do Sector Ferroviario e na Declaración sobre a Rede do administrador de infraestruturas ferroviarias vixente en cada momento.
2. Igualmente, o candidato terá dereito, no tocante ás actuacións e decisións do administrador de infraestruturas ferroviarias, a presentar unha reclamación perante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC), sempre utilizando as vías e prazos incluídos na lexislación do Sector Ferroviario, na Lei 3/2013, do 4 de xuño, de Creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e na Declaración sobre a Rede do administrador de infraestruturas ferroviarias vixente en cada momento.

## CLÁUSULA 11ª – CONFIDENCIALIDADE

1. O administrador de infraestruturas ferroviarias tratará como confidencial toda a información comercial e de negocios que se lle confíe e así o requira, nos termos legalmente incluídos, non revelará ningunha información confidencial que lle sexa comunicada ou que descubrise; non usará indebidamente información que se lle facilite e comprométese a tratar con discreción calquera información ou documentos que lle sexan revelados ou prepare no decurso ou como resultado do presente Acordo Marco e que só serán utilizados cos fins incluídos para eles, sen revelarllos a ningunha terceira parte allea ao procedemento.
2. Non obstante, o anterior e como garantía de transparencia, o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias comunicará este acordo marco á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, respectando a confidencialidade dos datos con relevancia comercial e de negocio e informará ao resto dos candidatos, cando así fose requiridos por estes, das liñas xerais deste Acordo Marco.

## CLÁUSULA 12ª – DISPOSICIÓNS FINAIS

1. No caso de dúbida de interpretación sobre o estipulado no presente acordo marco, as partes sométense para aquilo que non estea nel establecido, aos preceptos da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do Sector Ferroviario e as súas normas de desenvolvemento, ao Regulamento de Execución (UE) 2016/545 da Comisión, do 7 de abril de 2016, sobre os procedementos e criterios relativos aos acordos marco de a adxudicación de capacidade de infraestrutura ferroviaria e a Declaración sobre a Rede, vixente en todo momento.

   Igualmente, e para todas as cuestións ou controversias que xurdan en relación coa interpretación, execución e cumprimento do presente acordo marco, as partes dirixiranse á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC).

2. As modificacións e adicións a este acordo faranse por escrito, previa consulta e acordo entre as partes, e incluiranse como anexos ao presente acordo marco.

3. Cando unha das partes desexe solicitar a cancelación do acordo, nos supostos incluídos nel, comunicarao por escrito á outra en tempo e forma.

## CLÁUSULA 13ª – PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais serán tratados pola Entidade Pública Empresarial ADIF coa finalidade de "Xestión dos expedientes de contratación de ADIF"-Realizar a xestión e o mantemento do presente acordo marco.

A base xurídica que lexitima o tratamento é RGPD: 6.1.c), RGPD: 6.1.b), Lei 38/2015, do 29 de setembro, do Sector Ferroviario. Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que foron obtidos e para determinar as posibles responsabilidades que puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

Pode acceder aos seus datos, rectificalos ou suprimilos, opoñerse ao tratamento e solicitar a súa limitación dirixindo a súa petición a ADIF. Enderezo: Avenida Pío XII, 97 bis, 28036 (Madrid), acompañando fotocopia do seu DNI ou pasaporte. Igualmente, pode contactar co noso Delegado de Protección de Datos, se desexa aclarar algún aspecto relacionado co tratamento dos seus datos, a través da conta de correo electrónico: dpd.adif@adif.es ou por correo postal en Avenida Pío XII, 97 bis, 28036 (Madrid).

Máis información no apartado de Transparencia e Protección de Datos da Entidade Pública Empresarial ADIF:

http://www.adif.es/es_ES/compromisos/ciudadano/transparencia_proteccion_datos/derechos_arco/derechos_arcos.html

Asdo.: _____

[CARGO]: _____

Administrador de Infraestructuras ferroviarias: _____

Asdo.: _____

[CARGO]: _____

[EMPRESA]: _____

# ANEXOS

## ANEXO 1 – Liñas Afectadas polo Acordo Marco

Descritas na capacidade marco e actualizadas na Declaración sobre a Rede.

## ANEXO 2 – Parámetros Técnicos e Operativa

O contido deste apéndice será definido caso a caso.

No entanto, serán incluídos algúns dos seguintes contidos:

**1. Parámetros técnicos:**

1.1. Material rodante

1.2. Peso dos trens

1.3. Velocidade máxima

1.4. Gálibo

1.5. Lonxitude

1.6. Porcentaxe de Freada

1.7. Sistemas embarcados

1.8. Outras restricións (materias perigosas, transportes excepcionais, etc.)

**2. Operativa**

2.1. Periodicidade e días de circulación

2.2. Enlaces

2.3. Paradas

2.4. Tempos de viaxe aproximados

2.5. Rotacións

2.6. Estacionamentos

2.7. Tipo de oferta (cadenciada)

## ANEXO 3 – Capacidade Marco acordada

O contido deste apéndice será definido caso a caso.

## ANEXO 4 – Calendario e Prazos

O contido deste apéndice será definido caso a caso.

# Anexo J

# Procedementos de Resolución de Conflictos

**PROCEDEMENTOS DE RESOLUCIÓN DE CONFLITOS E RECURSOS SOBRE SOLICITUDES DE ACCESO Á INFRAESTRUTURA, SOLICITUDES DE ACCESO Á PRESTACIÓN DOS SERVIZOS, PRESTACIÓN DE SERVIZOS FERROVIARIOS E AO SISTEMA DE INCENTIVOS**

## INTRODUCIÓN

No presente anexo facilítase a información sobre os distintos procedementos que a lexislación do sector ferroviario e a presente Declaración sobre a Rede establecen para a resolución daqueles conflitos e recursos que xurdan en relación co proceso de adxudicación de capacidade, a prestación de servizos ferroviarios e o sistema de incentivos.

Igualmente, facilítase información sobre o procedemento que seguir naquelas reclamacións presentadas polas empresas ferroviarias e outros candidatos en relación coa actuación do administrador de infraestruturas ferroviarias, as empresas ferroviarias e os restantes candidatos, que versen sobre cuestións relacionadas coa aplicación da presente Declaración sobre a Rede, os procedementos de adxudicación de capacidade e os seus resultados, canons por utilización das infraestruturas ferroviarias, cuestións de trato discriminatorio no acceso ás infraestruturas ferroviarias ou aos servizos vinculados a estas, así como reclamacións que versen sobre a prestación de servizos nos corredores ferroviarios internacionais de transporte de mercadorías.

## PROCEDEMENTOS

### 1. PROCEDEMENTO DE COORDINACIÓN NO ÁMBITO DO PROCESO DE ADXUDICACIÓN DE CAPACIDADE DE INFRAESTRUTURA

A fase de coordinación foi concibida para resolver os conflitos que eventualmente poidan xurdir entre as distintas solicitudes e adxudicacións de capacidade de infraestrutura para a mellor adecuación posible entre elas.

Cando o administrador de infraestruturas ferroviaria detectar que durante o período recollido para a elaboración do proxecto horario de servizo foran solicitadas solicitudes incompatibles ou cando a capacidade adxudicada ao Candidato non satisfaga as súas necesidades e así o manifeste por escrito nos prazos establecidos, tratará de satisfacer todas as solicitudes mediante o proceso de coordinación. (Art. 8 Orde FOM 897/2005).

Para iso, o administrador de infraestruturas ferroviarias procurará encontrar solucións alternativas que respondan ás solicitudes dos Candidatos, ou resolver conflitos consultando aos candidatos.

Durante esta consulta facilitarase a seguinte información, por escrito e de forma gratuíta:

- A adxudicación de capacidade solicitada por outros candidatos nos mesmos traxectos.
- A adxudicación de capacidade outorgada previamente a todos os demais candidatos nos mesmos traxectos.
- A adxudicación de capacidade alternativa proposta polo administrador de infraestruturas ferroviarias.
- A información detallada sobre os criterios aplicados no procedemento de adxudicación de capacidade.

Esta información se facilitará sin revelar la identidad de los demás candidatos, a menos que dichos candidatos estén de acuerdo en que se divulgue.

## PROCEDEMENTO PARA RESOLVER CONFLITOS NAS SOLICITUDES

Durante o proceso de coordinación das solicitudes, o administrador de infraestruturas ferroviarias pode proporlles aos candidatos, dentro de límites razoables (± 60 minutos), adxudicacións de capacidade de infraestrutura que difiran do solicitado.

Poderán realizarse as roldas de coordinación que o administrador de infraestruturas ferroviarias considere oportunas para tratar de chegar a uns acordos satisfactorios.

Cando non for posible acadar unha solución aceptable para todos os candidatos após desenvolver o proceso de coordinación, o administrador de infraestruturas ferroviarias adoptará a solución que mellor conveña ao conxunto do sistema ferroviario:

- Na creación do Horario de Servizo optimizarase o uso da infraestrutura, evitando unha utilización ineficiente que impida obter o máximo rendemento da mesma.
- Na medida do posible, ofreceranse alternativas que permitan a coexistencia de diferentes candidatos en períodos horarios, ofrecendo adxudicacións de capacidade que poden variar lixeiramente do solicitado, tendo en conta que sempre que se entreguen dentro dunha franxa de 60 minutos, daríanse satisfacción a todas as solicitudes.
- Nas liñas especializadas ou con tráfico predominante (Alta Velocidade, Proximidade, etc.), terán prioridade e/ou preferencia os que correspondan a esa especialización, valorando o uso de toda a liña sobre aqueles que só utilizan unha parte dela.
- Igualmente, recibirán a debida consideración os servizos suxeitos a obrigas de servizo público, así como os de transporte de mercadorías e, en particular, os de carácter internacional.
- Tamén recibirán prioridade os servizos que fosen solicitados en función dun Acordo Marco ou que sexan obxecto de servizos cadenciados ou sistemáticos.
- En infraestruturas declaradas como conxestionadas, o administrador de infraestruturas ferroviarias poderá modular a aplicación dos estritos criterios de adxudicación de capacidade para garantir, na maior medida posible, o acceso de todos os candidatos que solicitasen a adxudicación de capacidade.
- A decisión final do administrador de infraestruturas ferroviarias poderá ser obxecto de alegación, consonte o epígrafe seguinte.

## 2. ALEGACIÓNS NO ÁMBITO DO PROCESO DE ADXUDICACIÓN DE CAPACIDADE DE INFRAESTRUTURA

Os candidatos poden presentar alegacións, que deberán ser por escrito e motivadas. Establécense os seguintes prazos para a presentación de alegacións por parte dos Candidatos, a contar desde a comunicación da asignación provisional de capacidade aos candidatos:

- 1 mes desde a comunicación do proxecto do Horario de Servizo.
- 15 días útiles para os sucos asignados en axustes concertados.
- 5 días útiles para os sucos asignados en axustes mensuais ou no caso de solicitudes para o horario de servizo presentadas fóra de prazo.
- 2 días útiles para os sucos ocasionais.

O administrador de infraestruturas comprométese a responder por escrito ás reclamacións presentadas polas EE. FF. en conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## 3. PROCEDEMENTO DE COORDINACIÓN PARA O ACCESO Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS FERROVIARIOS

O procedemento que se indica a continuación aplicarase nas instalacións de servizos titularidade do administrador de infraestruturas relacionadas co transporte ferroviario na RFIG, nas que o administrador de infraestruturas é o explotador dos servizos.

Cando o explotador da instalación de servizo reciba unha solicitude de acceso e a dita solicitude sexa incompatible con outra solicitude ou coincida cun período horario xa asignado, intentará conseguir a compatibilidade de todas as solicitudes mediante a negociación e coordinación cos candidatos afectados. Toda modificación de dereitos de acceso xa concedidos estará supedidata ao acordo do candidato.

O explotador da instalación de servizo non rexeitará solicitudes de acceso á prestación dun servizo, nin proporá alternativas viables ao candidato, se existe capacidade dispoñible que responda ás súas necesidades, ou prevese que, no procedemento de coordinación, ou como consecuencia deste, se dispoña de tal capacidade.

O explotador da instalación de servizo estudará as diferentes opcións que permitan conciliar solicitudes incompatibles de acceso á prestación do servizo na instalación. Estas opcións deberán incluír, se for o caso, medidas que maximicen a capacidade dispoñible da instalación, sempre que non supoñan investimentos adicionais en recursos ou equipamentos. Entre tales medidas poderían estar as seguintes:

- Propoñer un período horario diferente ou modificar a franxa xa asignada a outro candidato, se este último o acepta.
- Propoñer cambios de horarios de apertura ou na organización do traballo, se for posible.
- No caso de servizos básicos, complementarios e auxiliares, se o explotador do servizo expresamente o autoriza, permitir o acceso á instalación para a autoprestación destes servizos.

